

ACTA NÚM. 11 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 16 DE XUÑO DE 2016.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:30 horas** do día **16 de xuño de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Dios Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **Interventora do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona Noa María Morales Sánchez.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das seguintes actas:

Sesión ordinaria do día 28 de abril de 2016 (núm. 7/16).

Sesión extraordinaria do día 28 de maio de 2016 (núm. 9/16).

2. Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM no ámbito do equipamento deportivo ZD-7 en Agra dos Campos-Aríns.

3. Aprobación inicial da modificación puntual do Regulamento do Consello Sectorial de Medio Ambiente.

4. Aprobación inicial da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

5. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, co fin de estudar e tratar o futuro da Galería Sargadelos.

6. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á seguridade das rúas San Martiño, C261 e rúa Senande de Aríns.

7. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre o acondicionamento e mellora das áreas recreativas de Chaián e a Barciela, na ribeira do Tambre.

8. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para a mellora do contorno do Monte Pedroso.

9. Proposición do grupo municipal do BNG, para promover a constitución e dinamización dos Consellos Municipais.

10. Dar conta da liquidación do orzamento do exercicio de 2015.

11. Dar conta de nomeamento de representantes da Cámara de Comercio e USC, no Consello Municipal de Turismo.

12. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

13. Comparecencia da concelleira, Branca Novo Rey, acordada na sesión plenaria ordinaria do día 19 de maio de 2016.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Alcalde: Boas tardes a todos e a todas, imos dar comezo á sesión ordinaria do Pleno da Corporación, e como en cada pleno e antes de pasar ao primeiro punto da orde do día, aprobación das actas, imos gardar un minuto silencio polas vítimas da violencia machista.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SEGUINTE ACTAS:

Sesión ordinaria do día 28 de abril de 2016 (núm. 7/16).

Sesión extraordinaria do día 28 de maio de 2016 (núm. 9/16).

Foron aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de abril de 2016, núm. 7 e á sesión extraordinaria do día 28 de maio de 2016, núm. 9.

2. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO EQUIPAMENTO DEPORTIVO ZD-7 EN AGRA DOS CAMPOS-ARÍNS.

O informe emitido pola xefa de sección de xestión urbanística, con data 6 de xuño de 2016, en relación co asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“O proxecto fórmase de oficio polo Concello de Santiago, a través da Sección Municipal de Planeamento, e en execución da sentenza ditada o día 16 de xuño de 2014 polo Tribunal Supremo (recurso de casación 455/2012, derivado do procedemento 4275/2008).

1. PLANEAMENTO VIXENTE

Os terreos afectados pola Modificación atópanse cualificados no vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) como sistema xeral de equipamento deportivo (ZD-7, equipamento deportivo extensivo de Agra dos Campos-Aríns), cunha superficie total aproximada de 14 hectáreas, a obter por expropiación.

O PXOM aprobado no ano 2008 outorgou aos terreos afectados a clasificación de solo rústico de protección ordinaria (ordenanza 15). Porén, a sentenza antes citada anulou a antedita categorización urbanística, con base nos motivos que logo se explicarán, polo que, en principio, recupera a súa vixencia a clasificación outorgada polo Plan xeral anterior (PXOU aprobado no ano 1989), que consideraba os terreos afectados como solo rústico (de réxime común e de protección forestal).

2. CONTIDO E XUSTIFICACIÓN

A Modificación resulta precisa para restablecer a coherencia do planeamento, e definir a través do PXOM a nova ordenación urbanística aplicable aos terreos afectados pola sentenza, toda vez que esta declara a nulidade do PXOM *“en cuanto a la clasificación de los terrenos de los recurrentes como suelo rústico de protección ordinaria (ordenanza 15)”*.

O motivo da anulación é a falta de xustificación do cambio introducido durante a tramitación a respecto da categorización urbanística do solo, xa que no documento aprobado inicialmente e sometido a exposición pública o solo clasificouse como rústico de especial protección, mentres que na provisional e definitiva se categorizou como rústico de protección ordinaria, isto é, non suxeito a especial protección.

(...) el Plan General impugnado debe ser declarado nulo en cuanto a la clasificación de los terrenos de los recurrentes como suelo rústico de protección ordinaria (ordenanza 15), al carecer de motivación, y por tanto, de justificación, esa clasificación.

(...) sin duda habría requerido una explicación específica por parte de los autores del planeamiento la decisión de categorizar los terrenos como suelo rústico de protección ordinaria (ordenanza 15); y no tanto porque en el avance de planeamiento se contemplase su clasificación como suelo urbanizable, sino, sobre todo, porque en el documento aprobado inicialmente los mismos terrenos se clasificaban como suelo rústico de protección forestal y de protección agropecuaria, sin que se haya dado una explicación mínimamente satisfactoria sobre este cambio de criterio habido en la aprobación definitiva.

Polo tanto, a anulación en vía xudicial das determinacións do PXOM no que atinxe á clasificación urbanística dos terreos afectados obriga ao planificador a avaliar as posibilidades de ordenación urbanística do solo, non só no que atinxe á súa categorización, senón tamén en relación co seu concreto destino urbanístico.

Neste contexto, a Modificación propón clasificar o solo afectado como rústico de especial protección agropecuaria (ordenanza 16), ao se tratar dun ámbito obxecto de concentración parcelaria, con alta potencialidade para a súa explotación agrícola e gandeira. Complementariamente, propónse suprimir a cualificación do solo como reserva de equipamento deportivo, en defecto de previsións de implantación da zona deportiva a curto ou medio prazo, e dado o elevado custo económico que suporía para a administración municipal. Con todo, a supresión desta reserva non vedaría de xeito definitivo a implantación dun equipamento comunitario, no caso de que se estimase oportuno, mediante a aprobación dun plan especial de equipamentos e dotacións abeirado na normativa aplicable (artigos 35.1.p) e 36.4 da LSG).

En consecuencia, considero que a Modificación proposta resulta coherente tanto cos fundamentos xurídicos da sentenza da que é execución, como coa regulación do solo rústico que establece a vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)

Por outra banda, no apartado 5 do proxecto xustifícase que a proposta de supresión do sistema xeral ZD-7 non supón incumprimento do módulo mínimo de reserva de equipamento de sistema xeral esixido polo artigo 42.1.b) da LSG.

3. TRAMITACIÓN

A Modificación proposta, en canto supón unha nova categorización urbanística do solo afectado e a supresión dunha reserva de sistema xeral, tramítase a través do procedemento de aprobación do planeamento xeral.

O procedemento iniciouse estando vixente a Lei 9/2002 *de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG), co cumprimento dos seguintes trámites:

- Por Resolución do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 31 de xullo de 2015 (expediente 2015AAE1799), declarouse a non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica.
- Con carácter previo á aprobación inicial obtívose o **informe favorable da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, asinado o 5 de xaneiro de 2016, do que procede subliñar o indicado nos puntos 4 e 5 do epígrafe II:

4. Desaparece así a anterior cualificación dos terreos como equipamento deportivo de sistema xeral, o que significa unha redución de 139.637 m² dos 2.132.692 m² previstos anteriormente no PXOM como superficie de sistemas xerais de equipamentos. A superficie restante é de 1.993.637 m², o que segue a supoñer máis de catro veces a superficie mínima correspondente ao estándar de 5 m²/100 m² construídos establecido no artigo 47.1 da LOUG (464.736 m²)

5. A obtención deste equipamento, denominado deportivo extensivo estaba prevista por expropiación, con un custo de 3.997.920 €. O proxecto de modificación alega que dado o momento económico actual non se considera prioritaria para o concello esta actuación, sobre todo tendo en conta que existe un anteproxecto para usos deportivos no ámbito ZD-2 (área deportiva de San Lázaro, de 40.788 m², obtido por cesión)

- De conformidade co disposto polo artigo 85 da LOUG, a Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o día 21 de xaneiro de 2016, e someteuse a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia nº 60 do día 30 de marzo de 2016, así como nos xornais *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia* do día 18 de marzo de 2016. Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, outorgouse **audiencia aos Concellos limítrofes**.

Durante os referidos trámites de exposición pública e audiencia a municipios non se formularon alegacións.

- No expediente obran informe técnico-xurídico favorable -ao que presta a súa conformidade o secretario xeral do Pleno-, e os seguintes **informes sectoriais**:

* Informe favorable do Servizo de Planificación da Paisaxe do Instituto de Estudos do Territorio, asinado o 20 de abril de 2016.

* Informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural, asinado o 18 de maio de 2016.

4. EFECTOS DA ENTRADA EN VIGOR DA LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA

Tratándose dun plan aprobado inicialmente antes da entrada en vigor da lei, resulta de aplicación o sinalado polo apartado 2 da disposición transitoria segunda, que permite continuar a tramitación do plan a teor do disposto na Lei 9/2002, aínda que coa obriga de adaptar as súas determinacións á nova lei.

O contido e determinacións da Modificación inicialmente aprobada resultan compatibles co réxime do solo rústico que definen os artigos 31 e seguintes da LSG e,

en particular, co establecido polo 34.2.a), que outorga a condición de solo rústico de protección agropecuaria aos *terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme*, agás que se estimasen *necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional* (34.5).

5. PROPOSTA

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, a adopción do seguinte ACORDO:

a) Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do PXOM no ámbito do equipamento deportivo ZD-7 en Agra dos Campos-Aríns, formulada de oficio polo Concello de Santiago a fin de dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo de data 16 de xuño de 2014 (recurso de casación 455/2012, derivado do PO 4275/2008).

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.5 da LOUG, e ao abeiro do previsto polo apartado 2 da disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a Modificación provisionalmente aprobada remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para os efectos de que adopte a resolución que proceda sobre a súa aprobación definitiva.”

Alcalde: Pasamos á aprobación provisional da modificación puntual do PXOM no ámbito do equipamento deportivo ZD-7, vai defensa deste punto o concelleiro da área, Jorge Duarte.

Don Jorge Duarte Vázquez: Boas tardes a todos e a todas.

Hoxe traemos aquí para aprobación provisional esta modificación puntual que se formula de oficio polo Concello de Santiago, a través da Sección Municipal de Planeamento, e en execución da sentenza ditada o día 16 de xuño de 2014 polo Tribunal Supremo.

Os terreos afectados pola modificación atópanse cualificados no vixente Plan xeral de ordenación municipal como sistema xeral de equipamento deportivo (ZD-7,

equipamento deportivo extensivo na Agra dos Campos-Aríns, e conta c unha superficie total aproximada de 14 hectáreas, e o sistema para obtelos sería por expropiación.

O PXOM aprobado no ano 2008 outorgou aos terreos afectados a clasificación de solo rústico de protección ordinaria (ordenanza 15). Porén, a sentenza antes citada anulou a antedita categorización urbanística, con base nos motivos que logo se explicarán, polo que, en principio, recupera a súa vixencia a clasificación outorgada polo Plan xeral anterior do ano 1989, que consideraba os terreos afectados como solo rústico.

A modificación resulta precisa para restablecer a coherencia do planeamento, e definir a través do PXOM a nova ordenación urbanística aplicable a estes terreos afectados pola sentenza que dicía.

A modificación propón clasificar o solo afectado como rústico de especial protección agropecuaria, ao se tratar dun ámbito obxecto de concentración parcelaria, con alta potencialidade para a súa explotación agrícola e gandeira.

Complementariamente, proponse suprimir a cualificación do solo como reserva de equipamento deportivo, en defecto de previsións de implantación da zona deportiva a curto ou medio prazo, e dado o elevado custo económico que suporía a expropiación para esta administración municipal.

Con todo, a supresión desta reserva non vetaría de xeito definitivo a implantación dun equipamento comunitario, no caso de que se estimase oportuno, mediante a aprobación dun plan especial de equipamentos para este uso deportivo ou outro uso público.

Ao respecto da tramitación, dicir que por Resolución da secretaría xeral de calidade e avaliación ambiental de data 31 de xullo de 2015, declarouse a non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica.

Con carácter previo á aprobación inicial obtívose o informe favorable da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o día 5 de xaneiro de 2016.

Seguindo a tramitación da LOUG, a modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o día 21 de xaneiro de 2016, e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses.

Durante o referido trámite de exposición pública e audiencia aos municipios colindantes, non se formularon alegacións.

No expediente obran os informes técnico-xurídico favorables, e os seguintes informes sectoriais:

Informe favorable do Servizo de Planificación da Paisaxe do Instituto de Estudos do Territorio, do 20 de abril de 2016.

Informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural, asinado o 18 de maio de 2016.

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, aprobar provisionalmente a modificación puntual do PXOM no ámbito do equipamento deportivo ZD-7 en Agra dos Campos-Aríns, formulada de oficio polo Concello de Santiago a fin de dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo de data 16 de xuño de 2014.

Este acordo deberá ser adoptado por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Tras esta aprobación provisional remitirase o expediente á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que adopte a resolución para a súa aprobación definitiva.

Alcalde: Moitas grazas Jorge, Rubén a túa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde e boa tarde a todas e a todas.

Eu vou ser moi breve, porque simplemente, vou explicar que o noso voto vai ser positivo ao entender que se trata como acaba de comentar o concelleiro, pois dunha actuación de oficio do propio concello, vinculada ao cumprimento dunha sentenza.

Entre as diferentes posibilidades de ordenación urbanística existentes, pois unha vez que por vía xudicial se anularon as determinacións do PXOM, no que atinxe a estes terreos, parécenos correcta a proposta plantexada pola xefa de sección urbanística e por ese motivo vamos votar favorablemente neste punto.

Alcalde: Moitas grazas Rubén, señor Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, boas tardes a todos e a todas, compañeiros e compañeras de Corporación.

Estamos diante dunha proposta en execución de sentenza xudicial que conta como se ten informado dos informes favorables tanto os técnico-xurídicos como o do servizo de planificación da paisaxe do Instituto de estudos do territorio, máis o informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Por outra banda, efectivamente non veda, polo que di o informe de xeito definitivo, a implantación dun posible equipamento comunitario, podería nun futuro facerse a través dun plan especial de equipamentos.

E ademais, isto supón neste momento, pois un posible aforro, por non entrar no que é a expropiación, pois de aproximadamente catro millóns de euros, polo tanto o noso grupo vai votar a favor desta proposta.

Alcalde: Moitas grazas señor Reyes, Teresa a súa quenda.

Dona Teresa Gutiérrez López: Bueno, posto que o que hoxe se trae ao pleno xa foi debatido o día 21 de xaneiro sen que no período de información pública houbera ningunha alegación, é exactamente o mesmo, co cal nos reiteramos no manifestado naquel debate e vamos a manter o noso voto favorable.

Alcalde: Moitas grazas pola brevidade.

Rematado o debate, e de conformidade co Ditame da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos de data 9 de xuño do corrente ano, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

a) Aprobar provisionalmente a modificación puntual do PXOM no ámbito do equipamento deportivo ZD-7 en Agra dos Campos-Aríns, formulada de oficio polo Concello de Santiago a fin de dar cumprimento á Sentenza do Tribunal Supremo de data 16 de xuño de 2014 (recurso de casación 455/2012, derivado do PO 4275/2008).

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.5 da LOUG, e ao abeiro do previsto polo apartado 2 da disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a modificación provisionalmente aprobada remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para os efectos de que adopte a resolución que proceda sobre a súa aprobación definitiva.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE MEDIO AMBIENTE.

Con respecto á modificación do artigo 6 do Regulamento do Consello Sectorial de Medio Ambiente, emitiu informe a xefa do servizo de contratación e servizos comunitarios que trae conforme do director da asesoría xurídica, con data 6 de xuño do corrente ano, e que ten o seguinte contido:

“Recíbese a proposta do Concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á modificación puntual do Regulamento do Consello sectorial de medio Ambiente no seu artigo 6 regulador do Pleno do Consello.

A proposta pretende a inclusión dun epígrafe que ampare a posibilidade de participación no mesmo de persoas físicas maiores de 16 anos, previa solicitude e presentación certificado de empadramento e persoas xurídicas previa solicitude e acreditación de que o seu domicilio social estea no Concello de Santiago.

Trátase dunha incorporación que responde a unha vontade política de insistir na presenza dun maior número de actores sociais co ánimo de buscar a máxima sintonía das decisións institucionais coas necesidades e aspiracións da sociedade.

Posto que esta nova incorporación non supón a alteración dos representantes natos do Pleno e, por outra parte, ao ser órganos de proposta e non de decisión, non existe obstáculo xurídico en dar cabida a un maior número de cidadáns nas xuntanzas plenarias.

O procedemento para materializar a modificación do Regulamento recóllese no artigo 49 da LRBRL en relación co establecido no artigo 127.1.a) e implica a aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local, previo ditame da comisión informativa da área, información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias. Unha vez resoltas estas, de existir, procederá a aprobación definitiva polo Pleno. Do acordo adoptado polo Pleno darase traslado á Administración do Estado e a da Xunta de Galicia ao efectos do artigo 65.2 da LRBRL.

Aprobada a modificación, publicarase o texto no Boletín Oficial da Provincia (Art. 70 LRBRL).”

Alcalde: Se fas defensa Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Grazas señor alcalde e boas tardes compañeiras e compañeiros de Corporación.

Vou ser breve, porque este tema xa o comentamos en distintas xuntanzas, e o que propoñemos esta modificación, que en aras de facilitar e ampliar a participación no Consello Municipal de Medio Ambiente, pero mantendo ao mesmo tempo a representatividade proporcional que recolle o Regulamento, en canto a representantes con dereito a voto de distintas entidades e organismos da cidade.

Propoñemos engadir un parágrafo ao final da relación de membros que recolle ese regulamento, no que diga literalmente:

“Así mesmo poderá participar, con voz pero sen voto, no Consello Municipal de Medio Ambiente calquera persoa física maior de 16 anos ou xurídica que previamente o solicite ao Concello de Santiago, presentando no Rexistro Xeral, no prazo de 3 meses contados a partires do día seguinte á sesión constitutiva, escrito dirixido ao Concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia, ao que se acompañará:

No caso de persoas físicas, certificado de empadramento no Concello de Santiago.

No caso de persoas xurídicas, acreditación do domicilio social no Concello de Santiago.”

É dicir todas estas persoas ou entidades poderían participar con normalidade nas distintas xuntanzas ordinarias e extraordinarias do pleno, máis non terían voto no caso de ser necesario tomar algunha decisión, mediante votación para non deturpar esa proporcionalidade representativa que ten o regulamento.

Máis nada.

Alcalde: Moitas grazas Xan, Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde, eu igualmente moi breve, porque como acaba de comentar o concelleiro, isto foi motivo de debate en diferentes reunións, incluso no propio Consello de Medio Ambiente.

O noso grupo vai votar favorablemente a este punto, pero gustaríame por en común algunha das consideracións que fixemos.

Unha que ten que ver con algo que acaba de comentar o concelleiro.

Para nós todos os consellos de participación son un elemento básico do funcionamento deste concello, pero teremos oportunidade de falar despois nunha proposición deste tema máis polo miúdo.

E nese sentido, parecíanos ben, o plantexamento que facía o concelleiro de intentar abrir o máximo posible os consellos de participación nos seus diferentes ámbitos, pois ao conxunto da veciñanza de Santiago.

A nós plantexabamos dúas dúbidas, basicamente, unha, se iso podía interferir na funcionalidade dos propios consellos, se había unha participación excesiva, que non é

agardable a priori, e dúas algo que se corrixe ou que se acouta, pois con esa consideración que acaba de facer o concelleiro, de que con independencia de que poidan participar aquelas persoas físicas ou xurídicas que tiveran vontade de facelo, a correlación de votos será exclusivamente a que está recollida na composición do propio organismo.

Para nos iso era importante, precisamente para non deturpar, pois as proporcións que existen entre diferentes administracións, diferentes tipos de colectivos, e demais. Polo tanto cumpríndose iso, o noso voto vai ser favorable neste punto.

Alcalde: Moitas grazas Rubén.

Dona Milagros Castro Sánchez: Moitas grazas señor alcalde, e boa tarde a todas e a todos.

Moi brevemente dicir que o grupo municipal Socialista votará a favor desta modificación puntual do Regulamento do Consello sectorial de medio ambiente. Modificación que xa foi exposta na convocatoria de 8 de xuño, onde se deu conta desta proposta de modificación do artigo 6 do Regulamento.

O noso voto vai ser favorable.

Alcalde: Moitas grazas Mila, Teresa a súa quenda.

Dona Teresa Gutiérrez López: Boas tardes a todos.

Adianto que neste punto o noso grupo municipal, agás que quedará encima da mesa, ímonos abster na votación.

As razóns son, porque o plantexamento que fai o goberno, ofrécenos moitas dúbidas. Dúbidas sobre a conveniencia da modificación e sobre a súa eficacia.

Consideramos que a regulación da participación veciñal, que cremos que é necesaria e esencial, habería que facela no marco do Regulamento de participación cidadá, para que tivese un carácter xeral, e fose aplicable a calquera dos regulamentos sectoriais, e fose en definitiva, unha medida analizada e meditada, cun criterio único e homoxéneo, para dotar a estes órganos consultivos da operatividade e a eficacia necesaria, só así adquirirán sentido e contribuirán á mellor toma de decisións.

Lamentablemente, isto non ocorre neste caso, compartimos moitas das dúbidas plantexadas sobre os membros do Consello no debate do propio Consello, algúns

falaban de participación á carta, outros falaban de falta de representatividade, bueno debateuse amplamente.

Na modificación puntual do Regulamento do Consello sectorial de medio ambiente, estipúlase, ademais, un prazo único de tres meses, para que calquera persoa física ou xurídica interesada nestes termos, poida anotarse, é dicir, se unha persoa dentro de dous anos, ten interese xa non pode anotarse.

Con carácter xeral, e tendo en conta que existen casos neste concello moi dispares, consideramos que o idóneo sería ter unhas determinacións para a participación en todos os consellos. Así por citar dous casos, no Consello de educación permítase a asistencia, con voz, pero sen voto, tanto na comisión permanente como nas comisións de traballo, de persoas de recoñecido prestixio no temo do estudo; e no recente aprobado Regulamento de Turismo e cidade de Santiago, limítase a asistencia con voz e sen voto, a aqueles especialistas, técnicos e personalidades que se considere necesario, cousa que non sería neste caso.

Por outra parte, tamén parece conveniente articular a posible participación para facela realmente funcional e operativa. Non ten sentido acoutar de forma tallante a participación dos colectivos máis implicados, para logo permitir de maneira indiscriminada que calquera persoa individual en número indeterminado poida participar.

Ademais, o feito de que o prazo para inscribirse sexa único, e que sexa no momento da constitución do Consello, obriga a que, previamente a xente que poida estar interesada nun determinado tema, dous anos antes se teña que inscribir aínda que despois, igual, só lle interesa un tema concreto.

Esta forma de enfocar a participación, entendemos, que nin é aconsellable para por andar os asuntos, nin resulta operativa para debater os temas, e moito menos, para acadar acordos.

O lóxico sería regular o funcionamento e a composición do Consello de forma precisa, abrindo a posibilidade de que en función do asunto concreto a debater se poidan inscribir as persoas que tras un proceso de publicidade e establecendo uns criterios obxectivos tivesen interese, e por suposto, establecendo unha fórmula para evitar participacións multitudinarias cando se trate un tema concreto ou estrela como falaban no propio consello, porque non se trata de converter o consello nunha asemblea sen orde nin concerto. Lograríase así, que as persoas realmente interesadas, tiveran a posibilidade de participar neste órgano consultivo, evitando que outras sen interese, ou cun interese, digamos, partidario ocupasen un lugar, por ter que decidilo antes de coñecer cada un dos puntos a tratar.

En definitiva, non consideramos lóxico este modelo improvisado e pouco reflexivo de participación que en nada contribúe ao importante rol asinado a este órgano.

E consideramos que esta modificación que se propón, debería inscribirse nunha norma máis ampla dentro do Regulamento de participación cidadá.

Desta forma todos os consellos sectoriais terían o mesmo grao e tamén as mesmas posibilidades de participación.

Como nós non nos opoñemos á participación de forma xeneralizada, senón que estamos a favor, desexariamos que isto se mellorará, e polo tanto, propoñamos atopar unha fórmula conxunta para todos os consellos, senón é así, non nos vamos opoñer, pero manifestamos a nosa abstención.

Alcalde: Moitas grazas Teresa, algo que engadir?

Don Xan Duro Fernández: Non vou entrar no fondo, porque todos temos a nosa opinión, pero o que me resulta fascinante é a capacidade que teñen vostedes de non facer ningunha proposta en todas as xuntanzas previa mantemos, incluído o pleno que fixemos o día 8 no que falamos deste tema, como dixo o concelleiro Rubén Cela, e logo vir aos plenos, a soltar todas esas críticas.

Eu creo, que si cremos na participación, tivemos que eu lembre catro oportunidades, previo a esta presentación, para dicir as propostas que quixeran e non recibín ningunha, entón eu quedo fascinado, e a verdade que non é a primeira vez que nos pasa.

Alcalde: Non interrompan esta na quenda de intervención Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Estou fascinado e desculpa María Corral, pero sigo fascinado, non estaría nesa última que ti dis, pero eu creo que estiven .

Alcalde: Por favor deixen intervir ao que está na súa quenda de intervención.

Don Xan Duro Fernández: Eu levo neste banquillo recibindo leccións do seu partido dende o primeiro pleno, por favor estou na miña quenda e gustaríame que me respectaran.

Moitas grazas.

Alcalde: Empezamos a segunda quenda, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Non, eu moi brevemente tiña pensado comentar isto nun punto dunha proposición específica do noso grupo a respecto dos Consellos de participación, pero bueno, ten que ver co que acaba de comentar un pouco a compañeira do Partido Popular.

Eu creo que hai unha cousa que é proba-erro, veremos tamén como é o funcionamento disto, e senón funciona correctamente, tamén se poderá estar a tempo de modificar, eu creo que ese non vai ser o problema e si se pode garantir pois a maior participación posible, pois por nós non vai a quedar.

Agora ben, hai unha cuestión que comentaba Teresa que eu creo que non é menor, xa lla teño trasladado eu tamén a algún outro concelleiro do grupo de goberno, que está en proceso de facer regulamentos de participación, modificacións ou actualizacións, e que eu creo que sendo consellos diferentes, porque hai consellos diferentes, teñen que ter unhas pautas comúns, o que non ten sentido, é que no Consello de Medio Ambiente participe a oposición, e no consello x non participe a oposición, ou que no consello i poida inscribirse calquera persoa a título individual ou calquera colectivo, e no consello z iso non sexa posible.

Entón eu creo, que o criterio que se utilizou no Consello de medio ambiente, é correcto, mentres non se demostre coa práctica do contrario, ou polo menos mirárase como funciona, pero en calquera caso, nas actualizacións ou modificacións que se fagan noutros consellos de participación, creo que deberían de ter unhas pautas cando menos coherentes entre todos.

Alcalde: Grazas Rubén, Mila algo que engadir?, Teresa, segunda quenda.

Dona Teresa Gutiérrez López: O primeiro dicir que nós dende o momento que coñecemos a proposta a través do Consello, xa, creo que na comisión que eu tampouco estiven, fixemos unha proposta de mellora, e de todas maneiras, fixemos esta reflexión agora, non nos estamos opoñendo, simplemente estamos facendo unhas propostas de mellora, creo que o dixen claro na miña intervención, eu fago unhas propostas de mellora, e creo que estamos a tempo de regulalo conxuntamente para todos os regulamentos, soamente era unha proposta de mellora, pero sinto se lle ofende.

Alcalde: Imos manter a iniciativa e vámolos someter a votación señor secretario.

Xa que logo, de conformidade co Ditame da Comisión de urbanismo, infraestruturas, medio ambiente, medio rural e servizos, de data 9 de xuño de 2016 na que se acordou incorporar as emendas formuladas no seo da devandita sesión, a proposta do concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia e o acordo da Xunta de Goberno, ambos de data 10 de xuño de 2016, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor dos/as

concelleiros/as presentes dos grupos municipais CA, PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

- a) Aprobar inicialmente a modificación da redacción do artigo 6 do Regulamento do Consello Sectorial de Medio Ambiente.
- b) Someter á aprobación inicial da modificación do artigo a información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, resolvéranse estas, incorporándose ao texto da ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións.

No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial, da devandita aprobación inicial, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O acordo de aprobación definitiva, expresa ou tácita, da modificación do Regulamento co texto íntegro da mesma, deberá publicarse no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85.

O contido do artigo 6 do Regulamento, cuxa modificación ven de aprobarse inicialmente, é o que a seguir se transcribe:

Artigo 6.-

O Pleno é o supremo órgano de decisión e formación da vontade do Consello. Estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde-Presidente da Corporación ou membro da Corporación en quen delegue.

1 Vicepresidente, elixido entre a representación das asociacións ecoloxistas.

5 representantes da Corporación Municipal, atendendo á proporcionalidade da representación de cada un dos grupos municipais.

3 técnicos do Concello de Santiago de Compostela.

3 representantes dos grupos ecoloxistas do Municipio de Santiago de Compostela.

2 representantes de grupos de defensa dos animais.

1 representante de asociacións de consumidores.

3 representantes de asociacións veciñais, a proposta do Consello Municipal de Relacións Veciñais.

1 representante de asociacións xuvenís.

3 representantes de seccións ambientais de sindicatos de traballadores.

3 representantes de sindicatos agrarios.

2 representantes da Universidade de Santiago de Compostela.

2 expertos en temas medioambientais, designados polo Pleno da Corporación.

2 representantes da Consellería de Medio Ambiente.

Os membros do Pleno do Consello serán nomeados ao principio da lexislatura e para a duración desta, podendo cada unha das partes designar titulares e suplentes así como efectuar substitucións dos designados, ao longo do seu mandato.

Os membros do Consello Municipal de Medio Ambiente que o sexan en virtude da representación que ostentan, perderán a condición de tales no momento de cesaren como representantes dos seus respectivos colectivos.

Así mesmo poderá participar, con voz pero sen voto, no Consello Municipal de Medio Ambiente calquera persoa física maior de 16 anos ou xurídica que previamente o solicite ao Concello de Santiago, presentando no Rexistro Xeral, no prazo de 3 meses contados a partir do día seguinte á sesión constitutiva, escrito dirixido ao Concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia, ao que se acompañará:

- No caso de persoas físicas, certificado de empadramento no Concello de Santiago.
- No caso de persoas xurídicas, acreditación do domicilio social no Concello de Santiago.

Ás sesións do Pleno do Consello Municipal de Medio Ambiente poderán asistir aqueles especialistas, técnicos e personalidades que se considere necesario. A súa participación será con voz pero sen voto.

4. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O informe emitido con respecto do asunto do epígrafe pola xefa de servizo da área de acción social, que leva o visto e prace do director da área de persoal, de data 19 de maio do corrente ano, é o que a seguir se transcribe:

“Con relación á tramitación do expediente antedito, iniciada por providencia do 09/05/2016 da concelleira delegada da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, M^a Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da Área de Acción Social deste concello,

INFORMA

I. ANTECEDENTES

1. “Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios” prevé o **art. 25.1 da Declaración Universal de Dereitos Humanos**.

2. “A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento do orde político e da paz social” dispón o **artigo 10.1 da Constitución Española**, o primeiro e único do título I, regulador dos dereitos e deberes fundamentais, que establece a maneira como nunha democracia o poder público debe servir á conciliación do interese particular co ben ou interese xeral.

En coherencia con iso, o artigo 9.2 da CE establece que lles “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social”. Por outra banda, complementariamente, o **artigo 39 da CE** imponse aos poderes públicos a obriga de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

3. En desenvolvemento dos principios e obrigas anteriores, servindo con obxectividade os intereses xerais (artigo 103.1 CE), o Concello de Santiago de Compostela ten a potestade e a responsabilidade de establecer e regular o conxunto de dereitos e recursos

municipais específicos dirixidos a persoas en situación de risco ou exclusión social, de conformidade coa lexislación vixente.

4. A **Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia**, estrutura e regula os servizos sociais en Galicia de xeito que os poderes públicos galegos garanten como recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectivada das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, librando os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.

E concreta os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, que perfilan o seu ámbito propio: facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a autonomía persoal das persoas dependentes, brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores, facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e, en xeral, ademais, prever a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección das persoas máis vulnerables.

Especificamente, configura as prestacións económicas indicando o **artigo 21.1º** que son

“as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social”

entre elas, conforme ao artigo 21.2º “a) As rendas de inclusión social. b) As axudas de emerxencia e necesidade social” e mais as “j) As axudas económicas de análoga ou similar natureza e finalidade cas anteriores.”

5. En desenvolvemento desa normativa xeral do sistema de servizos sociais de Galicia, dentro das disposicións reguladoras dos servizos sociais comunitarios básicos o **artigo 9.d) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento**, contempla como programas e servizos sociais comunitarios básicos e, polo tanto, de esixencia universal para a Administración local galega e como un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais, o "Programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Inclúense nesta categoría os proxectos expresamente dirixidos ao desenvolvemento, promoción e integración da comunidade xitana e outras minorías étnicas".

6. Asemade, a **Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia**, concreta no seu **artigo 58º** os criterios xerais de atribución de competencias e prevé que “1. As competencias en materia de servizos sociais corresponderanlles á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás corporacións locais de Galicia, así como, se é o caso, ás demais entidades públicas previstas no Estatuto de Autonomía de Galicia ou establecidas nesta lei” e especifica no **artigo 60º** as competencias dos concellos, atribuíndolles competencias en “a) A creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos”, “b) A creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59º i)”, “f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48º desta lei” e “k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente”.

7. O artigo 25.2.k) da **Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local**, establecía orixinariamente as competencias dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social, promoción da igualdade de oportunidades e prevención da violencia contra a muller. Foi reformado pola **Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local**, que na nova redacción do **artigo 25.2.e)** atribúelles aos concellos a competencia propia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. A súa Disposición Transitoria Segunda regulaba a asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas a servizos sociais con suxeición ás normas reguladoras do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas e das Facendas Locais e previa que transitoriamente os seguisen prestando os concellos. A sentenza do **Tribunal Constitucional do 3 de marzo de 2016** declarou inconstitucionais e nulos diversos artigos daquela Lei 27/2013, entre outros, a súa Disposición Transitorias Segunda, precisando

“... la actual redacción del art. 26.1.c) LBRL habilita directamente a los municipios con población superior a los 20.000 habitantes a ejercer la competencia de —evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social, que queda establecida como servicio obligatorio... consecuentemente, la prohibición de que los municipios ejerzan competencias de asistencia social y atención primaria a la salud (disposiciones transitorias 1ª y 2ª LRSAL) no se extiende a las concretas tareas asistenciales y sanitarias directamente atribuidas a los Ayuntamientos por el art. 26 LBRL o configuradas como ámbito material dentro del cual la ley autonómica debe conferir —en todo caso competencias municipales propias (art. 25.2 LBRL)”.

En definitiva, “ el art. 149.1.18 CE da cobertura a la exclusión de la asistencia social y la sanidad del elenco de materias dentro del cual las leyes deben asegurar que los Ayuntamientos dispongan en todo caso de competencias propias (art. 25.2 LBRL). Sin

embargo, el indicado título no autoriza injerencias en la autonomía política de las Comunidades Autónomas como son, por un lado, la prohibición de que éstas en materias de su competencia atribuyan servicios a los entes locales y, por otro, la sujeción a un determinado régimen de traslación o traspaso (disposiciones transitorias 1ª y 2ª LRSAL). Las Comunidades Autónomas, siendo competentes para regular aquellos servicios sociales y sanitarios, son competentes para decidir -con sujeción al indicado marco de límites- sobre su descentralización o centralización y, en este segundo caso, para ordenar el correspondiente proceso de asunción competencial y traspaso de recursos. La Comunidad Autónoma está sometida a los mandatos constitucionales de eficiencia, eficacia y estabilidad presupuestaria (arts. 31.2, 103.1 y 135 CE) -además de a la garantía constitucional de la autonomía municipal (arts. 137 y 140 CE)- así como a las condiciones que establecen ahora los arts. 25 y 7 LBRL -y, en su caso, los Estatutos de Autonomía”.

8. A normativa autonómica galega (**artigo 84 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia**) declara que son competencias dos concellos “1. En cooperación coa Xunta de Galicia, implantar e desenvolver os servizos sociais comunitarios necesarios para a aplicación do disposto nesta lei, consonte o establecido na precitada Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia” e “3. Cantas outras competencias lles correspondan por norma de rango legal ou regulamentario”.

9. A **Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia**, atribúelle ao municipio competencia para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, podendo promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da veciñanza e exercendo, en todo caso, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais, competencias nas seguintes materias, entre outras: a) A prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos; e b) A execución de programas e proxectos destinados á atención á familia.

10. Pola súa parte, o **artigo 14.3 da Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social**, garante que “os estranxeiros, calquera que sexa a súa situación administrativa, teñen dereito aos servizos e prestacións sociais básicas, debendo entenderse e aplicarse os citados dereitos conforme ás normas previstas no **artigo 3** da mesma lei, nomeadamente a condición de igualdade coas persoas de nacionalidade española e, nos dereitos fundamentais, a interpretación conforme á Declaración Universal de Dereitos Humanos e tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias vixentes en España.”

11. A partir deste marco normativo xeral, o concello, como institución máis achegada á cidadanía, debe promover e garantir políticas de integración e normalización dos dereitos de todas as persoas que vivan en Santiago de Compostela, de maneira que teñan

acceso a todos os recursos e servizos que lles permitan levar unha vida digna. En resumo, o concello debe recoñecer e procurar a garantía dos dereitos lexítimos das persoas para que se poidan integrar con normalidade e participar na vida cidadá.

12. Nunha situación de crise estrutural coma a actual increméntase a demanda de recursos económicos e sociais, evidénciase a insuficiencia dos existentes, amplíase o perfil de persoas solicitantes e aumentan as necesidades detectadas dende o Concello de Santiago de Compostela, polo que é preciso un instrumento normativo actualizado para un novo recurso social alternativo nalgúns casos e complementario noutros ás ferramentas e prestacións autonómicas de inclusión social.

13. O artigo 2.2.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón que non teñen o carácter de subvención, entre outras, as prestacións da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas de natureza similar a estas ou de carácter asistencial, como acontece coas reguladas nesta ordenanza, que se establecen, como dixemos, ao abeiro do artigo 9.d) do Decreto da Xunta de Galicia 99/2012, do 16 e marzo, que regulan os servizos sociais comunitarios e que expresamente contempla como parte integrante do sistema autonómico dos servizos sociais, os comunitarios básicos, nos que se inclúen o

"Programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas."

E todo iso dentro dos límites fixados pola Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e normativa complementaria.

14. E desenvólvese de maneira coherente co **Programa Nacional de Reformas do Reino de España 2015** do 5 de maio de 2015 conforme ao que "Se prestará especial atención a la evaluación de las rentas mínimas o rentas básicas; esto es, a aquellas prestaciones vigentes en diferentes partes del territorio para atender a las personas con mayor carencia de recursos económicos", e coa **Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020**, que lembra que o principal problema que enfrontan as familias en situación de risco de exclusión é a escaseza ou ausencia de recursos estables que lles permitan desenvolver unha vida normal, acadar un traballo e ofrecer posibilidades dunha vida mellor para os seus fillos e fillas. Asegurar as rendas mínimas é o primeiro paso para garantir a cobertura das necesidades básicas.

15. Ata o de agora o Concello de Santiago de Compostela dispoñía dunha ORDENANZA REGULADORA DO PROGRAMA SANTIAGO "SUMA" DE

INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (BOP Nº 103 do 03/06/2015) cuxo obxecto é establecer un conxunto de recursos específicos para as persoas en situación de vulnerabilidade social, co fin de contribuír á súa protección e mellorar a súa calidade de vida, que despois de case un ano de vixencia, precisa dunha nova formulación.

16. A posta en funcionamento de dita ordenanza, concibida como axudas para paliar situacións emerxencia das persoas e familias en situación de vulnerabilidade e/ou risco social e a súa inserción social, debido á súa complexidade e ós límites de acceso á mesma, comporta dificultades importantes na súa tramitación que impiden que a resposta municipal sexa áxil e adecuada á propia situación de emerxencia social que con ela se pretendía superar.

Como xeito de facilitar que dita ordenanza cumpra co obxecto que lle é propio, vese necesario acometer unha modificación da mesma, cun novo deseño, redacción e protocolización, de xeito que permita dar resposta efectiva, adecuada e suficiente á diversidade de demandas sociais, para que todas as persoas que vivan, traballen ou se acheguen a Compostela poidan desfrutar de todos os recursos e servizos que lles permitan levar unha vida digna. Así, canalízanse os medios e recursos suficientes para facilitar que as condicións de vida (ingresos, vivenda, servizos básicos, servizos educativos e de saúde...) sexan equiparables ás do cidadán medio e cidadá media e permitan o maior desenvolvemento das capacidades e competencias persoais.

O volume de traballo existente na área e a urxencia das anteditas modificacións, fixo preciso solicitar á empresa SANTIAGO MIGUEZ CARIDAD, avogado exercinte, colexiado nº 1642 (ICACOR), unha proposta de traballo con orzamento para efectuar ditas modificacións que culminou na adxudicación dun contrato para a prestación do servizo de asesoramento técnico integral no eido xurídico-social para a prestación efectiva dos servizos sociais, de promoción e de inclusión social limitada á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social. D. **SANTIAGO MIGUEZ CARIDAD**, realizou o traballo por medio dun equipo composto por profesionais de acreditados coñecemento técnico e experiencia:

MARTA CAPEÁNS. Traballadora Social.
ISABEL CRIBEIRO. Traballadora Social.

O resultado foi o asesoramento e redacción do texto desta ordenanza na que se regulan o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos para a cidadanía do Concello de Santiago de Compostela en situación ou en risco de exclusión social dirixidos a garantir unha contía económica mínima coa que as persoas con carencia de patrimonio ou ingresos suficientes podan cubrir as súas necesidades, así como facilitar a inclusión

social daquelas persoas que o precisen e que carezan dos recursos necesarios para o exercicio real e efectivo dos dereitos sociais.

Especificamente, pretende dar cobertura económica e social á falta temporal de ingresos en especial, por ausencia dun emprego estable e digno ou dun esgotamento da prestación por situación de paro, mantendo un mínimo nivel de ingresos mínimo para cobertura das necesidades básicas de cidadanía.

Como novidade créanse as seguintes prestacións:

a) **A renda municipal de garantía básica cidadá** que é unha prestación económica, extraordinaria, temporal, subsidiaria e vencellada a un itinerario de inclusión cidadá, prevista para persoas en situación de vulnerabilidade social e/ou en situación de risco de exclusión social dirixida a que cada persoa poida facer real e efectivo o seu dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.

b) **Prestacións de rescate social** que son un conxunto de prestacións económicas de carácter extraordinario e puntual, subsidiarias e complementarias dos servizos sociais previstos na lexislación vixente, destinadas a atender situacións de urxencia sobrevidas que afecten a persoas ou unidades de convivencia que non poidan facer fronte a necesidades básicas

Esta normativa ten por finalidade facer fronte á actual situación das persoas en situación de vulnerabilidade e/ou en situación de risco de exclusión social e ao xustificado aumento das necesidades sociais derivadas da intensidade e prolongación da crise.

II CONSIDERACIÓNS:

1.- O Concello de Santiago de Compostela, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cuantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Así mesmo, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este Concello a potestade regulamentaria e de autoorganización.

O instrumento axeitado para regular o **Programa de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela** é a aprobación dunha Ordenanza municipal,

disposición administrativa de rango inferior á Lei, de exclusiva e mellor aplicación neste Municipio, que complete a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan vos servizos sociais comunitarios e ou seu financiamento, Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, dada a súa peculiaridade e a súa diferenciación con respecto a ditas Leis e Regulamentos de ámbito de aplicación máis amplo.

2.- A **Lexislación aplicable** vén determinada por:

- Os artigos 4, 25, 49, 62, 70.2, 123.1.d) e 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- O artigo 52 da Lei 30/92, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia,
- -Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan vos servizos sociais comunitarios e ou seu financiamento.
- Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia.
- Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia

3.- A aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte **procedemento**:

A. Por Providencia de Alcaldía ou Concellería Delegada debe iniciarse o expediente e solicitarase aos Servizos Municipais competentes, en razón da materia, a elaboración da Ordenanza municipal reguladora da Aprobación inicial do **Programa de Garantía Básica Cidadá do concello de Santiago de Compostela**. O proxecto de Ordenanza deberá ser sometido a consideración de informe póla Secretaría Xeral.

B. Elaborado e recibido o proxecto de Ordenanza, **corresponderá á Xunta de Goberno Local, a aprobación do citado proxecto**, segundo o disposto no art. 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), modificada pola Lei 57/2003, de 16 de Decembro.

C. Aprobado o proxecto de Ordenanza pola Xunta de Goberno Local, e previo **ditame da Comisión Informativa da Área do Social e Cultura**, someterase a **aprobación inicial do Pleno da Corporación**, por maioría simple e previo Ditame da Comisión Informativa correspondente (art. 123.1.d Lei 7/85 en relación co art. 49 do mesmo corpo legal), abríndose a continuación un período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e

suxestións que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial **publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.**

D. No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

E. O Acordo de **aprobación definitiva** [expresa ou tácita] da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, debe **publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña,** tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

4.- O proxecto de Ordenanza deberá ser sometido á consideración do Secretario Xeral do Pleno-Director da Asesoría Xurídica, o cal emitirá un informe ao respecto, procedendo, en consecuencia o seu sometemento a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación e, no seu caso, posterior tramitación ante o Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa da Área do Social e Cultura.

III PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. A aprobación **DA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, que se achega.

SEGUNDO. A derogación do **ORDENANZA REGULADORA DO PROGRAMA SANTIAGO “SUMA” DE INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (BOP N° 103 do 03/06/2015)**, que tamén se achega.

TERCEIRO. A concesión das prestacións contidas no proxecto de ordenanza terá como límite global as dispoñibilidades orzamentarias consignadas para esta finalidade nos Orzamentos do Concello de Santiago na aplicación orzamentaria 020 23100 48001/2016.

Para o caso de que se dese un incremento da necesidade social que xerase un gasto municipal superior ao previsto habilitarase a partida que fose precisa, sempre que houbese recursos financeiros de abondo para cubrir o citado gasto, de de acordo coa legalidade vixente en materia orzamentaria.”

Así mesmo emitiron informe o Secretario Xeral do Pleno e a Interventora Municipal con respecto a este asunto, que figuran achegados ao expediente.

Alcalde: Pasamos logo ao aprobación inicial da ordenanza de garantía básica cidadá, Concha a túa quenda.

Dona Concepción Fernández Fernández: Moi boa tarde señor alcalde, señoras e señores concelleiras e concelleiros.

Esta semana celebramos o primeiro aniversario dende que Martiño Noriega foi investido como alcalde, e Compostela Aberta asumiu o goberno do Concello de Santiago de Compostela.

Tamén mañá a ordenanza Santiago SUMA cumprirá un ano da súa entrada en vigor.

Esta ordenanza foi a medida estrela da campaña do Partido Popular nas eleccións municipais de maio de 2015.

Tiña unha dotación orzamentaria de 600.000 euros, e un equipo técnico específico para o seu desenvolvemento e execución.

Fai un ano estreabamos goberno, e ordenanza, a nosa primeira intención foi aplicala sen dilación, aínda que a considerabamos moi mellorable, tiñamos claro que era o instrumento co que contabamos para poder abordar as situacións de emerxencia social e de pobreza no noso concello.

Fora feita para chegar a aquelas situacións a onde non chegaban as prestacións autonómicas, claramente insuficientes.

Os datos do Instituto Galego de Estatística mostraban que no ano 2014, tiñamos só 131 persoas beneficiarias de RISGA, e un 17,5% de veciños e veciñas de Compostela que afrontaban situacións de pobreza.

Deseñar e desenvolver políticas sociais transformadoras que permitan avanzar cara unha sociedade máis igualitaria e cohesionada constitúe unha das máximas prioridades para este goberno.

Por iso, cando chegamos ao Pazo de Raxoi, valoramos que a posta en marcha dunha renda tal e como a recollía a ordenanza Santiago SUMA era necesario e urxente, xa deixariamos para máis adiante as posibles melloras, aínda que non era unha proposta de Compostela Aberta, a nosa intención foi que funcionase, porque a nosa prioridade era o rescate e é o rescate social das persoas.

Sen embargo, no mes de setembro xa tivemos os primeiros informes do equipo técnico que alertaban de importantes problemas para a súa aplicación.

O imposible acceso de persoas con débedas coas administracións públicas.

Un exceso de documentación e burocracia para a solicitude, tramitación e xustificación das axudas, que facía imposible que chegase as persoas que máis o precisaban coa urxencia que a situación de necesidade e emerxencia requiría.

Son ilustrativos destas dificultades os datos do semestre de 2015 en que se aplicou, das 149 solicitudes presentadas, tanto para a renda como para axudas de emerxencia, só se concederon 88, é dicir, case a metade das persoas que precisaban unha axuda e a solicitaron neste concello non a recibiron.

Ademais entre as axudas concedidas só 14 foron rendas.

Por todo iso, e sen agardar máis, no mes de novembro encargamos a un equipo técnico que realizará un diagnóstico da situación, identifícase os obstáculos, e deséñase un esqueleto normativo máis acaído.

A partir dese traballo técnico, iniciamos un proceso dialogado e participado polas técnicas do concello, os colexios profesionais, as entidades sociais, e xa na última fase os partidos políticos desta corporación.

Entre todos os axentes implicados fomos construíndo a ordenanza que hoxe presentamos.

Compostela Máis ten como obxectivo establecer e regular o acceso á dereitos e recursos específicos para a cidadanía residente en Santiago de Compostela, que vive en situacións de risco social e pobreza.

Diríxese a veciños e a veciñas que están sendo especialmente castigados polas durísimas condicións económicas dos últimos anos, a quen non ten emprego nin tampouco unha prestación, e tamén a quen ten un emprego, pero precario, traballadores e traballadoras pobres.

Nomeámola ordenanza de garantía básica cidadá, porque pretende garantir unha contía económica mínima coa que persoas con carencia de recursos económicos e patrimoniais suficientes poidan cubrir as necesidades básicas, e así favorecer o acceso real e efectivo a dereitos da cidadanía, e facer de Compostela un concello máis social para todas as persoas, máis solidario que distribúa riqueza económica e máis sostible que reduza desigualdades e inxecte recursos na economía de proximidade.

Pensamos que o investimento nas persoas, é un investimento prioritario para superar desigualdades sociais, redistribuír riqueza e avanzar en xustiza social.

Queremos incorporar o “S” de social aos procesos de innovación e desenvolvemento, porque estamos convencidos e convencidas de que este é o mandato máis importante que nos encomendou a veciñanza de Compostela, e como frecuentemente, o noso alcalde nos chegamos para cumprir o noso programa electoral por raro ou exquisito que poida parecer.

A nova ordenanza Compostela Máis, introduce cambios substanciais a respecto da actual ordenanza. Mudamos o enfoque, non se trata unicamente dunha renda solidaria ou unha axuda complementaria que fai o Concello e entidades sociais colaboradoras. Pretenden recoñecer e facer efectivos dereitos da cidadanía, dereitos recoñecidos na declaración universal dos dereitos humanos ou na Constitución española.

Tamén mudamos o marco normativo, non se trata dun subsidio, é unha prestación social e económica, por iso se exclúe da Lei xeral de subvencións.

Con esta ordenanza pretendemos contribuír, ademais, ao desenvolvemento do sistema galego de servizos sociais.

Asumimos as competencias e responsabilidades que como administración local temos definidas na carteira de servizos sociais de inclusión, publicada o pasado 8 de xuño, entre as que inclúe, as prestacións económicas destinadas a paliar situacións de necesidade social.

Este goberno nunca dubidou de que era absolutamente necesario, e tamén posible, sacar as prestacións sociais do marco da Lei de xeral de subvencións, deseñada para o control económico das entidades sociais, culturais e deportivas e que pesou como unha lousa sobre as persoas que atravesaban situacións de emerxencia social.

Os informes da xefatura de área de acción social e da asesoría xurídica deste concello así o ratifican.

Polo tanto, mudamos o enfoque, mudamos o marco normativo, e incrementamos o investimento económico ate 1,2 millóns de euros previstos nos orzamentos de 2016, porque queremos atender a máis veciños e veciñas, evitando que ninguén quede fora, e atendelos mellor, con recursos suficientes para cubrir necesidades básicas.

Se o Pleno aproba hoxe esta ordenanza, poderán acceder ás prestacións económicas previstas as persoas con débedas, e isto é clave, pois a maioría das persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade, ou de risco social, teñen débedas.

Tamén queremos atender aos nosos veciños e veciñas estranxeiros, pero con residencia efectiva en Compostela, que poderán solicitar tanto a renda de garantía básica, como as prestacións de rescate social.

Centrándonos xa nas prestacións recollidas na Ordenanza Compostela Máis, destacar que hai dous tipos de prestacións:

A renda municipal de garantía básica cidadá e as prestacións de rescate social.

En ambos os dous casos ampliamos de forma considerable o límite de recursos dispoñibles para poder acceder co obxectivo de chegar así a un maior número de persoas e unidades de convivencia.

A renda municipal de garantía básica cidadá é unha prestación económica, extraordinaria e temporal vencellada a un itinerario de inclusión cidadá, que terá unha duración dun ano, prorrogable por outro máis.

Ten un carácter subsidiario da RISGA, e das pensións non contributivas, pretendemos así, corresponsabilizarnos e chegar ás persoas que non chegan outras prestacións de carácter autonómico ou estatal.

Poderán acceder a esta renda as persoas con ingresos inferiores a 532,51 euros/mes o cen por cen do IPREM, isto supón un incremento do 33% respecto a actual renda de solidariedade.

En canto ás prestacións de rescate social, son un conxunto de prestacións económicas de carácter extraordinario e puntual, destinadas a atender situacións de urxencia sobrevidas que afecten a persoas ou unidades de convivencia que non poden cubrir as necesidades básicas.

No caso destas prestacións o límite de recursos será de 665,63 euros/mes, o 125% do IPREM.

Recóllense un total de cinco prestacións.

Un, prestación para a cobertura de necesidades básicas, como alimentación diaria, vestido, aloxamento e habitación, coidados básicos. O incremento respecto da actual ordenanza é do 150% para aloxamento, e do 63% para necesidades básicas.

Dous, prestación para habitabilidade, pobreza enerxética e equipamento básico da vivenda destinadas a cubrir débedas ou altas por subministro de luz e gas, débedas por

comunidade de propietarios, e gastos de mobiliario e equipamento de electrodomésticos básicos.

Neste caso, o incremento a respecto da anterior ordenanza chega ata o 81% para o caso de subministros e pobreza enerxética.

Tres, prestacións complementarias a dependencia ou á discapacidade, que están destinadas a axudas técnicas que precisa unha persoa en situación de dependencia ou discapacidade, grúas, cadeiras de rodas, próteses oculares ou auditivas. O incremento no caso destas prestacións respecto da actual ordenanza é do 42%.

Ademais, ampliamos a protección incorporando dúas novas prestacións que ao noso modo de ver, son moi importantes.

Prestacións de fomento do dereito á educación para estudos non obrigatorios, con estas prestacións estamos investindo en rachar o círculo da desigualdade e a reprodución xeracional da pobreza.

Investimos en mudar o futuro, é indiscutible que a educación e a mellor política social, e a que achega rendementos máis visibles no futuro próximo, por iso, propoñemos fomentar dentro das posibilidades da administración local, estudos non obrigatorios, cubrindo gastos de matrícula, material escolar, manutención, destinado a estudos iniciais de educación infantil non obrigatorios e os post obrigatorios de formación profesional, bacharelato e universidade, e prestacións tamén, para a cobertura de saúde bucodental que é unha das desigualdades máis visibles e que máis afecta á saúde das persoas, obsérvase na imposibilidade de cubrir a atención bucodental.

Estas prestacións pretenden cubrir gastos de atención bucodental non cubertos polo sistema de saúde.

Este é o esbozo da ordenanza de garantía básica cidadá. Tócanos agora demostrar que somos capaces de dialogar, acordar e aprobar proxectos de investimento social, que permitan redistribuír a riqueza, igualar oportunidades e derribar desigualdades.

Compostela Aberta chegou ao goberno para mudar o estado das cousas.

Alcalde: Concha unha cuestión, felicítote polos contidos, pero os tempos taxados, e tes unha segunda quenda.

Dona Concepción Fernández Fernández: Bueno, Compostela Aberta chega ao goberno para mudar o estado de cousas, introducir medidas transformadoras e que sirvan para mudar a situación.

A nosa posición política aséntase na igualdade de oportunidades, e na xustiza social, pero non pretendemos que sexa un discurso oco que se repita sen máis, e convertelo nun lugar común baleiro de contido, non é noso estilo, apostamos por un modelo de sociedade máis xusto e traballamos con coherencia para conseguilo.

Investimos para que as persoas poidan ter unha vida digna.

Esa é a Compostela que queremos máis, e por iso presentamos a este pleno a ordenanza Compostela Máis.

Alcalde: Grazas Concha, dous minutos a maiores, dos que dispoñen o resto dos grupos se necesitan no debate.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Boa tarde.

É evidente que neste contexto de crise prolongada, pois os servizos sociais cada vez son máis necesarios, hai máis xente que os precisa, hai máis xente que ten problemas e dende o Bloque Nacionalista Galego, pois calquera medida, que vaia na liña xustamente de aumentar, de incorporar, de ter máis achegas, de desenvolver e de facer máis fácil que toda esta xente con necesidades, pois, poida acceder de maneira máis fácil, máis simplificada, menos burocratizada aos recursos, pois sempre vai contar co noso apoio.

É certo que no caso desta ordenanza, como se foi vendo nas sucesivas reunións tiñamos dúbidas, dúbidas, por ser un tema legalmente complexo, así, se viu, xustamente por ver se era posible, non someter estas axudas ao que é a lei de subvencións e poder facelo dende a perspectiva da Lei de servizos sociais, parece que finalmente se disipan esas dúbidas, co informe de secretaría, e polo tanto, dende a nosa perspectiva iso facilita enormemente que poidamos dar este paso, que xa digo, que é positivo.

Tamén queremos agradecer, pois que se incorporasen as achegas que realizamos, algunhas delas que ían xustamente na liña de facilitar que houbera moitos menos trámites burocráticos, pensamos que hai que simplificar todo o posible, para que as persoas poidan acceder a estas axudas, que non teñan que andar de lugar en lugar, moitos veces espíndose, dicindo nun sitio e logo noutro, e logo noutro, pois o papel que queren e para qué, todo o que vai nesa liña, tamén é fundamental, e o único que si que queremos, xa que comezamos falando de participación cidadá e imos volver a falalo. Este era un marco, moi bo, cremos para que se reunise o consello sectorial específico deste ámbito. A concelleira fixo referencia a que se falou coas entidades, cos colexios profesionais, e logo tamén, cos distintos grupos políticos e xa digo, que nos agradecemos á incorporación das nosas achegas, máis ao final, non deixa de ser pois unha relación bilateral, unha relación que non é, a maior transparencia é no consello

sectorial, iso é o lóxico e de maneira cooperativa e conxunta. Creo que ese era o ámbito mellor para facelo.

Aínda así, xa digo que agradecendo a incorporación destas achegas, nos hai unha cuestión que queríamos que se tocase aquí, que é, cal é, ou se fixo algún estudo de como se van cuantificar os gastos para logo a súa aplicación, isto que vai supor, de persoal destinado a aplicar a ordenanza, porque isto, si que é un problema que para nos e o que máis nos preocupa, de feito, xa fai días que rexistramos unha pregunta por escrito sobre queixas que recibimos de persoas usuarias dos servizos sociais, por tardanzas, polo tempo que transcorre dende que comezan a facer as solicitudes, ate que ao final se comezan os trámites, entón entendemos que haberá que incrementar medios técnicos e persoais, para que se poida xustamente, a implementación desta ordenanza e que se poida facer da maneira máis rápida, así, que non sei se ese estudo económico está feito, cal vai ser?, que vai requirir, non?

Adiantamos o noso voto positivo, pero o que non queremos facer é parabenizarnos por aprobar esta ordenanza, o que estamos facendo é recoñecer unha situación de pobreza, e de miseria que cada vez é maior entre nós.

Temos que seguir preocupándonos por esa taxa enorme, en Galiza esta taxa de pobres aumentou nun 25%, hai 702.000 persoas en risco de exclusión social que non chegan a 600 euros ao mes. Non afectan única e exclusivamente ás persoas que cobran a RISGA, senón a moitísimas persoas que traballan, máis que traballan nunhas condicións, cuns salarios de miseria que non dan nin chegado a fin de mes.

Así que nese sentido, xa digo, que non é parabenizarse, parabenizarse sería que non houbese que facer pois unha ordenanza de garantía básica, esa é a denominación que a nós nos gusta, porque realmente ao final ás veces parece que nos perdemos nos nomes, Santiago Suma, Santiago Máis.

Ben, é unha ordenanza de garantía básica, desgraciadamente, absolutamente imprescindible e necesaria nesta cidade, así que o noso voto vai ser favorable.

Alcalde: Moitas grazas Goretti, Mila a súa quenda.

Dona Milagros Castro Sánchez: Moitas grazas señor alcalde. Boa tarde a todos e a todas.

Antes de falar desta ordenanza de Garantía Básica Cidadá, gustárame facer un exercicio de memoria.

No ano 2014 o grupo municipal Socialista conseguiu coa súa presión e negociación co concelleiro de facenda do Partido Popular, que para os orzamentos de 2015 do Concello de Santiago contemplará unha partida social, unha subvención, para aquelas familias onde todos os seus membros estaban en paro e que esgotarán calquera tipo de prestación, así como as familias monoparentais con ingresos que non superarán o IPREM.

É certo que o Partido Socialista dende a elaboración dos orzamentos de 2012, 2013 e 2014, presentou emendas, co obxectivo de que se contemplara unha partida de renda social, e que foron rexeitadas polos anteriores gobernos do Partido Popular sistematicamente.

A finais de 2014, e cunhas eleccións municipais chamando á porta, o goberno do Partido Popular aceptou engadir unha partida orzamentaria destinada ás familias máis necesitadas, a cambio do noso apoio ás ordenanzas fiscais, na acta do pleno así está recollido e así o manifesta o concelleiro de facenda naquel momento, Don Ramón Quiroga, non tiven o pracer de coñecelo, pero lin a acta do pleno.

Así, pois o pleno do 27 de marzo de 2015, aprobaba a ordenanza reguladora do programa Santiago SUMA de inclusión social, que tiña como obxectivo, regular unha serie de recursos e de prestacións económicas para dar cobertura ás necesidades que de xeito transitorio e temporal, non podían ser satisfeitas a través dunhas prestacións públicas, tanto no ámbito autonómico como estatal.

O orzamento destinado naquel ano, no 2015, a este programa ascendeu a 1.556.000 euros, dos que 600.000 correspondían á renda de solidariedade, 500.000 ás axudas de risco social e inserción, e 456.000 a convenios con entidades sociais.

O grupo municipal socialista no pleno de aprobación do SANTIAGO SUMA, xa que cualificou esta ordenanza e tamén así, o recolle literalmente a acta, de farragosa e difícil, e advertía que en aras da transparencia, debería ser máis accesible, para a cidadanía, xa naquel momento dixeramos que era importante simplificar, porque os seus itinerarios, e o seu seguimento a priori, parecían complicados de executar nunha ordenanza tan complexa, correndo o risco de ser pouco efectiva, estou lendo case textualmente a acta dese pleno.

Hoxe podemos dicir que tiñamos razón, xa que o redor de vinte mil persoas en exclusión, iniciáronse 149 procedementos, e só se concederon 14 procedementos de renda.

Estes datos sen dúbida o que evidencian, é a necesidade de modificar a ordenanza SANTIAGO SUMA. Algo non se estaba a facer ben.

O actual goberno municipal de Compostela Aberta, ven de presentar o texto de ordenanza de garantía básica cidadá, Compostela Máis, que derroga a anterior ordenanza Santiago Suma.

Este novo instrumento normativo deberá subsanar as deficiencias detectadas na antiga ordenanza, e polo tanto servir como recurso social alternativo ou complementario respecto das prestacións autonómicas de inclusión social.

O grupo municipal Socialista na Comisión da Área Social presentou trece propostas ao texto redactado pola concellaría de benestar social, coa fin de mellorar e simplificar o procedemento de acceso a estas axudas, de evitar a subxectividade nas valoracións.

Nese momento, nos falamos da necesidade de que fose un gasto plurianual, tamén falamos de simplificar a documentación, tamén falamos do diálogo entre administracións para evitar o solapamento, e sobre todo, introducimos a prestación para a saúde bucodental, pedindo xa no seu momento unha partida orzamentaria, cando se aprobaron os orzamentos no pleno correspondente.

Propoñemos tamén, propuxemos tamén un convenio entre Concello e Universidade, facendo uso da única facultade de odontoloxía en Galicia, e que curiosamente se atopa na nosa cidade. A súa actividade asistencial permitirá, por primeira vez, que un concello galego, poida utilizar unha entidade pública, relacionada coa odontoloxía para paliar os tratamentos bucodentais.

Propostas do grupo municipal socialista que foron atendidas nunha porcentaxe elevada.

Estamos satisfeitos coas consideracións xurídicas, os informes económicos, a única obxección que si facemos e vámolos facer, e esa especie da caixón desastre que representa o artigo 26 desta ordenanza baixo o epígrafe, outros gastos excepcionais.

Si solicitaríamos ser moi coidadosos na concesión das excepcións para evitar problemas ou agravios.

O grupo municipal Socialista espera que esta nova ordenanza, sirva e resolva problemas para os que é aprobada.

Somos tamén conscientes de que as traballadores e os traballadores de servizos sociais, dedicarán todo o seu esforzo para facer chegar a información de asistencia destas axudas, así como resolver con celeridade a burocracia de todos estes expedientes complexos.

Deste xeito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE votará favorablemente a esta nova ordenanza.

Moitas grazas e máis nada.

Alcalde: Moitas grazas a ti, Mila. María Corral a súa quenda.

Dona M^a José Corral López: Grazas alcalde e boa tarde.

Con carácter principal xa avanzo que o contido da miña intervención é absolutamente persoal, técnico, con algún oco para os soños, obxectivo, realista, sen argumentario político, crítico no que non comparto, pero nunca destrutivo, e sobre todas as cousas sincero e sentido, nese ton agradecería que me interpretasen.

Cómpre facer un pouco de historia curta para non aburilos, pero necesaria, porque é de xustiza.

Cando cheguei ao Concello nesas condicións peculiares e extraordinarias que todos coñecen, e cando o alcalde me encomendou a área de servizos sociais, fixome moitos encargos, demasiado, como sempre, imposibles de rexistrar, pero unha idea me quedou clara, non lembro as palabras concretas, pero era esta, dedicación total aos veciños con déficit ou carencia de recursos e prevención e atención ás situacións de desafiuzamentos.

A mesma idea, no período de confección dos orzamentos, e a mesma encomenda ao concelleiro de facenda, Ramón Quiroga.

E partires de aí traballo e máis traballo. O programa SANTIAGO SUMA, elabórase na súa integridade polas funcionarias do concello, técnicas, asesora xurídica, traballadoras sociais, ninguén coma elas lles pon cara a todos aqueles que acoden aos servizos sociais na procura dun alento, e eu, tiven o privilexio de pertencer a ese equipo de traballo e non como concelleira, senón como compañeira, creando, aportando, aprendendo, descubriendo, facendo números tamén, pero sobre todo, soñando, e non se falou naquelas reunións en ningunha delas, de política, nin de eleccións, nin de relatos, falábamos de persoas, de casuísticas, de excepcións, de maiorías e sobre de todo de minorías, de necesidades, de débedas, de hipotecas.

A experiencia profesional e persoal foi intensa, pero foi produtiva e sobre todo convencida de que estabamos contribuíndo a facer de Santiago unha cidade máis sensible e máis solidaria.

E naceu a renda de solidariedade activa, a primeira vez que se contempla en Santiago, e a primeira vez que se contempla en Galicia. Garante de que ningún veciño de Santiago carécese dun nivel de protección básica, e naceron por primeira vez as axudas ao pago de hipotecas, as que se engadiron as axudas o pago de aluguer, ou outro aloxamento, para o pago de débedas de comunidade, para o pago de débedas acumuladas por aloxamento, todas elas, como unha medida de loita contra os desafuizamentos, sobre todo para evitalos.

Establecéronse axudas para manutención, para o pago de fianzas de novos contratos de aluguer, para o pago de débedas de subministros, altas de contratos de luz e gas, de equipamento básico de vivenda, gastos asociados a axudas técnicas para aquelas persoas en situación de discapacidade ou de dependencia, e o conxunto de gastos por definir, onde cabían aqueles non cubertos pola Seguridade Social, ou asociados a situacións de risco, urxentes e graves de difícil previsión.

E naceron as axudas para a prevención e a inserción social a través de actividades e de formación, e todo isto, ia necesariamente acompañado dun itinerario de inclusión activa, que estaba desenvolto na ordenanza. Elaborado individualmente para cada un dos beneficiarios cun único obxectivo, non perpetuar as persoas nunha situación de dependencia de prestacións públicas, senón tratar de resolver a súa situación de vulnerabilidade a través de accións de integración persoal, familiar, social e laboral.

Promover a súa dignidade, aportar ferramentas para lles devolver a liberdade de servirse por si mesmos, para restaurar a súa autonomía e o seu dereito a decidir sobre a súa propia vida.

Esta era a realidade, a estrutura, esta era a estrutura e o espírito do programa Santiago Suma.

Foi froito dun proceso de traballo reflexivo, ningún concepto ou importe respondían a un pensamento inxenioso ou a un criterio político.

Consideramos, sobre de todo, as competencias da administración local, complementar as doutras administracións, non substituír, e moitísimo menos colisionar. Cubrir os baleiros. Coñecer a casuística real da cidade, non xerar desigualdade e non fomentar o asistencialismo.

Dito todo isto, a proposta do goberno, non é un programa social novo, é unha modificación nalgúns extremos, que explicarei, e tan xusto pola miña parte felicitar á concelleira que xa o fixen en privado, por certo, por ter conseguido mudar o criterio técnico e xurídico no relativo a aplicación da lei de subvencións, polo menos en parte, como xusto sería que era felicitase aos traballadores e traballadoras deste concello, por

deixar elaborada a folla de ruta, o programa orixinal e modelo desta reforma, e dos programas sociais doutros concellos, tamén o da Coruña, o que de seguro fará na seguinte intervención.

Os conceptos son os mesmos, cambia a denominación, pero é honesto recoñecer que nada do que se recolle na reforma é novo, máis aló, de chamarlle distinto ou enmarcalo nun apartado diferente, é así, son exactamente as mesmas axudas.

En relación ás contías hai un incremento nalgúñas de 100, 200 euros aproximadamente, non en todas, e non na renda, como pretenderon divulgar por todos os medios posibles, esta escrito na ordenanza, eu non minto.

A renda de solidariedade activa establecía un mínimo de 399,38 euros que é o que vostedes empregan, e un máximo de 718,88 euros, cando había menores na unidade de convivencia, pero é que a estes importes engadiuse un complemento de 133,13 euros no caso de que o beneficiario tivese gastos de aluguer, hipoteca ou pensión, está escrito, senón se aplicou eu non tiven a culpa, é dicir, reflectíamos unha diferenza clara entre quen tiña vivenda propia ou gratuíta, e quen tiña que asumir un gasto de vivenda, que non é menor, a reforma non contempla diferenza algunha entre aqueles que non pagan vivenda e os que si teñen que asumir este gasto, de tal xeito que unha persoa que non paga hipoteca ou aluguer cobra 532,51 euros, e o que si tamén, non parece equitativo, é unha medida que xera unha inxusta desigualdade.

A duración da renda do SANTIAGO SUMA non era de doce meses, era de doce meses prorrogables sen un límite, a unha persoa lle podes poñer un límite se se atopa na mesma situación ou cumpre, ou segue cumprindo o seu itinerario de inclusión que fas con el despois de vinte e catro meses, como é o caso da reforma.

Por outra banda, en canto ao importe dos restos das axudas, teño que dicir que os establecidos no programa Santiago Suma respondían en exclusivo a responsabilidade de non colisionar cos límites de recursos e importes que establecen as outras administracións para a concesión de axudas da mesma natureza, que non digo que sexan suficientes, pero son as que son, de tal xeito, que debíamos evitar absorber a asistencia que non nos corresponde e atender aquelas outras non cubertas por outras administracións, ou en todo caso, complementalas.

Abandónase este criterio, e da lugar a que se dea o seguinte contrasentido, darlle máis a quen máis ten, e menos a quen menos ten e máis necesita.

Estou en condicións de poder explicar durante horas centos de supostos, estaría en disposición de sentarme detrás dunha mesa nun ordenador e xestionar todas as axudas directamente. Ofrezome voluntaria para axudar, porque a casuística é tan diversa, como

diferentes as situacións das persoas que acoden a procura das axudas, e tantas horas de traballo serviron para que hoxe poida falar como dixeran ao inicio con realismo, con obxectividade e con coñecemento propio da materia.

Hai algunha outra modificación que xera outra terrible desigualdade.

Esixe agora a reforma que para acceder á renda, é preciso ter denegada a RISGA, obriga ao concello que é quen tramita a RISGA a pasar por iso, o SANTIAGO SUMA non o facía, de tal xeito que se unha persoa cumpría os requisitos para acceder a RISGA, xa se tramitaba unha ou a outra senón tiña os requisitos, é dicir, non facía falta pasar polo periplo de tramitar as dúas.

Calculei que esta nova esixencia conleva unha demora para a tramitación da renda municipal de doce meses, literalmente todo o periplo de que vaia a Xunta e volva, doce meses constatables.

Na reforma incompatibilízase a renda coas pensións non contributivas, de tal xeito que unha persoa con requisitos para recibir unha pensión non contributiva, cobrará 360 euros, e outra que dispoña de mellores condicións, pero non pode acceder a aquela, polo tanto, cobra 532 euros.

Créanme que, insisto, podería estar horas contándolles supostos das desigualdades que xera esta reforma, pero supoño que o que importa é o balance do próximo ano, estou vendo os titulares, o Santiago Suma só axudou a corenta familias con 60.000 euros, por exemplo, son todas cifras ficticias, Compostela Aberta axuda a 700 familias con 600.000, 700.000, 800.000 euros, pero nunca se dirá cantas axudas se absorberon doutras administracións, nunca se dirá, cantos casos de desigualdade se provocaron, nunca se dirá, canta desa xente recuperou o dominio da súa vida saíndo da dependencia, pero este é o espírito do asistencialismo máis puro, canto peor mellor.

E finalmente, vou falar da modificación do Programa Santiago SUMA no relativo á vinculación da lei de subvencións. Para non aburriros, que unha axuda estea sometida a lei de subvencións significa brevemente, que un beneficiario ten que xustificar que non ten débedas coa administración pública, e que ademais ten que acreditar con documentación a súa situación social, laboral e económica, médica, isto é antes de solicitar a renda ou as axudas, que cumpra cuns determinados requisitos, para despois xustificar unha vez recibida cal vai ser o seu destino.

A reforma efectivamente establece que non se vinculan as axudas a lei de subvencións, e polo tanto, que non se require que o beneficiario acredite non ter débedas coa administración pública, pero o resto non é tal, requírese que xustifique con profusa documentación que cumpre os requisitos para recibila, e establece, tamén, que debe

xustificar despois con facturas ou similares o destino de axuda, o que se di, e o que pon a ordenanza é moi diferente.

Cando se elaborou Santiago SUMA os informes técnicos recadados naquel momento sostiñan que a ordenanza estaba sometida a lei de subvencións, absoluto e incuestionable respecto aos informes do concello, nin unha palabra máis, non está un político capacitado, nin competencial nin moralmente a cuestionar tal extremo.

Agora a posición mudou, por certo, grazas a un decreto aprobado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que foi aprobado nestes días, e que, polo tanto, non existía fai un ano.

É unha medida positiva eliminar trabas, absolutamente, responde a lóxica humana que unha persoa que precisa axuda da administración pública teña que acreditar que non ten débedas coa administración pública, absolutamente, non.

Este extremo foi o que converteu a Santiago SUMA nun programa ineficaz e maquiavélico, absolutamente non.

Descoñezo a xestión das axudas, o programa quedou aprobado, e tamén para a súa execución, a contratación de tres persoas na concellaría.

É certo, teño que recoñecer, a ilusión, o interese e o compromiso que presidiron a elaboración do Santiago SUMA cando eu era concelleira, non se trasladou na súa execución e na súa xestión cando vostede foi concelleira, faga unha reflexión.

O que aconteceu, é descoñecido para min, e se o problema da tramitación estaba na lei de subvencións, nada impediu modificar a ordenanza inmediatamente, non un ano despois, pero saben que pasou, que nunca interesou politicamente que funcionase o Santiago SUMA, porque catro meses despois da súa entrada en vigor, tempo absolutamente insuficiente para xulgar o éxito ou non dunha norma, o Código Civil é de 1889, e estíbese contratando unha asistencia técnica externa ao concello para que elaborase un novo programa que non foi tal, pero que leva o nome de Compostela Aberta.

Alcalde: Moitas grazas María, entramos na segunda quenda cinco minutos.

Dona Concepción Fernández Fernández: Primeiro de nada agradecer que se recoñeza que era necesario mudar esta ordenanza.

Mudar esta ordenanza para que se eliminarán todos os atrancos e barreiras para o acceso de máis persoas, persoas que tiñan débedas e que agora poden acceder, ou persoas

inmigrantes sen unha situación regular que agora poden acceder se foramos algunha destas persoas seguramente recoñeceríamos como necesaria esa mudanza.

Así como simplificar na medida do posible a tramitación, non vou entrar a considerar a maternidade da ordenanza, non cometín a ousadía de reivindicar a maternidade dunha renda municipal, cando efectivamente, hai máis dunha década que sigo con interese un movemento social, filosófico, e económico que defende unha renda básica universal e incondicional.

Aquí o Partido Socialista, reivindicou tamén, na súa iniciativa dunha renda, e vostedes reivindican que isto, non é nada novo, senón que procede da renda que vostedes de solidariedade puxeron en marcha, agardo, que reivindicemos desta maneira a maternidade da renda, serva para que votemos todos a favor, como intentar eliminar todos os obstáculos de acceso.

Si reivindico alto e claro que se modificou o enfoque, que se fundamentou na garantía do acceso a dereitos da cidadanía, que se mudou o marco normativo e nos empeñamos niso para apartalo do foco e da complexidade da xustificación e burocratización da lei de subvencións.

E tamén, reivindico, o incremento e investimento significativo cando se eleva o límite de recursos para poder acceder a unha prestación económica.

E tamén, a contía que van recibir as persoas, señora María Corral, o acceso a unha RISGA é 399 euros, que pode ter un complemento de aloxamento, e que na maioría dos casos non o ten, subimos ao IPREM, 532 euros, isto supón un incremento no límite de acceso, e na contía a percibir do 33%, o que dixemos.

Despois, o complemento de aloxamento se incorpore directamente, supón recoñecer o dereito á vivenda de todas as persoas, todas as persoas viven nalgunha vivenda e teñen gastos asociados a elas, e simplifica a tramitación e non serve de escusa para que a maioría das persoas non reciban complemento de aloxamento.

Ademais, o que digo, simplifícalo. E despois respecto, do réxime de incompatibilidades está perfectamente descrito.

En todo momento mantivemos que nos asumiamos responsabilidades e nos corresponsabilizabamos, que non pretendíamos asumir competencias e responsabilidades doutras administracións. Refírome á administración autonómica ou a do Estado, por iso, esta renda é subsidiaria da RISGA e é incompatible con prestacións non contributivas de contía superior ou igual a elas.

Respecto, é compatible con prestacións de rescate social, e incompatible con RISGA, o que non quere dicir que teñan que ter RISGA denegada para solicitala, hai moitos elementos da RISGA que dificultan ou obstaculizan e imposibilitan o acceso a moitas persoas, e que nós vimos subsanar, e volvo a poñer o exemplo, persoas que teñen débedas con administracións ou persoas inmigrantes que non teñan regularizada a situación, por poñer un exemplo, si que é compatible con prestacións contributivas da Seguridade Social que non sexan superiores a prestacións non contributivas, e non sobreparen límites de ingresos de acceso establecidos nesta ordenanza.

E, por suposto, é compatible con salarios baixos, ou pequenos traballos en precario, sempre que non cheguen a ese cen por cen de IPREM, que é substantivamente distinto do límite de acceso á RISGA.

Respecto doutras cuestións que aquí se planteaban, sobre a implantación desta ordenanza, que pode ter como non dificultades, unha novidade máis que aporta, é que se prevé unha comisión técnica e tamén unha comisión mixta. Técnica e política para o seguimento e desenvolvemento desta ordenanza.

Tamén prevemos, non só unha dotación de recursos económicos de 1,2 millóns de euros, senón tamén de persoal, e nestes momentos temos tramitada unha solicitude para a reforzo do persoal do servizos sociais comunitarios, tanto no ámbito estritamente social, como no ámbito de administración e xestión deste tipo de ordenanzas, porque obviamente, aínda que non o vexan vostedes como novidade, múdase o enfoque, múdase o marco normativo, incrementanse substantivamente á contía orzamentaria, e require, polo tanto, de persoal que poida tramitar de forma máis áxil e eficaz para que chegue aos destinatarios últimos estas axudas.

Nós, por suposto, puxemos empeño en que isto funcionase, forma parte dos nosos soños que é a cidadanía de Compostela teña acceso aos recursos económicos suficientes para levar unha vida digna e plena de dereitos.

Non foi posible coa ordenanza que tiñamos, aí están os resultados, e por iso hoxe traemos esta proposta de ordenanza de garantía básica municipal.

Alcalde: Moitas grazas Concha, María Corral.

Dona M^a José Corral López: Grazas.

Eu alégrome moitísimo, cando escoitaba a concelleira falando ao principio do enfoque, dos soños e das garantías que pretendíamos, e que me estaba a escoitar eu a min mesma, cando falei do Santiago SUMA, e do mesmo xeito que eu a felicitei a vostede, pola

superación da lei de subvencións, vostede recoñeceume en privado que efectivamente partía do SUMA, e en público non a escoitei dicir iso.

E tampouco, en público a escoitei dicir que o importe da renda era 399 máis complemento, esta ben que agora explique por qué, pero cansouse de vender que a nosa era o 33% menos. Non fai falla, non fai falla.

Tamén agradezo moito que recoñeza publicamente as desigualdades que xera, esta dicindo non, non, é que é incompatible con outras axudas doutras administracións, por iso o que menos ten vai recibir 399 da RISGA ou 360 da non contributiva, e quen teña máis xa pode ir ao concello a recibir 532, si, si, pero mentres tanto, vamos xerar desigualdades, que máis ten, non importa.

Eu alégrome que dese xeito recoñeza que se van xerar e que ademais por iso os nosos importes eran os que eran, cada pau que aguante a súa vela, a administración pública e a administración autonómica teñen que soportar as súas responsabilidades, e nos dende o concello, ademais, temos moitísimos campos onde podemos aportar ese benestar, e non ademais só para os que máis o necesitan, que hai que ter máis dedicación, pero para todos, porque de todos vai redundar neses, pero están admitidas.

En relación ao PSdeG non vou dicir nada de nada, porque dende o dous mil non sei que reclaman ao PP, pero vou citar ao noso compañeiro Rafa Peña cando nos di a nós con toda a razón, moitas veces, e di, porque non o fixeron vostedes, pois iso, porque a crise non chegou aquí no 2012 e 2013.

Eu non teño ningún afán, perdoa Rafa, pero é así, e digo con todo o respecto. Eu non teño ningún afán de protagonismo, créame que non, eu se considerase que a reforma no seu conxunto é beneficiosa, non me doerían prendas, pero de verdade que eu tamén teño soños e teño sensibilidades, e tamén me toca, e por moitos motivos, esa non é a percepción que teño, agás na superación, non me vou repetir, porque xa sabe vostede que ten todo o meu recoñecemento.

A superación parcial do sometemento a lei de subvencións, cremos que é susceptible de xerar moitos casos de desigualdade, de absorber axudas doutras administracións co conseguinte prexuízo para o conxunto dos veciños e os dereitos de todos.

Consideramos que fomenta o asistencialismo, e cremos que consecuentemente fracasa na recuperación da dignidade e na promoción da autonomía persoal.

E finalmente, dende a miña humilde opinión, ignora e rexeita un moi bo traballo do persoal do concello, e todo isto, non vai impedir, pero sustenta o noso posicionamento de abstención.

Alcalde: Moitas grazas.

Brevemente vou facer uso da miña quenda, dada a importancia do punto a debater.

Nestes meses, a verdade, é que na maioría das Xuntas de Goberno ían sempre acordos relacionados co desenvolvemento da ordenanza anterior, do Santiago SUMA, moitas veces con denegacións das peticións, peticións de devolucións, dábamos conta, logo en rolda de prensa, e non sería un acordo máis, senón fose porque detrás desas situacións había xente en situación de emerxencia social, que ás veces parece que o esquecemos dende as administracións, parece que todo o substanciamos en números e nos quedamos no noso espazo de comodidade e esquecemos a quen están destinadas estas axudas.

E polo tanto, si que era unha urxencia introducir modificacións no traballo feito, dar novos enfoques, e conseguir pois unha mellor ordenanza que ten agora o reto de poder chegar a onde non chegaron traballos previos, e eu nese sentido, porque a Concha non lle deu tempo, si que me gustaría agradecer, evidentemente, o seu traballo que me consta e dedicación da propia Concha, xente como Natalia Paleo, e tamén a de todos os traballadores e traballadoras do departamento de Políticas Sociais, de diversidade e saúde, que estiveron moi implicados estes meses, intentando pois bueno, buscar unha saída a situación que se estaba a dar.

E, evidente, tamén a actitude dos grupos municipais polos votos favorables do PSdeG-PSOE e BNG que se agradecen e incluso a abstención tamén do Partido Popular, porque eu creo que é materia sensible esta que estamos a tratar, e é moi importante que manteñamos unha posición dun amplo consenso, que era tamén un dos obxectivos na aprobación deste texto.

Logo tamén a todas as entidades e colectivos que participaron de maneira desinteresada durante estes meses facendo achegas, e preocupadas polo tema, eu creo que ás veces compre prorratar os parabéns e os esforzos, tamén a toda a xente que buscou alternativas xurídicas, e que fixo o esforzo de buscar diferentes enfoques, e co mandato de vencellar, pois a esta situación, eu creo que polo tanto, é unha cuestión colectiva.

Fago os agradecementos porque a Concha non lle deu tempo.

E agora que un reto, e eu concordo con Goretti, o de poder tramitalo, o de poder desenvolvelo, e o de poder atender o que verdadeiramente ten que atender que é a dignificación da situación de moitos homes e mulleres na cidade, e unha solución, ou polo menos unha vía de solución a xente que está en risco de exclusión social, que segundo datos da rede galega contra a pobreza na cidade son case 18.000 homes e mulleres, e iso non é menor, non é menor, eu creo que non deberíamos esquecelo nunca.

Polo tanto, agradecervos a todos o ton e a intervención e pasamos á votación señor secretario.

Rematado o debate, e de conformidade co Ditame da Comisión informativa da área social e cultura, de data 9 de xuño, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais CA, PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

a) Aprobar inicialmente a Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

b) Someter a ordenanza a información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, resolvéranse estas, incorporándose ao texto da ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións.

No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da ordenanza, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O acordo de aprobación definitiva, expresa ou tácita, da ordenanza co texto íntegro da mesma, deberá publicarse no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85.

O texto da ordenanza que ven de aprobarse inicialmente, é o que a seguir se transcribe:

ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ DO CONCELLO DE SANTIAGO COMPOSTELA

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 3. DEFINICIÓNS

ARTIGO 4. PRINCIPIOS

ARTIGO 5. LÍMITES

TÍTULO II

A RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

ARTIGO 6. A RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ

ARTIGO 7. REQUISITOS DE ACCESO Á RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

ARTIGO 8. CONTÍA E DURACIÓN DA RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

ARTIGO 9. RÉXIME DE COMPATIBILIDADES E INCOMPATIBILIDADES DA RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

ARTIGO 10. OBRIGAS DERIVADAS DA RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

ARTIGO 11. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

ARTIGO 12. RESOLUCIÓN.

ARTIGO 13. RESOLUCIÓN MÁXIMA DO PROCEDEMENTO.

ARTÍCULO 14. TRAMITACIÓN SIMPLIFICADA.

ARTIGO 15. RECURSOS.

ARTIGO 16. PAGAMENTO.

ARTIGO 17. XUSTIFICACIÓN.

ARTIGO 18. REINTEGRO.

ARTIGO 19. SUSPENSIÓN, REVISIÓN E EXTINCIÓN.

ARTIGO 20. INFRACCIÓNS E SANCIÓN ADMINISTRATIVAS.

TÍTULO III

DAS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL.

ARTIGO 21. AS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL.

ARTIGO 22. REQUISITOS DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL.

ARTIGO 23. PRESTACIÓN PARA COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS.

ARTIGO 24. PRESTACIÓNS DE HABITABILIDADE E POBREZA ENERXÉTICA, E EQUIPAMENTO BÁSICO DE VIVENDA.

ARTIGO 25. PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS Á DEPENDENCIA E/OU DISCAPACIDADE.

ARTIGO 26. OUTROS GASTOS EXCEPCIONAIS.

ARTIGO 27. PRESTACIÓNS DE FOMENTO DO DEREITO Á EDUCACIÓN PARA ESTUDOS NON OBRIGATORIOS.

ARTIGO 28. PRESTACIÓNS PARA SAÚDE BUCO-DENTAL

ARTICULO 29. RÉXIME DE COMPATIBILIDADES E INCOMPATIBILIDADES DAS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL.

ARTIGO 30. OBRIGAS DERIVADAS DAS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL; PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN; RESOLUCIÓN; DURACIÓN MÁXIMA DO PROCEDEMENTO; TRAMITACIÓN SIMPLIFICADA; E RECURSOS.

ARTIGO 31. PAGAMENTO.

ARTIGO 32. XUSTIFICACIÓN.

ARTIGO 33. REINTEGRO, SUSPENSIÓN, REVISIÓN E EXTINCIÓN E INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMERA

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA.

DISPOSICIÓN FINAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”, prevé o **artigo 25.1 da Declaración Universal de Dereitos Humanos**.

“A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento do orde político e da paz social” dispón o **artigo 10.1 da Constitución Española** (CE), o primeiro e único do título I, regulador dos dereitos e deberes fundamentais, a maneira como nunha democracia o poder público debe servir á conciliación do interese particular co ben ou interese xeral. En coherencia con iso, o artigo 9.2 da CE establece que lles “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social”. Por outra banda, complementariamente, o artigo 39 da CE imponse aos poderes públicos a obriga de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

En desenvolvemento dos principios e obrigas anteriores, servindo con obxectividade os intereses xerais (artigo 103.1 CE), o Concello de Santiago de Compostela ten a potestade e a responsabilidade de establecer e regular o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos dirixidos a persoas en situación de vulnerabilidade ou en situación de risco ou exclusión social, de conformidade coa lexislación vixente.

A **Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia**, estrutura e regula os servizos sociais en Galicia de xeito que os poderes públicos galegos garantan como recoñecible e esixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectivada das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, librando os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.

E concreta os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, que perfilan o seu ámbito propio: facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a autonomía persoal das persoas dependentes, brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores, facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e, en xeral, ademais, previr a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección das persoas máis vulnerables. Especificamente, configura as prestacións económicas indicando o **artigo 21.1º** que son “as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social” entre elas, conforme ao artigo 21.2º “a) As rendas de inclusión social. b) As axudas de emerxencia e necesidade social” e mais “j) As axudas económicas de análoga ou similar natureza e finalidade cas anteriores.”

En desenvolvemento desa normativa xeral do sistema de servizos sociais de Galicia, dentro das disposicións reguladoras dos servizos sociais comunitarios básicos o **artigo 9.d) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento**, contempla como programas e servizos sociais comunitarios básicos e, polo tanto, de esixencia universal para a Administración local galega e como un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais, o "Programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Inclúense nesta categoría os proxectos expresamente dirixidos ao desenvolvemento, promoción e integración da comunidade xitana e outras minorías étnicas".

Asemade, a **Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia**, concreta no seu **artigo 58º** os criterios xerais de atribución de competencias e prevé que "1. As competencias en materia de servizos sociais corresponderanlles á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás corporacións locais de Galicia, así como, se é o caso, ás demais entidades públicas previstas no Estatuto de Autonomía de Galicia ou establecidas nesta lei" e especifica no **artigo 60º** as competencias dos concellos, atribuíndolles competencias en "a) A creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos", "b) A creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59º i)", "f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48º desta lei" e "k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente".

O artigo 25.2.k) da **Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local**, establecía orixinariamente as competencias dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social, promoción da igualdade de oportunidades e prevención da violencia contra a muller. Foi reformado pola **Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local**, que na nova redacción do **artigo 25.2.e)** atribúelles aos concellos a competencia propia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. A súa Disposición Transitoria Segunda regulaba a asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas a servizos sociais con suxeición ás normas reguladoras do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas e das Facendas Locais e prevía que transitoriamente os seguisen prestando os concellos. A sentenza do **Tribunal Constitucional do 3 de marzo de 2016** declarou inconstitucionais e nulos diversos artigos daquela Lei 27/2013, entre outros, a súa Disposición Transitorias Segunda, precisando:

"(...) la actual redacción del art. 26.1.c) LBRL habilita directamente a los municipios con población superior a los 20.000 habitantes a ejercer la competencia de *evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social*, que queda establecida como servicio obligatorio. (...) Consecuentemente, la prohibición de que los municipios ejerzan competencias de asistencia social y atención primaria a la salud (disposiciones transitorias 1ª y 2ª LRSAL) no se extiende a las concretas tareas asistenciales y sanitarias directamente atribuidas a los Ayuntamientos por el art. 26 LBRL o configuradas como ámbito material dentro del cual la ley autonómica debe conferir *en todo caso* competencias municipales propias (art. 25.2 LBRL)".

En definitiva, "el art. 149.1.18 CE da cobertura a la exclusión de la asistencia social y la sanidad del elenco de materias dentro del cual las leyes deben asegurar que los Ayuntamientos dispongan en todo caso de competencias propias (art. 25.2 LBRL). (...) Sin embargo, el indicado título no autoriza injerencias en la autonomía política de las Comunidades Autónomas como son, por un lado, la prohibición de que éstas en materias de su competencia atribuyan servicios a los entes locales y, por otro, la sujeción a un determinado régimen de traslación o traspaso (disposiciones transitorias 1ª y 2ª LRSAL). Las Comunidades Autónomas, siendo competentes para regular aquellos servicios sociales y sanitarios, son competentes para decidir -con sujeción al indicado marco de límites- sobre su descentralización o centralización y, en este segundo caso, para ordenar el correspondiente proceso de asunción competencial y traspaso de recursos. La Comunidad Autónoma está sometida a los mandatos constitucionales de eficiencia, eficacia y estabilidad presupuestaria (arts. 31.2, 103.1 y 135 CE) -además de a la garantía constitucional de la autonomía municipal (arts. 137 y 140 CE)- así como a las condiciones que establecen ahora los arts. 25 y 7 LBRL -y, en su caso, los Estatutos de Autonomía".

A normativa autonómica galega (**artigo 84 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia**) declara que son competencias dos concellos "1. En cooperación coa Xunta de Galicia, implantar e desenvolver os servizos sociais comunitarios necesarios para a aplicación do disposto nesta lei, consonte o establecido na precitada Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia" e "3. Cantas outras competencias lles correspondan por norma de rango legal ou regulamentario".

A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, atribúelle ao municipio competencia para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, podendo promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da veciñanza e exercendo, en todo caso, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais, competencias nas seguintes materias, entre outras: a) A

prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos; e b) A execución de programas e proxectos destinados á atención á familia.

Pola súa parte, o **artigo 14.3 da Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social**, garante que “os estranxeiros, calquera que sexa a súa situación administrativa, teñen dereito aos servizos e prestacións sociais básicas, debendo entenderse e aplicarse os citados dereitos conforme ás normas previstas no **artigo 3** da mesma lei, nomeadamente a condición de igualdade coas persoas de nacionalidade española e, nos dereitos fundamentais, a interpretación conforme á Declaración Universal de Dereitos Humanos e tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias vixentes en España.”

A partir deste marco normativo xeral, o concello, como institución máis achegada á cidadanía, debe promover e garantir políticas de integración e normalización dos dereitos de todas as persoas que vivan en Santiago de Compostela, de maneira que teñan acceso a todos os recursos e servizos que lles permitan levar unha vida digna. En resumo, o concello debe recoñecer e procurar a garantía dos dereitos lexítimos das persoas para que se poidan integrar con normalidade e participar na vida cidadá.

Nunha situación de crise estrutural coma a actual increméntase a demanda de recursos económicos e sociais, evidénciase a insuficiencia dos existentes, amplíase o perfil de persoas solicitantes e aumentan as necesidades detectadas dende o Concello de Santiago de Compostela, polo que é preciso un instrumento normativo actualizado para un novo recurso social alternativo nalgúns casos e complementario noutros ás ferramentas e prestacións autonómicas de inclusión social.

O **artigo 2.2.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia**, dispón que non teñen o carácter de subvención, entre outras, as prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas de natureza similar a estas ou de carácter asistencial, como acontece coas reguladas nesta ordenanza, que se establecen, como dixemos, ao abeiro do **artigo 9.d) do Decreto da Xunta de Galicia 99/2012, do 16 e marzo**, que regula os servizos sociais comunitarios e que expresamente contempla como parte integrante do sistema autonómico dos servizos sociais, os comunitarios básicos.

E todo iso dentro dos límites fixados pola Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e normativa complementaria.

E desenvólvese de maneira coherente co **Programa Nacional de Reformas do Reino de España 2015** do 5 de maio de 2015 conforme ao que "Se prestará especial atención a la evaluación de las rentas mínimas o rentas básicas; esto es, a aquellas prestaciones

vigentes en diferentes partes del territorio para atender a las personas con mayor carencia de recursos económicos”, e coa **Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020**, que lembra que o principal problema que enfrontan as familias en situación de risco de exclusión é a escaseza ou ausencia de recursos estables que lles permitan desenvolver unha vida normal, acadar un traballo e ofrecer posibilidades dunha vida mellor para os seus fillos e fillas. Asegurar as rendas mínimas é o primeiro paso para garantir a cobertura das necesidades básicas.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO.

Esta ordenanza ten por obxecto regular o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos para a cidadanía do Concello de Santiago de Compostela que se atopan en situación de vulnerabilidade social e/ou en situación ou risco de exclusión social.

Ditos recursos están dirixidos a garantir unha contía económica mínima coa que as persoas con carencia de patrimonio dabondo ou ingresos suficientes podan cubrir as súas necesidades, así como facilitar a inclusión social daquelas persoas que o precisen e que carezan dos recursos necesarios para o exercicio real e efectivo dos dereitos sociais.

Especificamente, pretende dar cobertura económica e social á falta temporal de ingresos, en especial por ausencia dun emprego estable e digno e/ou esgotamento da prestación por situación de paro, mantendo un mínimo nivel de ingresos que permitan cubrir as necesidades básicas da cidadanía.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O ámbito subxectivo de aplicación desta ordenanza ven determinado por aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación de vulnerabilidade social e/ou en situación ou risco de exclusión social.

ARTIGO 3. DEFINICIÓNS.

Para efectos desta ordenanza, entenderase por:

1. Vulnerabilidade social: Condición social de risco ou de dificultade que inhabilita e invalida de maneira inmediata ou no futuro ás persoas afectadas para cubrir necesidades básicas como alimentación, coidados hixiénicos básicos, mantemento de vivenda habitual, atención educativa e sociosanitaria. Caracterízase pola inestabilidade

sociolaboral, con traballos precarios, paro intermitente e/ou piares sociofamiliares pouco sólidos, co conseguinte risco de entrar na zona de exclusión social.

2. Situación ou risco de exclusión social: Ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, con concorrencia dos factores de exclusión previstos na normativa estatal ou autonómica vixente en cada momento, cando supoña especiais dificultades de integración social ou laboral.

3. Emerxencia social: Situación de necesidade económica grave e urxente, con afectación severa á saúde e o benestar dunha persoa ou dunha familia, en especial alimentación, vestido, vivenda, asistencia médica e servizos sociais básicos.

4. Itinerario de inclusión cidadá: Ferramenta técnica de intervención social dirixida á procura da inclusión social dunha persoa ou grupo. Tomará en consideración se a persoa perceptora e/ou algunha/s persoa/s da súa unidade de convivencia se atopan en situación ou risco de desemprego ou infraemprego; e de exclusión residencial ou infravivenda; de exclusión sociosanitaria; factores de carácter persoal e/ou familiar ou de calquera outra índole que incidan na situación de risco ou exclusión e, en función da diagnose social individualizada, conterá as actuacións previstas para a inclusión da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia. Cando na unidade de convivencia existan persoas de nacionalidade estranxeira en situación administrativa irregular, o itinerario de inclusión cidadá incluírá unha intervención dirixida ao proceso de regularización da súa situación administrativa.

5. Residencia colectiva: conxunto de persoas físicas que convivan nun mesmo enderezo sen manter os vínculos dunha unidade de convivencia.

6. Unidade de convivencia ou unidade de convivencia independente: conxunto de persoas físicas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao. Asimilarase a descendente o fillo ou a filla concibido ou concibida e computará, xa que logo, como membro da unidade familiar. En ningún caso unha persoa poderá formar parte de máis dunha unidade de convivencia. Cando, por causa de forza maior, algunha das persoas da unidade de convivencia se vexa obrigada a residir con outra na vivenda ou marco físico desta, ou en instalacións colectivas de carácter sanitario, terapéutico ou social de titularidade pública ou de entidades de iniciativa social coa debida acreditación e rexistro no Sistema galego de servizos sociais, non perderá a condición de unidade de convivencia independente, previo informe do/a traballador/a social municipal xustificativo das circunstancias descritas.

7. Saúde: partindo da definición proposta pola Organización Mundial da Saúde (OMS), fai referencia ao estado de completo benestar físico, mental e social, e non só a ausencia de afeccións ou doenzas.

ARTIGO 4. PRINCIPIOS.

A presente ordenanza interpretarase conforme aos obxectivos e principios previstos pola Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, e as persoas terán os dereitos e obrigas previstas na citada normativa.

ARTIGO 5. LÍMITES.

O outorgamento das prestacións previstas nesta ordenanza axustarase ás partidas de gasto dos orzamentos municipais.

Para o caso de que se dese un incremento da necesidade social para a cal fose preciso xerar un gasto municipal superior ao previsto habilitarase a aplicación orzamentaria que fose precisa, sempre que houbese recursos financeiros de abondo para cubrir o citado gasto, de acordo coa legalidade vixente en materia orzamentaria.

TÍTULO II A RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ

ARTIGO 6. A RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

A renda municipal de garantía básica cidadá é unha prestación económica, extraordinaria, temporal e vencellada a un itinerario de inclusión cidadá, prevista para persoas en situación de vulnerabilidade social e/ou en situación ou risco de exclusión social dirixida a que cada persoa poida facer real e efectivo o seu dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.

ARTIGO 7. REQUISITOS DE ACCESO Á RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

Pode ser perceptora da renda municipal de garantía básica cidadá calquera persoa física que o solicite e na cal concorran os seguintes requisitos:

1. Situación de vulnerabilidade ou situación de risco ou exclusión social. Ter sido avaliada en situación de vulnerabilidade social e/ou en situación ou risco de exclusión social polos servizos sociais municipais.

2. Residencia habitual, real e efectiva en Santiago de Compostela. Estar empadroad/a e ter domicilio real e efectivo no termo municipal de Santiago de Compostela cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, inmediatamente anteriores e continuados á data de presentación da solicitude, agás as excepcións previstas na normativa autonómica de inclusión social vixente en cada momento.

3. Idade. Ter 18 anos cumpridos ou estar emancipado ou emancipada, agás as excepcións previstas na normativa autonómica de inclusión social vixente en cada momento.

4. Circunstancias económicas. Presentar dificultades para a cobertura de necesidades básicas e non dispor de recursos económicos suficientes na unidade de convivencia. Entenderase cumprido ese requisito cando a unidade de convivencia dispoña de ingresos inferiores ao equivalente ao importe do IPREM vixente na data de formular a solicitude, incrementado nun 10% para cada membro adicional a un, ata unha contía máxima do 150% do IPREM; e, ademais, non dispoña de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios de abondo para a subsistencia, calculados de acordo cos criterios de cómputo de recursos económicos previstos na normativa autonómica de inclusión social vixente en cada momento. Para o cómputo destes límite de ingresos seguiranse os criterios previstos na normativa vixente sumando a perceptora máis o número de membros da unidade de convivencia maiores de idade.

- Consideraranse os ingresos da unidade de convivencia, derivados tanto do traballo como do capital, así como calquera outro substitutivo de aqueles.

- Considerarase o patrimonio da unidade de convivencia e os ingresos derivados deste. Inclúese no patrimonio o conxunto de bens e dereitos de contido económico dos que sexa titular ou perceptor calquera membro con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como as débedas e obrigas persoais das que deba responder. Exclúese para todo caso a vivenda habitual da unidade de convivencia.

Non se considerarán como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia os que seguen:

- a) Os ingresos non estables de escasa contía que unicamente resulten un complemento de supervivencia.
- b) Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regulada.
- c) Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regulada, sempre que pola súa natureza e menor contía se deduza que só remuneran os gastos de asistencia ao curso ou incentivan a formación.
- d) Os ingresos dirixidos a paliar situacións de emerxencia social.

e) As prestacións familiares por fillo ou filla menor a cargo xeradas polas persoas integrantes da unidade de convivencia.

f) As prestacións económicas e libranzas derivadas da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

5. Unidade de convivencia independente. Ter constituída de feito unha unidade de convivencia independente.

6. Protección ás persoas menores de idade. Acreditar a escolarización e asistencia regular ao centro escolar dos/as menores da unidade de convivencia que estean en idade de escolarización obrigatoria.

7. Inclusión cidadá. Comprometerse a participar activamente a unidade de convivencia no itinerario de inclusión cidadá que deseñen os servizos sociais municipais nos termos previstos nel e durante toda a duración deste.

8. Subsidiariedade. Non ter dereito a percibir a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ou prestación autonómica que a substitúa, nin as pensións non contributivas nin calquera outra prestación ou pensión de contía igual ou superior á das devanditas pensións. Non se cumprirá este requisito cando a solicitante ou calquera persoa da súa unidade de convivencia teña renunciado á percepción ou subsidio ou suspendida ou extinguida total ou parcialmente o dereito aos mesmos por causas imputables a elas.

Os requisitos deberán reunirse no momento de presentar a solicitude e todos eles deberán manterse durante todo o período en que a persoa perceptora estea percibindo a renda municipal de garantía básica cidadá.

ARTIGO 8. CONTÍA E DURACIÓN DA RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

A renda municipal de garantía básica cidadá ascenderá a unha suma variable en función do número de membros da unidade convivencia, coas seguintes contías base máximas e mínimas:

Nº MEMBROS UNIDADE DE CONVIVENCIA	CONTÍA BASE (% SOBRE IPREM)
1	100,00%
2	110,00%
3	120,00%
4	130,00%

5	140,00 %
6 ou máis	150,00%

Da citada suma restaranse todos os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia, sendo o resultado final desa resta o importe da renda municipal de garantía básica cidadá, calculándose conforme a seguinte fórmula:

Renda Municipal = Contía Base - Ingresos da unidade de convivencia

A duración da renda municipal de garantía básica cidadá estará correlacionada co itinerario de inclusión cidadá e será fixada na resolución. Non poderá exceder dun período máximo de doce (12) meses, contados a partir da súa concesión, e durante dito período deberán manterse as circunstancias motivadoras da mesma.

Sen prexuízo do anterior, cando se manteñan as condicións polas que se concedeu a renda social municipal, poderá solicitarse novamente ata alcanzar un máximo doutros doce (12) meses máis, previo informe social e mediante a correspondente resolución expresa que deberá estar motivada, ademais de previa existencia de crédito orzamentario.

ARTIGO 9. RÉXIME DE COMPATIBILIDADES E INCOMPATIBILIDADES DA RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

A renda municipal de garantía básica cidadá é incompatible coa Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), conforme á normativa autonómica reguladora desta prestación.

A renda municipal de garantía básica cidadá será incompatible coas pensións non contributivas e con calquera outra prestación ou pensión de contía igual ou superior á das devanditas pensións.

Calquera outro ingreso, así como as pensións e prestacións de importe inferior ao da pensión non contributiva percibidas pola persoa solicitante da renda municipal de garantía básica cidadá, non impedirán o acceso a esta, pero descontaranse do seu importe de conformidade co establecido nesta ordenanza.

Os ingresos, pensións ou prestacións percibidas por outras persoas integrantes da unidade de convivencia distintas da beneficiaria serán compatibles e deducidos do importe da renda municipal de garantía básica cidadá.

A prestación para cobertura de necesidades básicas prevista no artigo 23 desta ordenanza será incompatible coa percepción da renda municipal de garantía básica cidadá dende a data da concesión desta.

As restantes prestacións de rescate social previstas nesta ordenanza serán compatibles coa renda municipal de garantía básica cidadá.

ARTIGO 10. OBRIGAS DERIVADAS DA RENDA MUNICIPAL DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.

A persoa perceptora da renda municipal de garantía básica cidadá e mais as persoas da unidade de convivencia na cal estea integrada terán as seguintes obrigas:

1. Cumprir co disposto na resolución administrativa, incluíndo as obrigas derivadas do itinerario de inclusión cidadá.
2. Non practicar a mendicidade nin permitir ou forzar a súa práctica a outros compoñentes da unidade de convivencia, nos termos previstos polo itinerario de inclusión social, que facilitará a transición a unha situación sen mendicidade.
3. Comunicar ao Concello calquera feito sobrevido posteriormente á solicitude en relación cos requisitos, en particular:
 - a. Calquera cambio relativo ao domicilio e residencia habitual (empadramento ou residencia efectiva) da persoa perceptora, e das persoas da súa unidade de convivencia.
 - b. Acceso a un emprego ou prestación pública por parte da persoa perceptora, ou de calquera das persoas da súa unidade de convivencia.
 - c. Modificación dos recursos económicos da persoa perceptora, ou de calquera das persoas da súa unidade de convivencia, que servisen de base para o cálculo.
 - d. Calquera modificación que afecte á composición da unidade de convivencia independente.
 - e. Calquera outra situación que puidese implicar a suspensión ou extinción temporal ou definitiva de calquera prestación.

En todo caso, as comunicacións de modificación de datos deberán facerse no prazo máximo de dez (10) días, contados a partir do momento en que acaeceron os feitos sobrevidos dos que se trate, e por calquera medio que permita ter constancia ao concello de Santiago de Compostela.

4. Exercitar calquera dereito económico de crédito no seu favor que puidese corresponder á persoa perceptora ou ás persoas da súa unidade de convivencia, segundo

a lexislación vixente consonte, tanto con carácter previo á solicitude como durante o período de percepción das prestacións.

5. Cantas outras obrigas deriven desta ordenanza e da normativa complementaria vixente en cada momento.

ARTIGO 11. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN.

A solicitude presentarse en calquera día do ano nos modelos formalizados establecidos polo Concello de Santiago de Compostela, achegando a documentación correspondente, preferentemente nos rexistros municipais, sen prexuízo de poder ser presentada en calquera lugar dos previstos na normativa de procedemento administrativo.

Informarase á solicitante do seu dereito a non presentar documentos que xa se atopen en poder do Concello de Santiago de Compostela, así como da posibilidade de autorizar a este para recadar a información e documentación obrante sobre eles en poder de terceiros, en particular as Administracións Públicas con competencias tributarias, laborais e de Seguridade Social.

A documentación para achegar será a seguinte:

1. Certificado de empadramento da solicitante, sen prexuízo das restantes alternativas previstas pola normativa vixente en cada momento.
2. Documento de identidade ou certificación literal de nacemento, sen prexuízo das restantes formas de acreditación previstas pola normativa vixente en cada momento.
3. Acreditación da unidade de convivencia:
 - a) en canto á composición de membros da unidade de convivencia, calquera documento previsto pola normativa vixente
 - b) en canto á identidade dos membros da unidade de convivencia, calquera documento previsto pola normativa vixente
4. Acreditación das circunstancias económicas da unidade de convivencia:
 - a) Último recibo emitido do IBI e IVTM (no caso de ser titulares de bens), e últimas declaracións fiscais presentadas de IRPF e Imposto sobre o Patrimonio.
 - b) Copia do contrato de alugueiro ou do préstamo hipotecario, e os últimos xustificantes de pagamento.
 - c) Xustificación de ingresos de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia relativo aos últimos tres meses anteriores á presentación da solicitude, en concreto e en relación con todos os membros da unidade de convivencia:
 - Informe de vida laboral.
 - Follas de salario.
 - Certificación de percibir ou non prestacións económicas por parte do Servizo Público de Emprego.

- Certificación de percibir ou non prestacións ou pensións por parte da Seguridade Social.
- Autorización ao Concello para acceder ós datos tributarios debidamente asinada por tódolos membros que formen parte da unidade familiar de convivencia ou certificación dos mesmos expedida pola axencia tributaria.
- Extracto das entidades bancarias nas que confíasen as contas ou depósitos sobre os movementos bancarios existentes nos tres (3) meses anteriores á solicitude.
- Declaración xurada de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas polo mesmo concepto polas distintas administracións públicas competentes ou institucións privadas.
- d) No caso de padecer enfermidade, informe médico emitido polo sistema público de saúde que acredite tal circunstancia.
- e) Certificado de grao de discapacidade e/ou grao de dependencia, se é o caso.
- f) Calquera outra documentación acreditativa da situación de necesidade determinante da solicitude.
- g) Cando non se poidan acreditar documentalmente todos ou algúns destes documentos, declaración responsable de ingresos explicando os motivos concretos polos cales non se pode achegar cada documento concreto.

5. Certificación expedida polo centro escolar acreditativa da escolarización e asistencia regular a centro escolar dos/as menores da unidade de convivencia que estean en idade de escolarización obrigatoria.

6. Resolución denegatoria, de suspensión ou de extinción da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ou prestación autonómica que a substitúa, ou, alternativamente, un informe dos servizos sociais municipais que acredite que non se cumpren os requisitos previstos polo artigo 12 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, de acordo coa información e documentación facilitada pola solicitante e recadada polos servizos sociais municipais.

7. Calquera outra documentación que se considere pertinente para avaliar a situación de vulnerabilidade social e/ou en situación ou risco de exclusión social, en particular a que acredite a pertenza a un colectivo considerado en situación de risco ou exclusión social pola normativa autonómica vixente en cada momento.

8. Informe social e compromiso inicial de participar no itinerario de inclusión cidadá que se redactará conxuntamente entre os servizos sociais municipais e a persoa solicitante mais os membros da súa unidade de convivencia.

Unha vez completa a documentación, e previos os requirimentos precisos para completala nos termos previstos na normativa xeral de procedemento administrativo, os servizos sociais municipais avaliarán, previos os traballos técnicos oportunos, se se dá ou non a situación de risco ou exclusión social e elaborarán o itinerario de inclusión cidadá previsto nesta ordenanza.

Durante a tramitación poderanse pedir cantos datos ou documentos sexan necesarios a outras persoas ou entidades públicas ou privadas, ou á propia persoa solicitante, previa autorización desta.

A negativa ou imposibilidade de facilitar datos ou documentos non eximirá da obriga de efectuar proposta e ditar resolución, sen prexuízo de poder tomar en consideración esa negativa á hora de efectuar a avaliación.

O informe social, achegado conxuntamente co compromiso da persoa solicitante e membros da súa unidade de convivencia de participar no itinerario de inclusión cidadá, fundamentará un informe proposta de resolución por parte dos propios servizos sociais municipais contendo, como mínimo, a especificación da contía da renda, os conceptos polos que se concede, se fose o caso, e o límite temporal de concesión, xunto cos demais elementos precisos para a resolución.

O informe proposta elevarase ao órgano que teña atribuída a competencia para resolver, logo da fiscalización da Intervención Xeral Municipal nos termos establecidos na normativa vixente e nesta ordenanza.

Toda a tramitación garantirá o dereito das persoas á confidencialidade, sioxilo e respecto en relación aos datos persoais e información coñecida polos servizos sociais por mor da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso aos mesmos en exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

ARTIGO 12. RESOLUCIÓN.

A resolución corresponderá á persoa titular da concellaría con competencias en servizos sociais e deberá conter como mínimo os seguintes extremos:

1. Contía da renda.
2. Conceptos para os que se concede a renda, no seu caso.
3. Límite temporal de concesión.

A resolución poderá ser denegatoria polos seguintes motivos:

1. Non reunir os requisitos establecidos nesta ordenanza.
2. Falsear ou non permitir verificar a situación económica e social da unidade de convivencia.
3. Non ter xustificado de conformidade outras rendas, subvencións ou axudas concedida con anterioridade polo Concello de Santiago de Compostela.
4. Non existir consignación orzamentaria suficiente.

Denegada a renda municipal de garantía básica cidadá por non existir consignación orzamentaria suficiente, poderá ditarse posteriormente, e tras o cumprimento do requisito de fiscalización previa, nova resolución estimatoria no suposto de que se aumente a dotación orzamentaria por calquera causa ou cando se inicie un novo exercicio orzamentario e exista crédito adecuado. Nestes casos, requirirase informe social municipal previo acreditativo de que continúan inalterables as mesmas circunstancias, de feito e de dereito, da persoa solicitante e das restantes integrantes da unidade de convivencia no momento de ser informada favorablemente a concesión da renda municipal de garantía básica cidadá.

ARTIGO 13. DURACIÓN MÁXIMA DO PROCEDEMENTO.

O procedemento terá unha duración máxima de tres (3) meses dende a solicitude, podendo de oficio ou a petición de persoa interesada solicitarse unha ampliación de prazos nos termos previstos na normativa administrativa xeral vixente en cada momento.

Se transcorrido ese prazo non tivese recaído resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

ARTIGO 14. TRAMITACIÓN SIMPLIFICADA.

A tramitación simplificada do procedemento será posible nos termos previstos na normativa administrativa xeral.

ARTIGO 15. RECURSOS.

Contra a resolución recaída poderá formularse recurso de reposición diante do mesmo órgano que a dictou ou directamente recurso contencioso administrativo.

ARTIGO 16. PAGAMENTO.

Para o caso de ser estimatoria a resolución, o pagamento efectuarase logo de remisión da proposta de gasto á Intervención municipal, previa a fiscalización por parte desta e coa oportuna resolución do órgano competente.

O pagamento será no mes seguinte á data de resolución e consistirá nun pagamento periódico nos termos fixados na resolución de outorgamento.

Cando conste no expediente de concesión declaración da titular autorizando a cesión do seu dereito de crédito derivado da renda municipal de garantía básica cidadá en favor

dun terceiro previamente identificado procederase ao pagamento directo polo Concello a ese terceiro.

ARTIGO 17. XUSTIFICACIÓN.

A renda municipal de garantía básica cidadá xustificarase por medio dos informes de seguimento favorables do itinerario de inclusión cidadá emitidos polos servizos sociais municipais, dentro do prazo máximo de dous (2) meses posteriores a cada pagamento.

ARTIGO 18. REINTEGRO.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, a esixencia dos xuros de demora correspondentes dende a data de abono ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, cando se produza algunha das causas que se establecen na presente ordenanza.

A obriga de reintegro tamén será de aplicación no caso de que a persoa perceptora tivera percibido indebidamente ou en contía indebida a prestación municipal.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio polos servizos sociais municipais, e rexerá polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común mentres continúe en vigor, e no título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas unha vez entre en vigor esta norma.

O órgano competente para adoptar a resolución de reintegro total ou parcial de importes percibidos será o órgano que concedeu a prestación.

A resolución pola que se determine a obriga do reintegro da prestación será motivada, con indicación expresa da causa que orixina o deber de reintegro, indicará a contía que debe reintegrarse e o prazo voluntario para o seu ingreso, coa advertencia de que de non efectuar o reintegro no prazo concedido, procederá pola vía de prema.

Contra a resolución recaída poderá formularse recurso de reposición diante do mesmo órgano que a ditou ou directamente recurso contencioso administrativo.

A obriga de reintegro será independente das sancións que, no seu caso, resulten esixibles.

Para os efectos previstos nos parágrafos anteriores, o concello de Santiago de Compostela poderá recorrer de oficio á compensación ou desconto das contías indebidamente percibidas.

As contías que se obteñan, durante cada exercicio orzamentario, pola devolución e a compensación de prestacións indebidas deberán destinarse á cobertura das prestacións económicas reguladas na presente ordenanza nos termos establecidos nas bases de execución do orzamento.

ARTIGO 19. SUSPENSIÓN, REVISIÓN E EXTINCIÓN.

A renda municipal de garantía básica cidadá poderá ser revisada, suspendida temporalmente ou extinguida definitivamente para os casos de existir indicios obxectivos de terse perdido temporal ou definitivamente os requisitos para o seu outorgamento, ou para o caso de non cumprirse algunha das obrigas previstas nesta ordenanza e no resto da normativa de aplicación.

O procedemento de suspensión, revisión ou extinción farase previa audiencia do interesado, que deberá verificarse seguindo os trámites previstos na normativa xeral do procedemento administrativo común, podendo acordarse a suspensión do pagamento da prestación ou retención de pagamentos durante dous meses, ata a resolución de dito procedemento, que decidirá sobre a reanudación da percepción da prestación, modificación ou extinción.

A percepción da prestación reanudarase ao concluír o prazo de suspensión por desaparición da causa ou causas determinantes da suspensión.

A competencia para a resolución do procedemento polo que se acorda a suspensión, reanudación e no seu caso modificación ou extinción corresponderá á persoa titular da concellaría con competencias en materia de servizos sociais.

Contra a resolución recaída poderá formularse recurso de reposición diante do mesmo órgano que a ditou ou directamente recurso contencioso administrativo.

ARTIGO 20. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS ADMINISTRATIVAS.

O réxime de infraccións e sancións será o recollido nos Títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

O procedemento será tramitado conforme ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común en tanto continúe vixente, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas unha vez entre en vigor esta norma.

A competencia para a resolución dos procedementos sancionadores corresponderá á persoa titular da concellaría con competencias en materia de servizos sociais.

A imposición de calquera sanción será en todo caso independente da obriga de reintegro das prestacións indebidamente percibidas.

TÍTULO III DAS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL

ARTIGO 21. AS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL.

Considéranse prestacións de rescate social, para os efectos da presente ordenanza, ao conxunto de prestacións económicas de carácter extraordinario e puntual, subsidiarias e complementarias dos servizos sociais previstos na lexislación vixente, destinadas a atender situacións de urxencia sobrevidas que afecten a persoas ou unidades de convivencia que non poidan facer fronte a necesidades básicas.

ARTIGO 22. REQUISITOS DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL.

Poderá ser perceptora das prestacións de rescate social quen se atope nunha situación de vulnerabilidade social e/ou en situación ou risco de exclusión social e reúna os requisitos establecidos para a renda municipal de garantía básica cidadá, agás os referente a:

- a) **Límite de recursos**, para o cal se respectarán os requisitos específicos establecidos para cada tipo de prestación.
- b) **Residencia habitual, real e efectiva**, podendo acceder quen estea empadroado no concello de Santiago de Compostela con tres (3) meses de anterioridades á data de solicitude.

A maiores, deberán cumprirse os requisitos específicos de cada prestación, e xustificarase coa solicitude cada concepto para o cal se solicite a prestación, achegando a documentación correspondente en función do tipo de prestación.

Os requisitos deberán reunirse no momento de presentar a solicitude e todos eles deberán manterse durante todo o período en que a persoa estea percibindo a prestación.

Excepcionalmente, por causas obxectivamente xustificadas, poderán ser perceptoras das prestacións de rescate social aquelas persoas nas que, aínda que non cumpran todos os requisitos esixidos, sexa inicialmente ou en calquera momento posterior, concorran circunstancias especiais das que se poidan derivar para ela ou para as persoas da súa unidade de convivencia unha situación de extrema necesidade que poña en perigo o dereito á vida, á integridade física ou moral ou á saúde. Neste caso, incorporárase ao expediente un informe técnico no que se xustificará a concorrencia destas circunstancias, en especial, con relación aos seguintes criterios:

- os indicadores técnicos de privación ou carencia material severa definidos pola *Enquisa Europea de Ingresos e Condicións de Vida (EUSILC)*, ou
- a existencia ou non de todos ou algúns dos catro factores básicos que inciden na pobreza e a exclusión social (emprego/desemprego, educación, vivenda e saúde), combinados coa pertenza da persoa solicitante a algún dos grupos máis vulnerables (Persoas sen fogar, Persoas con discapacidade, Persoas maiores, Persoas en situación de dependencia, Poboación inmigrante, Vítimas de violencia, Poboación xitana, Vítimas de discriminación por orixe racial ou étnica, orientación sexual e identidade de xénero, Persoas con problemas de adiccións ou Persoas reclusas ou ex-reclusas).

ARTIGO 23. PRESTACIÓN PARA COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS.

1. Concepto: prestación destinada a cubrir as necesidades básicas de carácter xeral indispensables para a vida diaria, tales como, entre outras, alimentación diaria, vestido, aloxamento e habitación e coidados básicos das persoas da unidade de convivencia.

Para os efectos desta ordenanza entenderase como gastos ou axudas de aloxamento e habitación, relacionados coa vivenda que sexa residencia habitual, real e efectiva de quen a solicita, e sempre que estea situada dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, os dous seguintes:

- a) Gastos asociados a alugueiro de vivenda, pagamento da cota de préstamo hipotecario da vivenda ou pagamento da habitación en vivenda compartida ou similares.
- b) Axudas asociadas ao contrato de nova vivenda en alugueiro, cando supoña un desembolso inicial extraordinario.

2. Límite de recursos da unidade de convivencia:

Nº MEMBROS UNIDADE DE CONVIVENCIA	CONTÍA BASE (% SOBRE IPREM)
--------------------------------------	--------------------------------

1	100,00%
2	110,00%
3	120,00%
4	130,00%
5	140,00%
6 ou máis	150,00%

3. Contía e límite temporal:

Para calcular a contía máxima a aboar teranse en conta os seguintes criterios:

a) Por gastos asociados a alugueiro de vivenda, pagamento da cota de préstamo hipotecario da vivenda ou pagamento da habitación en vivenda compartida ou similar, aboarase como máximo o 75% do gasto mensual de aloxamento, ata o importe máximo do 100% do IPREM ou índice que o substitúa. Excepcionalmente, cando a unidade de convivencia non dispoña dos ingresos suficientes para aboar a cantidade restante do gasto mensual de alugueiro, poderase aboar o 100% de dito gasto ata un máximo do 100% do IPREM, previo un informe social municipal que o xustifique. En calquera caso, a duración desta prestación non poderá ser superior a seis (6) meses, nun período de doce (12) meses.

b) Pola axuda á formalización de contrato de nova vivenda en alugueiro, aboarase un pagamento único do 100% ata o máximo do 75% do IPREM ou índice que o substitúa; e só se poderá conceder unha prestación por este concepto nun período de 3 anos.

Aos anteriores criterios engadirase unha avaliación para as restantes necesidades básicas (alimentación diaria, vestido e coidados básicos), de maneira que a contía total mensual destinadas a estas non exceda de:

Nº MEMBROS UNIDADE DE CONVIVENCIA	CONTÍA MÁXIMA A PERCIBIR (% SOBRE IPREM)
1	100,00%
2	110,00%
3	120,00%
4	130,00%
5	140,00%
6 ou máis	150,00%

Destes importes descontaranse sempre os ingresos económicos de calquera natureza que perciba o solicitante e/ou calquera persoa da unidade de convivencia.

Esta prestación poderá darse ata un máximo de seis (6) veces por cada unidade de convivencia e ano natural.

4. Documentación: a documentación xeral do artigo 11 desta ordenanza, máis a específica acreditativa do gasto ou necesidade concreta para os cales se solicita a prestación.

Para o caso de todas as necesidades básicas será axeitado e de abondo informe social municipal, agás para os gastos asociados a alugueiro de vivenda, pagamento da cota de préstamo hipotecario da vivenda ou pagamento da habitación en vivenda compartida ou similares, e axudas asociadas ao contrato de nova vivenda en alugueiro cando supoña un desembolso inicial extraordinario, que deberán ser acreditados por medio da súa documentación específica.

ARTIGO 24. PRESTACIÓNS DE HABITABILIDADE E POBREZA ENERXÉTICA, E EQUIPAMENTO BÁSICO DE VIVENDA.

En relación coa vivenda que sexa residencia habitual, real e efectiva de quen a solicita, e sempre que estea situada dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, poderanse outorgar prestacións para os seguintes conceptos:

1. HABITABILIDADE E POBREZA ENERXÉTICA.

1.1. Concepto: prestacións para sufragar:

- a) Débedas asociadas á pobreza enerxética, entendidas como débedas por subministro de luz e/ou gas que proceda dun impagamento puntual.
- b) Gastos asociados a altas de contratos de subministración enerxética nunha nova vivenda.
- c) Gastos asociados a débeda de comunidade de propietarios por gastos ordinarios, cando exista un requirimento por parte da Comunidade de Propietarios ou risco de desafiuzamento por este motivo.
- d) Gastos por endebedamento previo, relacionados co aloxamento habitual, que sexa residencia real e efectiva, da persoa solicitante (alugueiro, cotas hipotecarias e pagamento de habitación en vivenda compartida, ou establecementos residenciais colectivos).

En todo caso, para os casos de gastos asociados á acumulación de débedas de aloxamento e comunidade, a concesión destas prestacións quedará condicionada a que

por parte da persoa perceptora se xustifique que a prestación contribúe á permanenza no domicilio habitual, evitando situacións de desafuzamento, acreditándose por algunha das seguintes circunstancias:

- Queda cuberta a débeda porque dispón do 10 % restante para solventala ou,
- Queda cuberta a débeda porque dispón de apoios económicos, dentro da rede familia extensa, ámbito comunitario, ou outras prestacións públicas ou prestacións de entidades de iniciativa social ou,
- Existe un acordo coa comunidade de propietarios, co/a propietario/a da vivenda, coa entidade financeira ou con calquera outra acreedora para aboar de xeito fraccionado o importe da débeda restante.

1.2. Límite de recursos da unidade de convivencia:

Nº PERSOAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE MÁXIMO DE INGRESOS (% IPREM)
1	125,00%
2	140,00%
3	155,00%
4	170,00%
5	185,00%
6 ou máis	200,00%

1.3. Contía e límite temporal:

a) Débedas asociadas á pobreza enerxética, entendidas como débedas por subministro de luz e/ou gas que procedan dun impagamento puntual. Aboaranse ata o 100% do gasto de recibos non pagados, derivados da subministración dun máximo de doce (12) meses de antigüidade á data da solicitude inicial, e ata un máximo do 100% do IPREM, ou índice que o substitúa.

b) Por gastos asociados a altas de contratos de subministración enerxética de vivenda. Aboarase ata o 100% do gasto e ata un máximo do 100% do IPREM, ou índice que o substitúa.

c) Por gastos asociados a débedas da comunidade de propietarios por gastos ordinarios, cando exista un requirimento por parte da Comunidade de Propietarios ou risco de desafuzamento por este motivo. Aboarase ata o 90% da débeda de comunidade ata un máximo do 200% do IPREM, ou índice que o substitúa.

d) Por gastos por endebedamento previo, relacionados co aloxamento habitual, que sexa residencia real e efectiva, da persoa solicitante (alugueiro, cotas hipotecarias e

pagamento de habitación en vivenda compartida, ou establecementos residenciais colectivos). Aboarase ata o 90% da débeda de comunidade e ata un máximo do 200% do IPREM, ou índice que o substitúa.

Estas prestacións non poderán solicitarse máis dunha vez polo mesmo concepto nun período de tres (3) anos

1.4. Documentación: a documentación xeral do artigo 11 desta ordenanza, máis a acreditativa do gasto ou débeda concretos para os cales se solicita a prestación.

2. EQUIPAMENTO BÁSICO DE VIVENDA.

2.1. Concepto: prestacións non cubertas por outra Administración Pública ou entidade privada, entendendo por estas os de mobiliario e electrodomésticos básicos.

2.2. Límite de recursos da unidade de convivencia independente:

Nº PERSOAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE MÁXIMO DE INGRESOS (% IPREM)
1	125,00%
2	140,00%
3	155,00%
4	170,00%
5	185,00%
6 ou máis	200,00%

2.3. Contía e límite temporal: aboarase o 90 % do gasto respectando sempre os seguintes límites:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Lavadora	300
Frigorífico	300
Cociña	250
Termo de auga de 80 litros	250
Termo de auga de 50 litros	150
Estufa eléctrica	75
Estufa de gas	125
Caldeira de calefacción	600
Outros	600

E se poderán conceder unha ou varias prestacións co límite dun importe máximo conxunto de seiscientos (600,00 €) euros para cada un dos conceptos, ao longo dun período de tres (3) anos.

2.4. Documentación: a documentación xeral do artigo 11 desta ordenanza, máis a acreditativa do equipamento concreto para o cal se solicita a prestación.

ARTIGO 25. PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS Á DEPENDENCIA E/OU DISCAPACIDADE.

1. Concepto: gastos asociados ás axudas técnicas que precise unha persoa en situación de dependencia ou con discapacidade valorada pola administración competente.

Excepcionalmente, previa prescrición médica e informe social emitido polo traballador ou traballadora social de referencia, poderán darse axudas para próteses oculares ou auditivas por problema sanitario e non estético, diagnosticadas por facultativo do sistema público de saúde, e tomando como orientación para avaliar os importes máximos a normativa estatal e/ou autonómica vixente en cada momento para regular a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Límite de recursos da unidade de convivencia:

Nº PERSOAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE MÁXIMO DE INGRESOS (% IPREM)
1	125,00%
2	140,00%
3	155,00%
4	170,00%
5	185,00%
6 ou máis	200,00%

3. Contía e límite temporal: aboarse o 90 % do gasto ata o máximo do 175% do IPREM, ou índice que o substitúa; e só se poderá conceder unha axuda por este concepto nun período de tres (3) anos.

4. Documentación: a documentación xeral do artigo 11 desta ordenanza, máis a acreditativa da necesidade e do importe do gasto para os cal se solicita a axuda.

ARTIGO 26. OUTROS GASTOS EXCEPCIONAIS.

1. Concepto: gastos asociados a outras situacións de difícil previsión relacionadas con colectivos de situación de especial vulnerabilidade social, en particular os derivados de

procesos de enfermidade e axuste persoal (gastos farmacolóxicos, adaptación de vivenda habitual, ..).

Nestes supostos, será preceptivo que no informe social emitido polo traballador ou traballadora social de referencia quede acreditado e se avalía especificamente a excepcionalidade da situación e a súa extrema gravidade.

2. Límite de recursos da unidade de convivencia:

Nº PERSOAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE MÁXIMO DE INGRESOS (% IPREM)
1	125,00%
2	140,00%
3	155,00%
4	170,00%
5	185,00%
6 ou máis	200,00%

3. Contía e límite temporal: aboarase o 90 % do gasto ata o máximo do 200% do IPREM, ou índice que o substitúa; e só se poderá conceder unha prestación por este concepto cada tres (3) anos.

4. Documentación: a documentación xeral do artigo 11 desta ordenanza, máis a acreditativa da necesidade, realidade e importe do gasto excepcional para o cal se solicita a prestación.

ARTIGO 27. PRESTACIÓNS DE FOMENTO DO DEREITO Á EDUCACIÓN PARA ESTUDOS NON OBRIGATORIOS.

1. Concepto: gastos por mor de matrículas, materiais, desprazamentos, manutención ou outros destinados a preescolar; estudantes de formación profesional, nos seus ciclos de grao medio e superior, bacharelato ou universidade, dentro do sistema educativo público; e demais formación complementaria asociada a un itinerario de inclusión cidadá.

2. Límite de recursos da unidade de convivencia independente: poderán ser solicitadas por alumnos e alumnas cuxas unidades de convivencia non superen os seguintes límites económicos:

Nº PERSOAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE MÁXIMO DE INGRESOS (% IPREM)
1	125,00%

2	140,00%
3	155,00%
4	170,00%
5	185,00%
6 ou máis	200,00%

Estas prestacións son incompatibles con calquera outra beca ou axuda, pública ou privada, polo mesmo concepto.

3. Contía e límite temporal: aboarase un pagamento único anual por importe máximo de:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Escolarización non obrigatoria de 0-6 anos	400
Estudos non universitarios	200
Estudos universitarios ou de postgrao (primeira matrícula universitaria en cada materia)	Total do custo, cun máximo de 1.000
Formación complementaria asociada a un itinerario de inclusión cidadá	200
Complemento por transporte interurbano	200
Complemento de manutención	200

As persoas perceptoras quedan obrigadas a solicitar a correspondente beca ou axuda ao estudo na seguinte convocatoria, para o caso de habelas.

4. Documentación: a documentación xeral do artigo 11 desta ordenanza, máis a matrícula do curso en vigor.

ARTIGO 28. PRESTACIÓNS PARA SAÚDE BUCO-DENTAL.

1. Concepto: prestacións económicas para garantir o dereito á saúde no eido buco-dental naquelas prestacións non cubertas pola Seguridade Social.

Os tratamentos incluídos serán aqueles que non teñan cobertura no marco da Seguridade Social e o Concello de Santiago de Compostela poderá efectuar convenios para a súa prestación.

2.- Límite de recursos da unidade de convivencia:

Nº PERSOAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE MÁXIMO DE INGRESOS (% IPREM)
---	--

1	125,00%
2	140,00%
3	155,00%
4	170,00%
5	185,00%
6 ou máis	200,00%

3.- Contía e límite temporal:

En todo caso, aboaranse as seguintes cantidades máximas, sen establecerse máis limitación que a natureza e características da prescrición médica, de maneira que os límites da periodicidade ou intensidade se definirán en función dos datos médicos de cada solicitante e cada solicitude:

CONCEPTO	IMPORTE MÁXIMO (€)
Limpeza	60
Empastes ou obturacións	60
Endodoncias	175
Prótese superior ou inferior móbil	500
Prótese móbil completa	1000
Outros	500

ARTIGO 29. RÉXIME DE COMPATIBILIDADES E INCOMPATIBILIDADES DAS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL.

1. As prestacións de rescate social para cobertura de necesidades básicas do artigo 23 desta ordenanza son incompatibles:

a) Coa Renda municipal de garantía cidadá da cal sexa perceptora a solicitante ou calquera outra persoa da súa unidade de convivencia,

b) Coa Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ou prestación autonómica que a substitúa da cal sexa perceptora a solicitante ou calquera outra persoa da súa unidade de convivencia, e son subsidiarias desta; sen prexuízo do anterior, cando a persoa perceptora Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ou prestación autonómica que a substitúa, non percíbise o complemento de alugueiro de dita prestación poderá compatibilizarse a percepción da citada renda coa prestación de rescate social para cobertura de gastos asociados a alugueiro de vivenda, pagamento da cota de préstamo hipotecario da vivenda ou pagamento da habitación en vivenda compartida ou similares, e axudas asociadas ao contrato de nova vivenda en alugueiro, cando supoña un desembolso inicial extraordinario.

c) Calquera outro ingreso outorgado para a mesma finalidade, e do cal sexa perceptora a solicitante ou calquera outra persoa da súa unidade de convivencia.

O resto de prestacións de rescate social desta ordenanza son incompatibles:

a) Coas Axudas de Inserción Social (AIS) ou axudas autonómicas que as substitúan, sempre e cando a prestación de rescate social solicitada e a Axuda de Inserción Social (AIS) fosen para a mesma finalidade, e, ademais, aquelas serán subsidiarias destas

b) Calquera outro ingreso outorgado para a mesma finalidade, e do cal sexa perceptora a solicitante ou calquera outra persoa da súa unidade de convivencia

Todas as prestacións de rescate social son compatibles entre elas.

ARTIGO 30. OBRIGAS DERIVADAS DAS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL; PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN; RESOLUCIÓN; DURACIÓN MÁXIMA DO PROCEDEMENTO; TRAMITACIÓN SIMPLIFICADA; E RECURSOS.

Aplicaranse ás obrigas derivadas das prestacións de rescate social; ao procedemento de tramitación; á resolución; á duración máxima do procedemento; á tramitación simplificada; e aos recursos, as mesmas normas previstas para a renda municipal de garantía básica cidadá.

Como excepción, para as prestacións para cobertura de necesidades básicas, os servizos sociais do concello, unha vez achegada toda a documentación, elaborarán no prazo máximo de 10 días hábiles o informe e proposta de resolución, e logo da resolución poderá ser efectuado o pagamento de maneira inmediata.

ARTIGO 31. PAGAMENTO.

Para o caso de ser estimatoria a resolución, poderá efectuarse pagamento inmediatamente.

Cando conste no expediente de concesión declaración da titular autorizando a cesión do seu dereito de crédito en favor dun terceiro/a previamente identificado/a procederase ao pagamento directo polo Concello a ese terceiro/a, ou á entidade ou entidades colaboradoras do Concello coas que este teña subscrito convenio para a provisión e prestación de bens e produtos de alimentación, hixiene, roupa e calzado mediante sistema de vales, bonos canxeables, tarxetas ou outro sistema similar.

Neste último suposto, o pagamento efectuarase facilitando á perceptora unha tarxeta municipal onde conste cargado o importe correspondente a cada pagamento.

O pagamento poderá consistir nun pagamento único ou en varios, nos termos acordados na resolución de outorgamento.

ARTIGO 32. XUSTIFICACIÓN.

Cada prestación xustificarse por medio das correspondentes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, no seu caso, mediante a documentación acreditativa do pagamento e, no seu caso, dentro do prazo máximo de dous (2) meses posteriores a cada pagamento.

ARTIGO 33. REINTEGRO, SUSPENSIÓN, REVISIÓN E EXTINCIÓN, E INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Aplicaranse ao reintegro, suspensión, revisión e extinción, e infraccións e sancións as mesmas normas previstas para a renda municipal de garantía básica cidadá.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Modificación de límites cuantitativos.

O Pleno da Corporación poderá modificar os límites máximos de ingresos admisibles para a renda municipal de garantía básica cidadá e as prestación de rescate social, así como as súas contías destas últimas. A resolución modificativa será publicada na sede electrónica da Corporación e no Boletín oficial da provincia da Coruña, e producirá efectos desde a antedita publicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Instrucións.

A Alcaldía-Presidencia, ou concelleira/o en quen delegue, é o órgano municipal facultado para ditar cantas instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.

1. Comisión de Seguimento da aplicación da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

Créase a Comisión de Seguimento da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela, adscrita á concellaría con competencias en servizos sociais, coas seguintes funcións:

1. Avaliar periodicamente a implementación da renda municipal de garantía básica cidadá e das prestacións de rescate social previstas na presente ordenanza.
2. Seguimento orzamentario.
3. Resolver dúbidas e alegacións que poidan presentar as persoas interesadas, as entidades de acción social ou os equipos técnicos.
4. Propor modificacións na regulamentación da renda ou das prestacións.
5. Tomar coñecemento dos expedientes de reintegro e sancionadores.
6. Elevar os informes de valoración e as propostas de modificación á Alcaldía - Presidencia.

A comisión estará composta por, como mínimo, tres traballadoras do Concello de Santiago de Compostela, adscritas dúas delas á concellaría con competencias en servizos sociais, nomeadas pola titular desa concellaría, indicando, de entre elas, as persoas que exercerán a presidencia e a secretaría. E a terceira designada pola concellaría con competencias en materia de facenda pública. Poderán asistir ás xuntanzas outras persoas con voz e sen voto, por invitación da presidencia.

As xuntanzas serán convocadas pola titular da concellaría con competencias en servizos sociais coa periodicidade que estime axeitada, ben de oficio, ben por solicitude de dous membros.

2. Comisión Mixta da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

Créase a Comisión Mixta da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela como órgano de colaboración e control da execución da presente ordenanza.

Estará composta polos membros da Comisión de Seguimento da aplicación da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela, máis unha persoa designada por cada partido político con representación no Concello.

Cada membro poderá formular cantas iniciativas e propostas estimen necesarias para a mellor utilización e aproveitamento da presente ordenanza.

As xuntanzas serán convocadas pola titular da concellaría con competencias en servizos sociais cunha periodicidade semestral.

3. Para a validez das xuntanzas de calquera das dúas comisións anteriores deberán concorrer cando menos tres persoas, entre elas a titular da presidencia para todo caso. Para o caso de non concorrer a persoa titular da secretaría, exercerá esa función a persoa

de menor idade. Para a validez dos seus acordos deberá haber maioría simple de votos, de maneira que os positivos superen aos negativos, con voto dirimente da titular da presidencia para o caso de empate.

Os acordos documentaranse en acta confeccionada pola titular da secretaría e asinada por esta e pola titular da presidencia, ocupándose a titular da súa secretaría do seu arquivo e da expedición de certificacións, co visto e praxe da presidencia.

As simples deliberacións non será preciso documentalas en actas.

A comisión non poderá supoñer en ningún caso incremento de custo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Igualdade de xénero.

Nas unidades de convivencia, nas cales a parella solicitante estea conformada por un home e una muller, en caso de igualdade de condicións preferirase á muller como titular do dereito, sempre que resulte posible dentro dos límites desta ordenanza e non supoña perda de dereitos para esa unidade de convivencia ou discriminación por ese motivo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. Tramitacións derivadas da Ordenanza Reguladora do Programa “Santiago Suma” de inclusión social do Concello de Santiago de Compostela.

Os expedientes en tramitación derivados de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social iniciados ao abeiro da Ordenanza Reguladora do Programa “Santiago Suma” de inclusión social do Concello de Santiago de Compostela continuarán a súa tramitación ata a súa terminación de acordo coas normas previstas na citada ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA. Derrogación normativa.

Queda derrogada a Ordenanza Reguladora do Programa “Santiago Suma” de inclusión social do Concello de Santiago de Compostela.

DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nos termos previstos na Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e, a súa vixencia se prorrogará salvo derogación expresa.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, CO FIN DE ESTUDAR E TRATAR O FUTURO DA GALERÍA SARGADELOS.

O texto da proposición do epígrafe con data de rexistro de entrada de 3 de xuño de 2016, núm. 182, ten o seguinte contido:

“A Galería Sargadelos en Santiago de Compostela, situada nun inmobile emblemático da rúa Nova da nosa Cidade Histórica, é un referente na capital de Galicia como galería, centro cultural, social e de vangarda, tendo como compromiso a promoción dos novos valores das artes e das letras galegas.

Esta Galería, inaugurada en 1978 cunha exposición sobre o Seminario de Estudos Galegos, mantén dende entón unha actividade continua na realización de exposicións e actos culturais, como conferencias, recitais, contacontos, presentacións de libros e outras moitas actividades de difusión da cultura galega.

Un dos seus obxectivos prioritarios é, sen dúbida, a promoción de novos talentos das artes e das letras galegas, mostra ademais o valor da tradición creadora de Galicia coas coleccións de cerámicas de Sargadelos.

O proxecto galerístico de Sargadelos non responde aos parámetros dunha galería comercial, senón aos vencellados coa vontade de compromiso promocional cos xóvenes artistas, polo que a súa programación atende ás tendencias máis innovadoras da arte, promocionando non só aos xóvenes galegos senón tamén aos españois e estranxeiros. Así pois a súa actividade galerística está concebida como un complemento da actividade cultural desenvolvida polo Grupo de Empresas Sargadelos dentro dun importantísimo proxecto de dinamización cultural global da nosa cidade e do noso país.

A Galería Sargadelos, referente cultural incuestionable na nosa cidade, aúna cultura e tradición, e conforma un dos proxectos máis dinámicos e orixinais do noso tempo, con presenza tamén en A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo, etc.

Nos últimos meses, varios medios de comunicación publicaron a nova da decisión adoptada polos novos xestores de Sargadelos respecto da venda da Galería ubicada na rúa Nova. É por iso polo que o Grupo Municipal Socialista quere manifestar a súa preocupación polo futuro deste importante contenedor cultural privado da nosa cidade, nun momento de escasos recursos, cunha crise importante do sector cultural galego, descoñecendo se o goberno municipal se puxo en contacto coa propiedade de Sargadelos para interesarse polo futuro deste equipamento cultural e evitar na medida do posible o peche doutro emblemático espazo cultural privado, como ten acontecido co antigo cine Yago.

Por todo isto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

1º.- Que o Goberno Municipal informe ao Pleno dos contactos que teña realizado coa propiedade da Galería coa fin de estudar e tratar o futuro da Galería Sargadelos de Santiago e garantir a súa continuidade como contenedor cultural referente da nosa cidade.

2º.- Que o Goberno Municipal estude viabilizar, xunto coa Consellería de Cultura e a Deputación de A Coruña, a actividade cultural privada desenvolvida pola Galería Sargadelos na nosa cidade.”

Alcalde: Pasamos a proposición do grupo Socialista, señor Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Dicir Sargadelos, é dicir, símbolo histórico e cultural de Galicia.

A marca Sargadelos de cerámica, vai vencellada indisolublemente de entidade cultura de Galicia, e constitúe unha imaxe de marca da cultura propia.

O grupo Sargadelos non se pode negar que se converteu nun axitador da vida cultural galega.

Todas as súas tendas son galerías de arte, e ademais das pezas de cerámica, nos establecementos do grupo existen librarías coas últimas publicacións editoriais e literarias, e un espazo reservado para a organización de exposicións e de espectáculos, en que a presenza sen discriminación en practicamente todas as comarcas de Galicia destas galerías permitiu que en localidades pequenas as galerías do grupo collesen exposicións itinerantes de fotógrafos, manifestacións de teatro contemporáneo representadas por actores emerxentes, ou presentación de libros de escritores consolidados como Suso de Toro ou Manuel Rivas.

A Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, abríase o día das letras galegas de 1979, e sitúase nun inmovible emblemático da rúa Nova da nosa Cidade Histórica, é claramente un referente na capital de Galicia como galería, centro cultural, social e de vangarda, tendo como compromiso a promoción dos novos valores das artes e das letras galegas.

A galería Sargadelos referente cultural incuestionable na nosa cidade, une cultura e tradición, e conforma un dos proxectos máis dinámicos e orixinais do noso tempo.

Nos últimos meses varios medios de comunicación publicaron a nova da decisión adoptada polos novos xestores de Sargadelos, respecto da venda da galería situada na Rúa Nova.

E por iso polo que o grupo municipal Socialista quere manifestar a súa preocupación polo futuro deste importante contedor cultural privado da nosa cidade, nun momento de escasos recursos, cunha crise importante do sector cultural galego, descoñecendo se o goberno municipal se puxo en contacto coa propiedade de Sargadelos para interesarse polo futuro deste equipamento cultural e evitar na medida do posible o peche doutro emblemático espazo cultural privado, como ten acontecido co antigo cinema Yago.

Por todo isto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

1º.- Que o goberno municipal informe ao Pleno dos contactos que teña realizado coa propiedade da Galería coa fin de estudar e tratar o futuro da Galería Sargadelos de Santiago e garantir a súa continuidade como colector cultural referente da nosa cidade.

2º.- Que o goberno municipal estude viabilizar, xunto coa Consellería de Cultura e a Deputación de A Coruña, a actividade cultural privada desenvolvida pola Galería Sargadelos na nosa cidade.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas Paco Reyes, Goretti a súa quenda.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben os problemas co grupo Sargadelos non son problemas que veñan de onte, nin de antonte, levamos xa moitos anos falando, xa para moitas das cuestións xa é un pouco tarde, porque estamos a falar dunha empresa cun ERE enriba da mesa, nunha empresa e habería que falar, xa estiveron enriba distintas administracións, cuestións e posibilidades para intentar viabilizar, para intentar conseguir que houboese unha recuperación dun proxecto, que é evidente que é un proxecto de moitísimo interese para o conxunto do país, e dun proxecto que eu creo que a esta altura o fundamental sería intentar conseguir que o patrimonio que ten o proxecto Sargadelos que teña continuidade.

Ese patrimonio, é evidente que está non só no que é o proxecto da cidade de Santiago, por suposto, emblemático que a nos máis nos preocupa, pero en centros por todo país, polo conxunto do país.

É evidente, que hai ademais moitos outros proxectos non que foron pechando tamén na nosa cidade, que non fomos capaces como conxunto da sociedade de mantelos, proxectos aquí cítase algún, o caso emblemático do antigo cine Iago, pero tamén a Sala Galán, a Sala Nasa, e evidente, que hai unha crise do sector, que deu lugar a que Santiago que nun momento foi un referente cultural moi importante, pois hai moitísimo que traballar non para recuperar iso, porque en tempos de crise o sector cultural é un dos máis afectados de maneira directa.

Estamos a favor como BNG do que é o espírito e o conxunto da proposta do grupo Socialista, desa preocupación polo peche, ou pola posibilidade de que aconteza coa galería Sargadelos, e nese sentido, parécenos de interese o acordo que ven aquí, o único que nos queríamos lembrar, claro, que sobre isto, habería que ter unha planificación.

Planificación conxunta sobre pois cales son as prioridades neste caso do grupo de goberno a respecto de equipamentos culturais e apostas que temos que facer, porque aquí temos que lembrar, xa digo o caso de Sargadelos, pero moitas outras empresas que tiveron e que teñen problemas, podemos lembrar, tamén está en Santiago o IGI, tamén fundado por Isaac Díaz Pardo, con ese auditorio circular, singular, e pechado sen futuro.

Tamén temos, non no caso de Santiago, pero pola vinculación o museo Carlos Maside, cunha situación moi complexa.

Hai moitísimos problemas tanto en bens patrimoniais municipais como noutros que non están atendidos, daquela, eu creo que é unha cuestión de planificar sobre equipamentos culturais e prioridades e saber se se pode atender absolutamente todo dende a perspectiva de ser unha institución pública.

Así que nese sentido, pois que se fagan estudos, que se informen, que se contacte, para saber que é o que se pode facer dende o goberno de Santiago, pois parécenos interesante, pero pensamos que isto é máis lóxico que apareza tratado dende unha perspectiva transversal de planificación das prioridades que se poidan abordar dende o Concello e dende o Concello en colaboración con outras administracións.

Alcalde: Moitas grazas Goretti, María Antón.

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez: Boas tardes a todos e a todas.

Concordamos co grupo Socialista que Sargadelos en Santiago de Compostela, a galería Sargadelos pois é un icono da acción cultural da nosa cidade, e tamén de toda Galicia, que o acervo cultural que atesoura Sargadelos na súa historia, e parte do noso país e que non a podemos perder.

Sargadelos constitúe, como dicía, unha sinal de identidade de Galicia na nosa cidade, e soubo crear un espazo de referencia dando lugar a unha simbiose entre a venda dos seus produtos e a creación cultural, achegando o público a unha nova forma de participar e gozar da cultura en todos os seus ámbitos.

Nese espazo os máis pequenos e os máis xoves acadaron tamén un lugar, sendo punto de encontro por exemplo da campaña de animación á lectura, ou a exposicións vinculadas a esencia da cidade, como o Camiño de Santiago, e participando tamén con colectivos e institucións cidadáns, que van dende a fundación pois con síndrome de down ata a escola de arte superior de deseño Mestre Mateo.

E poderíamos estar falando todo o pleno das bondades e beneficios de ter un proxecto como Sargadelos na cidade, pero non fai falta porque todos recoñecemos este feito.

Eu estou segura de que os responsables de Sargadelos, máis que ninguén, queren poder afrontar a súa delicada situación económica doutro xeito.

A viabilidade da empresa é o que está en xogo, polo que imaxino que os seus responsables explorarían todas as posibilidades ante esta situación.

Mesmo antes de facer a declaración de concurso de acredores que tiveron que presentar no 2014, mesmo antes de realizar o despedido de setenta traballadores para poder superar esta situación e outras decisións que de seguro, foron, son e serán difíciles, pero necesarias para poder reflotar a empresa.

O importante nestes momentos, na nosa opinión, é a recuperación da empresa, a súa imaxe, e a súa subsistencia do proxecto.

Máis tampouco podemos perder de vista, que é unha empresa privada, e como tal debe resolver os seus problemas dende o privado, iso si, cos resortes que lle poida facilitar a administración pública, que como todos sabemos, xa fixo a Xunta de Galicia, que ten manifestado o seu apoio a calquera proxecto que a galería, que o grupo Sargadelos presente como viable.

Tamén estamos interesados en saber, se o goberno municipal, efectivamente, tivo ou non tivo algún contacto cos responsables de Sargadelos, como ben, propón o PSOE no seu primeiro punto.

Sobre o punto dous, sinceramente, non temos moi claro cal é realmente a súa pretensión, porque baixo a explicación de estudar, viabilizar a actividade cultural privada desenvolvida na nosa cidade, cremos que algo tan etéreo, que realmente non di nada, non nos explica a onde quere chegar con ese fin.

Polo tanto a nosa posición de grupo na primeira parte será de apoio e na segunda de abtención, bueno, se o señor Reyes permite que votemos por puntos evidentemente.

Alcalde: Vou facer eu defensa deste punto.

Eu e o noso grupo, acontecéenos un pouco o que explicou María Antón na súa intervención.

Entendemos que é unha iniciativa ben intencionada do PSdeG-PSOE, certamente logo na parte resolutiva, máis alá das solicitudes de información, é difusa a proposición, e ese é o motivo, polo que cremos que debemos ter votación por separado dos puntos, porque senón en principio a posición ía ser de abstención.

O que pasa é que si me gustaría contextualizar un pouco máis alá da carga simbólica de Sargadelos, da situación que estamos a enfrontarnos, non é unha situación soamente localizada na cidade, e que afecte a un lugar emblemático da rúa Nova, co cal aínda mantemos relación, porque a concellaría de educación, Manolo Díos, fixo todo tipo de actividades de fomento da lectura co pase de milleiros de nenos/as polas súas instalacións e con grande éxito estes últimos meses.

Non é unicamente unha cuestión que se poida solventar co enfoque que se lle poida dar a ese local, o problema de Sargadelos, é un problema a día de hoxe, estrutural de viabilidade empresarial, e dunha situación terriblemente complexa.

Evidentemente nos aí como concello non podemos nin debemos entrar, porque non temos incluso competencias. Debémonos preocupar das cuestións que afectan á cidade, pero tamén sendo conscientes da nosa capacidade de acción sobre algo que afecta a un grupo empresarial na situación na que se atopa, porque é certo que ten moita importancia intentar viabilizar a actividade cultural, e o espazo no que ven estando o local da rúa Nova, pero tamén o dixo, coido que foi Goretti, temos un edificio como é o do IGE, cun valor patrimonial e unha capacidade, que eu coñezo ben, porque estiveron alí colaborando anos, eu creo que incalculable o auditorio que ten alí e os espazos que existen, e leva pechado dende que se desaloxou de alí a D. Isaac Díaz Pardo por conflitos dentro da empresa. Entón, polo tanto, a situación é unha situación moi complicada.

Nos por resumilo, na parte que nos toca, existe colaboración como dixeran antes, no que é a programación de actividades, existiron conversas informais tanto co departamento de educación de Manolo Díos, como tamén co concelleiro Jorge Duarte, fundamentalmente pola intención do grupo de por a venda o inmovible, e sobre todo, pola posibilidade de explorar as vías de dedicar o inmovible a usos mixtos, pero non descartar tampouco usos hoteleiros, ou determinadas cuestións.

Evidentemente, agora como ben saben, no que é a elaboración do Plan Especial hai unha moratoria dun ano, e iso foi o que se informou, non hai nada máis que iso.

Informouse que existía esa moratoria dun ano, que leva non sei cantos meses de licenza, e por parte do grupo, unicamente foi unha consulta exploratoria.

Exploratoria á hora de saber en qué medida lle podía afectar no caso de querer vender o inmovible.

Si que están abertos a establecer diálogos, a introducir variables, como pode ser o edificio do IGI e outras cuestións.

A situación de momento está moi verde, pero eses son os contactos que houbo neste momento, e polo tanto, é un pouco iso.

Nós a vontade, bueno, é seguir explorando esa vía, sendo conscientes da situación na que se atopa o grupo empresarial no que afecta á cidade, e aos inmobles da cidade, e tamén sendo conscientes da conciliación do que é o noso rol público cun rol privado, porque eu tamén teño dúbidas respecto a cómo podemos apoiar dende diferentes institucións públicas a actividade cultural privada desenvolvida por un grupo empresarial.

Entón esa é un pouco a nosa vontade nestes momentos, e é a nosa responsabilidade e non teño ningún problema en manter informado ao conxunto dos portavoces, nas xuntas de portavoces, se houbera algunha novidade ao respecto despois deste debate. Incluso de poder tratar cuestións que poidan afectar ao grupo, tamén na xunta de portavoces, faltaría máis.

Segunda quenda, Paco.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde. Moi brevemente, soamente, para contestar a algunha cuestión que se fixo.

Lembrar que as empresas cerámicas tanto Sargadelos como cerámicas do Castro, sostiveron economicamente ao resto das propostas culturais do grupo Sargadelos.

A editorial Edicións do Castro fundada alá no ano 1963, cos catálogos formados por amplas coleccións de poesía, ensaios, narrativa, filosofía, economía, teatro, arte, historia.

O museo de arte contemporáneo ao que se referiu antes Goretti.

Museo Carlos Maside, que conta cunha importante colección de arte contemporánea, fundado no ano 1970.

O centro de comunicación no seu momento Instituto Galego de Información.

O Seminario de Estudos Galegos, e as galerías de Sargadelos ás que nos estamos a referir agora.

Unha empresa que dedicou unha parte importantísima dos seus beneficios como empresa, precisamente apoiar a cultura galega, nos pensamos que probablemente merece algo máis que o que foi o seu recoñecemento no seu momento como ben de interese cultural de Galicia, precisamente, por tratarse dun símbolo de proxecto industrial, cultural, social e de identidade galega, que se erixiu a través dos traballos desenvolvidos no laboratorio das formas.

Por qué, a segunda das nosas propostas, pois non é máis detallada, pois porque, a pesares do que tantas e tantas veces nos plenos nos di Compostela Aberta ao grupo socialista, a nosa intención non é neste caso comprometer a acción de goberno, máis alá, de analizar coas diferentes administracións as posibilidades de devolverlle unha parte do que a obra de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane lle deron á cultura galega.

Por iso, nos o que plantexamos é que se faga unha análise, que se manteñan contactos coas diferentes administracións para viabilizar a posibilidade, pois de manter esta parte do que significa Sargadelos, que é en si mesmo, a proxección cultural.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Grazas Paco Reyes, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben eu despois de escoitar a todos os grupos, creo que o mellor era unha cuestión que agora o portavoz do grupo socialista, que é que se fíxese unha votación por puntos.

En certa maneira o primeiro punto e o segundo son repetitivos e non se concretan moito, porque é estudar e tratar o futuro da galería Sargadelos, e ver cómo se lle pode dar continuidade aquí.

Agora a idea se todo pode ficar englobado no primeiro, dado que o segundo teríamos que ver exactamente en qué consistiría, niso coincido co que foi comentado aquí.

Alcalde: Grazas Goretti, María Antón segunda quenda.

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez: Si soamente saber, se van aceptar a votación por puntos ou non. Nada máis.

Alcalde: Bueno pois votamos por puntos.

Rematado o debate o Pleno da Corporación:

a) Por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, que o goberno municipal informe ao ao Pleno dos contactos que teña realizado coa propiedade da Galería coa fin de estudar e tratar o futuro da Galería Sargadelos de Santiago e garantir a súa continuidade como contenedor cultural referente da nosa cidade.

b) Por 3 votos a favor, correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 20 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, PP e BNG (9 CA, 9 PP e 2 BNG) acorda que o goberno municipal estude viabilizar, xunto coa Consellería de Cultura e a Deputación de A Coruña, a actividade cultural privada desenvolvida pola Galería Sargadelos na nosa cidade.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á SEGURIDADE DAS RÚAS SAN MARTIÑO, C261 E RÚA SENANDE DE ARÍNS.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con data de 7 xuño de 2016, núm. 185, ten o seguinte contido:

“San Martiño de Aríns é unha das parroquias do noso municipio que máis poboación incrementou nos últimos anos, tendo na actualidade algo máis de 1.500 habitantes distribuídos en 15 entidades de poboación: Fornás, Aramio, Sobrín, Andrade, Vilacoba, Igresario, Lobio, Pena, San Xoás, Agra dos Campos, Cacharela, Lasanta, Costa, Devesa e Torreblanca.

O Grupo Municipal Socialista ven de ter unha xuntanza cos seus representantes veciñais, así como de visitar cada un dos seus lugares, coa fin de visualizar os problemas que istos nos trasladaron.

Poidemos comprobar en primeiro lugar a falta de seguridade dos peóns que cada día transitan polas rúas de San Martiño, na C261 e na rúa de Senande, non hai sendas nin beirarrúas, tampouco pasos de peóns que permita cruzar cun mínimo de seguridade, ao que temos que sumar que moitas zonas carecen de luz pública, estimando necesario estudar a ampliación da instalación de iluminación pública existente.

Así mesmo, decatámonos de que a pista que vai ao cemiterio é moi estreita polo que os autobuses provocan serios problemas. Temos constancia de que a asociación do cemiterio adquiriu unha parcela coa fin de buscarlle unha solución a este problema.

Tamén nos sorprende o estado lamentable no que se atopa unha das escolas unitarias que ten Aríns, sendo necesario tratar cos veciños o uso futuro deste inmovible tan abandonado pola administración, ao igual que o campo de fútbol, que sendo conscientes da necesidade que o Concello de Santiago ten de infraestructuras deportivas, cunha mínima inversión podería empreñarse para as competicións de fútbol 7.

O incremento poboacional nesta parroquia conlevou a que na actualidade residan moitos rapaces de edades comprendidas entre o 0 e 10 anos, así pois unha das demandas que nos traslada a veciñanza é a necesidade de instalar un parque infantil na parcela ubicada ao lado da igrexa.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

1.- Que o Goberno Municipal adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade nas rúas San Martiño, C261 e rúa de Senande de Aríns, tendo en conta a velocidade excesiva coa que circulan pola zona moitos vehículos.

2.- Á vista dos problemas que se producen nos accesos ao cemiterio de Aríns solicitamos ao Goberno Municipal estude unha solución á maior brevidade posible. Para iso debe terse en conta que a Asociación do Cemiterio comprou unha parcela facendo un importante esforzo económico, coa vontade de poder darlle unha resposta a este problema.

3.- Así mesmo, propoñemos que o Goberno Municipal a través dos plans da deputación adquira financiación para a construción dun parque infantil en Aríns, así como o adecentamento do campo de fútbol e da escola unitaria.”

Alcalde: Pasaríamos tamén a outra proposición do PSdeG-PSOE, sobre a seguridade nas rúas de San Martiño, C261 e Senande de Aríns, quen defende?

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

San Martiño de Aríns, todos o coñecemos, é unha das parroquias do noso municipio que máis poboación incrementou nos últimos anos, tendo na actualidade segundo din as estatísticas algo máis de 1.500 habitantes distribuídos en 15 entidades de poboación.

O Grupo Municipal Socialista ven de ter diversas xuntanzas cos seus representantes veciñais da parroquia de Aríns, así como de visitar cada un dos seus lugares, co fin de visualizar os problemas que estes nos trasladaron.

Puidemos comprobar, en primeiro lugar, a falta de seguridade para os peóns que cada día transitan polas rúas de San Martiño, na C261 e na rúa de Senande, porque non hai sendas nin beirarrúas, tampouco pasos de peóns que permitan cruzar cun mínimo de seguridade, ao que temos que sumar que moitas zonas carecen de luz pública, estimando necesario estudar a ampliación da instalación de iluminación pública existente.

Así mesmo, decatámonos de que a pista que vai ao cemiterio é moi estreita polo que os autobuses provocan serios problemas.

Ademais, temos constancia de que a asociación do cemiterio adquiriu unha parcela coa fin de buscarlle unha solución a este problema.

Tamén nos sorprendeu o estado lamentable no que se atopa unha das escolas unitarias que ten Aríns, sendo necesario tratar cos veciños o uso futuro deste inmovble tan abandonado pola administración, ao igual que o campo de fútbol, que sendo conscientes da necesidade que o Concello de Santiago ten de infraestruturas deportivas, cunha mínima inversión podería empregarse para as competicións de fútbol 7.

O incremento de poboación nesta parroquia conlevou a que na actualidade residan moitos rapaces de idades comprendidas entre o 0 e 10 anos, así pois unha das demandas que nos traslada a veciñanza é a necesidade de instalar un parque infantil na parcela situada ao lado da igrexa.

As competicións son de fútbol 8, non 7.

Por todo o exposto é polo que presentamos á consideración do Pleno:

Que o goberno municipal adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade nas rúas San Martiño, C261 e rúa de Senande de Aríns, tendo en conta a velocidade excesiva coa que circulan pola zona moitos vehículos.

Que á vista dos problemas que se producen nos accesos ao cemiterio de Aríns solicitamos ao goberno municipal estude unha solución á maior brevidade posible. Para iso debe terse en conta que a Asociación do Cemiterio comprou unha parcela a que facía referencia na miña intervención.

Así mesmo, propoñemos que o goberno municipal a través dos plans da Deputación adquira financiamento para a construción dun parque infantil en Aríns, así como o adecentamento do campo de fútbol e da escola unitaria.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas Paco, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Brevemente, hai cousa de seis meses, creo que foi no mes de novembro do ano pasado, o noso grupo presentou neste pleno, pois unha moción que tiña que ver con necesidades diversas da parroquia de Aríns.

Nesa moción non estaban incluídas todas as necesidades, pero si as que nos entendíamos máis urxentes despois de falar coa propia asociación de veciños, entre elas e sobre de todo, as que tiñan que ver con materia de seguridade viaria.

Aquela moción que trouxemos a debate a pleno aprobouse por unanimidade, o que quere dicir que este pleno aprobou fai cousa de seis meses, como digo, entre outras cousas, tres cousas que teñen que ver polo menos algún directamente e outro parcialmente, co que plantexa o grupo socialista.

En primeiro lugar, instar ao titular da C261 o arranxo do firme desta vía ao seu paso polo Concello de Santiago e o pintado dos pasos de peóns, no trazado que discorre dende San Martiño de Aríns, nomeadamente a altura das marquesiñas, que era o que demandaba fundamentalmente a Asociación de Veciños.

En segundo lugar, reflectir no plan de obras e servizos a incorporación de medidas de seguridade viaria, sobre todo no que tiña que ver, co que tiña que ver con beirarrúas e a creación, tamén, de sendas peonís paralelas á calzada nas rúas Senande e tamén en San Martiño de Arís, ese era un dos problemas no que máis insistían os veciños e as veciñas, en materia de seguridade viaria.

E, en terceiro lugar, dotar dunha partida no orzamento municipal para o arranxo do firme e das beirarrúas no tramo da estrada C261 que discorre dende Ponte de Sar ata Ponte Marzán.

Na iniciativa que presenta hoxe o grupo Socialista, no seu punto primeiro, entendemos que o tema está aprobado xa por este pleno, polo que acabo de expoñer.

Con respecto ao segundo punto, certamente, nos somos totalmente coincidentes e nese sentido, non hai seis meses, senón no mandato anterior, nos temos plantexado tamén unha iniciativa nese sentido, de feito o 26 de xuño de 2014, pois o noso grupo a través dunha iniciativa da nosa compañeira Elvira Cienfuegos, pois expúñalle ao goberno municipal a necesidade de construír esa pista de acceso o cemiterio.

E, por outra banda, entendemos que certamente, como plantexa o grupo socialista, e como demandan os veciños, pois tamén nas zonas rurais, aínda que sexan próximas ao centro urbano, deben existir áreas recreativas, tanto infantís, como deportivas e de lecer para o conxunto da veciñanza, ademais de recuperar onde sexa posible, pois as vellas escolas para o goce da cidadanía.

Por todo isto, imos votar favorablemente esta iniciativa.

Alcalde: Moitas grazas Rubén.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Moitas grazas e boas tardes.

Nós tamén fixemos ese exercicio de recordo e de análise que fixo o compañeiro Rubén, e a verdade, é que temos claro que esta iniciativa, cando menos é confusa, fálase da estrada AC261, un tramo no que a competencia é da Xunta de Galicia, onde por certo, existen beirarrúas por ambos lados da calzada e iluminación pública.

E tamén, se fala do resto das cuestións, algunha delas como quedaron expostas na intervención do compañeiro, foron aprobadas por unanimidade por este pleno, hai un acordo unánime nese sentido, outra cousa, é que o goberno non teña feito nada, ou polo menos nada se sabe de ningunha xestión para materializar aquel acordo que ata o grupo de goberno, lembro, apoiou.

Como todos sabemos, esas cousas son frecuentes na acción deste goberno.

Ademais no relativo ao tema da velocidade, a verdade, é que a iniciativa si que sinala, e é certo, que hai unha velocidade excesiva, pero o lóxico sería propoñer algunha medida específica para evitar esta circunstancia, como sinais redutoras, advertencias de perigo na vía, ou controis puntuais, pero nada se especifica e nada se apunta na iniciativa do PSdeG.

Por outra parte, e en relación cos accesos ao cemiterio de Aríns, existe unha problemática complexa que se tratou de abordar en anos anteriores, concretamente nos últimos meses do pasado mandato, tratouse de acometer unha apertura viaria alternativa

ao acceso actual do cemiterio de Aríns, cuestión que os técnicos municipais desaconsellaron.

O informe municipal sinalaba que a prolongación do acceso debería realizarse por terreos cualificados no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria e iso faría precisa unha autorización co informe previo da Comunidade Autónoma.

A maiores dese punto de vista técnico, a prolongación directa do acceso suporía a afección dunha franxa de 50 metros de longo por 7,5 metros de ancho, da parte posterior dunha finca de carballos de porte considerable, cun evidente impacto medio ambiental.

Mesmo no caso de optar por un desvío de acceso, a actuación faríase máis complexa, posto que sería preciso salvar un desnivel duns oito metros, ata chegar a rasante da rúa Cacharela, e a realización dun muro de contención de certa complexidade.

Todas estas dificultades fixeron concluír aos técnicos, a conveniencia de aprazar esta actuación dada a súa complexidade.

Con todo, é evidente, que consideramos que a mellora debe manterse como un obxectivo a abordar en canto as circunstancias económicas o goberno poida abordar ese proxecto, esa solución técnica.

Por último, en relación coa construción do parque infantil en Aríns, así como adecentamento do campo de fútbol, e da escola unitaria, podemos concordar coa oportunidade de que o goberno tamén a teña en conta na súa planificación.

Polo tanto, aínda que estaríamos de acordo con algunha das propostas que se fan, a confusa formulación da iniciativa, e tamén, a omisión dos antecedentes sobre a cuestión, motivan que o noso grupo opte pola abstención, pero non por iso, deixamos de lembrarlle ao goberno a necesidade de darlle cumprimento ao acordo unánime adoptado fai máis de sete meses para mellorar a seguridade viaria de Aríns, e que se teñan en conta as xustas demandas que mantén a veciñanza desta parroquia na súa planificación actual e futura.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas, e desculpa que se acendeu o micro Rafa Peña que ía lanzando, e desactivouse ese.

Don Rafael Peña Vidal: Vou moi suaviño. Votamos favorablemente fai seis meses a moción que presentou naquel momento o Bloque Nacionalista Galego, no mes de novembro, naquel momento dixemos que tiñamos cerrado xa os plans de obras e

servizos da Deputación, pero que o teríamos en conta para as vindeiras convocatorias actuacións na zona.

De todas formas, na parroquia de Aríns entre o POS 2015 e o POS 2016, van ir proxectos entorno a 200.000 euros, en melloras de rede viaria, algunha delas, incluso a Travesía de San Xoás, van de acceso ao cemiterio.

E vou empezar por este último, se houbo unha persoa que lle puxo empeño persoal a construción a ese cemiterio foi o exalcalde, Ángel Currás, e así hai que dicilo, quen foi quen se empeñou persoalmente e dou directrices directas de que iso se fixera custara o que custará, e non o puideron facer, porque tal e como explicou o señor Agustín Hernández, pois tiña todas esas dificultades técnicas que se seguen a manter.

Por outro lado, eu non acabo de ver, o que se ía facer alí, pola operatividade que se tiña.

Eu o principal problema que atopei alí foi á hora de que poida virar o autobús na zona da rotonda, e polo tanto, poderémolo solventar cun ensanchamento do que é o cruce, e entubaremos, aquilo e farémoslle un ensanchamento, e cremos que con iso pois pode quedar resolto.

As rúas San Martiño e Senande, pois cruzan toda a parroquia, é dicir, deben de ser non sei cantos quilómetros teñen. Nunha delas, de feito, fai tres anos produciuse unha auténtica desfeita que lle botaron aglomerado a toda, cambiáronlle todo o firme, e ao mes de rematar, metéronlle o saneamento e abastecemento, o cal en fin, pois creo que fala por si só.

Con respecto a C261 non é nosa, polo tanto, pois aí pouco podemos actuar.

Dito isto, bueno e para resumir, xa van a ter lugar actuacións na parroquia de Aríns.

Unha última cousa, con respecto ao campo de fútbol e a antiga escola unitaria segue a ser propiedade dos veciños, polo tanto, hai que facer, eles están dispostos a facer a cesión, sobre todo o que ven sendo o local, e con respecto ao campo de fútbol, veremos o que facemos alí, pero o que plantexa Paco Reyes na súa proposición non é real, non hai demanda, non pode ser utilizado como campo de fútbol 8, creo que hai outras zonas máis idóneas onde debe de ir, teremos que buscar algo máis idóneo e que poida quedar para a parroquia.

Entón nese sentido, xa se fixo ben traballo, eu estou a ter conversas coa asociación de veciños para que nos cedan tanto a instalación da escola unitaria, que non está mal, a teñen eles bastante coidada, que é onde se fan as votacións, aínda así colleremos a cesión desas instalacións, e integrarémolas dentro do que é o seu mantemento, polo

tanto, xa que o concello está agora mesmo programando alí, e están sendo soportados os custes e o mantemento por parte dos veciños.

Polo tanto, eu sigo sen entender exactamente o que se pide, pero absterémonos, xa votamos a favor no seu día, e eu normalmente procuro cumprir, tardarei máis ou menos, pero tratamos de cumprir o que piden.

Alcalde: Grazas Rafael, segunda quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Con respecto á intervención do voceiro do Partido Popular, cando di que a nosa proposta é confusa, e que poderíamos de cara a seguridade, plantexar toda unha serie de medidas necesarias, non soamente, solicitarlle ao goberno municipal que as estude e decida cales son, pero se entende o Partido Popular que era preciso nesta proposición incorporar propostas concretas de medidas necesarias, pois a verdade, é que vostedes tiveron oportunidade de presentar unha emenda, e polo tanto, pois enriquecer a nosa proposta perfectamente.

Os problemas técnicos que vostedes plantexan, bueno, hai que recoñecer que despois de escoitar ao concelleiro de Compostela Aberta, pois vostedes plantexaron diante dos problemas técnicos aprazalo, e pois parece ser que o goberno de Compostela Aberta, pois está plantexando a posibilidade neste caso de ensanchamento do borde para resolver o problema do autobús.

Son dúas maneiras de abordalo.

Con respecto aos antecedentes, nos non fixemos ningunha referencia, porque estabamos convencidos de que o Partido Popular o ía facer, porque ten costume de facelo, aínda que sempre cunha certa memoria selectiva.

Con respecto ao que di Compostela Aberta, bueno, pois valorar nese sentido, o tema do ensanchamento do borde para cuestión do acceso ao cemiterio.

E o tema das beirarrúas, e a pesares da súa lonxitude, e polo tanto do custe do investimento para crear as beirarrúas, hai unha solución intermedia, que sería desenvolver sendas peonís, polo tanto, esa é unha posibilidade que poden vostedes avaliar.

No tema da C261, pois se pode obviamente instar dende o goberno municipal precisamente a quen son competentes nese sentido.

E despois no campo de fútbol que non hai demanda, esa é a demanda que nos fixeron concretamente os veciños e as veciñas de Aríns. Si é certo que o ceden os veciños, pois a verdade é que se pode utilizar como campo de entramento de competición, pois para

moitos outros rapaces que non pertencen á parroquia de Aríns, como fai anos que se facía.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Grazas Paco, algo que engadir?

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Dicir que nos non imos emendar unha proposta que é repetitiva dun acordo xa adoptado neste pleno, como tampouco imos valorar, se esa repetición é como consecuencia de falla de tempo, de falla de rigor, ou incluso posiblemente podería ser por mala fe do señor portavoz do Partido Socialista.

Don Rafael Peña Vidal: Só aclarar que hai demanda para que se adecente o campo de fútbol de Aríns, como todos os campos existentes en todas as parroquias e que levan bastantes anos abandonados.

O que estou dicindo é que creo que non hai demanda de sumar ese campo á instalación municipal de infraestruturas deportivas, entre outras cousas, porque desgraciadamente a xente da cidade cústalle saír as parroquias a facer deporte, claro que os veciños queren que isto estea decente, e polo menos, o que é a actuación de mantemento ata que saibamos que imos facer, tamén nos comprometemos a facelo.

Alcalde: Moitas grazas.

Don Francisco Reyes Santiás: Señor alcalde antes de pasar á votación, unha cuestión de orde artigo 67, o que invoco, a min gustaríame indicar claramente que conste en acta a acusación do voceiro do Partido Popular, cara o voceiro do Partido Socialista, de mala fe, sen aportar absolutamente ningunha proba, nin ningunha indicación ao respecto. Que consten as dúas cousas. Grazas.

Alcalde: Señor secretario pasamos a votación.

Rematado o Pleno da Corporación por 5 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e Partido Popular (9 CA e 9 PP), acorda:

1.- Que o goberno municipal adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade nas rúas San Martiño, C261 e rúa de Senande de Aríns, tendo en conta a velocidade excesiva coa que circulan pola zona moitos vehículos.

2.- Á vista dos problemas que se producen nos accesos ao cemiterio de Aríns solicitar ao goberno municipal estude unha solución á maior brevidade posible. Para iso debe

terse en conta que a Asociación do Cemiterio comprou unha parcela facendo un importante esforzo económico, coa vontade de poder darlle unha resposta a este problema.

3.- Así mesmo, propoñer que o goberno municipal que a través dos plans da Deputación adquira financiación para a construción dun parque infantil en Aríns, así como o adecentamento do campo de fútbol e da escola unitaria.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS ÁREAS RECREATIVAS DE CHAIÁN E A BARCIELA, NA RIBEIRA DO TAMBRE.

A proposición do grupo municipal do Partido Popular con data de entrada do día 7 de xuño de 2016, núm. 187, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que para unha gran maioría dos veciños e veciñas de Santiago a praia fluvial por excelencia da cidade de Santiago é a de Tapia, pertencente ao veciño concello de Ames, o certo é que o noso Concello conta con dúas áreas recreativas propias máis cercanas, axeitadas para o baño augas arriba do Tambre, en dous espazos singulares. O primeiro, compartido co concello de Trazo na súa parroquia de Chaián, que lle dá nome aquí ao conxunto das dúas ribeiras; e o segundo na parroquia de Barciela, limítrofe co concello de Oroso.

Estas dúas áreas recreativas son unhas grandes descoñecidas na actualidade para gran parte da poboación. Ata tal punto chega o descoñecemento que nin figuran mencionadas no Plan Director de zonas verdes e espazos públicos do noso Concello que foi presentado este mesmo ano. E motivos para a súa inclusión non lles faltan, xa que constitúen dous dos puntos principais no río Tambre ao seu paso polo concello, un itinerario incluído nas Rede Natura como Lugar de Interese Comunitario polos seus especiais valores ambientais e patrimoniais.

A área existente en Chaián, situada a apenas 10 km do centro da cidade, foi moi popular ata hai poucas décadas cando se erixía nunha alternativa frecuente ás viaxes ás praias do litoral. Nela pódese gozar dunha fermosa paisaxe de ribeira, con vellos carballos, castiñeiros, ameneiros e ata acivros. Un lugar axeitado para o baño, o lecer ou a pesca deportiva, nun tramo declarado couto pesqueiro desde 1975. Precisamente esa aptitude para a pesca levou a organizar neste escenario a “Festa do Escalo” que o próximo mes

de xullo celebrará o seu 42 aniversario. Unha celebración –incluída nos últimos anos no programa das Festas do Apóstolo- na que se vén incluíndo un concurso de pesca, numerosas actividades e un xantar popular con posterior romaría.

Fronte á marxe pertencente ao Concello de Trazo, con maiores dotacións e servizos, a marxe compostelá mantén o seu aspecto natural, cun limitado equipamento que apenas contribúe a alterar o seu valor ambiental. Con todo, consideramos que a zona precisa de labores de mantemento e pequenas melloras, que sen que supoñan unha ameaza dos seus valores, potencien o seu atractivo, a funcionalidade e a comodidade para todas as persoas que aquí se acheguen.

Entre as medidas que se deberían acometer están o acondicionamento dos sendeiros existentes –con criterios de accesibilidade-, a recolleita da folla para permitir que medre a herba, un tratamento protector para a madeira da caseta do pescador e para as mesas e bancos espallados pola zona; a limpeza e arranxo da fonte ou a reposición do estragado cartel informativo na entrada.

Outras actuacións que se consideran necesarias na área de Chaián pasan pola colaboración da Deputación da Coruña para mellorar o contorno da estrada provincial CP-7804 nas inmediacións, limitando a velocidade na fronte da área (a limitación de 60 km/h actual resulta inadecuada para unha zona como esta), a colocación de proteccións viarias onde o desnivel o aconselle e unha futura actuación para facilitar a conexión coa marxe de Trazo, en consonancia coa nova senda levada a cabo no concello veciño con financiamento do organismo provincial.

Unha última cuestión a estudar, que redundaría tamén nunha maior comodidade, sería a dotación dunha pequena plataforma integrada no medio natural, que puidera resistir ás enchentes e que se aproximara á beira do río, coa función fundamental de facilitar o baño.

Pola súa parte, a área de Barciela, a uns 15 kms. da cidade, está situada nunha fermosa insua, á que se accede a través de dúas estreitas pontes que a comunican cos concellos de Santiago e Oroso. Aínda que actualmente o mellor acceso e con mellor sinalización sexa o que conecta con Sigüeiro, pola banda do noso concello sería necesario facer un acondicionamento da pista existente e instalar uns indicadores que facilitaran a súa localización. O lugar, próximo a unha gran tosta e cunhas condicións naturais moi axeitadas para o baño, dispón de varios puntos para cociñar á grella, unha fonte, mesas e bancos para uso público que cómpre arranxar, xa que as enchentes do río acostuman a afectarlle periodicamente. Ao igual que sería preciso reparar o chan das conexións das pontes que dificultan a desexable accesibilidade.

A conservación e mantemento destes lugares non pode limitarse exclusivamente á corta da herba -tarefa que certamente se levou a cabo nos últimos días en Chaián, pero pola que aínda agarda a de Barciela- senón que debe estenderse a outros elementos que co paso do tempo demandan unha maior atención.

Por último, despois de acometer estas melloras, proponse articular algunha iniciativa para dar a coñecer e poñer en valor estas dúas paraxes, a través dunhas xornadas de actividades nas súas ribeiras ou itinerarios ciclistas ou peonís, así como unha mellora na sinalización específica -tal e como se comentou- que facilite o acceso desde a cidade.

En definitiva, non se trata de acometer ningunha gran actuación, nin de entrar en competencia coas dotacións e servizos das marxe opostas, senón de realizar en ambos casos unhas melloras concretas, perfectamente asumibles, para complementar e potenciar o valor ambiental destes enclaves, para goce da veciñanza dos tres concellos que desde sempre manteñen unha estreita vinculación que é preciso conservar e, se cabe, reforzar.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Levar a cabo traballos de conservación, mellora e mantemento nas áreas recreativas de Chaián e de Barciela, axeitándoas para o baño, o lecer e, no caso de Chaián, para a celebración anual da Festa do Escalo que se celebra no mes de xullo.
2. Dirixirse á Deputación da Coruña a fin de solicitar a súa colaboración para axustar as condicións de seguridade da vía provincial ao seu paso polas inmediacións da área de Chaián, así como a futura mellora da conexión peonil a ambos lados da ponte sobre o Tambre, complementando a senda realizada en 2015 no Concello de Trazo.
3. Realizar unha mellora no acceso á área de Barciela acondicionando a pista de discorre pola marxe esquerda do río desde as proximidades da igrexa de Barciela ata enlazar co camiño que desde a ribeira conecta coa igrexa parroquial de Cesar.
4. Valorar a inclusión das áreas recreativas de Chaián e de Barciela no Plan Director de zonas verdes e espazos públicos do Concello, antes da súa aprobación, para significar o seu valor e garantir a súa futura atención.

5. Planificar unha mellora da sinalización viaria para facilitar a visita ás áreas recreativas de Chaián e Barciela, e estudar a posibilidade de celebrar distintas actividades que teñan como centro estas dúas ribeiras do Tambre para difundir o coñecemento e valoración deste dous singulares enclaves naturais.”

Alcalde: Proposición do Partido Popular, señor Agustín Hernández.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Moitas grazas señor alcalde e boas tardes outra vez aos compañeiros..

Nos traemos á consideración do Pleno unha proposición que ten moito que ver coa potenciación dos valores naturais do noso concello, e tamén coa actualidade, nunha época que o paseo do baño pola ribeira dos nosos ríos constitúe unha boa oportunidade.

É evidente que os veciños de Santiago contan cunha referencia no referente á praia fluvial que é a de Tapia que esta situada no concello veciño de Ames, pero tamén, é certo que o noso concello conta con dúas áreas recreativas propias e máis cercanas, axeitadas para o baño, augas arriba do Tambre, en dous espazos singulares, estoume a referir a de Chaián, compartida co Concello de Trazo, e a na parroquia de Barciela limítrofe co Concello de Oroso.

Estas dúas áreas recreativas son unhas grandes descoñecidas, na miña opinión, na actualidade para grande parte da poboación.

Como apuntamos no texto da nosa iniciativa nin aparecen mencionadas no Plan director de zonas verdes e espazos públicos do noso concello que foi presentado este mesmo ano, e iso que contan con moitos máis recursos, e moitos máis valores que outros lugares e están recollidos tamén na rede natura como lugar de interese comunitario.

A área existente en Chaián está a uns dez quilómetros do centro da cidade, e aínda que perdeu algo da súa grande popularidade doutro tempo, segue a ser un punto de gran interese.

Aquí pódese gozar dunha famosa paisaxe de ribeira, e un lugar axeitado para o baño, lecer ou a pesca deportiva nun tramo declarado como coto pesqueiro dende 1975, e case dende ese ano mesmo, vense celebrando alí a festa do escalo que a mediados do próximo mes de xullo celebrara o seu 42 aniversario.

A festa e o propio lugar trátanse de potenciar nos últimos anos coa inclusión no programa das festas do Apóstolo.

Un dos actos que se celebran, precisamente, é o concurso de pesca, e un xantar popular coa posterior romaría.

Aínda que a marxe pertencente ao Concello de Trazo conta con máis dotacións e servizos, a que pertence a Santiago mantén un aspecto máis natural, e tan vantaxe para o baño de que permanece soleada durante a maior parte do día.

Con todo consideramos que a zona do noso concello precisa de labores de mantemento e pequenas melloras, que sen que supoñan unha ameaza dos seus valores, potencien o seu atractivo, a funcionalidade, e a comodidade para todas as persoas que alí se acheguen.

Entre as medidas que propoñemos están o acondicionamento dos sendeiros existentes, con criterios de accesibilidade; a recolleita da folla para permitir que medre a herba; un tratamento protector para a madeira da caseta do pescador e para as mesas e bancos espallados pola zona; a limpeza e arranxo da fonte ou a reposición do estragado cartel informativo na entrada.

Outras actuacións que se consideran necesarias nesta área de Chaián pasan pola colaboración da Deputación da Coruña para mellorar o contorno da estrada provincial CP-7804 nas inmediacións, limitando a velocidade na fronte da área, que hoxe é de 60 quilómetros/horas, a pesar da existencia dunha curva onde se teñen rexistrados accidentes, e que ademais resulta inadecuada para unha zona como esta.

Tamén propoñemos que a Deputación coloque proteccións viarias, onde o desnivel o aconselle, e considere a unha futura actuación para facilitar a conexión coa marxe de Trazo, en consonancia coa nova senda levada a cabo no concello veciño con financiamento da mencionada Deputación provincial.

Por último, formulamos, a posibilidade de estudar a implantación dunha pequena plataforma integrada no medio e que puidera resistir ás enchentes para facilitar ao baño, evitando o acceso polo fondo terroso que ten o río.

No tocante, á área de Barciela, a pesar de estar un pouco máis distante, a uns 15 quilómetros da cidade, ofrece unha paraxe singular, por atoparse nunha illa no medio río.

A ela chégase dende dúas pontes, unha por cada marxe, que comunican cos Concellos de Santiago e de Oroso.

O veciño Concello de Oroso, tenlle dado notablemente o acceso a esta área, mesmo recentemente, asfaltou a vía que conduce ata o refuxio de pescadores que está na súa beira, de forma que hoxe, se chega mellor dende o lugar de Sigüeiro.

Con todo dende o noso concello sería necesario facer un acondicionamento da pista existente, e instalar uns indicadores que faciliten a súa localización.

O atractivo deste lugar, próximo a unha gran tosta, e cunhas condicións naturais moi axeitadas para o baño, podería reforzarse ao igual que os seus servizos, cunhas sinxelas labores de mantemento que arranxarán os varios puntos para a cociña á grella, a fonte, as mesas e os bancos para uso público de que dispón.

Uns servizos, que ao igual que o acceso polas pontes, periodicamente na época invernal se ven afectados polas enchentes do río.

A conservación e mantemento destes lugares non pode limitarse exclusivamente á corta da herba, un traballo que, certamente, se levou a cabo nos últimos días en Chaián, pero pola que aínda queda pendente, que nos saibamos, na zona da Barciela, senón que debe estenderse a outros elementos que co paso do tempo demandan unha maior atención.

En definitiva, ademais destas melloras, consideramos que sería bo levar a cabo a posta en valor e a difusión destas dúas áreas, a través dunhas xornadas de actividades a pe ou en bicicleta, que propiciarán o coñecemento e interese da veciñanza polas ribeiras do río Tambre.

E tamén a mellora na sinalización específica que facilite o acceso desde a cidade.

Como recollemos no texto iniciativa non se trata de acometer ningunha gran actuación, nin ningún gran investimento, nin en entrar en competencia con dotacións e servizos doutros concellos, senón de potenciar estas zonas para goce de todas as persoas, e por iso facemos esta proposición, que non vou ler en aras da brevidade, pero que contén os cinco puntos reflectidos nela.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas a vostede, Don Agustín Hernández, señor Rubén a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde, eu moi brevemente, o noso grupo vai votar favorablemente esta iniciativa.

Eu creo que certamente e tal e como comentaba o portavoz do grupo Popular, hai que traballar en dúas direccións. Unha primeira que para min é fundamental neste momento,

que tamén que ver coa difusión e a promoción, porque por desgraza moita poboación de Santiago, de Santiago de toda a vida e de Santiago que se incorporou a esta cidade, pois en idade adulta, pois descoñece estas dúas áreas, tanto Chaián como a Barciela.

Polo tanto, eu creo que son dúas áreas lamentablemente aínda moi descoñecidas, na propia cidade, e polo creo que queda unha labor aínda importante por facer en materia de divulgación.

E a outra liña de actuación, evidentemente, é a mellora do acondicionamento. A nós parécenos ben, as cuestións que plantexa o grupo popular, tanto no que ten que ver co mobiliario urbano da zona, casetas, mesas, e adecuación do que sería o rozado, o mantemento normal do que serían os camiños, plantexanos algunha dúbida o tema da plataforma para o baño en Chaián, eu creo que tal e como esta a zona, está perfectamente válida para o baño, e que non precisaría de elementos dese tipo, que eu creo que poden incluso, distorsionar un pouco o entorno.

En calquera caso, estamos de acordo con mellorar a difusión e a promoción destes dous espazos, e investir máis, tamén na súa conservación e posta en valor.

Alcalde: Moitas grazas Rubén, Gonzalo.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boas tardes alcalde e compañeiros e compañeiras de Corporación.

Certamente, como ben di a proposición, tanto a área recreativa de Chaián, como sobre de todo, a área recreativa da Barciela, son grandes descoñecidas para a veciñanza de Compostela. Seguro que moitos hoxe aínda non saben, que a illa do Refuxio pertence ao noso concello.

Nesta proposición estanse a pedir traballos de mellora, conservación e mantemento de dous espazos naturais, que levan abandonados moitos meses.

Estamos a falar dunhas áreas recreativas, que teñen unha especial relevancia e valor para os pescadores de Santiago e da súa contorna, en especial, a Barciela, coto de pesca dos máis troiteiros de Galicia, e no caso de Chaián ten especial valor, pois a súa romería de xullo, que sempre vai unida á competición deportiva da festa do escalo.

Son zonas que se deben promocionar, como atractivo turístico, non só para visitar e disfrutar da ruta de senderismo na súa contorna, senón, incluso, publicitar como destino turístico deportivo, para os pescadores afeccionados e profesionais de toda España.

Realmente, poñer en valor estas zonas é poñer en valor a nosa cidade, e non fai falla ter que facer moitos quilómetros para poder disfrutar duns entornos admirables a carón do río Tambre.

Agora que estamos a piques de que chegue o verán e dado o estado lamentable destas áreas, temos que instar ao goberno de Compostela Aberta, para que faga esta actuación urxente co fin de ser postas en valor para o seu use e disfrute durante todo o ano.

Por todo o dito anteriormente o noso vai ser favorable a todos os puntos da proposición.

Alcalde: Moitas grazas Gonzalo, Xan Duro a súa quenda.

Don Xan Duro Fernández: Moitas grazas señor alcalde, e boas tardes.

Eu discrepo neste caso con Gonzalo, porque dicir que Chaián e Barciela están nun estado lamentable, eu igual son dous poucos que quedan en Compostela, que van alí con certa asiduidade, porque vivo na zona norte da cidade, e a parte de Compostela da zona de Chaián está nun estado máis que aceptable.

Hai que ter as particularidades que ten esa zona, é un bosque bastante espeso, cuns exemplares espectaculares de carballeira, indico iso, pola petición de recoller a folla, a folla no chan, é parte dun proceso natural, este é un espazo natural non é un parque da cidade, non ten ningún sentido poñernos a recoller esa folla, que é unha fonte dunha enorme biodiversidade nun bosque, a verdade é que todas as cousas que din xa se están desenvolvendo en maior ou menor medida.

Insisto na boa calidade, no aspecto de Barciela, estamos colaborando co Concello de Oroso na xestión do lixo, etc., non temos ningún problema en votar a favor disto.

Si que coincido con Rubén, que a min o de meter unha plataforma de baño nun río, non me parece o máis acaído, tanto pola propia dinámica fluvial dese río, como o feito de metelo cara dentro do río, pois méteste nas zonas de maiores correntes e de maior profundidade, e pode dar un punto, non quero dicir perigosidade, pero bueno, de problemática.

Aínda que temos que celebrar que grazas a labor do persoal de emprego do concello, pois este verán nos meses de xullo e agosto, vamos ter un socorrista en Chaián, para atender a todos os visitantes que acudan despois desta demanda pública, de que a xente coñeza o espazo.

Así, que insisto votaremos a favor, porque son traballos que xa estamos desenvolvendo.

Alcalde: Pasamos á votación, señor secretario, que entendo que por unanimidade.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a:

1. Levar a cabo traballos de conservación, mellora e mantemento nas áreas recreativas de Chaián e de Barciela, axeitándoas para o baño, o lecer e, no caso de Chaián, para a celebración anual da Festa do Escalo que se celebra no mes de xullo.
2. Dirixirse á Deputación da Coruña a fin de solicitar a súa colaboración para axustar as condicións de seguridade da vía provincial ao seu paso polas inmediacións da área de Chaián, así como a futura mellora da conexión peonil a ambos lados da ponte sobre o Tambre, complementando a senda realizada en 2015 no Concello de Trazo.
3. Realizar unha mellora no acceso á área de Barciela acondicionando a pista de discorre pola marxe esquerda do río desde as proximidades da igrexa de Barciela ata enlazar co camiño que desde a ribeira conecta coa igrexa parroquial de Cesar.
4. Valorar a inclusión das áreas recreativas de Chaián e de Barciela no Plan Director de zonas verdes e espazos públicos do Concello, antes da súa aprobación, para significar o seu valor e garantir a súa futura atención.
5. Planificar unha mellora da sinalización viaria para facilitar a visita ás áreas recreativas de Chaián e Barciela, e estudar a posibilidade de celebrar distintas actividades que teñan como centro estas dúas ribeiras do Tambre para difundir o coñecemento e valoración deste dous singulares enclaves naturais.

Alcalde: Facemos un receso de dez minutos.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A MELLORA DO CONTORNO DO MONTE PEDROSO.

O contido da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con data 7 de xuño de 2016, núm. 188, é o que segue:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pedroso é un símbolo natural do noso concello, punto de referencia xeográfico, miradoiro privilexiado, zona de deporte e lecer e, como a maioría dos cumes de Galicia,

un lugar emblemático rodeado de tradicións e lendas, onde non faltan as enigmáticas pegadas dos devanceiros gravadas nas rochas que lle dan nome.

No ámbito deste monte adoitan distinguirse tres zonas diferenciadas: A Granxa do Xesto, a Selva Negra e a zona restante, que conforma o parque forestal e que recibe a denominación xenérica do Pedroso, que en total suman unhas 70 hectáreas, todas elas de titularidade municipal, aínda que a última -a do parque forestal- está xestionada pola Xunta de Galicia.

O carácter central que ocupa o monte Pedroso na identidade territorial e na percepción diaria da cidadanía, xunto cos seus grandes valores naturais e paisaxísticos, aconsellan prestarlle unha gran dedicación por parte da Administración municipal. Así se fixo nos últimos anos, logrando conformar unha superficie pública de gran importancia para a calidade ambiental e tamén para a calidade de vida das veciñas e veciños do concello.

Aínda que este espazo se caracteriza pola escasa intervención humana e polo predominio dunha natureza que medra vizosa, con abundantes mostras de flora e fauna autóctonas, como contrapunto con outras zonas da nosa cidade cunha maior planificación e intervención paisaxística, non é menos certo que para mellorar o seu coñecemento e goce precisa de sinxelos elementos que contribúan a facilitar o seu percorrido e a unha grata estancia en íntima comunión co medio.

En concreto, sería conveniente completar o máis habitual acceso peonil desde o centro urbano, que parte da Ponte Asén nas proximidades do parque de Galeras e atravesa o lugar das Casas Novas, cunha senda “branda”, ata enlazar coa similar que conduce ata a **Granxa do Xesto**. Son aproximadamente uns 250 metros, polo que o investimento non debería supoñer ningún inconveniente. Nese mesmo itinerario habería que reparar tamén algún dos puntos de iluminación existentes, que presentan luminarias e caixas de rexistro rotas ou estragadas.

Esta senda peonil debería ser complementada no futuro, con outra entre a zona do Carme de Abaixo e Figueiras, pola beira da estrada provincial DP-7803, cando se materialice o acordo plenario de novembro pasado, que insta á solicitar do organismo provincial a construción desa senda que lle proporcionaría un cómodo e seguro acceso a pé, entre outros lugares, á Selva Negra, a finca radicada na aba do Pedroso de 22 hectáreas adquirida en 2007 polo Consorcio de Santiago para o patrimonio público

Precisamente, no tocante á zona da **Selva Negra** son precisas varias melloras, todas elas relacionadas cun axeitado mantemento: adecuación de camiños -especialmente o central que comunica a estrada de Figueiras coa Granxa do Xesto, que se atopa moi irregular no seu tramo máis alto-; limpeza e reposición de carteis informativos; sinalización;

tratamento de protección para o mobiliario existente e a limpeza da fonte monumental e do seu contorno, para recuperar a fermosura dun dos enclaves máis definitorios da zona.

Por último, en relación co **conxunto do ámbito do Monte Pedroso**, sería desexable recuperar, fixar e sinalizar axeitadamente a senda do Vía Crucis que comunica a zona de Santa Isabel coa cima do monte, itinerario moi frecuentado desde hai moitos anos por motivos relixiosos, culturais e deportivos (no pasado mes de outubro aínda se celebrou a XIV Camiñada do Pedroso, patrocinada polo Concello, que fixo parte do seu percorrido seguindo este vieiro).

Este Vía Crucis, alén do seu carácter relixioso, é unha boa mostra da cultura popular. A súa orixe sitúase a principios do século pasado, en 1909, cando foi inaugurado logo da súa construción mediante subscrición popular, coincidindo coa celebración na cidade da Exposición Regional Gallega. As cruces foron marcando a máis tradicional ruta a pé desde a cidade ata a cima do monte, onde unha década antes se erguera o monumento á Cruz, que preside o cume.

O proxecto de recuperación do Vía Crucis, podería levarse a cabo a través do Consorcio de Santiago, incluíndo a reposición daquelas cruces que faltan para completar os catorce pasos, acondicionando este sendeiro, limpando a maleza que o invade e recuperando para a veciñanza e para as persoas que nos visitan un elemento de gran interese.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a acometer as seguintes melloras no Monte Pedroso:

1. Construír unha senda peonil “branda”, ao longo duns 250 metros, que permita un acceso cómodo e seguro desde o barrio das Casas Novas ata conectar coa senda existente que conduce á Granxa do Xesto, onde se deberán reparar os puntos de iluminación que o precisan.
2. Proceder á adecuación dos camiños da Selva Negra, a limpeza da fonte monumental e do seu contorno, o tratamento protector do mobiliario, a limpeza e reposición dos carteis informativos e da sinalización.
3. Elaborar un estudo e posterior execución dunha actuación, en posible colaboración co Consorcio de Santiago, para a recuperación e sinalización do itinerario do Vía Crucis,

desde as proximidades da Ponte Asén ata o cume do monte, que inclúa a reposición dos pasos de cantería ao longo de todo o percorrido.”

Alcalde: Proposición do grupo Popular para a mellora do Monte Pedroso.

Dona M^a José Castro Carballal: Ola, boa tarde, alcalde, concelleiros e concelleiras.

O Pedroso monte, e un símbolo natural do noso concello, punto de referencia xeográfico, miradoiro privilexiado, zona de deporte e lecer e un lugar emblemático rodeado de tradicións e lendas.

No ámbito deste monte adoitan distinguirse tres zonas diferenciadas: A Granxa do Xesto, a Selva Negra e a outra zona, ou zona restante, que conforma o parque forestal e que recibe a denominación xenérica de Pedroso.

En total suman unhas 70 hectáreas, todas elas de titularidade municipal, aínda que a última, a do parque forestal, está a ser xestionada pola Xunta de Galicia.

O carácter central que ocupa o monte Pedroso na identidade territorial e na percepción diaria da cidadanía, xunto cos seus grandes valores naturais e paisaxísticos, aconsellan prestarlle unha especial dedicación por parte desta Administración municipal. Así se fixo nos últimos anos, logrando conformar unha superficie pública de gran importancia para a calidade ambiental e tamén para a calidade de vida dos cidadáns deste concello.

Aínda que este espazo se caracteriza pola escasa intervención humana e polo predominio dunha natureza que medra vizosa, con abundantes mostras de flora e fauna autóctonas, como contrapunto con outras zonas da nosa cidade cunha maior planificación e intervención paisaxística, non é menos certo que para mellorar o seu coñecemento e goce precisa de sinxelos elementos que contribúan a facilitar o seu percorrido e facer grata a súa estancia.

En concreto, sería conveniente completar o máis habitual acceso peonil desde o centro urbano, que parte da Ponte Asén nas proximidades do parque de Galeras e atravesa o lugar das Casas Novas, cunha senda que podemos denominar “branda”, ata enlazar coa similar que conduce ata a Granxa do Xesto.

Son aproximadamente uns 250 metros, polo que o investimento non debería supoñer ningún inconveniente. Nese mesmo itinerario habería que reparar tamén algún dos puntos de iluminación existentes, que presentan luminarias e caixas de rexistro rotas ou estragadas.

Esta senda peonil debería ser complementada no futuro, con outra entre a zona do Carme de Abaixo e Figueiras, pola beira da estrada provincial DP-7803, cando se materialice o acordo plenario de novembro pasado, que insta á solicitar do organismo provincial a construción desa senda que lle proporcionaría un cómodo e seguro acceso a pé, entre outros lugares, á Selva Negra, a finca radicada no Pedroso adquirida en 2007 polo Consorcio de Santiago para o patrimonio público

Precisamente, no tocante á zona da Selva Negra son precisas varias melloras, todas elas relacionadas cun axeitado mantemento: adecuación de camiños, especialmente o central que comunica a estrada de Figueiras coa Granxa do Xesto, que se atopa moi irregular no seu tramo máis alto; limpeza e reposición de carteis informativos; sinalizacións; tratamento de protección para o mobiliario existente e a limpeza da fonte monumental e do seu contorno, para recuperar a fermosura dun dos enclaves máis definitorios da zona.

Por último, en relación co conxunto do ámbito do Monte Pedroso, sería desexable recuperar, fixar e sinalizar axeitadamente a senda do Vía Crucis que comunica a zona de Santa Isabel coa cima do monte, itinerario moi frecuentado desde hai moitos anos tanto por motivos relixiosos, culturais e deportivos, como ultimamente a Camiñada do Pedroso, patrocinada polo Concello.

Este Vía Crucís, alén do seu carácter relixioso, é unha boa mostra da cultura popular. A súa orixe sitúase a principios do século pasado, cando foi inaugurado tras a súa construción mediante subscripción popular, coincidindo coa celebración na cidade da Exposición Regional Galega.

As cruces foron marcando a máis tradicional ruta a pé desde a cidade ata a cima do monte, onde unha década antes se erguera o monumento á Cruz, que preside o cume.

O proxecto de recuperación do Vía Crucis, podería levarse a cabo a través do Consorcio de Santiago, incluíndo a reposición daquelas cruces que faltan para completar os catorce pasos, acondicionando este sendeiro, limpando a maleza que o invade e recuperando para a veciñanza e para as persoas que nos visitan un elemento de gran interese.

Por todo o anterior presentamos á consideración por parte do Pleno o seguinte acordo:

Que o Pleno inste ao correspondente órgano do goberno municipal a acometer as seguintes melloras no Monte Pedroso:

Construír unha senda peonil “branda”, ao longo duns 250 metros, que permita un acceso cómodo e seguro desde o barrio das Casas Novas ata conectar coa senda existente que conduce á Granxa do Xesto, onde se deberían reparar os puntos de iluminación que o precisan.

Proceder á adecuación dos camiños da Selva Negra, a limpeza da fonte monumental e do seu contorno, o tratamento protector do mobiliario, a limpeza e reposición dos carteis informativos e de sinalización.

Por último, elaborar un estudo e posterior execución dunha actuación, en posible colaboración co Consorcio de Santiago, para a recuperación e sinalización do itinerario do Vía Crucis, desde as proximidades da Ponte Asén ata o cumo do monte, que inclúa a reposición dos pasos de cantería ao longo de todo o percorrido.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas a ti Pepa, Rubén a túa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

O Bloque Nacionalista Galego cando tivo responsabilidades de goberno neste concello prestou unha especial atención á área do Monte Pedroso. Nun primeiro momento cunha actuación importante de acondicionamento da Granxa do Xesto, que permitiu recuperar unha parcela de 100.000 metros cadrados, que se converteu no primeiro parque forestal urbano de Santiago de Compostela.

Posteriormente como comentaba a concelleira do Partido Popular, pois unha actuación que non foi para nada menor, que foi a recuperación da Selva Negra.

Aumentouse así pois todo o que ten que ver co valor ecolóxico, paisaxístico, e tamén recreativo, a Selva Negra que como saben, pois está situada na aba do Monte Pedroso, e que hoxe é un parque público de 22 hectáreas, lindeiro tamén, con esa primeira actuación na Granxa do Xesto.

Máis nos tamén eramos conscientes de que por en marcha estes parques forestais, pois non é suficiente, cando se crean espazos deste tipo, pois o que compre, pois é ter un mantemento axeitado. Do mesmo xeito que advertíamos da necesidade de realizar traballos de mantemento de carácter silvícola, acompañados de labores para a prevención de incendios forestais, pois entendemos, que tamén hai que realizar este outro tipo de traballos.

Nese sentido, cremos que é moi importante, sobre todo os traballos de rozado dos terreos de titularidade municipal cubertos de maleza antes da época estival.

Estamos tamén de acordo e así o levabamos no noso programa de goberno, en recuperar todo o que ten que ver con sendeiros históricos no Monte Pedroso. Unha zona

especialmente rica, tamén, en patrimonio e que pode ser ben aproveitada de xeito sustentable para o lecer de veciños e veciñas que é necesario, dende o noso punto de vista, que o Concello de Santiago pois vele por unha axeitada conservación, por ese motivo imos votar favorablemente esta proposta.

Alcalde: Moitas grazas Rubén, Gonzalo.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boas tardes de novo, como ben dixemos na proposición anterior, todo o que sexa recuperar, manter e mellorar espazos naturais da nosa cidade, e máis concretamente, o Monte Pedroso, que despois do parque da Alameda é o espazo natural máis emblemático da nosa cidade, vai contar co noso apoio.

Estamos a falar de melloras que van repercutir favorablemente na recuperación deste entorno, para que siga a ser visitado non só polos veciños e veciñas de Santiago, senón polos visitantes, converténdose nun importante reclamo turístico, tanto polas súas vistas panorámicas, como polos seus espazos para pasear e disfrutar.

É un contorno que conxuga a natureza, deporte e lecer, son moitas as probas deportivas, campionatos locais, rexionais, nacionais, que se veñen facendo no entorno da Granxa do Xesto, polo que tamén se debe ter en conta, que o acondicionamento ten que ser o máis axeitado o posible para recuperar competicións, de cros, etc., etc.

Un exemplo, para que vexamos a magnitude do que estamos a falar, e a adquisición no 2007 do espazo da Selva Negra, cuxo custe ascendeu a catro millóns de euros, o seu acondicionamento e limpeza, pois acadou os 400.000 euros.

Tamén cabe destacar, que alí foi unha das primeiras experiencias en Galicia de substitución de eucaliptos por especies autóctonas coa fin de darlle maior realce e valor ao seu entorno.

Estamos en verán e lamentablemente todos os anos temos que sufrir algún incendio no Monte Pedro, por iso instamos ao goberno municipal que dentro das súas competencias se poña mans a obra nos labores de prevención, limpeza da maleza e vixilancia, para poder reducir ao máximo o risco de incendios.

A día de hoxe sabemos que hai zonas que son un auténtico polvorín.

Imos votar favorablemente todos os puntos da proposición, xa que consideramos pois que son propostas coherentes co obxectivo de manter nas mellores condicións un dos emblemas naturais de Santiago.

Lamentamos unha vez máis que debido a deixadez de funcións deste goberno de Compostela Aberta, teñamos que requirilos para cumprir cunha xestión do día a día, solicitando un plan de mantemento dos espazos públicos do noso concello.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas Gonzalo, Xan Duro a súa quenda.

Don Xan Duro Fernández: Grazas señor alcalde.

Novamente debemos de usar lentes distintas Gonzalo e eu cando vamos a visitar os espazos naturais desta cidade, eu estiven alí nos roteiros que organizamos o 5 de xuño, a conta do día do medio ambiente, e non vin nada diso que me están contando aquí.

Vin mobiliario nun estado moi aceptable, vin un cartel pintado como os que se atopan en moitos sitios da cidade, pero o resto non o estaban e vin unhas sendas moi acaídas para camiñar, o que temos que entender que unha cousa é un parque nunha cidade e outra é un espazo natural.

O espazo natural ten dinámicas propias, máis un espazo neste caso, e cumpre felicitar ao goberno que daquela que decidiu acometer e particularmente a Elvira Cienfuegos que creo que foi un proxecto persoal dela, felicitar o enfoque e cómo se realizou ese parque, substituindo especies, especies como a acacia e o eucalipto por especies autóctonas, e deixando que se desenvolvera un verdadeiro bosque e unha verdadeira zona de pradería natural, que é toda a aba, que conforma a Selva Negra.

Non ten ningún sentido facer maiores intervención de roza ou do que sexa, agás a recollida de árbores, e determinados árbores que puideran ter caído, outros son vivenda e parte dun proceso natural que ten un bosque.

Entón nese sentido, eu creo que temos unha das zonas máis espectaculares nese aspecto, e insisto, grazas a labor que fixo Elvira Cienfuegos.

Pois con todo isto, e dado que non entendemos o que son espazos naturais e a súa xestión, como parece ser que entenden os grupos da oposición, particularmente Gonzalo Muíños, que está escandalizado dende fai tempo da situación dos nosos parques, nos ímonos abster, porque cremos que a xestión é boa, e sen dúbida todo é mellorable, e tamén, boto de menos aquí algunha mención, por exemplo nesas intervencións que se queiran facer na Selva Negra, pois a eliminación de especies como as acacias, que son realmente un problema grave en todo país, pero na aba do Pedroso é bastante preocupante e aí si que compre traballar.

Creo que no resto é un espazo aceptable, non só aceptable para os humanos, senón para o conxunto da biodiversidade que vive nun bosque destas características.

Grazas.

Alcalde: Grazas Xan, Pepa.

Dona M^a José Castro Carballal: Primeiro agradecer aos grupos que están apoiando a nosa proposición.

Respecto da intervención do concelleiro Xan Duro, simplemente dicirlle que se bota de menos algunha proposta, vostede é parte do goberno, polo tanto fágao.

Grazas.

Alcalde: Algo que engadir Rubén?

Don Rubén Cela Díaz: Eu moi brevemente agradecer o recoñecemento do concelleiro Xan Duro a labor en concreto do Bloque Nacionalista Galego, e da nosa compañeira Dona Elvira Cienfuegos.

O certo, é que certamente ese foi un proxecto especialmente mimado, eu creo que un proxecto de cidade, a compra desa finca creo que non era unha cuestión menor.

E eu creo que efectivamente hai que diferenciar o que son parques forestais, do que son parques de ámbito urbano.

Con todo creo que hai cuestións que requiren un mantemento máis ou menos constante, e nese sentido, eu creo que todo o que se poida facer en mellorar e en por a punto espazos deste tipo, pois sempre virá en beneficio do conxunto da cidadanía.

En calquera caso, como dicía antes, pois imos votar favorablemente esta proposta.

Alcalde: Algo que engadir Gonzalo?

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Só dicir que debemos de ir por camiños distintos, bueno a parte de ir por camiños distintos, do que falas de que estou escandalizado, pois non o levemos ao estado no que se atopa a Alameda, o espazo natural é un símbolo para toda a xente de Santiago, e realmente no estado no que se atopa.

Alcalde: Grazas Gonzalo, pasamos a votar.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta (9 CA), acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a acometer as seguintes melloras no Monte Pedroso:

1. Construír unha senda peonil “branda”, ao longo duns 250 metros, que permita un acceso cómodo e seguro desde o barrio das Casas Novas ata conectar coa senda existente que conduce á Granxa do Xesto, onde se deberán reparar os puntos de iluminación que o precisan.
2. Proceder á adecuación dos camiños da Selva Negra, a limpeza da fonte monumental e do seu contorno, o tratamento protector do mobiliario, a limpeza e reposición dos carteis informativos e da sinalización.
3. Elaborar un estudo e posterior execución dunha actuación, en posible colaboración co Consorcio de Santiago, para a recuperación e sinalización do itinerario do Vía Crucis, desde as proximidades da Ponte Asén ata o cume do monte, que inclúa a reposición dos pasos de cantería ao longo de todo o percorrido.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA PROMOVER A CONSTITUCIÓN E DINAMIZACIÓN DOS CONSELLOS MUNICIPAIS.

O contido da proposición presentada polo BNG con data 8 de xuño de 2016, núm. 191, é do seguinte teor:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, para promover a constitución e dinamización dos Consellos Municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Consellos municipais son órganos complementarios, creados polo pleno, cuxa finalidade é canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais. Desenvolven a función de informe, ou de proposta, en relación coas iniciativas do concello relativas ao sector de actividade ao que corresponde cada un deles.

Na sesión plenaria do 4 de decembro de 1998 aprobouse, atendendo ao pedimento de diferentes entidades asociativas veciñais e do BNG, a división do Consello de Participación Cidadá en dous órganos de participación: o Consello de Relacións

Veciñais e o Consello Económico e Social. No Consello de Relacións Veciñais a participación social sería exercida a través das asociacións de veciños, mentres o Consello Económico e Social estaba orientado á promoción económica, social e do emprego.

Os consellos sectoriais deben ser unha ferramenta do Concello para fomentar a participación cidadá e escoitar e atender as peticións e propostas dos diferentes colectivos sociais. No entanto, no mandato 2011-2015 só foi convocado o Consello de Relacións veciñais e a convocatoria para a creación do novo Consello Sectorial da Familia, Benestar Social e Igualdade. No que vai de mandato 2015-2019 só se constituíu e convocou o consello municipal de relacións veciñais, o de saúde, constituíuse e o de medio ambiente.

Este modelo actual de non participación dista moito do que promoveu, propondo a creación da maioría dos consellos municipais creados neste Concello, e promove e defende o BNG. Foron numerosos os colectivos que nos últimos anos se dirixiron á nosa formación para a través dela poder intervir nos plenos porque era a única canle de participación posíbel.

A non constitución e convocatoria dos consellos pon de manifesto a paralización e desleixo deste goberno municipal. O simple feito de que estes órganos non se reúnan implica que as iniciativas e reivindicacións da cidadanía e dos sectores implicados nos desenvolvemento da cidade non son escoitados nin tidos en conta e isto reflíctese na falta crecemento no sentido máis amplo e na perda de peso de Santiago como cidade de referencia a todos os niveis mentres se externaliza, mediante un proceso de contratación, o labor que deberían facer os consellos municipais.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago promoverá a constitución e dinamización dos Consellos Municipais, que restan por constituír dos existentes en mandatos anteriores, como órganos de consulta e debate coa maior brevidade posíbel.”

Alcalde: Pasamos á proposición do BNG, relativa aos consellos municipais.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Xa levamos en varias intervencións neste pleno, facendo referencias directas ou indirectas ao ámbito da participación cidadá, e en concreto, pois aos Consellos municipais.

Nós entendemos que eses Consellos pois son unha das ferramentas máis comúns e máis útiles para estruturar o dereito de participación directa nos asuntos de interese público dos veciños e das veciñas.

No ano 98 este concello aprobaba o seu Regulamento de participación cidadá, e a partir de aí dese marco xeral, pois para o BNG foi unha absoluta prioridade, pois a creación de diferentes consellos de participación cidadá.

Así entre o ano 99 e o ano 2003, puxemos en marcha oito consellos: o de Relacións Veciñais, o Económico e Social, o da Muller, o de Mocidade, o de Medio Ambiente, o de Normalización Lingüística, o de Educación e o de Saúde.

Posteriormente, no período comprendido entre ano 2003 e 2008, incrementáronse en cinco máis: Servizos Sociais, Deportes, Migracións, Compostela Contua, Consello de Centros de socioculturais, e Consello de Maiores.

Eu creo que iso evidencia de por si, que dende logo, para o Bloque Nacionalista Galego esta foi unha absoluta prioridade.

No anterior mandato, pois ao que asistimos, foi a unha freada en seco, no que era o funcionamento deste tipo de consellos, a maioría destes catorce, non funcionaron, nin sequera se chegaron a constituír, e sacando o Consello de Relacións Veciñais e o Consello de Servizos Sociais, pois practicamente, no último caso de trámite, pois non houbo practicamente ningún.

Ata agora no que levamos deste ano de novo goberno en Santiago, pois se teñen posto en funcionamento o de Saúde, o de Relacións Veciñais, hoxe acabamos de falar do de Medio Ambiente, e está publicado o de Turismo, está en vías de que se poida por en marcha e modificar o de educación, máis seguen quedando bastantes consellos, sen que estea prevista a súa constitución e posta en funcionamento.

Antes facía a miña compañeira Goretti, no debate da ordenanza de servizos sociais, referencia por exemplo ao Consello de Servizos Sociais, ou outro tipo de consellos que nos consideramos moi importantes.

Ademais deses consellos que xa están tipificados, quixera facer mención a que hai outro tipo de comisións, non estritamente consellos de participacións, comisións que poderían ser consideradas análogas, aprobadas tamén en pleno, como é a Comisión de accesibilidade, por pór un exemplo que aprobamos por unanimidade en outubro de 2015 neste pleno.

Para o noso grupo, cremos que debería de ser prioridade absoluta para o grupo de goberno, intentar constituír todos os consellos de participación, que non están aínda constituídos e na medida do posible, incluso, intentar facelo antes do verán.

E comentamos isto, por unha cuestión, eu creo que deberían xogar un papel moi importante incluso na definición de proxectos estratéxicos para o concello como son os propios orzamentos.

Agora estamos inmersos nun proceso de supostos orzamentos participativos, onde vai estar, exclusivamente, restrinxido a pouco máis dun millón de euros do capítulo de investimentos, nos que cremos que xa é unha oportunidade para ter un ámbito de consulta, de participación, de posta en común, non só en investimentos, senón pois en política social, política educativa, política cultural, e que os diferentes axentes sociais, e os representantes da veciñanza e dese tipo de colectivos, pois poidan opinar, poidan aportar a respecto de cáles deben ser as prioridades de actuación do propio concello.

Polo tanto, nos o que queremos facer é a través desta proposición é instar ao grupo de goberno para que todos aqueles consellos que aínda non estean constituídos se constitúan e se poñan en funcionamento pois no menor tempo posible.

Alcalde: Moitas grazas Ruben, Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: O ROF configura os consellos de participación municipal sectorial como os órganos municipais que teñen a finalidade de canalizar a participación das asociacións sectorialmente.

Ofrecen así un espazo para tratar asuntos municipais relativos a un específico sector de actividade.

Trátase verdadeiramente, o ten que tratarse de dotar eses espazos participativos xerados dunha función que vaia máis aló da meramente informativa que outorga á cidadanía capacidade de influencia real en toma de decisións e mesmo, que se lle recoñeza o dereito a codecidir ou a decidir.

Neste sentido Compostela Aberta no seu programa electoral expón no reto dous, crear cidadanía mediante democracia participativa con varias liñas estratéxicas e accións.

Así se compromete Compostela Aberta no programa electoral a elaborar unha carta de dereitos de veciños e veciñas para garantir a participación e a decisión da veciñanza.

A crear unha delegación de participación cidadá para dar resposta a transversalidade que ten a democracia participativa.

En cada distrito se compromete a crear o Consello de distrito e a asemblea de distrito.

Se compromete a crear observatorios locais de participación para determinar a situación da realidade participativa no distrito ao que se lle vencelle.

Se comprometen a crear xuntas municipais de distrito.

Se comprometen a crear os consellos sectoriais, particularmente cito os de saúde, educación, mocidade, igualdade, persoas con diversidade funcional, persoas migrantes, infancia e adolescencia.

Se compromete a que o consello municipal de cidadanía sexa o órgano de participación cidadá que analiza a situación do Concello de Compostela en toda a súa extensión, e se compromete a crear a asemblea de concello como máxima estrutura de participación cidadá de Compostela.

De todo o anterior, se teñen constituído efectivamente, o Consello Municipal de Relacións Veciñais, o Consello Municipal de Saúde, o de Medio Ambiente, o agora anunciado de Turismo, e se teñen convocado o de Relacións Veciñais e o de Saúde.

Con respecto aos Consellos Municipais Sectoriais, nos entendemos, máis aló da proposta do Bloque Nacionalista Galego, que é necesario que o grupo de goberno de Compostela Aberta, presente no próximo pleno de xullo, un calendario de constitución e convocatorias ordinarias dos diferentes consellos municipais.

Así como un calendario para o cumprimento de todos os compromisos adquiridos no programa electoral para o cumprimento do reto dous, crear cidadanía mediante a democracia participativa.

Xa transcorreu a cuarta parte do mandato popular que vai de 2015 ao 2019, e o certo é que no tema de participación o nivel de cumprimento do programa de Compostela Aberta está lonxe da realización da cuarta parte dos seus compromisos.

O noso voto é favorable á proposición do Bloque Nacionalista Galego, na espera de que isto supoña unha activación do grupo de goberno de Compostela Aberta, para asumir o cumprimento das súas promesas electorais, no ámbito da participación cidadá.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas señor Paco Reyes, Manuel.

Don Manuel Martínez Varela: Alcalde, concelleiros e concelleiras.

Vou ser moi breve, nós non vemos nada negativo nesta proposición e polo tanto imos apoiar a mesma.

Alcalde: Moitas grazas, Marta Lois.

Dona Marta Lois González: Boa tarde alcalde e compañeiros e compañeiras da corporación.

Respecto desta proposición dicir que o grupo de Compostela Aberta vai votar a favor, pero vou facer unha serie de consideracións en relación á proposición do Bloque Nacionalista.

Efectivamente dentro das nosas prioridades e do noso programa, como dicía tamén o señor Paco Reyes, está a participación, e é importante recordar ese histórico, se botamos a vista atrás nos últimos anos, podemos dicir, que o conxunto dos Consellos municipais do Concello de Santiago foron esmorecendo absolutamente todos, tanto no último mandato, como case a finais do penúltimo mandato.

Deses catorce consellos municipais, o desafío que atopamos ao chegar ao goberno, pois é reactivalos, e ese é o noso compromiso.

Apostamos por unha reactivación gradual, progresiva e sostible dos mesmos.

Deses catorce como dicíamos antes, hai cinco, tres que xa están constituídos e outros dous de maneira inminente nas vindeiras semanas.

O Consello de relacións veciñais se constituíu o 26 de novembro de 2015.

O Consello de medio ambiente constituíuse o 8 de xuño de 2016.

O Consello de saúde o 19 de xaneiro.

E o Consello municipal de turismo e o Consello municipal de educación están a piques de constituírse.

No eido da educación, a parte do Consello de educación está previsto o observatorio municipal da convivencia escolar, tamén, agardemos que para setembro e o Consello municipal da infancia.

Hai unha media polo tanto, arredor duns cinco ou seis anos, de inexistencia deste espazo participativo, e entendemos que son necesarios e imprescindibles.

Dito isto, tamén hai que ser conscientes do esforzo que significa tanto interno como externo poñer en activo novamente estes consellos municipais, e interno, tanto dende o punto de vista político, porque moitos deles requiriron ou están a requirir tamén un repaso, unha modificación dos propios regulamentos dos consellos, para facer dos mesmos a que teñen un carácter máis inclusivo.

De feito o Regulamento de consello de medio ambiente, do consello de turismo e de educación, están inmersos nestes procesos.

Estamos de acordo co Bloque Nacionalista Galego, en que os consellos, ou a participación en si mesmo nestes consellos significa fundamentalmente ampliar a calidade da propia implementación ou xestión das políticas locais, aumentar a transparencia na xestión local, permitir maior concreción nos obxectivos políticos, render contar, poder fiscalizar, poder acadar acordos, e supervisar eses acordos, pero iso hai que facelo da man do tecido asociativo, do tecido veciñal, e polo tanto, da propia veciñanza, e esixe un esforzo, e nos entendemos que ese esforzo hai que facelo gradual, porque moitas destas organizacións están requiridas ou interpeladas para que formen parte de todo ese conxunto importante e necesario de consellos, cremos que ten que ser gradual como dicía antes e sostible no tempo.

Outra das reflexións que acompaña á necesidade de pensar na participación e que Compostela Aberta, o grupo de goberno de Compostela Aberta, cando fala de participación entende que a maneira de levala a cabo, é atendendo ás diferentes dimensións ou canles para participación, precisamente, se citaron os orzamentos participativos, son os orzamentos participativos nesta nova ferramenta onde, tamén, Compostela Aberta está impulsando a necesidade de falar de participación e de participación política de calidade, canles vinculadas ás novas tecnoloxías, aos mecanismos dixitais de participación, e polo tanto, hai unha multidimensión da participación que hai que ir pasiño a pasiño poñendo enriba da mesa, e enriba desta cuarta parte de lexislatura.

Levamos un ano, levamos doce meses, e están cinco consellos municipais empezando a dar os seus primeiros pasos e agardamos que o vindeiro ano, se poidan activar os seguintes.

A maiores hai algún consello, como o consello sectorial de familia, benestar social e igualdade, que así foi no seu día fusionado polo Partido Popular, e o goberno de Compostela Aberta estamos tamén nestes últimos meses, no proceso precisamente de poder dividilo, ou volver a recuperar os consellos, por exemplo o consello das mulleres

e o consello de políticas sociais ou benestar, con independencia deste consello conxunto.

Nada máis, votamos a favor, e entendemos que é un proceso gradual, sostible e necesario para fomentar a participación.

Alcalde: Grazas Marta, queres engadir algo Rubén?

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas alcalde, eu entendo que é un proceso gradual, entendo que houbo un período de demasiados anos, onde a maioría destes consellos pois por desgraza estiveron absolutamente inactivos, ate o punto de nin tan sequera chegarse a constituír, máis entendo que ten que ser un proceso tamén acotado no tempo.

Eu creo que un ano é un prazo razoable para que os departamentos se poñan un pouco ao día, e eu creo que é un tempo razoable aspirar que os consellos que se entenda que teñen que seguir existindo, e que teñen que seguir funcionando, pois que se activen, porque o primeiro paso para que se poidan dinamizar é que se constitúan.

Entón, nese sentido, e vinculado ao outro debate que se plantexaba dos orzamentos participativos, eu creo que aquí hai un ferramenta que ten un grande potencial e que non se ten sacado todo o rendemento que realmente se lle podería sacar.

Para empezar os consellos de participación son gratuítos, non hai que externalizar nada, son colectivos veciñais.

Segundo practicamente están todos os departamentos do concello teñen o seu homólogo en consello de participación, algúns departamentos son varios, outros pois van agrupados, en calquera caso, eu creo que o que xa é moi positivo de por si, que ámbitos onde non vai chegar ese proceso de debate de orzamentos participativos, si que chegan os consellos de participación, por poñer un exemplo, no proceso que está agora mesmo estipulado de orzamentos participativos, se eu estou interesado na política medio ambiental, non vou poder opinar de política medio ambiental, eu podo opinar de como se debe gastar un millón e pico de euros de investimentos, pero non vou opinar en canto se vai gastar en campañas de sensibilización medio ambiental, por poñer un exemplo.

Agora se eu formo parte do Consello de medio ambiente, porque son unha entidade ecoloxista e a min se me convoca a ese consello e o concelleiro di mira no anteproxecto de orzamentos pois vamos ter x euros para o departamento, vamos a distribuílo así, como o vedes, que opinades, pois aí hai un primeiro chanzo que non é menor.

O outro día había unha entidade que dicía que os acordos do Consello debían ser vinculantes, e que o consello, bueno eu xa non vou tanto, outra cousa é que o que si que

poden ser é preceptivos, eu con iso estou de acordo, antes de aprobar uns orzamentos o anteproxecto hai que pasalo polos consellos de participación.

Por exemplo, Consello de relacións veciñais, pois todo o capítulo de investimentos non só ese millón de euros, que opinan as entidades veciñais da cidade sobre iso, por suposto non é vinculante, hai un goberno que esta elixido para gobernar, pero polo menos que si que sexa preceptiva a opinión deses organismos.

Entón nese sentido nós ao que instamos é a que se poidan constituír o antes posible, e que se lles dea esa funcionalidade, porque eu creo que tamén un dos problemas que tiveron algúns consellos, que tamén desanima á participación, entender que despois non se materializa nada, e que as achegas que se fan en determinados consellos quedan en nada, entón a xente tamén ten que ver que os consellos son funcionais, e que implican, aínda que non sexan formalmente vinculantes.

En calquera caso, nos alegrámonos de que se poida aprobar esta proposición, e en calquera caso, agardamos que no menor tempo posible, pois os consellos que aínda están activados, pois que se poidan activar.

Alcalde: Moitas grazas Rubén, Paco, Manuel, Marta.

Dona Marta Lois González: Só unha última cousa da que me esquecín antes.

Tamén temos que ser conscientes que efectivamente a participación é un esforzo e unha aposta necesaria tamén pola transparencia e pola xestión política local, pero catorce consellos municipais, se os quixeramos convocar cada tres meses, significaría practicamente que teríamos que convocar un consello municipal cada semana, entón, eses son os importantes desafíos que tamén os temos que valorar no conxunto do propio proceso, é dicir, sobre de todo non tanto de cara nos que estamos aquí mandatados e polo tanto como persoas responsables públicas, temos a obriga de estar neles, senón no que é o tecido asociativo e veciñal da cidade, que son catorce consellos, entendo que a responsabilidade de facer un proceso por etapas de longo alcance é necesario, lóxicamente, pero tamén atendendo a eses perigos que significa moitas veces convocar de maneira moi constante e regular ao tecido veciñal e asociativo para un número tan substantivo de consellos.

Con todo isto, non estou dicindo que haxa, nin moito menos, abolilos, só ser conscientes de que esixe un esforzo participativo grande.

Alcalde: Entendo que por unanimidade señor secretario.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda promover a constitución e dinamización dos Consellos Municipais, que restan por constituír dos existentes en mandatos anteriores, como órganos de consulta e debate coa maior brevidade posible.

10. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2015.

Dáse conta do Decreto de liquidación do orzamento do ano 2015, de data de 31 de maio de 2016, cuxo contido é o que a seguir se transcribe:

“De conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2015 de acordo co informe de Intervención, segundo o seguinte detalle:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO

1. OPERACIONES NON FINANCEIRAS	CONCELLO
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES	91.932.781,86
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES	75.885.535,47
<i>(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓN CORRENTES</i>	<i>16.047.246,39</i>
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES DE CAPITAL	3.293.699,93
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONES DE CAPITAL	9.857.088,14
<i>(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓN DE CAPITAL</i>	<i>-6.563.388,21</i>
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	95.226.481,79
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	85.742.623,61
<i>1.3 RESULTADO OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)</i>	<i>9.483.858,18</i>
2.- ACTIVOS FINANCEIROS	
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	76.182,99
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	66.953,86
<i>2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)</i>	<i>9.229,13</i>
3.- PASIVOS FINANCEIROS	
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.976.081,86
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	3.877.455,02

3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	-901.373,16
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	98.278.746,64
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	89.687.032,49
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	8.591.714,15
AXUSTES	
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	361.332,11
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	3.540.687,66
6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	2.879.342,48
(4+5-6) TOTAL AXUSTES	1.022.677,29
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+4+5-6)	9.614.391,44

B) REMANENTE DE TESOURERÍA

	CONCELLO
1.- FONDOS LIQUIDOS	17.773.687,59
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	32.718.151,30
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	7.069.483,06
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	25.157.065,86
2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	491.602,38
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	17.357.064,36
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	8.886.110,48
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	217.467,88
3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	8.253.486,00
4.- PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	-587.329,49
4.1 COBROS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	602.357,91
4.2 PAGOS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	15.028,42
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3+4)	32.547.445,04
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	17.633.932,97
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	9.495.696,76
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	5.417.815,31

SEGUNDO: Aprobar a liquidación do Orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia, correspondente ó exercicio 2015 segundo proposta formulada pola Directora- Xerente en funcións do Auditorio, de conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da

Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, e de acordo co informe de Intervención, segundo o seguinte detalle:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO

1. OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES	2.620.537,03
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES	2.569.559,09
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓNES CORRENTES	50.977,94
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	0,00
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	2.157,08
(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓNES NON FINANCEIRAS	-2.157,08
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.620.537,03
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.571.716,17
1.3 RESULTADO OPERACIÓNES NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	48.820,86
2.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0,00
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0,00
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	0,00
3.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0,00
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0,00
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	0,00
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	0,00
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.620.537,03
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.571.716,17
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	48.820,86
AXUSTES	0,00
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	0,00
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	0,00
6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	0,00
(4+5-6) TOTAL AXUSTES	0,00
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+4+5-6)	48.820,86

B) REMANENTE DE TESOURERÍA

--	--

1.- FONDOS LIQUIDOS	430.195,50
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	462.469,81
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	348.392,91
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	96.664,74
2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	17.412,16
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	631.608,62
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	441.471,36
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	0,00
3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	190.137,26
4.- PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	-8.768,74
4.1 COBROS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	12.922,60
4.2 PAGOS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	4.153,86
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3+4)	252.287,95
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	53.532,87
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	0,00
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	198.755,08

TERCEIRO: Aprobar o resultado orzamentario e o remanente de tesourería consolidado segundo o seguinte detalle:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO

1. OPERACIONES NON FINANCEIRAS	CONCELLO	AUDITORIO	TOTAL	AXUSTES	CONSOLIDADO
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES	91.932.781,86	2.620.537,03	94.553.318,89	-1.085.246,37	93.468.072,52
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES	75.885.535,47	2.569.559,09	78.455.094,56	-1.085.246,37	77.369.848,19
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓNS CORRENTES	16.047.246,39	50.977,94	16.098.224,33		16.098.224,33
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES DE CAPITAL	3.293.699,93		3.293.699,93		3.293.699,93
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONES DE CAPITAL	9.857.088,14	2.157,08	9.859.245,22		9.859.245,22
(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓNS DE CAPITAL	-6.563.388,21	-2.157,08	-6.565.545,29		-6.565.545,29
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	95.226.481,79	2.620.537,03	97.847.018,82		96.761.772,45
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	85.742.623,61	2.571.716,17	88.314.339,78		87.229.093,41
1.3 RESULTADO OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	9.483.858,18	48.820,86	9.532.679,04		9.532.679,04
2.- ACTIVOS FINANCEIROS					
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	76.182,99		76.182,99		76.182,99
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	66.953,86		66.953,86		66.953,86
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	9.229,13	0,00	9.229,13		9.229,13
3.- PASIVOS FINANCEIROS					

3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.976.081,86		2.976.081,86	2.976.081,86
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	3.877.455,02		3.877.455,02	3.877.455,02
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCIEROS (3.1 -3.2)	-901.373,16	0,00	-901.373,16	-901.373,16
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO				
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	98.278.746,64	2.620.537,03	100.899.283,67	99.814.037,30
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	89.687.032,49	2.571.716,17	92.258.748,66	91.173.502,29
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	8.591.714,15	48.820,86	8.640.535,01	8.640.535,01
AXUSTES			0,00	0,00
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	361.332,11		361.332,11	361.332,11
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	3.540.687,66		3.540.687,66	3.540.687,66
6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	2.879.342,48		2.879.342,48	2.879.342,48
(4+5-6) TOTAL AXUSTES	1.022.677,29	0,00	1.022.677,29	1.022.677,29
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+4+5-6)	9.614.391,44	48.820,86	9.663.212,30	9.663.212,30

A) REMANENTE DE TESOURERÍA

	CONCELLO	AUDITORIO	CONSOLIDADO
1.- FONDOS LIQUIDOS	17.773.687,59	430.195,50	18.203.883,09
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	32.718.151,30	462.469,81	33.180.621,11
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	7.069.483,06	348.392,91	7.417.875,97
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	25.157.065,86	96.664,74	25.253.730,60
2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	491.602,38	17.412,16	509.014,54
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	17.357.064,36	631.608,62	17.988.672,98
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	8.886.110,48	441.471,36	9.327.581,84
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	217.467,88	0,00	217.467,88
3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	8.253.486,00	190.137,26	8.443.623,26
4.- PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	-587.329,49	-8.768,74	-596.098,23
4.1 COBROS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	602.357,91	12.922,60	615.280,51
4.2 PAGOS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	15.028,42	4.153,86	19.182,28
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3+4)	32.547.445,04	252.287,95	32.799.732,99
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	17.633.932,97	53.532,87	17.687.465,84
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	9.495.696,76	0,00	9.495.696,76
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	5.417.815,31	198.755,08	5.616.570,39

CUARTO: De conformidade co previsto no artigo 193.4 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais dese conta ó Pleno, remitíndose información correspondente ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e á Comunidade Autónoma.”

11. DAR CONTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CÁMARA DE COMERCIO E USC, NO CONSELLO MUNICIPAL DE TURISMO.

O Pleno queda coñecedor da designación de representantes no Consello Municipal de Turismo por parte da:

USC: Don Pablo Sampedro Magán e Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Cámara de Comercio: Don Juan José Maril Pardo e Dona Carme Eixo Blanco.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do 3 ao 27 de maio de 2016 (núms. 2789 ao 3387).

Así mesmo, tamén se da conta das actas da Xunta de Goberno, correspondentes ás seguintes sesións:

Acta sesión ordinaria do día 6 de maio de 2016 (Núm. 32).

Acta sesión ordinaria do día 13 de maio de 2016 (Núm. 33).

Acta sesión ordinaria do día 20 de maio de 2016 (Núm. 34).

Acta sesión ordinaria do día 27 de maio de 2016 (Núm. 35).

Acta sesión extraordinaria e urxente do día 1 de xuño de 2016 (Núm. 36).

13. COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA, BRANCA NOVO REY, ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO DÍA 19 DE MAIO DE 2016.

Alcalde: Lembro que a comparecencia pode ser un máximo de dez minutos. Primeiro a xustificación da solicitude, dez minutos, e logo a réplica.

Secretario: Primeiro sería unha exposición do grupo político, dun dos/as concelleiros/as autores da iniciativa por un tempo máximo de cinco minutos, co obxecto exclusivamente de precisar as razóns que motivan a comparecencia e formular as preguntas nas que se concrete aquela.

Despois terá lugar a intervención do comparecente polo tempo que fixe a Presidencia, que non poderá exceder de dez minutos.

Despois terá lugar unha intervención dos representantes dos grupos políticos por un tempo máximo de cinco minutos cada un para fixar posicións, facer observacións ou formular preguntas.

E despois a contestación a todos eles da comparecente por un tempo máximo de dez minutos.

Esta recollido así literalmente no artigo 112 do ROM.

Alcalde: Señor Rubén Cela.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde, eu creo que non fai falta tanto tempo, dende logo ao noso grupo non, e eu incluso podo intentar facer as dúas intervencións nunha única, porque nos realmente máis que pedir explicacións, o que queremos é pedir unha solución.

Somos conscientes dos problemas xurídico-laborais que existen na rede de centro socioculturais, máis entendemos que iso non pode ser a escusa, máis ben todo o contrario, pois para manter este servizo nunha situación irregular.

Estamos a falar dun concurso público de máis dun millón e medio de euros, estamos a falar dun número moi importante de traballadores e traballadoras, de actividades, de usuarios e de usuarias, de centros implicados e todo iso actualmente nunha situación anómala e que non ten un soporte legal e contractual.

Eu creo que iso non é sostible no tempo, dende logo no traspaso de poderes, na documentación que se lles fixo entrega a todos os grupos, incluído o noso, onde se facía unha relación dos servizos que actualmente estaban externalizados no concello aparecía claramente que a xestión dos centros socioculturais tiña data de caducidade no mes de marzo do ano seguinte, é dicir, nove meses despois, e que ademais non era prorrogable, porque ese contrato xa estaba prorrogado.

Entón, houbo nove meses para tomar decisións, a decisión podía ser volver a facer unha licitación en termos idénticos ou moi parecidos, podía ser sacar unha licitación en termos totalmente diferentes e novos adaptados pois os criterios políticos dun novo goberno, podía ser un intento de remunicipalización, podían ser moitas vías.

Creo que a única vía que non era admisible e deixar que rematara ese período, e non ter unha solución polo menos para darlle unha estabilidade e unha legalidade.

En segundo lugar, a min hai tres cousas que me preocupan:

A primeira, creo que foi a concelleira quen falaba de intentar normalizar esta situación a principios de curso, entón agora mesmo, para que isto puidera estar solucionado no mes de setembro, pois xa iríamos no fio da navalla, polo importe desta licitación, si se mantén un criterio de seguir sacando a concurso público e por unhas contías similares, pois precisa saír no Diario de Comunidades Europeas, e iso xa estamos falando pois de entre dous meses e medio, que neste caso sabemos que máis ben serán tres meses, tres meses e medio.

Entón para comezar o curso agora mesmo con esa situación regularizada, pois xa vamos un pouco apretados de tempo, e polo tanto, pois cremos que é moi importante, acelerar o máximo posible ese proceso.

En segundo lugar, tamén creo que é importante, clarificar algúns aspectos, sobre algúns dos traballos que se están a prestar.

Nos temos a impresión de que algúns traballos que se están a facturar, estaban xa inseridos no propio contrato, eu iso nunca o puiden contrastar, porque pedín por escrito ate en dúas ocasións a propia oferta da empresa que gañou esa licitación, para saber exactamente o que ofertaban, porque saben que unha vez que ti presentas esa oferta e vai asinada pois ten carácter contractual, e polo tanto ver, tanto nas melloras como na proposta técnica da empresa que gañou esa licitación, que é o que ofertaban, e que era o que non ofertaban para poder ser cotexado, iso ate agora non o puidemos facer, porque non nos foi facilitado ese contrato, entre outras cousas, porque o que se nos ten transmitido verbalmente, e que non atopan ese contrato, cousa que me parece un pouco sorprendente, cando menos, e en calquera caso, creo que iso é unha cuestión que habería que por negro sobre branco.

E por último e para non alongar máis isto, creo que tamén sería moi importante, que nesa nova licitación, ou na solución que se lle dea se incorpore o centro sociocultural do Romão.

O tema do Romão, eu creo que é unha cuestión que tampouco é sostible no tempo, é unha obra que tiña que estar xustificada, entregada, e xa posta a disposición dende xaneiro do ano 2015, que está o mobiliario comprado, xa non me lembro, dende cando, e que debería estar inserido xa nesa nova licitación ou no que teñan previsto, pero incorporado á rede de centros socioculturais.

Iso é todo.

Alcalde: Grazas Rubén, Dona Branca a súa quenda.

Dona Branca Novo Rei: Boa tarde a todos e a todas.

Dende o goberno de Compostela Aberta, queremos facer as cousas ben, e para evitar consecuencias como as que nos últimos anos teñen derivado nun prexuízo económico para o Concello de Santiago, ou o que é o mesmo para a súa cidadanía, e foi durante o anterior mandato do goberno do Partido Popular, coa incorporación no ano 2012 de traballadores da empresa concesionaria á plantilla municipal sen as garantías necesarias de igualdade, mérito e capacidade no acceso profesional á mesma.

A porta de atrás para iniciados, erro que a sociedade compostelá non permite, nin esquece.

Toda proposta necesita dun marco, dun encadre, e fagamos memoria, o servizo de dinamización cultural que é polo que comparezo externalizouse no ano 2004, cun goberno, neste caso bipartito, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Máis vaíamos aínda máis atrás no tempo, ao inicio da década dos 90 foi cando naceu o primeiro centro, o do barrio de Vite, barrio histórico da nosa cidade, barrio de traballadores.

Co mesmo centro de Vite, como proxecto piloto, iniciouse un proceso multiplicador de réplica que deu lugar unha amplísima rede de centros socioculturais, hoxe 43 centros, por causa de dous motivos fundamentais:

O crecemento urbano, coa aparición de novos equipamentos vencellados aos diferentes barrios e as novas zonas da cidade, para darlles servizos municipais de proximidade, para que non haxa cidadáns de primeira e de segunda.

Despois, e efectivamente isto hai que telo en conta, a relación estreita coas asociacións veciñais, polo seu posicionamento activo na construción do territorio e da comunidade, e moitas veces, cunha moi boa interlocución cos gobernos municipais.

O concello aproveitou esta estrutura inicial para dar novos usos a edificios antigos como son estacións de tren, casas de campo, escolas unitarias, entre outros de variada natureza e desenvolveu tamén novas construcións, novas infraestruturas vencelladas a vecindarios de nova creación e construción, eran outros tempos, moi bos tempos, e tamén edificios con proxectos arquitectónicos moi singulares.

Esta rede heteroxénea e diversa en estrutura e forma comezou a ser cuestionada coa entrada na crise económica e a implosión do orzamento municipal, e así no ano 2010

que se impulsou unha proposta de reestruturación da rede co obxectivo de ordenar por tipoloxías aos centros, en función dos servizos que o concello se comprometía a prestar en cada un deles.

E comezou nese mesmo momento a percibirse como unha rede custosa, cara para as arcas municipais, polo seu elevado custe de mantemento e gasto corrente.

Análise que non é compartida por nós, máis que en perspectiva xa se sabe, que é máis difícil opinar dende a distancia.

Nos hoxe queremos mudar as formas e fondo das políticas socioculturais de proximidade da cidade, das políticas locais de acceso, coa nosa aposta programática que hoxe é de goberno, de democratización da cultura, e de participación cidadá, que entendemos como horizonte de acción desta rede, que son as novas formas de xestionar e tramar experiencias coa veciñanza.

É por iso, polo que proporemos nos pregos unha nova tipoloxía de centros, baseada nunha configuración da rede en novas metodoloxías de traballo, e isto por unha necesidade central a actualización da rede de centros socioculturais é totalmente prioritaria para poder construír unha realidade cultural, dinámica e participada en Compostela.

Atopamos durante este primeiro ano unha falta de datos, de información, de traballo de recollida, de xestión, para ordenar a acción política impropia deste tempo.

Herdanzas tamén sorprendentes, resistencias, inflexibilidade nas formas e no fondo, é un conflito laboral larvado derivado, por non dicir, arbitrario dunha falta de operatividade de distinción entre as funcións do persoal municipal e da concesión, que derivou na anterior situación de cesión ilegal de traballadores á que me refería, a porta de atrás.

Un dos problemas máis graves, para os que cremos nas administracións e nos bens públicos e na igualdade e na xustiza.

Non estivemos descansando, estivemos preparando camiño para este desafío que sabiamos certo con experiencias de piloto de resultados ilusionantes, e o desenvolvemento de estudos, tivemos que facer unha amplísima diagnose da rede de centros socioculturais.

Tamén tivemos que por en marcha ferramentas de información, e de seguimento, e de monitorización da rede para recadar datos, datos, percepcións reais de como se pode gobernar, obedecendo o mandato popular, efectivamente.

E así que o goberno de Compostela Aberta, hoxe está a actualizar e a mellorar a prestación do servizo facendo unha fonda de revisión adaptada ás novas necesidades e intereses da cidadanía compostelá.

As novas liñas programáticas que estarán efectivamente nos pregos, derivadas desta perspectiva crítica son a participación cidadá, a interacción social, a economía ecolóxica e social, as tecnoloxías, os coidados e a cultura e as artes, podería ampliar efectivamente cada liña, pero bueno, penso que non vou ter tempo, e quero ir ao concreto.

Durante este ano introducimos todos estes elementos a través de proxectos piloto, como antes referín, e vou nomealos, abrimos todos os domingos que era unha necesidade na rede, todos os domingos de novembro cunha programación para o público familiar, infantil, e que tivo unha gran acollida.

Foi un programa piloto para saber que realmente si os centros socioculturais poden abrirse os domingos en Santiago.

Impulsouse tamén a participación en proxectos europeos, cousa que non sucedera neste departamento para vertebrar o territorio a través dos centros e os locais socioculturais do rural que son a nosa prioridade, e conectalos co centro e a rede da cidade a través de micropolíticas baseadas no ecolocalismo e nos novos usos da terra.

Tamén introducimos accións formativas e mediación cultural para persoal municipal e para colaboradores e axentes culturais.

Abrimos, iso si, un centro sociocultural o da Caramoniña, que era un centro durminte, e cun proxecto que desenvolvemos transversalmente, porque nos consideramos que efectivamente o repensamento da rede de centros ten que vir tamén pola transversalidade, traballamos con promoción económica, e hoxe en día, ese é o primeiro centro maker que hai en Galicia, non só en Santiago.

Tamén apostamos polos roteiros culturais, por talleres de agroecoloxía, e pensamos que efectivamente dentro da rede de centros, o espazo rural, a estrutura rural, pois foi abandonada nos últimos anos.

E polo coñecemento de artellar actividades, non só nos centros de proximidade, senón que estes conecten, e que impliquen un coñecemento de Compostela e de toda Compostela.

É dicir introducimos novas formas coas que logremos transformar unha rede con xerarquías, moitos problemas de saúde participativa, nunha rede distribuída en código aberto.

Transformar iso si, a rede de forma global, polo seu tamaño 43 centros, e con dinámicas derivadas da xestión pasiva da mesma.

Absorción de novos procesos é complexo, e unha abordaxe global sería inoperativa, senón introducimos novas formas de xestión en diferentes lugares da rede, e é así, porque acreditamos que a misión da institución municipal non debe de ser de emisor da programación, senón debe de ser de facilitador da mesma.

De aí que acreditamos efectivamente, que ten que haber un traslado e unha xestión en certo tipo de espazos delegada.

Acreditamos na filosofía colaborativa para repensar a rede de centros que defende que a institución tense que facer cargo das necesidades de mantemento e das posibilidades óptimas, para que sucedan cousas, pero que suceden porque as decide a cidadanía, non porque as decida o espazo político e técnico exclusivamente.

Acreditamos na coexistión, na xestión participada, ese traslado de potencialidade, de decisión aos veciños e veciñas, penso que na rede de centros hai moitos colectivos que quedaron fora por ser críticos, e a idea é que entren, que entren novos colectivos e que entren novos usuarios, non quedar cos que xa temos, senón amplíalos.

Para rematar, estamos a introducir novos modelos de xestión que permiten a participación efectiva e o control das usuarias e usuarios, da calidade do servizo, necesitamos monotorizalos.

Comentarvos que onte abrimos a Casa da Xuventude, que agora é de titularidade municipal, baixo esta filosofía, da filosofía da institución como facilitadora dun proceso que vai suceder segundo decida a plataforma que salvou ese edificio do derrube, as asociacións da zona, a universidade coa que asinamos un convenio en prácticas para formación, as asociacións de veciños e numerosos axentes colaboradores implicados que son os salvadores reais da casa.

Alcalde: Vai rematando Branca, porque despois aínda tes unha segunda quenda.

Dona Branca Novo Rei: Indo xa ao final do que quería trasladar, e que no espazo político que compartimos, acredito e propoño neste momento, a creación dunha comisión informativa non permanente que acompañe o proceso de licitación, co obxectivo de transparentar historicamente e de abrir todas e cada unha das fases e

informacións que deriven de dito proceso e da situación iniciada no ano 2004, sobre a privatización e externalización do servizo que o goberno herdou o 13 de xuño de 2015.

Durante estes meses pedín numerosos informes aos servizos de contratación, informes económicos, xurídicos, técnicos, co obxectivo de facer unha acaída proposta de xestión que evite os erros do pasado para maximizar tamén o traballo feito, e tendo en conta o esforzo, o amplo e forte esforzo económico que supón para o Concello de Santiago este servizo.

Pechar, con que realmente, os nosos veciños e os nosos barrios, e a nosa cidade, merecen, merecen un repensamento profundo da rede e deixar atrás unha época escura e de dirixismo no noso departamento de centros socioculturais.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas Branca, empezaría a quenda Rubén cinco minutos.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Seguramente eu, seguramente explícome fatal, porque a ver, e a verdade é que non é unha deformación como economista, nin son precisamente unha persoa insensible a todo o que teña que ver co tecido cultural e co tecido asociativo, máis ben todo o contrario.

Eu creo que a rede de centros socioculturais de Santiago en moitos aspectos, a pesar de que coincido, en que ten moitas sombras, creo que son máis as luces, e que ten tido unha importancia moi importante na vertebración de barrios, de parroquias, e en todo o que ten que ver coa divulgación cultural e asociativa na cidade, dito iso.

Eu non cuestiono en absoluto a orientación cultural e política que se lle queira dar á rede de centros socioculturais, nin sequera cuestiono, fíxese, a formulación administrativa que se lle queira dar, non estou a plantexar iso.

Eu o que plantexo é un problema concreto, de índole administrativa e tamén política, pero fundamentalmente administrativa, incluso xurídica.

A min non me gustaría estar sentado diante dun xuíz, preguntándome por isto, a min non, por qué, pois por unha cuestión moi sinxela, este contrato é de máis dun millón e medio de euros, si prorrateamos ao mes son máis de cen mil euros ao mes.

En calquera caso, dáme igual. O que quero dicir, é que agora mesmo esteamos prestando un servizo dese tipo sen ningún tipo de soporte contractual, iso non pode ser,

quero dicir, iso crea unha inseguridade xurídica aos traballadores e ás traballadoras brutal, á empresa brutal, aos usuarios brutal, e eu dende logo, se fose o responsable dese departamento, pois non durmiría demasiado tranquilo a ese respecto.

Entón, eu o que digo é que hai que resolvelo xa, e resólvano como queiran, liciten un concurso público, como se facía antes, déanlle a volta como se fora un calcetín e poñan todas as cláusulas que queiran nese concurso público, fraccionen, e dividan, porque entenden que non hai que sacalo todo xunto, intenten remunicipalizar si queren remunicipalizar fagan o que estimen oportuno que para iso son o goberno, eu niso non me vou meter, metereime cando haxa unha proposta concreta e opinarei como opinamos en todos os aspectos que teñen que ver co concello.

Eu o único que plantexo é que dende o mes de marzo isto está sen soporte contractual, e que pola característica do contrato en setembro tampouco vai estar, ou polo menos para principios de curso.

Entón, déanse presa, a min paréceme estupendo que sexa participativo, que se conte con todo o mundo, que se creen as comisións que se queiran, pero o único que digo é unha cuestión de tempos, cando cheguemos a setembro levaremos seis meses sen soporte contractual. Entón, eu creo que iso non é bo para ninguén.

Eu entendo, comparto e subscribo de que é un problema moi difícil, é un problema moi difícil, eu iso non llo cuestiono.

O que creo é que nestes nove meses, polo menos algunha cousa concreta para poder materializar ao día seguinte do remate do contrato, creo que si debería estar posta enriba da mesa.

Unha vez que iso non foi así, polas razóns que foran, eu o que plantexo, é que se resolva isto o antes posible.

E a respecto do resto das cuestións que plantexaba a concelleira, pois xa iremos falando a medida en que se vaian concretando, como vai ser a formulación desa nova contratación, como vai ser a formulación se vai seguir sendo unha externalización deste tipo ou doutro, se vai todo nun paquete ou vai en diferentes paquetes, e que tipo de enfoque se lle quere dar ao conxunto da rede.

Eu de verdade coñezo e sei, que é unha problemática que non é doada de abordar, pero creo que a solución non é que vaian pasando os meses, e que se vaia facendo con isto unha bola de neve, que ao final creo que non é bo para ninguén, dende logo non é bo para os traballadores, non é bo para os usuarios, e creo que non é bo para o concello.

Alcalde: Grazas Rubén, Paco Reyes, Gonzalo Muíños.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boa tarde de novo.

Realmente quedei abraiado coa exposición pois que fixo aquí a concelleira, con esta nova tipoloxía que vamos ter, eu xa non sei se vou poder entrar no centro sociocultural, a min méteme medo neste momento.

Imos ao tema, a rede de equipamentos de uso comunitario do Concello de Santiago, pois está integrada como se dicía por máis de corenta centros e locais sociais, en xeral de titularidade municipal, onde se veñen organizando distintas actividades, culturais, de tempo de libre, promoción social, saúde, etc. Coa fin de fomentar a convivencia da veciñanza a través de programas de ocio, sociais e de aprendizaxe.

Estes centros abertos á participación, cumpren un importantísimo papel no fomento da convivencia entre as veciñas e veciños e a súa integración social, así como na dinamización do asociacionismo.

Debemos recordar que o que motiva a solicitude de comparecencia da concelleira de centros socioculturais neste pleno, é o incumprimento por parte do executivo de Compostela Aberta do Regulamento Municipal do Pleno, pois o grupo municipal do BNG presentou varias preguntas ao respecto que non lles foron contestadas en tempo e forma.

Esta práctica de opacidade propia do goberno do Partido Popular cando tiña a alcaldía, dificulta o labor de control e fiscalización da oposición, e non parece o mellor exemplo de transparencia que tanto pregoaba Compostela Aberta na campaña electoral.

Constátase así un incumprimento máis do seu programa electoral.

Como incumprimento é que os centros socioculturais estean funcionando sen contrato dende o 14 de marzo deste ano, incumprimento, falta de previsión e de xestión señora concelleira, porque vostede sabía dende a súa toma de posesión cando remataba o contrato coa empresa que presta o servizo nestes centros, e tempo tivo para convocar o proceso de concurso público, ou ben, cumprir o seu programa de estudar a súa municipalización.

Non nos parecen admisibles as declaracións dadas polo alcalde a respecto dos motivos, polos que se está a aprobar recoñecementos extraxudiciais de crédito para pagar á empresa Arasti Barca, esta empresa atópase nunha situación que eu cualificaría de inadmisíble e ilegal, xa que está a desenvolver a súa actividade sen contrato en vigor.

Onde recolle a lei de contratos que unha empresa poida continuar a prestar o servizo ate o remate dun curso escolar, para non crear disfuncións coa programación que está en marcha, e así evitar problemas cos usuarios, porque xa teñen pagadas as súas actividades ate o verán.

Señor alcalde, a falta de previsión e de xestión do seu goberno, cos contratos dos servizos municipais, é realmente preocupante.

Recordarlle os problemas xa coñecidos co contrato dos comedores escolares, escolas infantís, grúa e ora.

Preside vostede o xa denominado, goberno das prórrogas, hoxe mesmo tivemos acceso á Xunta de Goberno extraordinaria celebrada o pasado martes, na que acaban de aprobar a prórroga do contrato de XADE.

O abuso de contratacións a dedo e de contratos menores, así como a continuidade de contratos sen respaldo xurídico, como é o caso que nos ocupa, foron unha constante neste ano de goberno.

Señora concelleira, todo o máis sinxelo de toda a programación que nos dixo e a nova tipoloxía que quere facer para os vindeiros anos, cando ten vostede pensado propoñer a Xunta de Goberno a aprobación dos pregos do contrato do servizo dos centros socioculturais? Por qué non se elaboraron eses pregos en tempo e forma?

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Grazas Gonzalo, María Antón.

Dona M^a Ángeles Antón Vilasánchez: Grazas alcalde e boa tarde.

Para tranquilidade do portavoz do Bloque Nacionalista Galego, explicaste perfectamente Rubén, nós dende logo entendémoste.

A quen non entendemos nada, eu particularmente, foi a concelleira, e a súa intervención sinto, foi un insulto á intelixencia.

Efectivamente dez meses sen tomar ningunha decisión, pois non é a mellor das fórmulas, sempre é mellor tomar algunha decisión que ningunha, sobre todo cando estamos a falar dun contrato importante economicamente e que afecta a 42 persoas dependentes da empresa adxudicataria.

Non ter licitado o servizo déixanos nunha situación dunha grave inseguridade xurídica que terá consecuencias non dubide vostede, e posiblemente máis graves, que as herdamos nos do anterior goberno bipartito, onde foi exactamente no ano 2008 cando se produciron esas denuncias ante o Xulgado do Social e que nos tivemos tamén que absorber, ou sexa non foi un tema do Partido Popular, foi unha herdanza que tamén recibimos nos, e tivemos que asumila.

Dito isto, qué órgano aprobou a continuidade do servizo señora concelleira?

En qué condicións se está a prestar ese servizo?

E de quen será a responsabilidade se hai un accidente nunha actividade prestada por unha empresa sen contrato?

A asumirá vostede como concelleira responsable, despois de que pasou dez meses sen iniciar o expediente de contratación.

Cánto tempo máis estará Arasti Barca a prestar este servizo?

O problema xa non é setembro, o problema é o 31 de xullo, porque segundo o informe da técnica de programación ela recomenda que ata o 31 de xullo sega a empresa, van vostedes prorrogar ese servizo?

Señora Novo eu sei que a xestión dos centros socioculturais non é doada, é unha rede extensa cun grande complexidade pola tipoloxía dos centros, pola tipoloxía dos usuarios, polas cargas que ten cada centro, pola propiedade, en fin, por toda unha serie de cuestións que efectivamente merecen unha reflexión, pero neste tempo non ten amosado que estea neste proceso de reflexión, ou polo menos, non está reflexionando con quen coñece ben os centros, que son os traballadores municipais responsables de cada centro.

Nun ano vostede non se reuniu nin unha soa vez cos responsables dos centros, e non visitou ningún deles, dito por eles, non o digo eu, pero iso si, encargou un estudo a unha empresa de Cangas, porque en Santiago non hai empresas que fagan estes servizos, para un catálogo de equipamentos, que resulta que a empresa esta a preguntarlles aos responsables dos centros toda esa información que xa teñen eles, como ten vostede, porque no contrato de Arasti Barca hai información dabondo coas estatísticas que cada mes eles reportan.

Claro que vostede está afeita a facer os traballos do concello fora das dependencias municipais. Mire neste ano nada novo se fixo nos centros socioculturais, nada, o da Caramoniña, cousas moi puntuais.

Por moito que vostede queira vender que o goberno tomou múltiples medidas, e bla, bla, nada novo, e non o digo eu, o di vostede, no informe proposta para a aprobación da programación e prezos públicos das actividades que se realizarán na rede de centros socioculturais durante o período comprendido entre o 1 de maio e o 31 de agosto, aprobado na Xunta de Goberno correspondente.

E si xa comparamos todo isto que ven de atrás aprobado na Xunta de Goberno con anos anteriores, nada novo baixo o sol.

Rectifico, si que vostede introduciu un elemento diferenciador no que era o funcionamento dos programas do centro, porque quixo a bailar aos nosos maiores o son e o ritmo que vostede quixo, e dixéronlle que non, e tiveron o programa “imos ao baile” pechado durante dous meses.

Por certo, gustárame ver como van aprobar vostedes o gasto das actividades do mes de abril, porque aprobaron o primeiro trimestre xaneiro-marzo na Xunta de Goberno, aprobaron maio-agosto, pero abril quedou administrativamente enterrado en ningures, pecharon os centros socioculturais?, non desenvolveron actividades?, bueno xa o veremos no informe correspondente da intervención, da señora interventora.

Está claro que vostedes non teñen intención como dicían de remunicipalizar este servizo, afirman agora que é inviable, como todo o resto, vostedes descoñecían a realidade de Santiago cando facían estas propostas, pero sabe o peor, que posiblemente acabará remunicipalizando este servizo, pero pola vía xudicial, ese ao que fai un momento no inicio da súa intervención estaba a dicir non sexa que lle rebote.

Onde queda o seu programa señora Novo, ese no que ía promover unha xestión comunitaria dos equipamentos de proximidade. Ese que segundo o seu código ético debe cumprir, ... censura ou revogación, o papel o aguanta todo, e nos xa nos estamos empezando a acostumar malamente a que vostedes cheguen aquí e contan calquera cousa que non ten parecido coa realidade, o fixo coa Banda de Música, co mapa literario, está claro que non é o mesmo predicar que dar millo.

Vostedes predicán moito, pero millo pouco.

A xestión ten un compoñente artístico que debería practicar, e no seu caso máis, é especialmente máis apremiante, porque o seu departamento é a imaxe desta cidade, e non hai expediente importante do seu departamento que non teña que ser tramitado por urxencia, con prazos mínimos, experiencias temos, os fogos do Apóstolo, Nadal, Ascensión, etc.

Esperamos que esta falta de previsión no que atinxe aos centros socioculturais, non pase unha factura tan elevada ao concello, e non me estou a referir unicamente aos pagos de Arasti Barca.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Grazas María Antón. Vou facer eu emprego dos cinco minutos en representación do grupo de goberno antes da segunda quenda Branca.

Vou ser breve, eu agardo que se inicie a licitación neste mes de xuño por contestar directamente ao señor Rubén Cela, da xestión dos centros socioculturais, polo menos que se leve a Xunta de Goberno e se inicie o procedemento.

O que si que me sorprende máis alá desa solicitude e de compartir moitas das preocupacións deste tema, son determinadas intervencións, que escoito aquí.

Porque creo que todos en maior ou menor medida son conscientes dun problema que Rubén Cela definiu como hartos-difícil, pero que dalgunha maneira non explicitan, nin verbalizan, e utilizan unicamente a súa quenda para facer intervencións de dialéctica política, eu estou convencido que a señora María Antón, coñece perfectamente a problemática dos centros socioculturais, si, pero non se lle nota cando intervén, María Antón.

Aquí ás veces pasa que non dicimos as cousas en espazo público, ao mellor nos viría ben facer terapia de grupo, e dicir o problema que hai aí, porque claro coméntase en qué situación está a prestación dun servizo fora de marco contractual, e que nos dende que chegamos o servizo a pesar de estar en período de vixencia, estaba permanentemente reparado en recoñecementos extraxudiciais de crédito, eu levo levantando dende maio do ano pasado o pago a Arasti Barca con recoñecementos extraxudiciais, con informes de contratación, e de intervención de cada mensualidade, non hai ningunha diferenza do período de 2015 e destes meses de 2016, sobre o que hai actualmente, porque hai incluso un expediente de extinción do contrato do servizo de contratación, porque se entende que cando foi adxudicado o servizo, o que era o cadro de persoal, do persoal que prestaba os servizos nos centros socioculturais, xa non coincidía co que hai actualmente derivado das sentenzas xudiciais de traballadores.

Non me estou inventando nada accedan ao expediente cando queiran, eu teño o expediente de extinción do servizo, e os informes de persoal, da señora interventora. Todos os meses levantei o recoñecemento tamén da súa época de xestión, porque as mensualidades viñan de antes, cando nos chegamos levaban tres ou catro mensualidades sen pagar, porque estaban sendo reparadas por intervención.

Simplemente digo ese tipo de cuestións, porque son menores.

Evidentemente hai risco, de que poidamos ter un procedemento de remunicipalización por vía xudicial, pero eu me pregunto se oito traballadores lle custaron ao concello, ademais da admisión pola porta de atrás na función pública, oitocentos mil euros, multipliquemos polo número de traballadores que teñen os centros socioculturais, que cantidades, e de quen é a responsabilidade isto.

Outra cousa, é como se xestionou este proceso de externalización dos centros socioculturais, as funcións dos traballadores e o que iso pode implicar para o erario público, claro iso ninguén o di, ninguén o di.

Polo tanto, eu entendo que se tomen todo tipo de precaucións e que se encargue todo o que haxa que encargar, porque a cuestión, non é unha cuestión de responsabilidade política do departamento, nin de Branca Novo, nin da alcaldía, a cuestión, é unha cuestión, tamén de viabilidade económica, tamén do concello, porque facendo as contas da vella, a min gustaríame saber que podería implicar unha demanda colectiva, e se as sentenzas foran no mesmo sentido que cos outros traballadores, a nivel de equilibrio económico financeiro do concello, gustaríame sabelo.

Entón a min paréceme un tema complicado, como para trivializalo en cinco minutos.

É a mellor esta ben trivializar Gonzalo o tema das prórrogas, seguiremos as prórrogas e ganaremos nos penaltis, e meter no mesmo tema a Xade, cando ti estas no consello da sociedade mixta, cando sabemos que tivemos que reauditar tres anos, porque estaban sen regularizar as contas dende o ano 2012, cando hai un informe da avogacía que obriga a crear unha nova sociedade mixta e a finiquitar esta que estaba sen regularizar, bueno, bueno, está ben dicilo, pero as situacións son moi complicadas, e eu creo que hai que ser serios.

Remato cunha cuestión, valorizo a rede de centros socioculturais, creo que é un patrimonio deste concello, e que é un traballo que se fixo moi ben, e que é un luxo, o que non valorizo é o modelo de xestión que se determinou, nin cómo se desenvolveu o sistema de contratación, nin como se definiron os roles, nin as consecuencias que isto ten, e que cada quen saque as súas conclusións, porque creo que aquí hai crítica para todo o mundo.

E cónstame que houbo concelleiros e concelleiras que foron conscientes e que o intentaron solventar.

Cónstame de que María Antón era consciente do problema, e cónstame que tamén outros concelleiros e concelleiras que pasaron como Socorro e outra xente, pero o tema é de calado, de calado. Se o queren trivializar o trivializamos.

Nós vamos iniciar agora a licitación, pero o tema é complicado legalmente.

Rematei, quince segundos me excedín.

Queres unha segunda quenda Branca.

Dona Branca Novo Rey: Efectivamente xa recoñecemos que imos tarde, pero imos tarde, porque necesitamos seguridade, necesitamos diagnosticar in situ, por aí si que non María, eu visitei moitísimos centros socioculturais, todo iso paréceme unha falta de respecto bastante grave, non sei como podes trasladar a visión de que eu traballo fora das dependencias municipais, porque non é verdade.

Entón, efectivamente, imos tarde, imos con seguridade, diagnosticamos todo o posible, e recadamos todos os datos necesarios, porque efectivamente a lei de contratación mudou, mudou e necesitamos facer un proceso totalmente blindado, no que temos o obxectivo primordial de garantir o dereito dos traballadores, cousa que nos anteriores procesos de licitación non sucedeu, efectivamente todo o tema da cesión de traballadores complicou moitísimo todo o proceso nos últimos anos.

Implicou, efectivamente, os recoñecementos extraxudiciais, que nos tamén herdamos. Penso que cando se inicie o proceso este mes, asumírase que quizás o mellor é a decisión e a abordaxe máis valente que se vai facer da rede de centros socioculturais en relación ao noso programa.

Vai ser unha modificación de fondo que vai intentar garantir, efectivamente, os dereitos dos 42 traballadores da empresa.

Penso que ademais de falar dos recoñecementos extraxudiciais de crédito que efectivamente foron unha herdanza.

Plantexar outra vez, que vos parecería a creación dunha comisión informativa non permanente para transparentar, pero para transparentar o que sucedeu durante todos estes anos na rede de centros socioculturais, e nas anteriores licitacións e que todos os datos queden ao descuberto, e que cada un si saibamos que é o que sucedeu en todas as épocas na rede de centros socioculturais, que efectivamente coñezo porque traballos nas dependencias municipais.

Moitas grazas.

Alcalde: Bueno, rematada a comparecencia pasamos ao seguinte punto.

Auséntase o concelleiro Don Rafael Peña Vidal, e xa non regresa ao resto da sesión.

14. ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2016, núm. 186.
- 2.- Rexistro de entrada do día 10 de xuño de 2016, núm. 204.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

ROGO:

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de xuño de 2016, núm. 192.

PREGUNTAS (para a súa resposta por escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 26 de maio de 2016, núm. 179.
- 2.- Rexistro de entrada do día 26 de maio de 2016, núm. 180.
- 3.- Rexistro de entrada do día 3 de xuño de 2016, núm. 183.
- 4.- Rexistro de entrada do día 3 de xuño de 2016, núm. 184.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2016, núm. 193.
- 2.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2016, núm. 194.
- 3.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2016, núm. 195.

PREGUNTAS (resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2016, núm. 196.
- 2.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2016, núm. 197.
- 3.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2016, núm. 198.
- 4.- Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2016, núm. 199.

PREGUNTAS (resposta por escrito):

1.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2016, núm. 189.

2.- Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2016, núm. 190.

Alcalde: Comezaríamos se as miñas notas están correctas co primeiro rogo que sería do PSdeG-PSOE sobre medidas de seguridade dos pasos de peóns no tramo entre A Barcia e Aldea Nova.

A estrada autonómica AC-543, no tramo que une Vidán con Aldea Nova, vai ser obxecto dunha actuación por parte da Xunta de Galicia consistente na construción dunha senda peonil, pero a perigosidade existente neste vial obriga a desenvolver medidas urxentes e dun xeito inmediato, sobre todo, porque a obra vai ser executada por tramos, o primeiro entre Vidán e Laraño, e polo tanto, non estará rematada no curto prazo.

Nomeadamente, no tramo entre A Barcia e Aldea Nova hai catro rotondas con outros tantos pasos de peóns, que na actualidade non se ven polo propio desgaste da pintura e, pola noite, pola ausencia de sinais luminosas.

A nula visibilidade destes pasos e a elevada velocidade á que saen das rotondas moitos vehículos, supoñen un serio perigo para moitas e moitos peóns.

Por todo isto, é polo que presentamos ao Pleno da Corporación o seguinte rogo:

Que o goberno municipal inste á Xunta de Galicia a mellorar a seguridade deste vial e, nomeadamente, a levar a cabo dun xeito inmediato o pintado dos pasos peóns situados despois das rotondas e a instalar as correspondentes sinais luminosas, no tramo comprendido entre A Barcia e Aldea Nova.

Alcalde: Moitas grazas. Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Tomamos nota e así o faremos.

Alcalde: O seguinte rogo é un rogo do BNG, para a creación e ampliación dunha rede de asesos públicos.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Santiago que é unha cidade que é patrimonio da humanidade a parte de capital do noso país, conta tan só con dous aseos públicos situados uns nos baixos do Pazo de Raxoi, e outros na Alameda, para unha poboación pois de case 100.000 habitantes máis toda a poboación flutuante que temos tanto do estudantado como de turistas.

Polo tanto, esa carencia de aseos públicos, supón dende o noso punto de vista un problema, tanto para visitantes como para a cidadanía compostelá, especialmente, para persoas maiores, mulleres embarazadas e colectivos que traballan na rúa, tales como, taxistas, condutores de autobuses, varrendeiros, etc.

Esta escaseza viuse agravada nas últimas semanas polo peche dos aseos do aparcadoiro da Praza de Galiza, estes eran públicos dende a construción edificio Castromil, e agora a empresa concesionaria do aparcadoiro pois decidiu pechalos con chave.

Santiago é unha cidade que recibe anualmente a miles de visitantes que demandan, xunto coa veciñanza, este tipo de instalacións, e por iso, pois cómpre a creación e ampliación, pois dunha rede de aseos públicos.

Polo tanto, nos o que demandamos con este rogo é que por parte do grupo de goberno, que se analice con maior detalle cal é a situación, cáles poderían ser as posibilidades de instalación de novos aseos públicos, onde, e na medida do posible, pois poder executalo.

Alcalde: Moitas grazas, Concha.

Dona Concepción Fernández Fernández: Moi boa tarde de novo.

Efectivamente esta é unha necesidade observada na cidade, e claramente necesitada de ser abordada, non entendemos como se chegou a esta altura desta forma. Xusto por iso nesta semana iniciamos os contactos co Consorcio da Cidade e co Cabildo da Catedral, para manter as primeiras xuntanzas e buscar posibles ubicacións e modelos para a xestión de baños públicos, particularmente, na zona histórica, por iso fixemos este primeiro contacto e co Cabildo e co Consorcio.

Estaremos a traballar decididamente nisto, porque consideramos que é imprescindible e urxente ampliar a rede de baños públicos na nosa cidade.

Alcalde: Moitas grazas Concha.

O seguinte rogo é do Partido Popular, sobre incorporación de distintivos para informar do lugar nas marquesiñas.

Don Claudio Montiel Carracedo: Boas tardes alcalde, boas tardes compañeiros.

Para o coñecemento e valoración dun territorio resulta prioritario dispoñer dunha axeitada sinalización que axude a localizar os lugares, e a dirixirse a eles con precisión, con rapidez e con comodidade.

En Galicia esta tarefa resulta se cabe máis necesaria, se temos en conta a amplísima rede viaria de diferentes tipos e competencias, e a non menos abundante cantidade de entidades de poboación cos seus correspondentes topónimos.

Todo iso, unido ás numerosas razóns que, ademais das propiamente vinculadas á comunicación de persoas e mercadorías poden animar ao tránsito pola nosa xeografía.

Santiago de Compostela, coas súas vinte e oito parroquias e preto de trescentos lugares espallados polo seu territorio, é un bo exemplo da conveniencia de articular medidas para lograr unha sinalización o máis axeitada posible.

Con independencia de acometer unha completa planificación da sinalización indicada das parroquias e lugares, mesmo coa incorporación das modernas tecnoloxías, tarefa que non se debe dilatar e na que ao parecer está traballando o goberno local, o grupo municipal Popular, formula unha proposta que consideramos de interese para complementar, cando non servir ela mesma como solución á hora de contribuír e determinar o nome de diferentes núcleos e zonas concretas do noso concello, en especial no medio rural.

Trátase de incorporar, mediante rótulos adheridos aos laterais das marquesiñas das paradas dos autobuses, o nome do lugar onde estas se emprazan, proporcionando así unha información de grande utilidade, non só para aquelas persoas usuarias do servizo público de transporte, senón tamén de todas aquelas que percorran a rede viaria na procura dalgún enderezo, algún elemento patrimonial, ou polo simple pracer de gozar dun medio con múltiples posibilidades e cun gran poder de atracción.

Esta medida informativa foi incorporada hai anos nalgunhas das decenas de marquesiñas que se instalaron no noso concello, das que aínda queda algunha mostra, e tamén foron incorporadas por algún que outro concello galego, pero non adopta figurar nas máis modernas instalacións coas que se foi dotando o noso servizo municipal de transporte no seu proceso de reposición e ampliación.

Conforme a estas razóns, o grupo municipal presenta o seguinte rogo:

Que o goberno local deas as instrucións precisas para incorporar progresivamente nas marquesiñas do transporte público de viaxeiros, especialmente nas radicadas no ámbito rural, un distintivo adhesivo que informe do nome do lugar e mesmo da parroquia, se así

se considera, onde se asenta, como medida para complementar o coñecemento e axudar no tránsito ao longo do territorio municipal.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas Jorge.

Don Jorge Duarte Vázquez: Pois evidentemente para este grupo de goberno a sinalización do rural e a posta en valor de todos os lugares, parroquias e lugares de interese son, como dicimos importantes, hai un plan de sinalización global para intentar responder a todo iso, pero é evidente que hai un soporte que como comentabades é moi evidente, e está aí xa, co cal entendemos que a sinalización con adhesivos nas paradas existentes, pois é algo inmediato e creo que debemos facelo xa, tomamos nota, e esperamos poder inicialo nos próximos tempos.

Alcalde: Grazas Jorge.

Rogo do Partido Popular para labores de mantemento na traseira do centro sociocultural na rúa da Brañas de Andrés en Vista Alegre.

Dona M^a José Castro Carballal: No pasado día 9 de xuño de 2016, é dicir fai unha semana presentou este grupo municipal o seguinte rogo ao goberno:

Que por parte do goberno local se dean as instrucións precisas para realizar as necesarias labores de mantemento e adecuación do parque existente na traseira do centro sociocultural das Brañas de Andrés na rúa Vista Alegre, e que se teña en conta para o futuro nos traballos periódicos que desenvolven os servizos municipais de parques e xardíns.

Este noso rogo tiña unha finalidade clara e coidamos que sa cumpriu o seu principal cometido, onte mesmo constátamos que despois da presentación da nosa iniciativa os servizos municipais, procederon veloces a cortar a herba no parque de traseira do centro sociocultural das Brañas de Andrés.

Entendemos que aínda falta por darlle unha poda aos mirtos, pero o principal esta feito, agora confiamos en que se faga un mantemento periódico, porque senón vai chegar o día da festa de San Xoán ou do San Caralampio e o parque volverá a estar nas mesmas ou parecidas condicións.

Polo tanto, nesta ocasión, xa vemos que tomaron nota con anticipación, iso énchenos de ledicia.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas Pepa, Xan.

Don Xan Duro Fernández: E que ata me parece ridículo ter que intervir sobre isto.

Como vostedes ben saben, todos os parques e zonas verdes desta cidade teñen un mantemento periódico que ten un proceso e uns tempos entre un e outro, estamos no momento da primavera, pois sigo a dicir, que teñen unha programación esas intervencións, e efectivamente había algunhas herbas, que dentro dese afán de cortar herbas que levan manifestando en todos estes plenos, en distintos cidades, pois cortáronse cando tocaba nese parque, non cando o Partido Popular o solicitou.

Sinto moito, quen gobernamos agora somos nos, unhas herbas Agustín, podo rematar a miña intervención.

En fin, hai unha quenda de limpeza e se fai en todos os parques desta cidade, e fíxose no seu turno de facelo, e seguiremos a facelos en toda a cidade segundo corresponda na programación de parques e xardíns, pero agradezo a vosa vixilancia no estado dos parques naturais, que estades deixando sen traballo a Gonzalo que normalmente era quen facía ese seguimento.

Alcalde: Outro rogo do Partido Popular, para o traslado do poste de iluminación pública radicado no acceso de vehículos do edificio da ACEM na rúa Queixume dos Pinos en Salgueiriños, María.

Dona M^a José Corral López: Quen me vai contestar para dirixirme, Xan.

Non sei se o sabedes, pero eu penso que si, porque os da asociación ACEM xa nos dixeran que fixeran chegar esta queixa ou solicitude ao goberno, pois iso, como xa sabedes que hai unha iluminación que está no acceso, no medio, e entón podendo poñela un pouquiño se é que se pode máis alá, e aproveitando que ilumina o parque e as escaleiras que están aí, pois a solicitude é si se pode facer iso, é unha solicitude bondadosa, e de seguro que se pode atender, creo que si.

Grazas.

Alcalde: Xan.

Don Xan Duro Fernández: Efectivamente, foron por alí os técnicos a mirar, e eles entenden que non hai, que non obstaculiza en ningunha o acceso a ese espazo, pero que

si, o colectivo, a asociación de esclerose múltiple cre que é necesario ou seu retranqueo, poden solicitar facer a obra e se lles autoriza sen ningún problema.

Alcalde: Un rogo do Partido Socialista sobre a concorrencia con algún proxecto medioambiental ás axudas outorgadas pola Fundación Biodiversidade, Mila.

Dona Milagros Castro Sánchez: Grazas señor alcalde, boa tarde outra vez.

A Fundación Biodiversidade ven de publicar as bases da convocatoria de axudas para a realización de actividades dirixidas a preservar e incrementar a biodiversidade, prazo que remata o vindeiro 15 de xullo.

Entre os posibles beneficiarios atópanse as administracións públicas e entidades locais que estean integradas en redes, programas ou plans de ámbito estatal, que polas súas especiais características afecten a máis dunha Comunidade Autónoma.

As axudas concederanse para a realización de actividades que contribúan ao cumprimento dos fins e obxectivos da Fundación Biodiversidade.

A modo indicativo, poden ser obxecto desta subvención a elaboración de estudos, proxectos e traballos relacionados coa biodiversidade terrestre, o cambio climático, e a calidade ambiental, a economía e o emprego verde, así como a promoción e organización de programas de sensibilización, formación e comunicación aos distintos medios sectores da sociedade.

Por todo o anterior, é polo que o grupo municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación o seguinte rogo:

Que o goberno municipal nos indique se o Concello de Santiago ten estudada a posibilidade de concorrer con algún proxecto medio ambiental á concesión destas axudas outorgadas pola Fundación Biodiversidade e de non ser posible, por non reunir as condicións esixidas para ser beneficiados, se dean os pasos necesarios para poder optar na convocatoria do ano 2017.

Máis nada e grazas.

Alcalde: Grazas Mila, Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Estudarémolo.

Alcalde: Grazas Xan Duro.

Pasamos ás preguntas de resposta oral no pleno, a primeira é unha pregunta oral do Partido Popular sobre actividades artísticas no ámbito da cidade histórica.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Grazas señor alcalde e boa tarde.

Como resulta evidente, o despregue con autorización ou sen ela de instalacións ou de actividades supostamente artísticas e non retribuídas está a aumentar tanto cuantitativa como cualitativamente, é evidente, que este incremento da actividade supón, pois unha afectación á paisaxe urbana nun ámbito de especial sensibilidade como é o casco histórico, e nalgúns casos, pode supor tamén un exercicio de competencia desleal ou de molestias para os residentes.

Nalgunha conversa, creo que foi nalgunha comisión de queixas e suxestións, o concelleiro de convivencia ten expresado a súa vontade de regular de novo, xa se fixera fai algúns anos, este tipo de actividades. Tamén esta vontade foi expresada nalgunha reunión no segundo andar, nunha reunión que estivo o concelleiro de urbanismo e a propia concelleira de comercio, e esta última presenza indica, pois que a vontade, tamén, abarcaría a unha nova regulación das actividades propiamente de venda ambulante.

Así as cousas, o grupo Popular pregunta hoxe, se no curto prazo, entendendo por curto prazo unha cuestión de semanas ou de poucos meses, ten previsto o goberno municipal reconducir ou adaptar o interese xeral ao despregue desas instalacións supostamente artísticas e non retribuídas, ben sexa a través dun maior control da adecuación das actividades a autorización, ou ben sexa a través do establecemento de novos criterios para a concesión de autorización.

Nada máis, grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Brunete, Jorge.

Don Jorge Duarte Vázquez: Pois tal e como di o señor Sánchez Brunete, si é obxecto de preocupación transversal neste goberno, que afecta á área de convivencia e de ocupación da vía pública, de emprego, de cultura, e de espazos cidadáns.

Gustárame recordar antes de nada que no ano 2008 empeza a primeira regulación, e fíxanse por primeira vez os espazos.

Anteriormente había autorizacións, pero no ano 2008, fíxanse por primeira vez eses espazos, habendo 32 postos para mimos, músicos e artistas, e que no ano 2013, gobernando o Partido Popular, ampliouse noutras 15 ubicacións, pasando a ser 47 as

ubicacións que no Decreto de ocupación de vía pública de novembro de 2013, estando no goberno o Partido Popular produciuse ese aumento.

Ademais, no ano 2015 empezáronse a autorizar, ademais de artistas de rúa, tamén a venda de artesanía, que anteriormente estaba limitada, e algúns deses postos, como o da Inmaculada dende entón albergan postos nos cales se vende artesanía.

E evidentemente, este concello detecta por varios motivos diferentes, tanto no que afecta á solicitude de venda ambulante, como a proliferación deses postos e ao control que se fai dende a concellería de convivencia, pois que entendemos que é necesario regular, e traballando niso temos unha proposta dun grupo de artistas de rúa, para poder facer unha revisión da ordenanza de 2013, que como dicía, era a que ampliaba o número de ubicacións.

Estamos traballando transversalmente entre as catro concellaría, recibimos esa proposta de artistas de rúa, e dentro da Comisión Asesora da Cidade Histórica, enviaremos estes días a proposta de artistas de rúa, a proposta da ordenanza anterior, para poder traballar na elaboración desa revisión da ordenanza de ocupación de vía pública, na que entendemos, que é necesario reducir á presenza de postos de venda de artesanía, reducir a presenza e regular esa ocupación de vía pública, dicindo onde pode haber artistas de rúa, onde poderá haber en caso de que sexa posible artesanía, como regular mimos, músicos e actividades de circo.

Polo tanto, estamos nese traballo, que encauzaremos a través da Comisión Asesora.

Alcalde: Grazas Jorge.

Outra pregunta, tamén, do Partido Popular sobre a resolución do contrato para a mellora da rúa Rapa da Folla, Teresa.

Dona Teresa Gutiérrez López: Bueno sobre este asunto xa falamos neste pleno, porque en decembro con ocasión da licitación das obras de renovación de pavimentos da rúa Rapa da Folla, eu mesma, fixen unha pregunta, naquel momento a pregunta era, por qué non se tiña revisado o proxecto que quedaba totalmente afectado por dous proxectos redactados con posterioridade Carreira do Conde e Montero Ríos, e por qué non se someterá á aprobación da Comisión Asesora, tendo claro que a obra era necesaria para axustar este pequeno tramo ás outras obras, e por estar incluída no POS 2014.

Nesta ocasión a resposta do concelleiro, foi que se solicitara á prorroga á Deputación, e vou ler textualmente: “e con esta licitación e mentres se adxudique durante o ano 2016, teremos garantías para que a Deputación teña fondos para esta obra, e poderemos facer

a modificación deste proxecto, porque esta modificación do proxecto, sempre e cando non supoña un incremento de custo é aceptada pola Deputación.

Polo tanto a partir da adxudicación haberá unha adaptación do proxecto aos límites actuais de dito ámbito.”

Remato o seu texto literal, ningunha referencia á lei de contratos do estado, e se queda tan fresco. Once días despois, a Xunta de Goberno adxudica as obras á empresa Construcións Igrexas Mera, por un importe de 31.194 euros, e o contrato formalízase o 19 de xaneiro de 2016, e non sabemos máis, ata que catro meses despois da adxudicación, o 27 de maio a mesma Xunta de Goberno a proposta do mesmo concelleiro, acorda a resolución do contrato con indemnización ao contratista do 3% do importe da adxudicación.

Segundo o goberno, a medida responde a que os cambios necesarios para adaptar o proxecto á realidade da rúa, afectada pola execución das obras colindantes, Carreira do Conde e Montero Ríos, alteraría as condicións esenciais da licitación e da adxudicación, o que nos tiñamos advertido no pleno.

Máis que unha pregunta, isto é unha petición de explicación, e presupoño, que como fai en moitas outras ocasións e dado que a miña pregunta non ten réplica, vai utilizar a súa quenda para desinformar, pero quero deixar claro que o único responsable de licitar esta obra foi o concelleiro.

Nos meses anteriores á licitación tivo tempo suficiente de encargar un novo proxecto, de revisar o que tiña, de cambiar a obra por outra no POS, ou de tramitalo adecuadamente e levalo á comisión.

A resposta que deu no pleno de decembro, poñía en evidencia o seu descoñecemento en materia de lexislación de contratos do sector público, como xa se puxo de manifesto tamén, coa tramitación da non prórroga e o non modificado de Carretas. Non ten porque saber, eu o entendo, é un concelleiro, pero na súa concellaría hai persoas altamente cualificadas as que pode preguntar, lle pedimos que o faga e que os escoite.

Espero que non diga que era un proxecto noso, xa que o era, xa que precisamente por iso non o licitou, porque nos si eramos coñecedores de que os outros dous proxectos se redactaran posteriormente e estaba aí parado, non sei porque o rescatou.

Se tivera escoitado naquel pleno, cando o proxecto non estaba aínda adxudicado, tería podido desistir da licitación e non nos tería custado cartos a todos os cidadáns de Santiago, pero para isto hai que ser humilde e recoñecer os erros, virtude que parece que non lle acompaña.

O que si observamos neste momento é algo máis de prudencia, polo menos, en Vista Alegre iniciou os trámites para as modificacións antes de rematar as obras, pero cando se fai isto, que está ben, hai que ser dilixentes, porque non sei se deron unha volta ultimamente pero aquilo parece Vietnam.

Escuso ler a pregunta literal, e espero atentamente as súas explicacións sobre este modificado que puido ser e non foi.

Alcalde: Señor Duarte dispós de dous minutos.

Don Jorge Duarte Vázquez: Bueno, a min sorpréndeme que empece falando da desinformación, cando vostedes acaban de dar desinformación, precisamente.

O prazo para contratar este proxecto, que era da Deputación, tiña fondos da Deputación finalizaba para rematar a obra o 30 de novembro de 2015.

Pediuse unha prórroga o 15 de novembro de 2015, e ante a falta de contestación, decidimos levar adiante a adxudicación, para poder tela cando menos contratada, e non perder os cartos da Deputación.

A mesa de adxudicación foi o 28 de novembro de 2015, ese foi o día no que se adxudicou a obra, e como vostedes saben despois de adxudicar na mesa de contratación vai á Xunta de Goberno. O pleno foi exactamente o 7 de decembro de 2015, polo tanto xa estaba adxudicada, xa estaba adxudicada na mesa de contratación, e o pleno do que vostedes falan e a xunta de goberno foron posteriores, polo tanto a decisión de adxudicar foi para evitar perder á prórroga porque non tiñamos contestación o 27 de novembro antes da contestación da Deputación. O 30 de novembro recibímla contestación da Deputación, permitíndonos facela durante este ano.

Unha vez que temos o proxecto, que fora encargado polo Partido Popular, cando se vai facer a acta de replanteo, compróbase co directo de obra, que por certo non era o mesmo que executara o proxecto, o director de obra fai un informe dicindo que a obra que se vai desenvolver ten modificacións substanciais maiores do dez por cento, e que polo tanto, é necesario facer un modificado dese proxecto e é necesario volver a licitar, si en Xunta de Goberno, polo tanto, unha vez que hai un informe técnico que nos di que é maior do 10%, hai que rescindir ese contrato e volvelo a facer, e ten unha indemnización a adxudicataria de setecentos euros.

Dende que temos ese informe, ao director de obra encargáselle unha revisión do proxecto ao enxeñeiro Óscar Sanmartín, para que faga esa revisión adaptando a superficie realmente a disposición para facer obra, porque cambiara tanto pola afección

de Montero Ríos como a de Carreira do Conde, e se lle pide ademais, que axuste os criterios de deseño para facer unha boa conexión coa obra de Montero Ríos e coa obra de Carreira do Conde. Ese proxecto está finalizado, e irá á Comisión Asesora nos vindeiros días, adxudicarémola obra antes do 30 de novembro, que é ata cando está pedida a prórroga na Deputación.

Polo tanto, estase a seguir o trámite adecuado segundo os informes técnicos, e iso non é desinformación é información.

Alcalde: Pregunta do Partido Popular sobre o Refuxio de Bando.

Dona Teresa Gutiérrez López: A situación do Refuxio de Bando é un dos exemplos da incapacidade de xestión deste goberno, ata agora o único interese foi xestionar eficazmente, iso si, unha maioría no patronato que puidera respaldar os intereses da concelleira, e un empeño claro en despedir á directora-veterinaria.

Non hai tempo nesta formulación de pregunta para profundizar en cómo se deron estes pasos, e como incluso, se pretendía por parte de Compostela Aberta de vestir dito despido, de despido disciplinario sen indemnización, para o cal contratamos a dedo, un informe xurídico a demanda que polo visto non poden facer os técnicos desta casa.

Isto parecía ser tremendamente urxente, e dende entón 21 de marzo de 2016, non se volve a convocar o patronato nin se volve a facer nada.

Tendo en conta que non se aprobou o orzamento, que non se presentou un modelo para a xestión, que non sabemos se haberá un director-veterinario ou un veterinario e un director, que os traballadores presentan unha proposta de convenio colectivo que quedou pendente de estudar, que non sabemos cómo se pretende substituír á directora, cuxo preaviso temos entendido que foi comunicado o 13 de abril e polo tanto será efectivo o 13 de xullo. Nin sequera se nos fixeron chegar as actas das reunións anteriores, isto a parte dos asuntos ordinarios, como as vacacións de traballadores, o mantemento das instalacións, o seguimento de convenios e campañas de sensibilización e proxectos para recadar fondos, aspectos estes de carácter ordinario, que tamén deben de ser potenciados polo patronato, moi dificilmente senón se convoca.

Este é un dos asuntos, que só se tocou para ser estropeado, para xestionar unha polémica e un enfrontamento entre os colectivos de persoas voluntarias que traballan dedicando o seu tempo e os seus cartos aos animais, para como diría o alcalde, danar a autoestima da cidade, incluso para poñer en risco, o propio modelo do patronato, porque ambos alcaldes, o de Vedra e Teo de diferente cor político, manifestaron nunha reunión que dado o cariz que estaba tomando a situación poderían para os próximos exercicios abandonar o patronato e buscar outra forma de xestión para os seus animais, e non foi a

máis porque ao fronte do refuxio aínda hai unha profesional como a copa dun pino, unha señora que a pesares de que foi despedida, se empeñou en resolver os problemas financeiros do refuxio, mantendo reunións a calquera hora, advertindo a todos, creo que algúns concelleiros o saben, incluso co risco a consideren pesada, actitude que non mantivo a concelleira antes de irse de baixa, que non fixo nada, porque sinceramente non está preparada para capitanear este proxecto.

Confiamos en que o señor Xan Duro tome as rendas deste asunto, e por iso preguntamos, cal é o modelo concretado para o Refuxio de Bando, cáles son as o previsións que manexa para convocar o patronato, substituír é persoa que hoxe desempeña as funcións de directora-veterinaria destas instalación, habida conta de que estamos a un mes de que o seu despido se faga efectivo.

Alcalde: Señor Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Non me vou meter na sarta de barbaridades que acabo de escoitar aquí, que hai que ter valor, hai que ter valor para dicir o que se acaba de dicir.

A primeira cousa que conseguimos facer nestes últimos meses, é pagar unhas nóminas a uns traballadores que quedaron se poder cobralas, porque o grupo popular cando era goberno se esqueceu de meter esa partida nos orzamentos.

Non me interrompan, por favor.

E ao estar prorrogados os orzamentos non se puideron pagar eses soldos, botaron mes e medio sen cobrar, polo menos puidemos pagar eses soldos, botaron mes e medio sen cobrar, polo menos conseguimos pagar os soldos.

Ben, por favor non interrompan, a evolución do Partido Popular esta sendo espectacular nese aspecto.

Ben, como sabe a concelleira, o Refuxio de Bando mantén importantes problemas no seu funcionamento dende fai anos, non dende agora, senón dende fai anos, que se constatan na marcha dun número importantísimo de voluntarios e de persoas e colectivos que colaboraban e que marcharon, deterioro das instalacións, e perda xeral de presenza na sociedade.

Sen entrar nas causas dese deterioro que parece ser que son todas culpa de Compostela Aberta, que se construíu o refuxio fai nove meses, e xa foron avaliadas e discutidas no seu momento, entendemos, que compre ollar para o futuro, e traballar para conseguir o obxectivo que creo que compartimos, iso non mo negara, de converter ao Refuxio de Bando nun exemplo a seguir.

Un refuxio plenamente integrado na sociedade e que ofrezca solución á problemática de abandono e maltrato de animais.

E, así, nesta nova xeira, pretendemos ou cremos que o desenvolvemento deste traballo do refuxio tense que sustentar en tres puntos:

O primeiro, e fundamental, reducir a entrada de animais, traballando sobre as causas do abandono, e axilizar a saída dos mesmos, mediante adopcións.

As causas fundamentais de abandono, como estou seguro que a concelleira sabe, son fundamentalmente, os factores económicos, camadas indesexadas, o comportamento do animal e a perda de interese nos mesmos.

E as causas da adopción son por esta orde, a sensibilización da persoa, o coñecemento da existencia dos refuxios ou das asociacións protectoras, pola colaboración, ou pola recomendación, e por ser máis económico que a adquisición de animais.

Polo tanto, a esterilización, a identificación e a adopción son os elementos claves para enfrontar estes problemas, e o traballo do refuxio debe intensificarse nestes tres elementos.

O segundo eido, é adecuar as instalacións realizando os arranxos precisos, eu a modo de exemplo, os pavimentos exteriores do refuxio levan sen pintar dende fai nove anos, concretamente no 2007, foi a última vez.

Os muros de separación entre os canis e os patios están caendo en varios sitios, hai canalóns rotos, hai goteiras, falta un sistema de ventilación forzada na zona de hospitalización, cómpre cubrir os patios exteriores dos canis, para que no inverno poidan estar, e cómpre pechar os parques exteriores para poder estar os cans ceibos no momento no que estean neses parques.

Alcalde: Vai rematando Xan.

Don Xan Duro Fernández: Desculpen pensei que tiña cinco minutos.

Ben como vamos facer, ben, para todas estas cousas que pretendemos facer, é evidente, que unha figura única de veterinario-director non da tempo material en oito horas a facelo, e os resultados están á vista.

Entón pretendemos dividir esas funcións en dúas persoas, nun veterinario/a e unha/un directora ou director.

Nese proceso, paso primeiro, levaremos agora nos vindeiros días que convoquemos o padroado a proposta de contratar un veterinario interino, empregando a oficina local de emprego, namentres non se fai á cobertura definitiva da praza de veterinario, porque digo interino, porque se pretendemos como pretendemos facer, cubrir a praza baseándonos nos criterios de igualdade, mérito e capacidade, deberemos desenvolver un proceso selectivo, que non só curricular, senón que ter probas prácticas e iso engade unha certa complexidade e alongamento dos prazos.

..o coñecemento da normativa Autonómica, Estatal e Local no ámbito de protección de animais, animais potencialmente perigosos, marcaxe, etc, e avaliar o seu coñecemento en clínica veterinaria.

Este proceso será mediante unha plica que se aprobará no padroado e conformarase un tribunal avaliador con persoas de padroado e aquelas persoas expertas que consideren.

E ao respecto do director/ra do Refuxio, tamén debe ser sometido a un proceso de selección, pero cunha metodoloxía distinta, a nosa proposta é que para cubrir esta praza, nos fundamentemos no currículo e experiencia acreditada no desenvolvemento destes postos e nunha proposta de plan de funcionamento e dinamización a futuro que recolla, entre outras, unha proposta de xestión económica e de incremento de ingresos, campañas de proxección da fundación e de concienciación, para acadar ese incremento de adopcións e a redución dos abandonos.

Insisto, o padroado deberá aprobar novamente os criterios, e nomear unha comisión seleccionadora.

Estes son alicerces cos que pretendemos construír e renovar o funcionamento interno do Refuxio de Bando e ser capaces de proxectalo de cara á sociedade, non é unha tarefa menor, pero si imprescindible, e agardamos, parécenos a proposta razoable, e agardamos ter o apoio do padroado e dos diferentes grupos deste concello.

Grazas.

Alcalde: A última das preguntas, unha pregunta do Partido Popular sobre a ocupación privativa do espazo público para celebracións particulares.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Grazas señor alcalde.

Efectivamente o pasado día 28 de abril o concelleiro de convivencia denegoulle motivadamente a unha sociedade mercantil, dedicada á hostalería, a ocupación dunha rúa do casco histórico para celebrar unha festa de aniversario do local.

Sorprendentemente uns días máis tarde a reiterada sociedade mercantil, practicamente a mesma solicitude, o concelleiro delegado e xa sen motivación algunha, autoriza a ocupación privativa e intensiva dunha rúa no casco histórico en favor da empresa.

Semellante cambio inmotivado de criterio produciuse en cuestión de días, vese que o concelleiro delegado fixo súa aquela divisa de Manquiña, o mesmo lle digo unha cousa que lle digo a contraria.

Sabemos que resulta difícil definir un criterio que resolva con ecuanimidade toda a variada casuística de solicitudes de ocupación dos espazos públicos, pero unha cousa é incorrer nalgunha contradición inconsciente, inevitable no día a día do departamento de tráfico, e outra moi distinta, é incorrer en arbitrariedade, foi o caso.

O grupo popular, resérvase por suposto, a posibilidade de formular novas preguntas sobre a aludida e arbitraria resolución.

O certo é que vostedes autorizaron a unha sociedade mercantil a que ocupase privativa e intensivamente unha rúa do casco histórico para realizar unha festa de aniversario.

A verdade, señor Duro, é que está vostede ante un dilema. Se mantén o criterio de autorizar a calquera a empresa ou a calquera particular a celebración de festas de aniversario nas rúas con cortes de circulación, peonil incluído, estará a promover vostede unha privatización do espazo público, e un menoscabo do dereito xeral dos veciños, pero, senón mantén ese criterio, se rexeita unha solicitude semellante, revelara que vostedes non tratan por igual a todos os cidadáns.

Resólvanos o dilema e díganos ante unha solicitude de celebración intensiva na rúa dunha festa de aniversario dun negocio, qué vai facer o goberno?, autorizala como ven de facer ou denégala?

Nada máis grazas.

Alcalde: Grazas señor Brunete, señor Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Ben esa autorización que vostede comenta, é certo, chegou a esta concellaría unha petición de ocupar para esa festa, non sei se dende as once da mañá ata practicamente as dúas da mañá, falo de memoria, evidentemente con esas peticións e sen máis explicación denegóuselles.

Solicitaron unha xuntanza, faláron con nos, era unha festa de aniversario dos vinte anos de presenza na cidade, introduciron con bo criterio unha parte social, que doaban esa

recadación, unha parte importante da recadación a beneficio social, e esta concellaría mantivo sempre o mesmo criterio.

O uso privativo do espazo público para actividades mercantís de por si, non, casos debidamente xustificadas en razón do arraigo de determinados negocios desta cidade, dáme igual que sexa a librería do que queiras que vai pechar e fai unha venda na rúa para o peche, pois autorizaráselles esa venda na rúa, sabes, porque estiveches nesta concellaría que ten non certa arbitrariedade, pero si discreción a concesión de permisos, podes discrepar neles, pero cando menos arbitrarios non son, están baseados en razoamentos e consultados cos técnicos desta casa.

Alcalde: Está feita a pregunta e contestada.

E como vos vexo con certa paixón, vamos descansar dez minutos, para encararnos coas mocións, e podeades aquí falar todo o que queirades.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNs PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

As mocións presentadas polos grupos municipais, teñen o seguinte contido:

MOCIÓNs DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

1.- Rexistro de entrada do día 3 de xuño de 2016, núm. 181, para estudar a posibilidade de aprobar un proxecto de construción e execución dunhas pistas de squash.

O pasado 28 de abril recibimos no Concello a Borja Galán, o deportista santiagués máis laureado, referente a nivel nacional e internacional na especialidade de Squash.

O xogador compostelán foi o primeiro galego en gañar un campionato nacional no ano 1993 e na actualidade leva gañados 14 títulos nacionais absolutos. No 2014 conseguiu chegar a ser número 5 do mundo. A nivel europeo foi tres veces subcampión de Europa a nivel individual nos anos 2007, 2011 e 2015 e campión de Europa por clubs no ano 2011.

Non nos podemos esquecer de facer especial mención a Jesús Souto, outro referente dentro do mundo do Squash e recentemente campión de España na categoría de veteranos.

Este pasado mes de Abril, na recepción a Borja Golán no Pazo de Raxoi, estivo tamén o Presidente da Federación Galega de Squash, Carlos Noya Suárez, o cal nos expresou a

súa preocupación pola práctica deste deporte na nosa comunidade e máis concretamente na Cidade de Santiago, comunicándonos o seu desexo de que Santiago, cidade co mellor embaixador deste deporte, se implique máis na promoción desta práctica deportiva.

Na actualidade a Federación Galega de Squash conta con 450 licenzas, das cales máis de 150 son de Santiago, ademais dos numerosos deportistas que practican esta modalidade.

Malia ser un deporte que na nosa comunidade conta con poucas infraestruturas construídas para a súa práctica, a realidade é que Galicia nos últimos anos vén sendo un claro dominador no ámbito nacional.

Por todo isto é polo que o Grupo Municipal Socialista, coa fin de poder seguir na elite a nivel nacional e internacional, considera importante aumentar a nosa canteira e apoiar decididamente a práctica deste deporte en alza polo que cremos necesaria a construción de pistas de squash públicas axeitadas, así como acercar e facilitar o exercicio deste deporte nos distintos centros escolares co único obxectivo de poder chegar a desenvolver unha Escola Deportiva de Squash.

Debemos ter en conta que en Santiago de Compostela na actualidade non dispoñemos de ningunha pista pública de squash, así pois o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

1º Que o Goberno Municipal estude a posibilidade de aprobar un proxecto de construción e a execución dunhas pistas de squash nas proximidades do Multiusos de Sar ou de Santa Isabel, coa fin de aproveitar e rendabilizar as instalacións deportivas existentes.

2º Que a Concellaría de Educación e Deportes traballen conxuntamente na promoción desta práctica deportiva coa fin de desenvolver unha Escola Deportiva de Squash de Santiago.

2.- Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2016, núm. 205, para que se habilite un espazo para xornalistas.

“Dada a importancia da contribución do xornalismo á vida cultural da cidade, a Asociación de Periodistas de Santiago durante os últimos anos vén solicitando un espazo de traballo a profesionais de dentro e fóra da cidade para facilitar a difusión da imaxe compostelana e galega ao resto do mundo. Este centro sería unha especie de punto de encontro para xornalistas e desde o Centro de Prensa Compostela poderíase

facilitar o traballo dos compañeiros foráneos para o mellor desenvolvemento dos seus labores profesionais tales como transmisións informativas, edicións dixitais, producións televisivas, facilitar contactos, orientacións prácticas, colaboracións cos sectores institucional e hostaleiro, consigna, etc.

Este centro de Prensa Compostela podería estar aberto a colectivos cidadáns, organizacións gremiais, sindicatos, partidos políticos, líderes sociais, etc... que requiran un lugar neutral onde difundir as súas mensaxes, roldas, comunicados, etc.

O Grupo Municipal Socialista considera que Santiago de Compostela merece un centro destas características polo que presentamos ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o Concello habilite un espazo municipal de traballo e encontro de xornalistas e outros profesionais vencellados.”

3.- Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2016, núm. 206, relativa á atención hospitalaria, listas de agarda e peche de camas que afectan á sanidade pública na nosa cidade.

A Xunta de Galicia ten unha importante materia pendente coa nosa cidade desde o inicio desta lexislatura, o grupo municipal socialista vén reivindicando tanto a construción do centro de saúde de Conxo como a execución do plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, todo iso co obxectivo de que se presten servizos adecuados á poboación asentada na capital de Galicia e a área sanitaria de Santiago.

Non debemos esquecer que o Complexo Hospitalario de Santiago atende a 396.505 habitantes da área Sanitaria de Santiago e é referente para os 740.904 habitantes da Rexión Sanitaria Centro e, para iso, presenta unha oferta de recursos consistente en tres hospitais médico-cirúrxicos, que engloban 1.091 camas en funcionamento e 4.077 traballadores sanitarios e non sanitarios que prestan os seus servizos no Complexo.

Na área Sanitaria de Santiago, a cidadanía vén observando como nas Leis de Orzamentos desde 2010 da Xunta de Galicia, o gasto público en Atención Primaria e do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago foi diminuíndo, o que provocou unha espera media cirúrxica ao 31 de decembro de 2015, de 73,4 días, mentres a espera media da C.A. de Galicia se sitúa en 70,8 días. Nestes momentos, na área sanitaria de Santiago hai 6.327 persoas á espera dunha intervención cirúrxica e 24.386 pacientes á espera dunha primeira consulta diagnóstica, así como 11.230 persoas esperando por unha proba complementaria de diagnóstico. En total, na área sanitaria de Santiago agardan 41.943 persoas en lista de espera estrutural.

Esta situación deteriorase aínda máis, durante os meses de xuño a setembro, debido ao peche anunciado de 230 camas, o que supón o 21,08% do total de camas en funcionamento no Complexo Hospitalario de Santiago, e significa un número de camas similar ao conxunto dos hospitais do Salnés, Ribeira e Cee.

O impacto na asistencia sanitaria hospitalaria polo peche de tan importante e crecente número de camas para a nosa área sanitaria, evidénciase cando, por aplicación da fórmula de Briegman para o cálculo do número de ingresos potenciais atendendo a un índice de ocupación do 82,2%, unha Estancia Media global de 9,54 días, ambos datos recollidos para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago na última memoria de xestión publicada polo Servizo Galego de Saúde e tendo en conta o número de camas pechadas este verán polo devandito Complexo Hospitalario obsérvase que nos meses de xuño a setembro, deixan de ingresar 1.714 enfermos, o que supón o 27,1% dos pacientes en lista de agarda estrutural do Complexo.

A crise económica non pode converterse nunha escusa para esta situación, pois non son admisibles baixo ningún concepto os recortes en gasto sanitario que a área de Santiago leva sufrindo ao longo desta lexislatura de Goberno conservador. O atraso na execución das infraestruturas comprometidas, colocan a esta cidade nunha situación de desvantaxe respecto doutras cidades galegas que, entre outras cousas, si recollen no orzamento do SERGAS a execución dos plans directores dos seus hospitais.

En atención a todo o anterior, propoñemos a adopción do seguinte:

A C O R D O

Único.- Instar á Xunta de Galicia para que se dote ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, de forma inmediata, dos medios necesarios e do persoal que sexa preciso para manter en funcionamento durante o período estival, o número total de camas que permita reducir, de forma significativa, tanto a lista como o tempo de espera de hospitalización na área de Santiago.

MOCIÓN DO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 10 de xuño de 2016, núm. 201, para instalar unha placa na rúa da Moeda Vella mencionada nas cantigas medievais e favorecer a visibilidade LGBTI.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á instalación

dunha placa na rúa da Moeda Vella mencionada nas cantigas medievais e favorecer a visibilidade LGBTI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En diversas cantigas medievais do trobador Joám Vasques de Talaveira menciónase que na rúa da Moeda Vella, en Santiago de Compostela, viviu no século XIII unha parella de mulleres chamadas Sancha Pérez e María Leve. En concreto, unha destas cantigas recolle como refrán “ena Moeda Velha vai morar / Dona Maria Leve, a seu pesar”.

Que apareza o lesbianismo nos textos de forma tan explícita amosa que, a pesar da persecución eclesiástica e civil, houbo épocas históricas en que na sociedade convivían, de forma explícita, formas de relación entre persoas do mesmo xénero que mesmo deixaron pegada na literatura galega.

A divulgación deste feito contribúe a favorecer o recoñecemento á diversidade sexual e a reivindicar a visibilidade LGBTI, tendo en conta os episodios de agresións homófobas acontecidos tanto histórica como recentemente en Santiago de Compostela.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela instalará unha placa na rúa da Moeda Vella para contribuír a restaurar a visibilidade LGTBI e contra a homofobia, exemplificada na memoria de Sancha Pérez e María Leve, así como para difundir o legado das cantigas medievais que dan conta de feitos acontecidos na nosa cidade.

EMENDA DO BNG DE ADICIÓN Á MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE O TRANSPORTE URBANO GRATUÍTO PARA MENORES.

1.- Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2016, núm. 211 emenda de adición á moción do Partido Popular sobre o transporte urbano gratuító para menores.

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte emenda de adición á moción rexistrada polo PP para o seu debate no pleno ordinario de xuño de 2016, sobre o transporte urbano gratuító para menores.

ACORDO:

2.- O Concello de Santiago creará un novo bono para facer gratuíto o servizo de autobús urbano para as persoas censadas na cidade que sexan desempregadas de longa duración, para aquelas con ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional e para quen careza de fonte de ingresos.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

1.- Rexistro de entrada do día 10 de xuño de 2016, núm. 202, sobre a implantación da gratuidade no transporte urbano de Santiago de Compostela para a persoas menores de 18 anos.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de maio, o Presidente da Xunta de Galicia anunciou publicamente a posta en marcha dunha nova medida de marcado carácter social e que consistirá na introdución da gratuidade no transporte metropolitano interurbano para as persoas menores de 18 anos.

Coa devandita medida o Goberno de Galicia pretende acadar varios obxectivos, entre os que destacan o de promover o transporte público e a súa accesibilidade; axudar á economía das familias ampliando as axudas xa existentes -que supoñen aforros medios de arredor de 600 euros anuais e a bonificación adicional ás familias numerosas-, mais tamén pretende educar ás persoas menores no uso do transporte colectivo.

A aplicación desta nova medida social, cun investimento anual previsto de 2 millóns de euros por parte do Goberno galego, suporá que arredor de 250.000 mozas e mozos galegos menores de 18 anos se poidan beneficiar dela; e será especialmente relevante para a infancia e a mocidade de ensinanza non obrigatoria, para a que o transporte escolar non é gratuíto. Deste xeito, amplíase agora ata os 18 anos a gratuidade nos desprazamentos aos centros educativos e esténdese a gratuidade do transporte noutros desprazamentos habituais.

Porén, este Grupo Municipal entende que a aplicación desta importante medida no ámbito sobre o que a Xunta de Galicia ten competencia, isto é, sobre o transporte metropolitano interurbano das áreas da Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, debera completarse coa súa extensión ao ámbito do transporte urbano, no que este concello ten competencia exclusiva, reforzando así a transcendencia dunha medida social entre a veciñanza de Santiago de Compostela.

En atención a estas consideracións, desde o Grupo Municipal Popular propoñemos, para a súa valoración polo Pleno, o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a promover as medidas que sexan necesarias para que, desde a data da entrada en vigor da gratuidade do transporte metropolitano interurbano ás persoas menores de 18 anos, estas tamén poidan beneficiarse da mesma gratuidade no transporte urbano no noso concello.

2.- Rexistro de entrada do día 10 de xuño de 2016, núm. 203, sobre o acondicionamento da vella escola unitaria de Amio.

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conforme á Lei Xeral de Educación, na década dos anos 70 do pasado século foron pechando unha gran parte das escolas unitarias nas que se asentaba o tradicional modelo educativo de Galicia, para dar paso a unha paulatina concentración de alumnado e de novos servizos nos denominados “grupos escolares”. Un proceso con gran repercusión no medio rural, pero con consecuencias tamén na contorna máis inmediata das grandes cidades.

A escola unitaria de Amio non foi allea a esta tendencia xeral en Galicia, quedando desprovista daquela función educativa e sufrindo as consecuencias do seu abandono.

A pesar das actuacións acometidas no seu contorno, onde nos últimos anos se construíu un parque infantil e área deportiva, o edificio da vella escola apenas rexistrou melloras e hoxe mostra un deterioro moi acusado ao que cómpre poñerlle remedio.

O estado do local presenta numerosas deficiencias: pintura deteriorada, as paredes descascadas, cristais rotos, rexistro de conexión eléctrica á intemperie e un tellado precisado de limpeza e mantemento. A iso súmaselle a existencia dun escudo preconstitucional, que perdura no frontispicio da edificación e sobre o que alguén deitou pintura rosada, e unha escada metálica que acada gran altura e que resulta facilmente accesible, a pesar da súa proximidade a unha área de xogos infantís.

O estado da actual desta vella escola unitaria, na que radica a sé da sociedade deportiva local, que conta con varios equipos en distintas competicións, contrasta coa coidada situación do parque infantil e fai desmerecer a boa imaxe e a función propia do seu

contorno. Unha cuestión que podería ser solucionada cunha actuación de baixo custo aínda que de gran rendibilidade social.

En atención a todo o exposto, desde o Grupo Municipal Popular formulamos, para a súa consideración polo Pleno, o seguinte

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a que leve a cabo o acondicionamento e mellora da antiga escola unitaria de Amio, na rúa do Picón, á beira do parque infantil, aproveitando para retirar o escudo preconstitucional existente e procedendo ao peche do acceso á escaleira metálica alí existente.”

3.- Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2016, núm. 209, sobre a modificación das bases da convocatoria para a provisión do posto de dirección-xerencia do Auditorio de Galicia.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cultura é un referente da cidade, así o avala a súa declaración como Cidade Patrimonio da Humanidade, a súa declaración no ano 2000 como Capital Cultural de Europa, e outros galardóns que veñen a recoñecer a forte esencia cultural de Santiago, non só como un conxunto de importantes elementos do patrimonio histórico-artístico, senón tamén como sede dunha permanente actividade cultural ao longo do tempo.

E boa parte do éxito desta intensa actividade cultural, débese ao Auditorio de Galicia, o máis importante contedor cultural da cidade, dependente do Concello, que contribuíu a fornecer de contidos culturais a oferta de Santiago desde a súa inauguración en 1989.

Este edificio singular dos arquitectos Julio Cano Lasso e Diego Cano Pintos acolleu nos seu 27 anos de existencia espectáculos dignos de calquera grande cidade europea, pero sen esquecer a escena galega e, particularmente, santiaguesa.

O Auditorio presta un gran servizo á comunidade e debe seguir sendo o referente da acción cultural do Concello.

Na Xunta de Goberno Local do pasado 13 de maio, o Goberno municipal aprobou as bases da convocatoria para a provisión do posto de Dirección-Xerencia do Auditorio de Galicia.

Está claro que seguindo o artigo 127.1. i) da Lei de Bases de Réxime Local, entre as atribucións da Xunta de Goberno Local está “o nomeamento e cese dos titulares dos órganos directivos da Administración Municipal”.

Como tamén está claro que o artigo 7 f) dos Estatutos do Auditorio de Galicia establece como competencias do seu Consello Reitor, máximo órgano de dirección, “aprobar o cadro e as bases para a contratación do persoal do Auditorio así como as retribucións do mesmo”.

Na nosa opinión, ambas as dúas cousas, nomeamento e bases, son perfectamente compatibles, e non entendemos que, unha vez que Compostela Aberta optou por abrir un proceso de concorrência pública para a selección da Dirección-Xerencia do Auditorio, non permita que o Consello Reitor se pronuncie sobre este tema.

E xa que estamos ante un proceso que pretende garantir a publicidade e concorrência para efectuar unha selección que atenda aos principios de mérito e capacidade e aos criterios de idoneidade, as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, non cumpren con ningún destes parámetros e, na nosa opinión, carecen, de todo principio de obxectividade e imparcialidade.

Con esta moción, o Grupo Municipal do Partido Popular quere contribuír á mellora das bases para garantir a seguridade xurídica para os candidatos que decidan presentarse a esta convocatoria.

Por todo iso propoñemos o seguinte

ACORDO

1º.- Revisar os méritos avaliábles, concretando a forma de acreditar o mérito que se require e, sobre todo o peso de cada mérito no conxunto da puntuación.

2º.- Revisar os contidos mínimos que debe ter o Plano de actuación quinquenal que se solicita no sobre 2.

3º.- Determinar un Comité de avaliación imparcial e profesional, tal como se esixe no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei de Emprego Público de Galicia.

4º.- Que se presente un novo texto e que as bases sexan aprobadas polo Consello Reitor do Auditorio de Galicia, dando cumprimento así ao artigo 7 f) dos seus Estatutos.

EMENDA DO PARTIDO POPULAR DE MODIFICACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA QUE O CONCELLO HABILITE UN ESPAZO MUNICIPAL DE TRABALLO E ENCONTRO DE XORNALISTAS E PROFESIONAIS VENCELLADOS.

1.- Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2016, núm. 210 en relación á moción do grupo municipal Socialista.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA DE MODIFICACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA QUE O CONCELLO HABILITE UN ESPAZO MUNICIPAL DE TRABALLO E ENCONTRO DE XORNALISTAS E PROFESIONAIS VENCELLADOS, de data 13 de xuño de 2016.

Propónse a modificación do texto resolutivo de forma que o texto resultante sería o seguinte

ACORDO

1. Que o Concello habilite un espazo municipal de traballo e encontro de xornalistas e outros profesionais vencellados, aproveitando o patrimonio municipal existente e sen que iso supoña a creación de novas instalacións, incremento de persoal ou dotación de equipamento tecnolóxico por conta da Administración local.
2. Que, logo de conversa cos representantes do sector, especialmente dos que cobren as informacións municipais, se estude a posibilidade de que ese espazo sexa no propio Pazo de Raxoi, para que poida ser empregado tamén por quen de forma asidua acode ás roldas de prensa e actos que organiza o Concello.
3. Que, no caso de consideralo necesario, se solicite a colaboración doutras Administracións para que o equipamento e dotación dese espazo.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2016, núm. 207, para adoptar unha serie de acordos a prol da igualdade efectiva do colectivo LGTBI

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A LGTBIfobia (o odio e o rexeitamento ás persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais ou intersexuais) persiste na nosa sociedade, manifestándose con moitas e diversas caras. A discriminación exercida contra este colectivo é violencia e como tal debe ser denunciada e condenada enerxicamente tanto pola sociedade, como polos propios poderes públicos (só no que vai deste ano rexistráronse máis de setenta agresións contra a diversidade sexual en todo o Estado; moitas outras nunca se chegan a coñecer, pese a existir).

O Estado Español ofrece unha realidade paradóxica a aquelas persoas que coas súas vidas desbordan a “normalidade” acerca da vivencia do xénero ou a orientación sexual. O Estado Español, por un lado, é considerado un dos países máis avanzados da U.E en termos de igualdade legal, e neste sentido é certo que dimos algúns pasos positivos. Pero, por outro lado, queda moito traballo por facer e moitos dereitos por conquistar.

Mais non nos preocupan unicamente os rankings, cando aínda se seguen suicidando vítimas de bullying LGTBIfóbico; no que a atención sanitaria síguese guiando por convencións como o *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders* (DSM) e a *Clasificación Internacional de Enfermidades* (CIE) que aínda patoloxizan a transexualidade como disforia de xénero; no que ás lesbianas e ás bisexuais se lles poda privar do seu dereito a acceder a tratamentos públicos de reprodución asistida, se lles continúe invisibilizando nos protocolos xinecolóxicos e na sociedade, debido ao sistema heteropatriarcal que marca os patróns sociais e relacionais; no que persista un exercicio impune da violencia nas rúas (en aumento), nas aulas e nos centros de emprego por motivos de orientación sexual ou vivencia diversas do xénero.

Somos conscientes de que este traballo require dun esforzo educativo enorme, trátase de deconstruír moitos dos prexuízos normalizados pola sociedade e que as institucións reproducen de forma automática. É un esforzo que require un cambio estrutural das lóxicas do sistema a todos os niveis. Pero que non pode seguir sendo a materia pendente da maioría de países, e os/as representantes galegas deben ter iso en conta á hora de dirixirse a outros países do ámbito internacional.

Por todo isto, cremos que desde as institucións públicas temos que seguir traballando a prol da igualdade real, social e de facto entre todas as persoas. Hai que evitar que as conviccións morais ou ideolóxicas individuais sigan minando o avance da igualdade, que é o camiño da democracia.

ACORDOS

1. Contribuír, nas competencias que lle son propias a este Concello, ao desenvolvemento e aplicación de todas as medidas previstas na lexislación vixente

contra toda discriminación por orientación sexual, identidade de xénero e diversidade sexual, coa finalidade de erradicar da nosa sociedade calquera tipo de LGTBfobia no ámbito familiar, escolar, laboral, social e/ou político.

2. Incluír a educación na diversidade afectivo-sexual e familiar nos programas de formación que poña en marcha este Concello, tanto para alumnado de centros escolares, pais e nais, como para o persoal funcionario ou técnico do municipio.

3. Realizar unha declaración institucional para amosar públicamente o compromiso coa igualdade real e coa visibilidade do colectivo, e erguer a bandeira arcoiris no Concello de Santiago tanto o 17 de maio, día internacional contra a LGTBfobia, como o 28 de xuño, día do Orgullo LGTBI,.

4. Condear a discriminación, violencia, persecución e criminalización das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (así como do resto de persoas que loitan en defensa dos seus dereitos), e as lei anti LGTBI, que se levan a cabo en calquera lugar do mundo.

5. Retirada inmediata de toda subvención ou axuda económica ás entidades públicas ou privadas (políticas, sociais, relixiosas...) que coas súas actuacións ou declaracións fomenten o odio ou a discriminación cara as persoas LGTBI.

6. Poñer en marcha todos os mecanismos posibles de colaboración co resto de administracións galegas para facer efectivo o cumprimento da 'Lei 2/2014, do 14 de abril, de Igualdade de Trato e Non Discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais de Galicia'.

7. Instar ao Goberno Galego a un maior desenvolvemento da 'Lei 2/2014, do 14 de abril, de Igualdade de Trato e Non Discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais de Galicia', en colaboración co movemento asociativo e demais colectivos neste ámbito da Comunidade Autónoma, de cara a dotala de ferramentas e compromisos contra todo tipo de discriminación e violencia contra o colectivo.

8. Instar ao Goberno central para que inclúa e garantice o proceso da reasignación de sexo no catálogo de prestacións xerais da Seguridade Social e ás lesbianas e mulleres bisexuais nos programas de reprodución asistida.

9. Instar ao Servizo Galego de Saúde para que no exercicio das súas competencias garanta o acceso aos procesos de reasignación de sexo e aos programas de reprodución asistida ás mulleres bisexuais e lesbianas.

10. Da presente moción darase traslado:

- Ao Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade.
- Á Secretaría de Igualdade da Xunta.
- Ao movemento asociativo LGTBI da zona.

2.- Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2016, núm. 208, para acordar unha declaración institucional en apoio á mobilización do 19 de xuño co gallo da celebración do día mundial das persoas refuxiadas (20 de xuño)

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- Dende a Corporación Municipal de Santiago, e en Apoio ás Persoas Refuxiadas, expresamos a nosa máis enérxica repulsa polo acordo alcanzado entre a Unión Europea e Turquía como resposta á chegada da poboación desprazada ás costas de Europa.

2.- O Pleno do Concello de Santiago aprobou dúas DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS, de 7 do setembro de 2015 sobre a crise humanitaria e o acollemento das persoas que buscan refuxio en España, e de 17 de marzo de 2016, pola que todos os grupos municipais se opuxeron á expulsión colectiva de persoas refuxiadas de Turquía.

Por todo isto, o grupo Municipal de Compostela Aberta somete ao pleno do Concello de Santiago para a súa aprobación o seguinte **ACORDO**,

Apoiar a mobilización impulsada dende a Rede Galega en apoio ás Persoas Refuxiadas e que chegará a Santiago de Compostela o domingo 19 de xuño co gallo da celebración do Día Mundial dos/as Refuxiados/as (20 de xuño).

Alcalde: Retomar o último tramo da sesión plenaria, coa toma en consideración das mocións presentadas polos grupos municipais, como sempre, enténdese aprobada o sometemento á vía de urxencia por unanimidade da Corporación, para sometelas todas a debate.

Empezaríamos logo despois de retirada unha moción do BNG, cunha moción do PSdeG-PSOE, para estudar a posibilidade de aprobar un proxecto de construción e execución de pistas de squash.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boa tarde de novo.

O pasado 28 de abril recibimos no Concello a Borja Galán, o deportista santiagués máis laureado, referente a nivel nacional e internacional na especialidade de squash.

Non vamos falar aquí do seu currículo, porque realmente foi impresionante.

No mes de abril, xunto do Borja Golán, pois estivo tamén o Presidente da Federación Galega de Squash, o cal nos expresou a súa preocupación pola práctica deste deporte na nosa comunidade e máis concretamente na Cidade de Santiago, comunicando que o seu desexo, contando ademais co mellor embaixador neste deporte, pois se puidera implicar máis na promoción desta práctica deportiva.

Na actualidade a Federación Galega de Squash conta con 450 licenzas, das cales 150 están en Santiago, máis a xente que o practica por libre.

A nivel de comunidade pois Galicia é un referente, entón, pois un pouquiño o que nos mostraron eles foron as súas inxedanzas, de que nunha cidade como Santiago, pois non houbera realmente, pois ningunha pista pública para poder desenvolver a súa actividade.

De aí que presentemos esta moción, ese día, pois a receptividade en si de todos grupos municipais que alí estábamos, pois foi boa, realmente explicaron un pouquiño o custe que podían ter esas pistas de squash, e é por iso, que presentamos esta moción, para que o goberno municipal estude a posibilidade de aprobar un proxecto de construción e execución dunhas pistas de squash.

Nos consideramos que nas proximidades do multiusos do Sar, donde están agora mesmo as pistas de padel, pois sería o mellor ou en Santa Isabel, co fin de aproveitar pois os recursos existentes pois a nivel de vestiarios.

É tamén que a concellaría de educación xunto coa de deportes traballen conxuntamente, na promoción desta práctica deportiva, co fin de desenvolver unha escola deportiva de squash en Santiago.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Grazas Gonzalo, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Si moitas grazas señor alcalde.

Eu simplemente para explicar o sentido do voto do noso grupo, que evidentemente vai ser positivo como comentaba Gonzalo, pois tivemos a oportunidade de reunirmos todos os grupos desta Corporación con Borja, e todos coincidiamos na necesidade de que en Santiago houbera algún tipo de instalación pública para a práctica do squash.

Eu creo que hai toda unha serie de deficiencias e necesidades que son urxentes en materia deportiva en Santiago dende unha nova piscina, un novo acondicionamento da cuberta da piscina de Sar, pistas públicas de tenis, tamén cubertas, e unha das reivindicacións históricas, pois é esta dunhas pistas de squash.

Como comenta o Partido Socialista na súa moción, pois certamente entraría dentro dunha lóxica que puideran estar integradas dentro do propio espazo das pistas de padel, que se fixeron no seu día e que actualmente están xestionadas pola propia XADE, en calquera caso, cremos que é de xustiza, dar cumprimento a esta demanda, e que a capital de Galiza sega a ser unha referencia non só con deportistas de elite no ámbito do squash, senón cun fomento da práctica sobre de todo en categorías infantís e xuvenís e de deporte amateur, e para iso, é imprescindible que existan pistas públicas.

Alcalde: Moitas grazas, por parte do Partido Popular, María.

Dona María José Corral López: Grazas alcalde e boa tarde.

Cando ocupei a concellaría de deportes o certo é que xa tiven a oportunidade de escoitar as peticións e inquietudes que nos trasladou o outro día a todos Borja Golán.

Na liña que tiñamos deseñada naquel momento e a medio prazo, que era a de optimizar os espazos baleiros do estadio de San Lázaro destinados a practica de deportes máis ou menos minoritarios ou que non contasen con infraestrutura na cidade, pois puxémonos a súa disposición, inmediatamente lle ofertamos a opción de ocupar un espazo no estadio.

Aceptouno de moi bo grao, pero finalmente despois de comprobar e facer os estudos correspondentes, pois ningún local cumpría coa necesaria altura, e xa non tivemos máis opcións de axudarlle.

Así que nos parece unha boa iniciativa, veremos se con esta, e algunha outra, máis cedo que tarde, imos reactivando a área de deportes do Concello, que na miña humilde opinión precisa un pouquiño de dedicación.

Máis nada, grazas.

Alcalde: Diante da ausencia de Rafa que esta representando ao concello nun acto, unicamente indicar que e noso voto vai ser favorable, todos somos conscientes de que o deporte da raqueta, nomeadamente o squash, ten un déficit de infraestruturas para poder practicalo neste momento na cidade, tamén somos conscientes doutros déficits que se nos teñen trasladado dende a propia federación de tenis que a pesar de que hai unhas pistas, estas pois se atopan bastante deterioradas, e outro tipo de deportes.

Eu si que coincido con Rubén que quizás máis alá doutros proxectos máis ambiciosos que se poidan desenvolver como a cidade da raqueta, onde poidas dalgunha maneira integrar, pois clubs que nestes momentos son de elite, como por exemplo, o Arteal, coa federación de tenis, a práctica do padel, e tamén o squash, quizás a medio e curto prazo o máis razoable sexa aproveitar o que é a xestión das pistas existentes próximas ao multiusos e coa licitación da xestión desas pistas introducir nas melloras ao mellor a construción dalgunha pista de squash, e o máis viable nestes momentos a curto prazo.

Nos vamos votar un pouco con esa acotación a favor da moción, e tampouco sen renunciar a outro tipo de proxecto que se poida por en marcha no futuro na cidade.

Esta visión tamén foi compartida no seu momento con Noa e está falada. Así que nos imos votar a favor da moción.

Rematado o debate en relación coa moción do PSdeG-PSOE relativa as pistas de squash, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes acorda:

1º Que o Goberno Municipal estude a posibilidade de aprobar un proxecto de construción e a execución dunhas pistas de squash nas proximidades do multiúsos de Sar ou de Santa Isabel, coa fin de aproveitar e rendabilizar as instalacións deportivas existentes.

2º Que a Concellaría de Educación e Deportes traballen conxuntamente na promoción desta práctica deportiva coa fin de desenvolver unha Escola Deportiva de Squash de Santiago.

Alcalde: Pasaríamos a seguinte moción do Partido Popular para a implantación da gratuidade no transporte urbano de Santiago de Compostela para as persoas menores de 18 anos.

Desculpen vai antes a do BNG relativa a instalar unha placa na Moeda Vella, Goretti desculpa.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Dende o Bloque Nacionalista Galego pensamos que nada mellor se pode facer en determinadas causas, neste caso, darlle visibilidade ao colectivo LGBTI e máis a diversidade sexual, que coller e facer, cuestións que levan moi pouquiño traballo, unha cuestión economicamente, pois practicamente mínima que simplemente se basea en ter vontade política, vontade política de facer neste caso, de trasladarlle ao conxunto da cidadanía de Santiago de Compostela, e ao conxunto tamén da sociedade galega e non só, tamén aos que a visitan, que é facer referencia, a que neste caso, o lesbianismo, pero senón as relacións diferentes ao que é as relación

heterosexuais, pois que existen e existiron historicamente, que teñen unha tradición histórica, e que era algo e é algo absolutamente normal.

É certo que poida ser que por episodios recentes todo o mundo teñamos na cabeza moita sensibilidade a este respecto, máis non só temos que ter en conta eses episodios recentes a nivel internacional, senón tamén episodios recentes en febreiro de agresións importantes a persoas deste colectivo, neste caso, a un dos membros dun matrimonio gai nesta mesma cidade.

Hai casos o suficientemente importantes como para facer un esforzo, para facer un esforzo colectivo, en que supoño que o que máis ou menos solicitamos aquí, que é instalar unha placa nesta rúa da Moeda Vella, onde existen diferentes testemuñas, de que viviu unha parella de mulleres fai xa moitos séculos, no século XIII, facer isto na súa memoria, máis que isto que supoño que se aprobará por unanimidade como ten lóxica, que vaia acompañado de facelo dunha maneira en que se faga un chamamento ao conxunto da sociedade, que non sexa algo, como facemos moitas veces restritivo do gueto que veñan os colectivos e non máis, senón que sexa un acto público, con presenza de todos os grupos políticos, con presenza de representacións do asociacionismo da cidade no seu conxunto, por suposto, tamén do colectivo LGBTI e que se faga dunha maneira o máis rápida posible, que non pasen meses e meses e que ao final isto pois se quite para calquera día, porque como digo, non ten moito problema, é unha cuestión de vontade política, máis son con estas cuestións concretas coas que nos pensamos que podemos transmitir, pois esa normalidade e esa visibilidade, porque é evidente, que aquilo que non se ve e do que non se fala, pois non existe, e aquí neste caso, ademais xuntamos, pois varias cousas: visibilizar unha relación neste caso entre dúas mulleres, algo que poucas veces se fai visible, e ao mesmo tempo, que podemos aproveitar ademais para condenar esas agresións homófobas, tanto no caso desta cidade e deste concello, como en xeral a nivel internacional, e a necesidade de camiñar por un mundo ben distinto a este.

Alcalde: Moitas grazas Goretti, Mila.

Dona Milagros Castro Sánchez: Moitas grazas señor alcalde, e boa tarde outra vez.

Adianto xa que o grupo municipal Socialista vai votar a favor desta moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, pero non me resisto, cando lín a moción, non me resisto a lembrar e compartilo con todos vostedes e dar algún detalle do roteiro ao que asistín cun grupo de persoas guiadas por Carlos Callón, autor da publicación “Amigos e Sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media”, de onde se extrae o anaco da cantiga a que fai referencia a Sancha e María nesta moción, que hai un anaquiño aquí pequeno.

E lembro que cando chegamos a rúa da Moeda Vella, rúa que conserva o nome dende o medievo, escoitamos a historia de Sancha e María, dúas mulleres que tiñan unha relación lesbica, e que vivían alí, nunha rúa que aínda que non está moi claro sospeitase que era o lugar onde se exercía a prostitución na cidade medieval, de feito conservase un documento do século XVI, onde se reúne o Pleno do Concello de Santiago de Compostela, para buscar unha casa, para buscar unha solución ao tema da prostitución que se viña exercendo para alonxala así fora das murallas.

Incluso, recordo, naquel roteiro que nalgún momento do relato, se fixo o apunte de si algún día aquela casa tería algo que identificase o que alí aconteceu, e vela aquí, a oportunidade.

Dende o grupo municipal Socialista cremos que son moi positivas as iniciativas onde se reforce a visibilidade LGBTI, onde se reivindique ir en contra do odio á diversidade sexual, sobre de todo, neste momento, onde unha vez máis, temos que subliñar o repunte das agresións a estes colectivos.

Do mesmo xeito a difusión do legado das cántigas, como parte do noso histórico da literatura, achegándonos un pouco máis á vida da nosa cidade na época do medievo, tamén nos parece acaído.

Polo tanto, o noso voto vai ser favorable, nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Grazas Mila, por parte do Partido Popular, señor Brunete.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Grazas señor alcalde.

Señora Sanmartín o grupo Popular vaise abster, toda vez que temos certas dúbidas a respecto da oportunidade da súa moción.

Nos non temos dúbida na oportunidade de insistir na prohibición de calquera discriminación por razón de sexo ou de xénero, e non temos dúbidas, tampouco, sobre a oportunidade de difundir as Cantigas Medievais. Difusión que podería facerse mediante unha reformulación seria do mapa literario.

Non entanto a moción suscítanos algunhas dúbidas.

En primeiro lugar, teño que confesar que cando a lin o que se me veu a cabeza foi, Gilda, a película Gilda, digo Gilda, porque foi para millóns de persoas unha magnífica representación do que era unha relación ou unha atracción sexual entre un home e unha muller.

Non entanto, hai xente, xente moi razoable e xente perspicaz e xente clarividente, que entende que Gilda, é unha obra de referencia do cine homosexual, que quero dicir con isto, bueno, pois que quero dicir que a recepción e a interpretación da obra artística, da obra cinematográfica, ou da obra literaria é libre.

É certo que hai estudosos da literatura que pola súa formación, teñen unhas ferramentas intelectuais ou unhas ferramentas epistemolóxicas que lles permiten ir na interpretación da obra moito máis alá do que vai a xente do común, pero tamén é certo aquilo que advertía Cela.

Cela contaba nunha ocasión, a historia de que nunha ocasión el asistira a unha tese doutoral sobre a súa obra, e quedará abraiado ao escoitar, pois ao defensor da tese, pois unha serie de ideas sobre a propia obra de Cela, que el mesmo, Cela, como autor descoñecía.

Entón, con isto quero insistir na idea de que a interpretación da obra literaria é libre.

E evidente, que a señora Sanmartín ou a señora Castro son libres de interpretar que na Cantiga de Vasques de Talaveira hai unha referencia explícita a unha relación lésbica, pero tamén teñen que entender que hai outros estudos da literatura, e estudosos moi acreditados e con publicacións que non ven tan clara a existencia desa relación lésbica.

É dicir que cada quen interpreta a obra libremente, pero precisamente por iso, porque a interpretación dunha obra literaria debe ser libre, non deben existir interpretacións oficiais ou interpretacións de estado.

A marxe da veracidade ou da verosimilitude desa relación lésbica, o recoñecemento político desa suposta relación, vese tamén ensombrecido por dúas cuestións:

En primeiro lugar, estamos a falar dunha cantiga de escarnio e maldicir, dunha cantiga de máis de asunto persoal, e unha cousa é valorar en termos literarios unha cantiga de escarnio e maldicir, dende unha posición persoal ou académica e outra moi distinta é transformar a valoración literaria en valoración política, isto é, non nos parece como moi oportuno valorar en termos de exemplaridade social ou política dende unha Corporación Municipal unha sátira que supuxo no seu momento unha intromisión ilexítima na vida de dúas mulleres.

Valorar como exemplar en termos políticos ou sociais esta ... e ofrecer unha mensaxe cuestionable a de que a intromisión ilexítima na vida privada das mulleres é algo aceptable ou plausible.

E, en segundo lugar, estamos a falar dunha cantiga de escarnio e maldicir, de aire hai que dicilo un tanto machista, no que o autor cualifica como leve a unha soldadeira, “leve”, que pode significar segundo os estudosos “tonta”, tampouco nos parece oportuno valorar como exemplar e ofrecerlle ás novas xeracións como referencia unha cantiga na que a muller aparece vinculada ao adxectivo “leve”.

Non fagamos das valoracións literarias, valoracións políticas.

En definitiva que á vista destas obxeccións, e á vista tamén de que o grupo Popular entende que esta perfectamente normalizada a vivencia máis plural da sexualidade, o grupo Popular vaise abster.

Nada máis e grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Brunete, Concha.

Dona Concepción Fernández Fernández: Boa tarde de novo.

O grupo de Compostela Aberta apoia a moción presentada polo BNG e de ser aprobada impulsaremos as accións necesarias para instalar o antes posible unha placa conmemorativa na rúa da Moeda Vella, porque recuperar a historia de Sancha e María Leve serve para visibilizar formas de diversas de vivir o amor e a sexualidade, para recoñecer o legado literario das Cantigas Medievais, e tamén para ser conscientes de que os camiños do respecto e do recoñecemento e aceptación da diversidade sexual ao longo do tempo ten avances e retrocesos.

Da tolerancia que se vivía na Idade Media, pasamos ao ocultamento, condena e criminalización que se viviu a partir do século XV e XVI, e hoxe en día no século XXI temos obriga de avanzar no recoñecemento de dereitos, como reivindicaremos na moción que presentaremos máis adiante, a prol da igualdade efectiva do colectivo LGBTI.

Por iso, que nos apoiaremos esta moción e faremos o posible para que canto antes teñamos unha placa conmemorativa e un acto institucional e compartido cos colectivos e coa cidadanía compostelá en recoñecemento da historia de Sancha e María Leve.

Alcalde: Grazas Concha.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Quero agradecer antes de máis nada o apoio dos grupos Socialista e de Compostela Aberta, e penso que é un erro, tamén quero dicilo así, por parte do Partido Popular esta abstención, non, quero na medida do que poida server para a reflexión, comentar que cando traemos aquí esta proposta, esta proposta esta

baseada non unicamente no que pensa unha persoa, aquí citouse é certo, unha persoa como Carlos Callón que estudou estes casos, máis todos os especialistas ou a inmensa maioría dos especialistas acreditan en que houbo esa relación, aínda que teñan algunha dúbida a respecto dalgunhas cuestións da vida privada, que por suposto non imos entrar nestes momentos, destas dúas mulleres, tanto unha persoa como Carlos Paulo Martínez Pereiro, unha persoa de máis que acreditada solvencia da Universidade da Coruña, como persoas da Universidade de Santiago, Xosé Antonio Souto Cabo ligado a esta cidade, Isabel Morán, con distintas cuestións, onde falan xustamente, ademais, de que non é a única referencia que hai, senón que hai varias.

É certo que parte dunha cantiga de escarnio e maldicer, é certo que entra no que se refire á vida privada, máis tamén, é verdade que dende algunhas perspectivas nos defendemos que a vida privada moitas veces non debe facerse pública, neste caso non. Acaba facéndose pública, por unha cuestión que é lóxico que na altura pois integrase as cantigas de escarnio e maldicer, máis que dende a perspectiva actual debemos recuperala.

Esa recuperación ademais eu penso que axuda, contribúe a facer iso máis normal, unha relación que esta cantada, que aparece nos textos das cantigas de escarnio e que poden servir, como ben comentaba Mila, a facer tamén coñecemento, a dar coñecemento do que son as cantigas de escarnio e da importancia que tiveron na súa época, así que podemos unir as dúas cousas, coñecemento da literatura, coñecemento destas cantigas, e aproveitar para algo que si se sabe nestes casos, é que alí pois viviron estas dúas mulleres.

Eu penso que, bueno non podo máis que lamentar que esta cuestión non sexa como eu dicía inicialmente que pensaba que ía ser por unanimidade e creo que pagaba a pena que todo o mundo a apoiase.

Alcalde: Grazas, Mila, Brunete.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Simplemente reiterar o noso respecto e a nosa defensa dos dereitos das persoas do colectivo LGBTI fronte a calquera tipo de agresión, pero sen querer entrar nun debate filolóxico, si que lle quero dicir a compañeira Sanmartín é que non debemos ler o mesmo libro da señora Morán ou do señor Souto, porque eles non confirman en ningún caso a interpretación que fai o señor Callón, vaia por diante que eu teño do señor Callón as mellores referencias profesionais como docentes, pero o que está claro, é dicir, que esa é unha interpretación que fai bueno con todo o rigor o señor Callón, pero que nos entendemos que é unha interpretación, e nos entendemos que a interpretación da obra artística é libre, e que non se deben consagrar interpretacións oficiais, nada máis.

Rematado o debate da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, relativa á colocación dunha placa na rúa da Moeda Vella, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (8 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do Partido Popular, acorda, instalar unha placa na rúa da Moeda Vella para contribuír a restaurar a visibilidade LGTBI e contra a homofobia, exemplificada na memoria de Sancha Pérez e María Leve, así como para difundir o legado das cantigas medievais que dan conta de feitos acontecidos na nosa cidade.

Alcalde: Pasaríamos agora si á moción do Partido Popular, sobre a implantación de gratuidade no transporte urbano de Santiago de Compostela, para menores de 18 anos, hai unha emenda do BNG que teñen que clarexar se a aceptan ou non a aceptan.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Moitas grazas señor alcalde.

A iniciativa que traemos a este pleno trata de complementar e tamén reforzar unha iniciativa que entendemos positiva e que foi abordada polo goberno galego como unha medida social destinada a un sector da poboación de gran transcendencia como é a infancia e a mocidade.

A través dela promóvese o uso do transporte público e a súa accesibilidade e facelo cada vez máis competitivo fronte ao vehículo privado.

Tamén se axuda á economía das familias con nenos e nenas ao sumarse as bonificacións xa existentes, como é sabido, o plan de transporte metropolitano que a Xunta de Galicia financia nun 80 por cento e os concellos nun 20 por cento, supón aforros superiores aos seiscentos euros anuais, e a bonificación pois tamén pode mellorarse a través da bonificación adicional a familias numerosas que reduce o prezo entre un 20 e un 50 por cento.

E por último, tamén, esta medida estamos seguros vai contribuír a educar a infancia e á mocidade no uso do transporte colectivo.

A Xunta destina un investimento anual de dous millóns de euros ten previsto facer esa achega para beneficiar, segundo as estimacións do goberno galego, a uns douscentos cincuenta mil menores de dezaioito anos, que serán os beneficiarios desta medida nos vindeiros meses.

Unha axuda que será relevante para os menores de ensinanza non obrigatorias onde o transporte escolar non é gratuíto, deste xeito, amplíase agora ata os dezaioito anos a

gratuidade nos desprazamentos aos centros educativos e se estende a gratuidade do transporte noutros desprazamentos habituais para ese colectivo.

Segundo as previsións que manexa a Xunta de Galicia no próximo mes de setembro poderá estar implantado o mecanismo, a ferramenta para distribuír estas tarxetas metropolitanas e para activar esta bonificación social.

Por iso dende o grupo municipal Popular formulamos esta proposta para incrementar o efecto desta medida xeral para o transporte interurbano, metropolitano de Galicia, cunha proposta no ámbito do noso concello, no ámbito municipal.

O Concello de Santiago é a administración competente no transporte urbano, polo que o seu interese, debe ser a promoción do transporte público e á mellora das condicións sociais entre a veciñanza, tarefa na que se enmarca e resulta axeitada na nosa opinión a aplicación dunha medida social como esta.

O noso concello pode amplificar o efecto desta medida da Xunta de Galicia, estendéndoa a toda a mocidade no ámbito do transporte urbano, para que a gratuidade sexa completa e plena para toda a veciñanza menor de dezoito anos.

Deste xeito evitaremos os desaxustes que se poidan provocar na comparación entre as viaxes dende os concellos limítrofes ao centro de Santiago coas propias viaxes no interior da cidade, porque coa proposta do goberno galego prevista para o mes de setembro para o transporte metropolitano se unha persoa menor viaxa dende Teo a Alameda paga 0,85 euros e en canto entre en vigor esta medida loxicamente pagará cero euros; mentres que no ámbito do transporte urbano municipal de non adoptar ningunha medida, unha persoa menor de 18 anos que sexa estudante para ir de Santa Marta ata a Praza de Galicia vai seguir pagando 0,40 euros de non aplicarse esta medida.

Por iso a nosa medida é complementaria a amplificar ese esforzo do goberno galego no transporte metropolitano adoptando o acordo de implantar esa mesma medida de gratuidade para menores de 18 anos no transporte urbano da nosa cidade, unificando ás condicións para as viaxes metropolitanas dende os concellos dos arredores e urbanas as que se realizan no interior do termo municipal.

Estamos convencidos de que é unha proposta que suma oportunidades, suma comodidades, suma ensinanzas e suma beneficios para un importante segmento da poboación a cambio dunha achega municipal que consideramos perfectamente asumible e de grande beneficio social, por iso confiamos en que a proposta obterá o apoio maioritario desta corporación.

En relación coa emenda presentada polo BNG, emenda de adición, nós consideramos que é unha emenda que complementa e mellora sinceramente a proposta inicial nosa, tamén nos tiñamos no noso programa municipal incluír a esa posibilidade de facer gratuíto o servizo de autobús para persoas que sexan desempregadas de longa duración, e para aquelas con ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional e para as que carezan de fontes de ingresos.

Polo tanto cremos que o engadido e aportado polo BNG mellora a nosa moción, polo tanto, estamos de acordo en incluír esa emenda de adición.

Moitas grazas e máis nada.

Alcalde: Grazas Agustín, Rubén a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

A intención non era exactamente así, pero a literalidade e así, e polo tanto, asumimos a emenda tal e como está posta.

Realmente eu creo que o que está pendente neste concello é dar un debate a fondo sobre o modelo de transporte público, e sobre o modelo de bonificacións que hai.

Por qué digo iso, porque vamos dar por suposto que hoxe aprobamos que os menores de dezaioito anos non teñen que pagar, estaríamos nun concello onde os menores de dezaioito anos con independencia das súas rendas ou das súas familias non teñan que pagar, e os maiores de sesenta e cinco anos con independencia da súa renda non teñen que pagar, e sen embargo un rapaz de vinte anos que está no paro ten que pagar, entón eu creo que o que está pendente é unha revisión a fondo de cal ten que ser o modelo de bonificacións globais que hai neste concello a respecto do transporte público.

A proposta que facíamos nos ía un pouco nesa dirección.

Eu creo que hai que bonificar, e polo tanto, ten que haber prezos públicos gratuítos ou bonificados para aquelas familias, para aquelas persoas que teñan unhas situacións máis complexas, e iso ten que ver coa renda, coa situación sociolaboral, e ten que ver con outro tipo de casuísticas, non só e exclusivamente, por unha cuestión de idade.

Entón nese sentido, pois planteabamos un pouco esa emenda, no sentido de que houbera un criterio, non exclusivamente como dicía pois de idade senón atendendo outro tipo de cuestións como poden ser parados de longa duración, aquelas persoas que teñen ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional, ou directamente que carecen de ingresos.

Con todo, eu creo que ese debate está pendente, e eu entendo que é complexo, pero creo que debería ser abordado conxuntamente.

Alcalde: Grazas Rubén, Paco a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Ben, nos damos a benvida a esta proposta do Partido Popular porque é absolutamente coincidente cunha alegación que fixo o noso grupo municipal do PSdeG-PSOE o anteproxecto de orzamentos de Compostela Aberta, foi unha das trinta e unha que fixemos, non foi aceptada, de feito só nos aceptaron unha e media, pero o que si me gustaría dicir nese sentido e dende o máis absoluto respecto ao dereito que cada grupo municipal ten de presentar as propostas que entenda oportunas no momento máis axeitado para eles, e polo tanto, sen ningún tipo de mala fe.

Si que quero dicir, que atopamos que é mágoa que cando, senón me lembro mal o grupo Popular presentou tres alegacións durante o proceso de negociación dos orzamentos, e mágoa que non presentara esta como cuarta, porque é probable que sendo dous os grupos que presentaban esta proposta, pois Compostela Aberta a tivera aceptada, e presentada como proxecto ao pleno dos orzamentos, ou ben podería ter saído adiante no mesmo pleno dos orzamentos.

Nos o que pensamos é que traela neste momento, pois ten un certo nivel de extemporaneidade, extemporaneidade porque claro, vai ser preciso un estudo, por unha banda dos técnicos de TUSSA, vai ser preciso un informe da intervención previo para que poida ser aprobado e polo tanto poida ser incorporado.

Polo tanto, insistimos, porque estando de acordo, porque coincide co que nos presentamos senón lembro mal, no mes de febreiro, por outra banda, pois é mágoa precisamente esa extemporaneidade.

Alcalde: Jorge Duarte.

Don Jorge Duarte Vázquez: Entendemos que tal e como dicía Rubén o debate das tarifas do transporte público na cidade é totalmente necesario.

Este goberno leva analizando como introducir esas cláusulas, tal e como dicía Rubén, nesta cidade os xubilados da igual a súa renda poden viaxar sen ter en conta os seus ingresos, cremos que non é algo que non é obxectivo, vimos dun debate no que aprobamos a renda social, e a renda básica cidadá, e puxemos sobre a mesa os datos da pobreza nesta cidade.

Hai unha dotación orzamentaria dun millón douscentos mil euros, para combater, para axudar a xente que está en situación de pobreza.

Entendemos que calquera decisión tarifaría debера ir sempre vinculada ás condicións económicas do beneficiario, iso é un debate que é imprescindible, pero que ten que ir sempre vinculado á renda do beneficiario.

Polo tanto, na actualidade a revisión de tarifas este goberno a plantexa para inicios do anos que ven, unha vez que finalice a concesión actual do transporte público, nesa revisión estamos traballando, facendo un traballo de integrar todas as propostas da concellaría de Concha, para poder integrar as axudas ás persoas con maior necesidade, e cremos que é necesario, tal e como dicía Rubén, tanto para as persoas máis maiores que ata o de agora pode viaxar calquera, tamén cremos que non é oportuno que todos os menores de dezaioito anos sen ter en conta a renda poidan viaxar.

De todas formas, é un traballo no cal estamos na actualidade, de redefinición das tarifas, cremos que é imprescindible que haxa unha cláusula que atenda ás condicións da renda, e polo tanto dentro dese novo traballo será unha das cuestións que teremos que estudar, se teñen que ser todos os menores de dezaioito anos, ou nos cremos, que deberíamos ter algunha condición de cláusulas de necesidade económica para poder acceder a ese bono.

Alcalde: Agustín algo que engadir?

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Simplemente dúas cuestións, en canto a oportunidade, a parte da decisión soberana do noso grupo de presentar as mocións cando considera axeitado, obviamente o que pretendemos é homoxeneizar o funcionamento do transporte urbano, tendo en conta esa noticia, ese expediente, esa actuación por parte da Xunta de Galicia, que vai dedicar parte dos recursos adicionais, cos que conta a nosa Comunidade Autónoma, como consecuencia do cumprimento do déficit, pois para artellar esta medida que non soamente é unha medida que ten razóns de índole económica senón tamén razóns ao respecto de acadar ese obxectivo de que as novas xeracións utilicen máis o transporte público.

Respecto da cuestión da renda, simplemente subliñar, que penso que pode ser complicado limitar esa cuestión, para o uso destas tarxetas para os menores de 18 anos, pero probablemente o que se podería planificar e lóxicamente sería unha cuestión a decidir por parte do grupo de goberno dentro desa implantación, a limitación do número de viaxes a esas persoas.

Alcalde: Algo que engadir Rubén?

Don Rubén Cela Díaz: Non, ben, a culpa é nosa por unha confusión no espírito cando fixemos a emenda non era exactamente de adición, pero en calquera caso, a nos poderíanos valer o tema dos dezaioito se houboese algún filtro no que falabamos da renda, ao igual que nos de máis de sesenta e cinco.

A cuestión técnica, eu creo que agora mesmo hai solucións técnicas para salvar estas cuestións, e o acabamos de ver en temas tan fáciles, tan fáciles non, pero vémolos en temas como incluso no tema da farmacia, ou outro tipo de cuestións, onde se poden cruzar perfectamente os datos fiscais, cos datos sociosanitarios ou con outro tipo de cuestións.

Se se tivese en conta iso, a nós pareceríanos correcto.

Alcalde: Paco?

Don Francisco Reyes Santiás: Non moi brevemente, soamente para dicir dúas cousas.

A primeira que dende logo ao respecto ao dereito de decidir o momento da oportunidade é absoluto.

E, o segundo a nos parécenos ben o tema do debate, do debate ao respecto de incorporar ou non a cuestión da renda para este tipo de axudas, porque tamén temos que ter en conta os custes de transacción, e os custes de tramitación, non sexa que para evitar determinadas cuestións, esteamos a incorrer en máis custes do que debería ser.

Polo tanto, a nós parécenos axeitada a proposta de entrar nun debate e dun estudo ao respecto.

Máis nada.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Non me queda claro o que imos votar despois deste debate.

Alcalde: Agora vai intervir Jorge Duarte, e despois xa clarificades vos.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Eu preferiría que clarificase vostede señor alcalde.

Alcalde: Moi ben, pero de todas formas tes unha segunda intervención Jorge.

Don Jorge Duarte Vázquez: Nós entendemos que a postura que plantea a moción do Partido Popular para nos non entra nas nosas políticas de tarifas de transporte público,

porque entendemos que sempre teñen que estar vinculadas á renda, e polo tanto non estamos a favor desa postura de bonificar a todos os menores de 18 anos.

Si estariamos a favor da emenda, do punto segundo que introduce o BNG.

Polo tanto, é unha situación que é complicada e para nós.

Secretario: Recordar que a emenda ten que ser aceptada polo proponente.

Don Rubén Cela Díaz: Perdón, a min gústame facer as cousas con seriedade e pido desculpas, porque non estaba ben plantexada no enunciado a emenda, e en aras de dar este debate con toda seriedade que creo que require, creo que é máis procedente que retiremos a emenda, e debatemos só sobre a propia moción do Partido Popular.

Alcalde: Vale, rematas a intervención Jorge.

Don Jorge Duarte Vázquez: Nos non podemos apoiar a proposta do Partido Popular, e si que nos comprometemos a traer o debate de tarifas a este pleno, no cal poidamos decidir entre todos cales son aquelas persoas que realmente necesitan dese compromiso político e económico por parte do concello, que cremos que sempre ten que estar a favor das persoas máis necesitadas, e non debe estar a favor de subvencións universais sen ter en conta a rendas de cada unha das persoas.

Alcalde: Entón retirada a emenda do BNG, sométese á votación, e saímos da cuestión do dilema da interpretación, e sométese á votación a moción.

Secretario: Vótase a moción do Partido Popular tal e como esta.

Rematado o debate da moción do Partido Popular, sobre a gratuidade do transporte urbano para persoas menores de 18 anos, o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 8 votos en contra dos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, e 5 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a promover as medidas que sexan necesarias para que, desde a data da entrada en vigor da gratuidade do transporte metropolitano interurbano ás persoas menores de 18 anos, estas tamén poidan beneficiarse da mesma gratuidade no transporte urbano no noso concello.

Alcalde: Seguiriamos tamén neste caso, cunha moción do Partido Popular sobre o acondicionamento da vella escola unitaria de Amio, quen fai defensa, María Antón.

Dona María Antón Vilasánchez: Grazas alcalde.

Non vou consumir tempo lendo a moción, porque xa teñen todos vostedes, e ao mellor faime falta para máis adiante.

Así que entrando directamente no tema, instamos ao pleno municipal para que inste ao correspondente órgano de goberno a que leve a cabo o acondicionamento e mellora da antiga escola unitaria de Amio, na rúa do Picón, á beira do parque infantil, aproveitando para retirar o escudo preconstitucional existente e procedendo ao peche do acceso á escaleira metálica alí existente, porque supón un perigo, porque como todos vostedes saben esta edificación esta sendo utilizada como sede dunha asociación deportiva, entón para mellorar para a cidadanía esas instalacións e polo que traemos esta moción.

Alcalde: Moitas grazas María Antón, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Comezo anunciando o voto positivo do BNG a esta moción do Partido Popular, de todas maneiras quero facer dúas consideracións.

Unha primeira é sobre a exposición de motivos, nas que moitas veces non nos detemos na exposición de motivos, fálase de que foron pechando as escolas e que a escola de Amio non foi allea esta tendencia, e claro as escolas non pechan soas, nin pechan porque si, senón que hai quen toma a decisión de facelo, e hai responsabilidades políticas en que se pechen, poderíamos falar diso non, e da posición dos diferentes grupos políticos a respecto diso.

O certo en que dende o BNG sempre acreditamos nas escolas unitarias como centros con sistemas pedagóxicos avanzados, de participación comunitaria, realmente que teñen relación co medio, que poñen en valor o noso patrimonio, que fomentan as relacións interxeracionais, que vertebran o territorio, e que, ademais, axudan á cohesión social, así que dende esa perspectiva son moi importantes e para nós ao mellor sería que non tivesen que pechar, que non fosen forzadas por decisións políticas a pechar no seu momento e a ir pechando paulatinamente.

Agora unha vez pechadas, e verdade, que o que non se poden é deixar abandonadas, e que o lóxico é que contribúan a dar servizo a parroquia, como lugar de convivencia, de comunicación, que presten diferentes servizos.

Por iso, apoiamos esta moción, e por suposto, que nos felicitamos de maneira especial pola inclusión de que se aproveite para retirar o escudo preconstitucional existente.

Alcalde: Grazas Goretti.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: O voto do grupo municipal socialista tamén vai ser favorable pois a esta moción, e tamén dicir sobre de todo que se trate coa maior das urxencias o tema da escada metálica que está próxima a área de xogos e tamén dicir, que no pasado mes de abril nos presentamos unha proposición en relación aos veciños de Amio-San Lázaro tamén onde había outro tipo de actuacións, que eles consideraban case de máis urxencia que en si, o da escola unitaria.

De todos os xeitos, si que o voto vai ser favorable e que se teña, tamén en conta.

Alcalde: Moitas grazas Gonzalo, Jorge.

Don Jorge Duarte Vázquez: Ben para nos é unha proposta que realmente é necesario levar adiante, xa non entro na simboloxía que ten o edificio, pero si entendemos que é necesario.

Nas mesmas conversas que tivemos coa veciñanza, non era prioritaria, pero entendemos que é unha obra que pode axustarse perfectamente como investimento para ser acometido con remanentes, e dentro diso, pois traballaremos coa previsión para que poida ser realizada neste ano.

Alcalde: Moitas grazas, algo que engadir María?

Dona María Antón Vilasánchez: Pois agradecer a todos os grupos o apoio a esta moción.

Rematado o debate da moción do grupo municipal do Partido Popular, relativa a escola unitaria de Amio, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, instar ao correspondente órgano do goberno a que leve a cabo o acondicionamento e mellora da antiga escola unitaria de Amio, na rúa do Picón, á beira do parque infantil, aproveitando para retirar o escudo preconstitucional existente e procedendo ao peche do acceso á escaleira metálica alí existente.

Alcalde: Pasamos a seguinte moción do grupo municipal Socialista, para que o concello habilite un espazo municipal de traballo e encontro de xornalistas e outros profesionais vencellados.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

O primeiro de todo sería saudar e dar as grazas aos representantes da asociación de periodistas de Santiago de Compostela pola súa presenza neste pleno.

Precisamente, esa asociación de periodistas de Santiago de Compostela, presentou xa alá polo ano 93 á Xunta de Galicia a idea de crear un club internacional de prensa que puidera servir de espazo de traballo a profesionais de dentro e fora da cidade, para facilitar a difusión da imaxe compostelá e galega no resto do mundo.

A idea pegou, e polo tanto, o centro foi aberto, pero como un órgano do goberno galego adscrito ao departamento de comunicación, e o centro converteuse, polo tanto, nun órgano de acción gubernamental e despois dalgúns anos, o devandito centro pechou.

Polo tanto nos entendemos que é acaído que a día de hoxe, como este servizo esta vacante, e dada a importancia da contribución do xornalismo á vida cultural, particularmente a da nosa cidade, a asociación de periodistas de Santiago de Compostela propuxo que se estrutura un centro semellante cos obxectivos profesionais que tiña na súa primeira proposta, para que se volva a abrir en Santiago de Compostela, baixo a coordinación e xestión desa asociación.

Este centro sería pois un auténtico meeting-point, un lugar de encontro polo tanto para xornalistas galegos de todo o mundo, que a cotío visitan a nosa cidade.

Isto permitiría facilitar o traballo dos xornalistas foráneos para o mellor desenvolvemento das súas labores profesionais, estamos falando de transmisións informativas, edicións dixitais, pre producións televisivas, facilitar contactos, orientacións prácticas, colaboracións cos sectores institucionais, hostaleiros, asociacións de veciños.

O centro de prensa de Compostela podería, obviamente, tamén estar aberto a eses colectivos cidadáns, organizacións gremiais, sindicatos, partidos políticos, que requirirá un lugar neutral onde difundir as súas mensaxes, roldas de prensa, comunicados e ademais ter o apoio precisamente duns profesionais do eido da comunicación.

Concordamos absolutamente coa asociación de periodistas de Santiago de Compostela, en considerar que a nosa cidade merece un centro destas características.

Podemos plantexar que outras asociacións de xornalistas en España, xa reciben dende fai tempo ese apoio dos seus respectivos organismos locais, ben, provinciais ou tamén autonómicos, proporcionándolles locais para as súas sedes e centros de difusión do labor xornalístico e cultural, retroalimentándose ambas partes desta infraestrutura de alto contido social, como poderían ser, Madrid, Barcelona, A Coruña ou Granada, por poñer uns exemplos, polo tanto, a nosa proposta a este pleno e que o concello habilite un espazo municipal de traballo e encontro de xornalistas e outros profesionais vencellados.

Alcalde: Desculpa Paco dicirche que hai unha emenda do Partido Popular, que non sei se tiveches oportunidade de ler, un pouco para fixar posicións antes de que se debata.

Don Francisco Reyes Santiás: Con respecto á emenda que se plantexa, nos non teríamos inconveniente en aceptar o que é o punto un, porque entendemos que podería acotar mellor a nosa proposta e probablemente facilitaría o consenso de todos os grupos que se atopan aquí.

Non asumiríamos a segunda, porque nos entendemos que o que se pretende é precisamente ter un centro de referencia, un centro senlleiro da nosa cidade nese sentido, e polo tanto, pois a verdade e coñecendo claramente como son os espazos dentro do propio Pazo de Raxoi, a verdade, é que a petición vai máis alá de ter un espazo de espera para os xornalistas que atenden as nosas roldas de prensa.

Polo tanto, nos o número dous, non asumiríamos, pero si sen problemas o número un, na medida en que iso poida facilitar que todos os grupos, pois estean de acordo e exista un consenso.

Alcalde: Non sei se se pode engadir unha emenda parcialmente, pregúntolle señor secretario?

Secretario: Sempre que sexa aceptada.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Nos imos aceptar que sexa incluído o punto un da nosa emenda, pero queremos explicar porque presentamos os puntos 2 e 3.

Alcalde: Rubén?

Don Rubén Cela Díaz: Non había problema, pero grazas pola aclaración.

En calquera caso o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego comparte a preocupación do grupo socialista e o fondo da petición.

Eu creo que aquí cando menos estamos varias persoas que no pasado temos feito uso, incluso, da sala do club internacional de prensa para dar roldas de prensa de diferentes colectivos sociais, de plataformas de todo tipo, e eu creo que incluso, o peche diso, motivou a perda dun espazo público ou semipúblico para infinidade de colectivos sociais, para poder facer todo tipo de comparecencias públicas nunhas condicións dignas para eles, e para os traballadores dos medios públicos e privados.

Polo tanto, a nós, parécenos algo razoable, e na medida das posibilidades que poida colaborar o Concello de Santiago, tamén nos parecería de interese e polo tanto, imos apoiar esta proposta.

Con todo, e volvendo un pouco a filosofía do debate anterior, eu creo que outros dos debates que esta pendente nesta cidade, eu entendo que isto ten unha casuística específica, pero todos e todas coñecemos infinidade de colectivos moi variopintos que unha das necesidades que teñen son locais, e que acoden ao concello en busca deses locais.

Creo que hai experiencias boas, regulares, e moi boas no Concello de Santiago a ese respecto, pero creo que deberíamos pensar a medio e longo prazo, na posibilidade de habilitar algún tipo de nave do asociacionismo, máis alá da solución concreta que se lle busque a tema da Casa da Xuventude.

Algún tipo de nave do asociacionismo, cun modelo parecido ao que podemos ter no edificio CABES, pero que está moi focalizado aos servizos sociais, onde puideramos ter unhas sinerxías positivas, onde puideramos ter salóns de usos múltiples, salas para determinados tipo de actos, onde se poidan optimizar os recursos e tamén os gastos, e incluso que puidera haber servizos comúns, con despachos pequenos, posiblemente incluso compartidos, e que moitos dos colectivos que nos piden espazos públicos, pois que se lles poidan ofrecer nunhas condicións dignas. Non sería o caso este, que entendo que é un caso particular e específico que ten unhas necesidades moi concretas, pero con todo, poño enriba da mesa, que eu creo que a futuro é unha das instalacións que paga a pena darlle unha volta para Santiago de Compostela, porque afortunadamente, en Santiago segue habendo un asociacionismo de base, relativamente potente con respecto ao que é a media no resto do país.

Podería ser un equipamento con moita utilidade pública.

Alcalde: Agustín.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Ben o grupo popular como xa falamos tiña presentada unha emenda a iniciativa do grupo Socialista, fixémoslo porque atendendo ao texto da moción non viamos clara a necesidade de que o concello, exclusivamente o concello tivera que habilitar e manter un espazo desta natureza, senón que o se pretendía era un centro de prensa de nova creación.

Todos podemos lembrar, e falouse aquí, durante moitos anos durante a celebración do ano santo Xacobeo de 1993 existía un centro internacional de prensa na Avda. da Coruña, aínda que as instalacións se mantiveron por espazo de dezasete anos do 93-

2010, acabaron por pechar porque no transcurso dese período as circunstancias tiñan mudado e xa non tiña sentido o seu mantemento.

Todos e todas somos conscientes de que nos últimos anos, na nosa cidade se foron creando moitos lugares axeitados para este fin, e os propios adiantos tecnolóxicos permiten que practicamente dende calquera lugar, e mesmo con medios moi limitados se poidan desenvolver moitas das principais tarefas relacionadas coa actividade informativa e de comunicación.

Dende o momento de peche daquel centro internacional de prensa a principios do ano 2010, non temos constancia, nos non temos alomenos constancia de que ningún colectivo reivindicará cunha mínima insistencia a necesidade da súa reapertura daquel centro, nin sequera o Partido Socialista que daquela estaba ao fronte do goberno municipal, podemos estar trabucados.

Por iso, consideramos que o que agora pretende o grupo Socialista non é algo semellante a aquilo, e por iso, presentamos a nosa emenda, a verdade que nunha demostración, certo e o digo con sinceridade, pois de realismo, porque cremos que de nada serve facer peticións se logo despois requiren cuestións que probablemente o concello non poida asumir.

E por qué asumimos tamén os puntos 2 e 3, porque tamén é certo que nos non soamente estamos de acordo e apoiamos esta solicitude da asociación de periodistas de Santiago, aos que aproveito para saudar e felicitar pola súa persistencia, por permanecer neste pleno a estas altas horas xa da noite, senón que tamén estamos preocupados polos compañeiros periodistas que fan o seu traballo neste concello, e a verdade é que precisamente é froito dunha teimuda insistencia do señor Reyes consentida no seu día polo alcalde, pois aquí perdeuse unha oportunidade de dispor dun espazo que utilizaban de xeito habitual os periodistas, e polo tanto criamos que posible aproveitar para facer as dúas cousas, habilitar ese espazo para os periodistas que fan o seguimento do concello e habilitar tamén un espazo para a asociación de prensa.

En todo caso, insisto, nos non temos ningún inconveniente, en que acordo quede no punto 1, supoño que entón tampouco Compostela Aberta terá ningún inconveniente, pois nos estamos extralimitando engadindo unha serie de cautelas que fan que a proposta sexa moitísimo máis viable e probablemente poidamos responder de xeito real e efectivo a petición dos periodistas que hoxe están aquí.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Agustín Hernández, teimudo foi, pero non fun eu o único que consentiu, dito iso, un pouco por informar.

Eu xa fai uns meses recibín a visita da asociación de periodistas de Santiago con esta petición, da creación dun centro de prensa da cidade.

Sempre entendín que a solicitude que se facía no dossier era dun centro que tivera unha certa singularidade, e que bueno mimético a outros centros existentes noutras cidades, sobre de todo pola carga simbólica, claro que en principio pode derivarse de boa vontade por parte do grupo de goberno para facilitalo non é tan fácil, sobre de todo na cidade no casco histórico, e é por iso, polo que non se puido atender a día de hoxe a solicitude e tamén por cuestións que dicía Rubén, non é só unha cuestión de vontade, senón tamén de recursos.

Nós non temos ningún problema en votar a favor da moción coa emenda do Partido Popular, pero eu tamén digo que iso non se vai a traducir de maneira simultánea a que poidamos ter ese centro, porque a resolución queda que o concello habilite un espazo municipal de traballo e encontro de xornalistas e outros profesionais vencellados e que este lugar sexa aproveitando patrimonio municipal existente sen que iso supoña a creación de novas instalacións, incremento de persoal ou dotación de equipamento tecnolóxico por conta da administración local.

Atamos a mosca polo rabo, díganme onde, como diría o outro, esa é a cuestión, agás que aquí que haxa alguén que deixe o seu despacho, señor Paco Reyes, é dicir, creo que non chegaría, pero bueno, estouno a dicir en sentido humorístico, porque como vexo que hoxe están aquí as paixóns moi elevadas no pleno, que non se mal interprete.

Entón, nos imos votar a favor, pero eu entendo que a filosofía da asociación de periodistas, e incluso tamén, eu podo entender a demanda que haxa dos xornalistas que levan a información do Pazo de Raxoi, busca outro modelo de local, cunha certa singularidade e que sexa referencia non só para o xornalismo da cidade, senón para calquera xornalista a nivel internacional, e iso non é tan doado.

Entón digo iso, porque non me gusta xerar falsas expectativas, e máis con estas cláusulas de precaución.

Nos imos votar a favor, pero tamén informo do que temos.

Don Francisco Reyes Santiás: Moi brevemente, simplemente dicir, que efectivamente no casco histórico é máis complicado, existen algunhas posibilidades fora do casco histórico, estou pensando na casa que empregaba a Mancomunidade que está no Carme de Abaixo, ou estou pensando por exemplo nos antigos locais de EMUVISA.

E dito isto, e precisamente para rebaixar un pouco o ton que no seu momento se dixo, eu quero crer e estou convencido de que a intervención do voceiro do Partido Popular non pretendía promover o desafuzamento do grupo municipal do Partido Socialista, o dou por certo.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Todo o contrario. Ademais dicir que creo que sería posible engadir o punto 3, aos efectos de que si o concello é capaz de atopar un emprazamento axeitado para a Asociación da Prensa, pois igual a través da Deputación ou da propia Xunta de Galicia, se podería solicitar colaboración para o resto das cuestións que non soamente son competencias que deban recaer no ámbito do concello, en todo caso, podería haber unha solución.

Alcaldía: Aquí estamos entrando a relear.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Como é coñecido o único grupo municipal que non tivo oportunidade de arranxar as súas instalacións na nova configuración da nova corporación foi o grupo Popular, iso é un feito incuestionable, pois podería o Partido Socialista que no espazo que temos agora mesmo, podería ser posible que entrara a Asociación da Prensa máis nós que cederíamos por parte do noso espazo, polo tanto non estaríamos a plantexar un desafuzamento do grupo Socialista, senón de nos mesmos.

Compartiríamos o espazo en definitiva, pero en todo caso, volvo a repetir, creo que sería posible engadir o punto 3, para pois deixar aberta a posibilidade de máis colaboracións, posto que non debería recaer única e exclusivamente no Concello entendo eu.

Don Francisco Reyes Santiás: Por nós non hai problema para asumir tamén o punto 3 e que se poida votar, non sei se todo o mundo con certas responsabilidades noutras administracións van aceptalo.

Alcalde: Entón sería a proposición do grupo Socialista coa emenda dos puntos 2 e 3 do Partido Popular e entendo que hai consenso, unanimidade.

Unha vez rematado o debate sobre a moción do grupo Socialista en relación ao espazo de traballo para profesionais do xornalismo, e unha vez aceptados os puntos 2 e 3 da emenda do Partido Popular, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes acorda:

1. Habilitar un espazo municipal de traballo e encontro de xornalistas e outros profesionais vencellados.

2. Que, logo de conversa cos representantes do sector, especialmente dos que cobren as informacións municipais, se estude a posibilidade de que ese espazo sexa no propio Pazo de Raxoi, para que poida ser empregado tamén por quen de forma asidua acode ás roldas de prensa e actos que organiza o Concello.

3. Que, no caso de consideralo necesario, se solicite a colaboración doutras Administracións para que o equipamento e dotación dese espazo.

Alcalde: Pasaríamos agora a outra moción do PSdeG-PSOE sobre as listas de agarda e peche de camas que afectan á sanidade pública na nosa cidade, señor Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Moitas grazas señor alcalde, vou tentar de ser breve a estas horas da noite, fundamentalmente porque esta moción xa se ten convertido nun clásico cando chegan estas épocas do ano, alomenos, recoñezo que para o noso grupo e, particularmente, para este concelleiro, que se dirixe ao pleno neste momento.

Eu penso que existe claramente unhas cuestións que están moi relacionadas e moi vencelladas entre elas, e que son de grande importancia, tanto para o persoal sanitario e non sanitario como para os doentes, que é o peche de camas e a diminución de hospitais no verán, as listas de espera e os contratos de substitución.

Quero simplemente, porque todo o mundo leu xa o texto da nosa moción, pero si que me gustaría centrarme nalgunhas cuestións:

O primeiro hai que dicir que na nosa área sanitaria se incrementou a lista de espera estrutural.

Teño que dicir que se segue a incumplir o Real Decreto 1039/2011 que obriga a publicar tamén a lista de espera non estrutural e que o SERGAS sistematicamente incumpre, non publicándoa.

Incrementouse a lista de espera estrutural con respecto ao ano anterior. Nos últimos datos teño que dicir que son a 31 de decembro de 2015, porque o SERGAS decidiu publicar as esperas soamente dúas veces ao ano, antes facíao catro veces.

Neste momento a espera media cirúrxica é de 73,4 días no noso complexo hospitalario, e no SERGAS é de 70,8.

Na nosa área sanitaria incrementáronse os pacientes en lista de espera cirúrxica, é dicir, hai máis doentes esperando por unha cirurxía, esperan máis tempo, hai máis doentes esperando por unha primeira consulta, esperan máis tempo, hai máis doentes esperando por unha proba complementaria e diagnóstica, e esperan máis tempo.

En total esperan na nosa área sanitaria, practicamente 42.000 persoas, 7.500 persoas máis que o ano pasado.

Segundo hai que dicir, que ten diminuído o número de persoal médico, concretamente no noso complexo hospitalario universitario, fundamentalmente, polas xubilacións aos 65 anos, e a súa taxa de reposición e porque se reduciron o número de substitucións.

Hai que dicir que o orzamento do capítulo I diminuíu en euros constantes acumulados dende 2009, último orzamento dun goberno progresista, en máis de 137 millóns de euros, e que no total do orzamento do Complexo Hospitalario Universitario diminuíu o acumulado en máis de 283 millóns de euros constantes.

Cando se fixo algunha referencia estes días nos medios de comunicación por parte de responsables do Servizo Galego de Saúde, dicindo que non hai facultativos para poder asumir as substitucións dos meses de verán, hai que dicir, que fai dous meses incorporaron ao mercado de traballo 6695 especialistas que finalizaron o MIR, polo tanto, pode existir algún problema nalgunha especialidade, pero insisto, estamos a falar de seis seiscientos especialistas máis dende os dous últimos meses.

E o seguinte que tamén hai que desmentir, é que non é certo que se diminúa a frecuentación hospitalaria durante os meses de verán, e iso é mostra dunha revisión da ... científica que se é necesario no segundo turno a podo amosar.

Por último, non é certo tampouco outra declaración que se fixo aos medios de comunicación, por parte do SERGAS, de que o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago este ano pecha en verán 26 camas menos.

En realidade 42 desas camas están xa pechadas permanentemente, ademais increméntase o tempo de peche, coa que a realidade vai pasar en realidade de 256 camas o ano pasado a un equivalente de 264 camas este ano.

Teño que lembrar tamén que o último ano do goberno progresista presidido polo Socialista, Emilio Pérez Touriño, se pecharon 70 camas no verán no noso complexo hospitalario universitario, agora pechan máis camas que a suma total das camas dos comarcais de Cee, Ribeira e Vilagarcía, e hai que dicir, que aplicando unha fórmula sinxela, a fórmula de Briegman, as camas que se van pechar durante máis deste verán, porque pechan ata a mediados de outubro, pois permitirían o ingreso e o tratamento, polo tanto, de 1714 doentes, o que significa o 27,1% dos doentes en lista de espera estrutural cirúrxica do Complexo Hospitalario de Santiago.

Polo tanto, o que propoñemos a este pleno, é que se aprobe, instar á Xunta de Galicia para que se dote ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, de forma inmediata, dos medios necesarios e do persoal que sexa preciso para manter en funcionamento durante o período estival, o número total de camas que permita reducir, de forma significativa, tanto a lista como o tempo de espera de hospitalización na área de Santiago.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas Paco, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas señor alcalde.

Segundo datos da Plataforma SOS Sanidade pública, este verán pecharán 1200 camas hospitalarias, unha decisión, a nivel galego, unha decisión dende o noso punto de vista incompatible cunha atención de calidade e que contribuíra a incrementar aínda máis as listas de espera.

Cómpre lembrar tamén que as listas de espera en Galiza sitúanse de media en 19 días máis que os 60 que establece como tope a Lei de Garantías Sanitarias, iso tamén favorece a novos desvíos de pacientes a centros sanitarios privados.

No eido asistencial, esta decisión vai significar unha maior dificultade para acceder a prestacións sanitarias por parte da poboación galega, a aumentar as listas de espera, saturación de servizos de urxencias, e unha moi importante repercusión na presión sobre profesionais sanitarios para reducir o número de ingresos, e rebaixar as estancias hospitalarias, así como no emprego do sector sanitario.

A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros de tipo privado.

No eido laboral, vai significar tamén un aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público, impedindo o acceso ao emprego de milleiros de traballadores e traballadoras que están inscritos nas listas de contratación.

Máis unha vez máis, a conselleira de sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades da asistencia sanitaria dos galegos e galegas, e a precarización fronte á calidade asistencial.

Nós, consideramos que o realizar peches de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera non é admisible, tampouco cando hai miles de profesionais nas listas

de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos ou se derivan sistematicamente doentes, como dicía antes, á sanidade privada.

Ademais, nestes sete anos do Partido Popular ao fronte da Xunta de Galiza, os orzamentos contan cun 12% menos de financiamento, elimináronse máis de 2000 postos de traballo no ámbito sanitario e pecháronse arredor de 800 camas hospitalarias na sanidade pública.

Por estes motivos imos votar a favor desta moción do Partido Socialista.

Alcalde: Grazas Rubén, Maite.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez: Boas noites.

Como comentou o voceiro Socialista debatemos hoxe unha moción que xa é recorrente neste concello, e coa que novamente, se fai política coa enfermidade, o que ten delito, e máis cando, ou se descoñece o tema ou se transxversa, algo peor tendo en conta que o voceiro do grupo Socialista é funcionario da Consellería de Sanidade.

Estamos a falar de reordenación asistencial, que se fai no verán, e é máis faise en todas as Comunidades Autónomas, nas que todos os anos, nos meses de verán, se realiza unha planificación do número de camas que sexan operativas ou habilitadas, cal é a diferenza, que onde goberna o Partido Popular, como en Galicia, vostedes falan de peche de camas, e onde gobernan vostedes ou outros partidos fálase de optimización de recursos como en Asturias, ou de reservas camas denominación que utilizan en Andalucía, sendo exactamente o mesmo proceso asistencial.

Nestas e noutras Comunidades non gobernadas polo Partido Popular, tamén é certo, que hai menos ruído mediático, porque tampouco hai mareas brancas o outro tipo de colectivos que rexeitan de forma habitual estas intervencións no verán, ou que aborden do mesmo xeito os problemas de persoal ou calquera outra eiva da sanidade pública, que parece exclusiva dos gobernos populares.

Aínda que sexa Andalucía a comunidade que ten as maiores cifras de reaxuste de camas ou de diminución das plantillas de profesionais sanitarios, ou mesmo, o menor investimento por persoa en sanidade no conxunto do estado por poñer un exemplo.

De feito a única comunidade que anunciou os seus plans e tempo, e clarificando como ía ser a realización foi Galicia.

Esta reorganización prevista explicouna de xeito moi diáfano o Director xeral de asistencia sanitaria, e escoiteino na cadena Ser fai uns días, o señor Aboal, e fala dos

plans que se establecen para garantir esa actividade asistencial nos meses de inverno, do mesmo xeito, tamén se fai para os meses de verán, onde hai unha diminución moi importante da actividade asistencial, sobre todo polo menor número de reagudizacións de patoloxías crónicas, fundamentalmente de tipo respiratorio.

Tamén, hai que ter en conta, as vacacións regulamentarias do persoal sanitario, e que hai que facer tamén tarefas de mantemento nas propias habitacións dos hospitais.

Por iso, se fan estes plans, pero tendo en conta as cifras dos anos anteriores, e os datos da actividade, faise unha estimación de camas que se van usar, camas habilitadas, e das que non serán precisas en principio, porque se ve que non haberá doentes susceptibles de ocupalas.

Estes plans fanse tendo en conta o impacto asistencial, e ningún paciente deixa de ingresar por erros nesta estimación, vaise valorando día a día as camas necesarias, e se son necesarias máis habilitanse para evitar calquera problema asistencial.

De feito o ano pasado mantivéronse operativas o 85% das camas hospitalarias en Galicia, e o índice de ocupación das mesmas foi dun 75%.

Neste ano estímase que pode ser preciso habilitar un 87% do total das camas hospitalarias de Galicia, polo tanto, increméntase a dotación de camas, e tamén se clarifica que para calquera eventualidade, se fose preciso, se poida aumentar esta porcentaxe con relación ao ano pasado.

Unha das razóns precisamente do aumento para este ano da porcentaxe de camas habilitadas é a previsión dunha actividade extraordinaria en consultas, probas e cirurxías, e o verdadeiramente importante é que ningún paciente nin no verán nin no inverno quede sen asistencia adecuada, sexa con ingreso ou ambulatoria.

En resumo, a reestruturación das unidades de hospitalización no verán faise en todos os sistemas sanitarios de todas as comunidades autónomas de España.

A xestión dos cartos públicos ten que ser eficiente, como non pode ser doutra maneira.

As vacacións dos profesionais, e a imposibilidade de substitución de moitos facultativos e especialistas, sobre todo anestesiastas, cirurxiáns, xustifican a eficiencia desta reorganización.

Lévanse, ademais, a cabo intervencións de mantemento nestas unidades de hospitalización, polo tanto, non se poderían facer se estiveran as camas ocupadas e increméntase a perspectiva de ocupación media para este verán, e ademais, se fose

necesario se procedería a activación inmediata de camas non habilitadas, en caso de calquera emerxencia.

Hai que ter en conta que as camas son non utilizadas, pero non inutilizables, que non é o mesmo.

Por estas razóns que acabo de aportar nos non imos apoiar a moción que presenta o grupo municipal Socialista.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Grazas Maite, Concha.

Dona Concepción Fernández Fernández: Boa tarde de novo.

Bueno, primeiro anunciar que apoiamos a moción presentada polo grupo Socialista, entre outros motivos, o primeiro, porque concorda co acordo aprobado na última xuntanza do Consello municipal de saúde, no mesmo sentido, e tamén, porque vivimos con fonda preocupación a política de xestión sanitaria que ven facendo o Partido Popular, que ten consecuencias importantes no aumento de recortes, no sistema de atención, e na calidade das prestacións sanitarias.

Redúcese persoal, non se cobren vacacións, péchanse camas, e de forma especialmente gravosa na época estival.

Non vou repetir os datos, abondaron neles Paco Reyes e Rubén Cela, só dicir que en Compostela, péchanse 230 camas este verán, e temos, case, 42.900 persoas en lista de agarda, que esperan unha media de 73,4 días por unha cirurxía.

Claro esta situación non a podemos permitir, e témola que denunciar, por iso apoiamos esta moción e tamén por iso, señora Maite Cancelo, hai mareas brancas e plataformas en defensa da sanidade pública, particularmente en Galiza e non noutras comunidades que non sofren da mesma maneira as políticas de recortes que fai o Partido Popular.

Alcalde: Moitas grazas Concha.

Don Francisco Reyes Santiás: Vou procurar ser breve, pero gustárame responder á intervención da concelleira do Partido Popular, nunca obxectamos nada a respecto das necesarias obras de reforma, pero si que obxectamos a torticeira utilización de argumentos asistenciais, do todo cuestionables para xustificar o que é inxustificable.

Mire a diminución da actividade en períodos de vacacións non se debe considerar como unha cuestión inmodificable, dependente dunhas circunstancias alleas aos responsables de decisión dos centros, porque eles si son responsables.

No momento actual coas listas de espera, totalmente inaceptables que temos, parece irresponsable o digo claramente, non poñerse a manter a asistencia, tamén, non verán ao maior nivel posible.

Temos que cuestionar o peche das consultas como unha medida natural e sancionada polo uso durante anos.

Mire, voulle dicir simplemente algunhas referencias, por exemplo, a Sociedade española de medicina xeriátrica ten dito que os ingresos hospitalarios, e as visitas aos servizos de urxencia das persoas maiores de 65 anos en España aumentan durante o verán entre un 20 e un 25%, ou por exemplo que a trombose de acceso vascular para hemodiálise, estou lendo unha revista de nefroloxía, en verán duplica os ingresos de primavera, outono e inverno, ou por exemplo que a mobilidade hospitalaria por accidentes de tráfico é exactamente a mesma independentemente de que sexa inverno ou verán; ou por exemplo que a presión asistencial en patoloxías como neoplaxías, ..., hematoloxías, enfermidades mentais, enfermidades do sistema nervioso, do sistema circulatorio, do aparato dixestivo, do urinario, das enfermidades da pel, do aparato locomotor, das anomalías conxénitas, todas elas son exactamente os mesmos datos tanto sexa en inverno como en verán.

Por outra banda, mire o que comenta vostede, de facer política coa enfermidade, bueno iso, soamente o ten feito o Partido Popular cos recortes que ten feitos, que tería que explicar como é posible e voume centrar aquí, no noso complexo hospitalario, teñamos dende o 2009 case 300 millóns de euros menos de orzamento para a nosa área sanitaria, insisto, son datos acumulados de euros constantes, mentres no mesmo espazo de tempo, esta Comunidade Autónoma ten triplicado practicamente a súa débeda pública polo PIB galego, iso é o que teñen que explicar, como é que recortando, vostedes incrementan a débeda pública.

Mire, é certo, que todas as comunidades pechan, é certo que pechan camas durante os veráns, é certo que tamén o goberno progresista nesta Comunidade Autónoma, o que vostedes chaman bipartito, pechou camas, por exemplo no noso complexo hospitalario universitario no último verán do 2008 que se gobernou pechou 70 camas, vostedes están pechando este verán 264 camas, tendo en conta, tamén os tempos.

Mire, a realidade, e non me digan tampouco que non poden cubrir moitas das substitucións por vacacións, porque insisto unha vez máis, fai dous meses, se teñen

incorporado 6.700 especialistas que remataron o seu MIR ao mercado de traballo neste país.

Polo tanto, todo iso non é certo, é dicir, o certo é que están a facer os recortes, e este é un recorte máis da súa política, política de facer cada vez máis estreito, e máis adelgazado o sistema público de saúde, polo tanto, o estado de benestar, e que efectivamente como moi ben dixo na súa intervención o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o que se está a facer nese sentido é a incrementar as derivacións ao sistema privado.

Máis nada e moitas grazas, e grazas polo apoio dos outros grupos.

Alcalde: Algo que engadir?

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez: Dúas cuestións moi breves. En Andalucía en outono do ano 2015 se continuaba co peche de camas do plan verán, non chegou a estación de verán, senón que mantiveron pechadas as camas, ou sexa, Andalucía que era unha comunidade que non é unha comunidade precisamente gobernada polo Partido Popular.

Para rematar, estamos a utilizar o 85% das camas habilitadas e non o 100% quere dicir, que a política que se está seguindo é a correcta.

Nada máis e moitas grazas.

Dona Concepción Fernández Fernández: ... hai beneficiados na sanidade privada e iso é facer política.

Alcalde: Pasamos á votación señor secretario.

Rematado o debate da moción do grupo municipal Socialista relativa ao peche de camas hospitalarias, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (8 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar á Xunta de Galicia para que se dote ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, de forma inmediata, dos medios necesarios e do persoal que sexa preciso para manter en funcionamento durante o período estival, o número total de camas que permita reducir, de forma significativa, tanto a lista como o tempo de espera de hospitalización na área de Santiago.

Alcalde: Pasaríamos logo á seguinte moción de Compostela Aberta para dotar unha serie de acordos a prol da igualdade efectiva do colectivo LGBTI, Concha.

Dona Concepción Fernández Fernández: Boa tarde de novo.

O colectivo LGBTI fobia o odio e rexeitamento ás persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais ou intersexuais, persiste na nosa sociedade, manifestándose con moitas e diversas formas. A cara máis terrorífica vivímola esta semana, no atentado de Orlando.

O Estado Español está considerado como un dos máis avanzados no recoñecemento da igualdade legal, e valoramos positivamente os pasos dados nos últimos anos, pero ao mesmo tempo recoñecemos que seguen existindo situacións de desigualdade moi graves, porque seguen a suicidarse vítimas de acoso LGBTI fóbico.

A atención sanitaria guíase en moitos casos por convenios, que aínda patoloxizan a transexualidade como disforia de xénero.

Ou as mulleres bisexuais e lesbianas non teñen garantido o acceso a tratamentos públicos de reprodución asistida, e tamén, persisten prexuizos e violencias no ámbito social, cultural, educativo e laboral.

Somos conscientes de que se require unha abordaxe integral e estrutural, transversal e corresponsable para avanzar na igualdade real entre todas as persoas.

Por todo iso traemos a este pleno esta moción e propoñemos os seguintes acordos:

Primeiro: Realizar unha declaración institucional con motivo do día LGBTI.

Segundo: Condenar todas as formas de discriminación, violencia, persecución e criminalización das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, aquí e en calquera lugar do mundo.

Terceiro e cuarto: Instar a outras administracións para estreitar a colaboración e facer efectivo o cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, de Igualdade de Trato e Non Discriminación LGBTI fóbica.

E moi relacionado co anterior, instar ao goberno central para que inclúa e garanta o proceso da reasignación de sexo no catálogo de prestacións xerais da Seguridade Social e tamén as mulleres lesbianas e bisexuais que se inclúan nos programas de reprodución asistida.

Sexto: Instar ao Servizo Galego de Saúde para que no exercicio das súas competencias garanta o acceso aos procesos de reasignación de sexo e aos programas de reprodución asistida ás mulleres bisexuais e lesbianas.

Alcalde: Moitas grazas Concha, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben dende o BNG imos apoiar esta moción que me estrañou agora, non sei se a copia que teño eu non é a mesma, porque faltan acordos que para min son substancias, non temos seis puntos senón dez puntos, e nos acordos deses puntos faltan cuestións de competencia municipal.

Hai un acordo primeiro, sobre contribuír ao desenvolvemento e aplicación de acordo coas competencias do Concello, incluír a educación na diversidade de efectivos, entón non sei que cal delas.

Dona Concepción Fernández Fernández: Enviáramos unha versión previa non a definitiva, e posteriormente enviouse a proposta que acabo de ler e que non incorporaba creo que tres dos primeiros acordos.

Fíxose unha rectificación e a versión definitiva é a que acabo de ler.

Dona Goretti Sanmartín Rei: En calquera caso, eu solicito unha explicación do porqué desta mudanza, porque a verdade é que os apartados suprimidos para min son substanciais.

Primeiro, porque si son aqueles, que entran directamente en competencias e cousas que pode facer directamente o concello, fora da declaración institucional e facer unha condenación e logo instar ao goberno a distintas cuestións, que me parece moi ben, os acordos un e dous comprometían ao propio concello.

Contribuír nas súas competencias e no seu desenvolvemento, non entendo porque se retira iso, a aplicación, e incluír na educación a diversidade de efectivos sexual e familiar nos programas de formación que poña en marcha este concello.

A verdade, é que é estraño que isto se retire.

Dona Concepción Fernández Fernández: ... Retiraban, porque entendíamos que xa eran accións nas que viñamos avanzando e feito camiño, e entón que non había lugar, a presentalas a pleno, porque estaban nunha moción que aprobamos o ano pasado, cando chegamos aquí a iniciativa ...

Alcalde: Vamos facer un receso de tres minutos, pódeme achegar Goretti o texto da moción que tedes, respecto da primeira versión, e que número de rexistro ten.

Alcalde: Para clarexar imos manter o texto orixinal que teñen todos os grupos e non coa

modificación na segunda páxina, porque eu entendo, eu o sinto, pero si se fai unha modificación nunha moción hai que presentar un novo texto, e rexistralo outra vez, non vale con rexistrar a segunda páxina, é unha cuestión de procedemento administrativo básico, e entendo que iso ten que ser así.

Entón se se cometeu un erro na tramitación da modificación, eu o sinto, pero entendo que nos temos que fiar pola proposta orixinal que se presentou, e a que mantementos que é a que figura co rexistro de entrada correcto, porque o outro é simplemente cambiar a segunda folia, iso non é correcto como tramitación, e sendo o rexistro a porta do que é o procedemento, pode parecer moi burocrático o que estou a dicir, pero para min é importante.

Entón imos manter o texto orixinal, cos dez puntos como figuraban sen a eliminación deses puntos.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Simplemente manter o que era a posición de votar e favor, e máis a favor incluíndo eses puntos que eu creo que son importantes, porque vinculan ao concello, aínda que sexan reiterativos nunca esta demais se é que xa se aprobaron con anterioridade, e facelos explícitos.

E unicamente botamos en falta cando se fan mocións deste tipo, facer referencias a cuestións concretas do concello, porque cando se fala aí dos problemas e de que estamos preocupados por cuestións de acoso, por cuestións que acontezan, parece que acontecen noutros lugares, e o certo é que temos moi próximas agresións, e problemas relacionados con discriminación LGBTI, e concretamente que xa citaba eu antes, de febreiro de 2016, cara a unha parella de gais, e que creo que conmocionou de certa maneira a cidade.

Así que era bo iso, recoller esas cuestións, porque significa, tamén, unha visibilización de que somos conscientes que hai un problema de falta de normalización da diversidade das relacións posibles, que deberemos de abordar sen máis.

Votaremos a favor.

Alcalde: Moitas grazas, Mila?

Dona Milagros Castro Sánchez: Boa noite a todos.

A miña contestación facía referencia ao primeiro documento de moción que se presentou, porque tócame lembrar outra vez, que no primeiro pleno desta lexislatura cando se celebrou aquí o 7 de setembro, este grupo municipal presentou unha moción sobre medidas a desenvolver polo concello, para a normalización, a visibilización e a

integración plena das persoas LGBTI na nosa cidade.

Moción que teño que recordar que foi aprobada en dito pleno cos votos favorables de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego, e abstención do Partido Popular.

Nese momento falábamnos de cousas concretas que se podían desenvolver aquí neste concello, como a creación dun servizo de mediación LGBTI, de realizar campañas de formación, información, difusión, sensibilización, de organizar xornadas de formación ou colaboración cos centros educativos, dun plan de loita contra os delitos de odio de LGTBI fobia, de desenvolver un plan de apoio a persoas transexuais, da conmemoración do 17 de maio, etc.

E tamén dixemos naquel pleno, quero lembrar, que a defensa do colectivo LGBTI, é unha prioridade para o Partido Socialista deste concello, e vaino seguir sendo, que ademais dedicou un apartado do seu programa electoral a propostas para desenvolver a prol deste colectivo.

E tamén naquel momento subliñamos que se estaba a producir un repunte da violencia homófoba, como dixo a compañeira Goretti, esta quedando patente nestes últimos meses.

Por iso, para nos esta moción de urxencia presentada polo grupo de goberno, non só nos parece acaída, senón que nalgúns aspectos parécenos un “deja vu” que nos celebramos é, e polo tanto, esperamos que esta moción presentada por Compostela Aberta serva non só para levar a cabo os acordos que nela se expoñen, senón tamén, para retomar aqueles acordos daquela moción do noso grupo, e que a día de hoxe aínda non se levou a termo na súa totalidade, é certo que aínda hai tempo, e se poden ir desenvolvendo na lexislatura.

Quero deixar unha cousa clara, cando falo destes temas. O grupo municipal Socialista contribuirá sempre a seguir traballando para que a diversidade sexual e a identidade de xénero, sexa un feito visible e respectado en todos os ámbitos.

Denunciaremos sempre as situacións de discriminación que o colectivo LGBTI ven padecendo, e que se fundamentan nunha sociedade que aínda mantén esteriotipos, e algúns prexuizos.

Mantemos o noso compromiso de traballo e colaboración coas asociacións LGBTI, porque nos, si queremos que haxa unha sociedade xusta e igualitaria para todas as persoas.

Por todo isto, nos vamos votar favorablemente a esta moción.

Moitas grazas e máis nada.

Alcalde: Moitas grazas a ti Mila, María Corral a túa quenda.

Dona M^a José Corral López: Boa tarde.

Bueno, a min este pleno de hoxe, case todos me parece estar vivindo así como nun sainete, pero o de hoxe xa vaise a unha cousa extraordinaria.

Milagros acaba de dicir a miña defensa, a miña intervención ia ir pola liña desa “deja vu”, de ter aprobado xa no pleno de setembro unha serie de medidas, unha batería de medidas moito máis ampla que a que aquí se presenta, entón eu hoxe trasládome a aquela bancada, eu teño que dicir, que non só o respecto, a defensa, o rexeitamento, contra a desigualdade do colectivo LGBTI, absolutamente, absolutamente, pero hai maneiras e maneiras, e eu a risco de verdade, de non parecer amable, de non parecer amable, a min chámame a atención, agardo que na segunda intervención da concelleira, me conteste, para min non todo vale, é dicir, eu vou loitar por darlle certo grao de seriedade a estes debates, eu non sei que se fixo en relación aos acordos, entón xórdeme moitas preguntas, por qué se trae o mesmo, e que non entendo, o 17 de maio, .. de xuño as actividades de formación, un plan contra os dereitos de odio, etc., cómo pode vir nunha moción, que eu pensei que o retirarán a verdade, retirada das subvencións ás entidades públicas e privadas que coa súas actuacións fomenten o odio cara as persoas LGTBI, e que espero que acaben na cadea, non que se lles retiren as subvencións, eu de verdade que non entendo.

Despois que recoñecemento de que no SERGAS non se practica a reprodución asistida a mulleres lesbianas e bisexuais?, en serio qué datos teñen vostedes?

Non é así, non é certo iso.

E non sei que interpretación fan da lexislación estatal ao respecto, ou é que eu leo outra normativa ou outra lexislación, ou teño outros datos, ou eu de verdade, que non sei porque ven isto aquí.

Hai cuestións que están plantexadas, que xa están aprobadas, outras que a verdade, é que para min non teñen ningún sentido de ser.

En relación a isto, en concreto, o da reprodución asistida, no ano 2015 todos os grupos parlamentarios fixeron unha labor de reforzo e aprobaron no Parlamento que literalmente: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir garantindo o acceso ás técnicas de reprodución asistida no SERGAS a todas as mulleres sen

discriminación, comprometéndose a ofrecer este servizo sanitario público a mulleres sen parella varón que o soliciten”.

Eu persoalmente teño algún caso cercano que está na Seguridade Social con estas cousas.

Bueno, ou como, xa están aprobadas, por iso, non se pode presupoñer, estou así un pouco atropelada, porque xa non sei moi ben que dicir, como xa non sei se é a primeira ou a segunda, ou que é.

Evidentemente, compartimos absolutamente o espírito, o rexeitamento absoluto a calquera acto de discriminación do colectivo LGBTI por parte deste grupo é incuestionable, pero o contido e a oportunidade desta moción, a risco a verdade, como xa dixen antes, de non parecer amable, e que para min non todo vale, nos ímonos abster, porque de verdade que eu non vou ser condescendente.

Alcalde: Moitas grazas María, Concha.

Dona Concepción Fernández Fernández: A primeira cuestión agradecer aos grupos do partido Socialista e do BNG que vaian votar a favor, e agradecer a clarificación da situación administrativa respecto da modificación desta moción.

Ben, sobre a oportunidade de recuperar dalgunha maneira esta moción, home, visto que este é o mes da celebración do día do orgullo gai, e do sucedido esta semana en Orlando, creo que é incuestionable a actualidade, a actualidade cando menos e a oportunidade desta moción.

Sobre que son accións que xa viñeron aquí a pleno e que son revalidadas e outras pendentes, evidentemente non se fai todo nun ano, tamén visto o eiral que nos encontramos, porque parece, e deste pleno se deduce que estaba todo por facer, eu só podo dar conta de accións realizadas durante este ano, neste tema, nos centros socioculturais e noutros temas.

Das accións realizadas, fíxose formación e educación afectivo-sexual arredor do 8 de marzo, de prevención da violencia, de todas as violencias, e particularmente contra as mulleres arredor do 25 de novembro, celebrouse o día 17 de maio cunha semana de diversidade sexuais, 40 talleres que chegaron a centros de educación infantil e primaria e secundaria da cidade, incluso con 2 talleres para pais e nais desta cidade, por citar algunhas das accións realizadas.

E, por suposto, acompañouse e apoiouse as persoas que sufriron o ataque homófobo no seu momento en Santiago.

Despois a respecto de documentar datos e casos, efectivamente atopámonos xustamente pola invisibilidade das situacións de acoso e violencia, e os prexuízos que existen con estas situacións, só se documentan de maneira xenérica 70 casos en todo o estado, e hai un informe do Valedor do Pobo, naquel momento, de 2011, que non recolle datos cuantificados.

Xustamente, é unha manifestación sintomática da discriminación e da invisibilidade e violencia que sofren os colectivos LGBTI.

Respecto a que como dicimos que non se presta asistencia sanitaria, pois mira dicímolo María, porque non está recollido no catálogo de prestacións xerais sanitarias, e porque isto, é obxecto de denuncia pública, e de peticións como esa que acabas de ler no Parlamento, e neste Pleno, por parte dos colectivos LGBTI, e de mulleres concretas que fan visibles as dificultades importantes e severas que teñen para o acceso en igualdade de condicións aos sistemas de reprodución asistida, cando son bisexuais, lesbianas ou están soas mesmo.

Despois, sobre a abstención, bueno, sinxelamente a abstención non denota imparcialidade nos casos ou nas situacións, eu creo que denota desinterese, ou algo peor, de que senón é proposta propia e ao gusto de un, pois abstémonos, e non procuramos acordo e apoio, e vostedes lévano feito con varias mocións, algunhas máis simbólicas, algunhas máis importantes, e varias propostas ao longo desta tarde.

Oxalá, efectivamente, tiveramos resoltas as situacións de discriminación, de violencia, etc, e non tiveramos que presentar esta moción, aínda que conmemoráramos o día do orgullo LGBTI.

Grazas.

Alcalde: Grazas, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Non teño aquí o texto tal cal estaba, mesmo que nos tiveramos incorporadas algunhas cuestións, eu penso que non está demais nunca recoller aqueles temas nos que o concello ten implicación directa, porque esas cuestións o único que fan é lembrarnos que esta iso aí, mesmo, tamén para que poidamos pedir contas de que se fixo ata o momento sobre esas cuestións, e un compromiso de futuro, entón creo que é bo, porque o resto, insisto, das cuestións son reclamacións moi xerais e as veces non van a que podemos facer nós.

Probablemente haxa algunha cuestión tamén no conxunto da moción que se podería actualizar, máis é certo, porque digámolo así para o escándalo que comentaba agora a

compañeira do Partido Popular, é certo que houbo un determinado momento que houbo unha conmoción moi grande cando dende a Comunidade de Madrid se ditou unha disposición para xustamente paralizar a posibilidade de que as mulleres solteiras e sen parella masculina puidesen ter acceso á reprodución asistida, e que foi xustamente o combate a través de sentenzas, de reclamacións que fixeron posible que o movemento conseguise que se derrogar esas lexislacións, máis é certo que iso estivo enriba da mesa.

É certo que os dereitos que se conquistan hai que estar día a día volvéndose a esixir, porque senón á mínima unha ideoloxía que claramente quere impoñer un determinado modelo do hetereopatriarcado, como modelo único, pois fai que o resto, pois dificilmente poida conseguir manter os seus dereitos.

É certo que esa cuestión, que é certo que no seu momento podía verse a través da prensa, como se recupera outra vez algo que nun momento determinado tamén se intentou contar esa liberdade ou esa posibilidade de tratamentos de reprodución asistida con independencia da orientación sexual.

Así que eu penso, que moitas veces, é unha cuestión máis de vontade política, de deixar claro de si nos si estamos por esa visibilidade e por ese recoñecemento, ou se estamos pois por declaracións que ás veces non levan nada detrás.

Entón paga a pena, o mellor o exemplo non é o máis axeitado, pero quero dicir que é mellor ás veces meter a pata nalgunha cuestión, máis demostrar a vontade de que iso fíque aí, que non facer nada, pode que na moción se tivese que corrixir algunha cuestión, máis o espírito, a vontade, e nese sentido eu chamaría para esta cuestión e para a que decidimos antes a que o Partido Popular reconsiderase a necesidade de que aquí o conxunto dos grupos políticos deberían de manter unha posición unánime, eu creo que iso sería bo para o conxunto da sociedade, e para o conxunto da sociedade compostelán neste caso.

Alcalde: Grazas Goretti, Mila algo que engadir?, María?

Dona M^a José Corral López: Estou totalmente de acordo coa compañeira Goretti.

Probablemente nos movemos en rexistros distintos, e cada un deles é respectable, eu non vou a falar de que se nos abtemos ou non nos abtemos, pero a min non me gusta a cosmética.

Vostede cre que hai algún problema ou algunha dúbida neste grupo de facer unha declaracións institucional co gallo de condenar a violencia e recoñecer a igualdade, por favor; o ano pasado houbo algún problema?, non hai ningún problema, pero o que non se pode votar é un conxunto de medidas que raian o absurdo, como iso, a práctica da

reproducción asistida, pero si é que se está facendo, cambie o texto e pida que non se derroque.

Eu persoalmente, a min persoalmente non me vale todo, e moi importante a vontade política, pois claro que si, pero é moi loable tamén a realidade, e non a cosmética de facer por facer.

Eu xa tiña o 17 de maio interiorizado, o 28 de xuño porque hai unha moción aprobada do PSdeG-PSOE, e imos entón respectar, ou se quere mellor completar as mocións que xa se aprobaron no pleno igual nos da máis seriedade como políticos e como persoas, e trasladamos outra seriedade aí fora de que estamos algo, non repetindo e repetindo, e despois cousas que non responden á realidade, e que non son certas.

Eu non podo instar á Xunta de Galicia a algo que xa está a facer, non lle dea a cabeza, porque non, entón caso, habería que pedir que non sexa derrogado, Concha se se equivocou non pasa nada rectifique.

Máis nada.

Alcalde: Señor secretario sometemos a votación á moción.

Rematado o debate da moción do grupo municipal de Compostela Aberta a prol da igualdade efectiva do colectivo LGBTI, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (8 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do Partido Popular, acorda:

1. Contribuír, nas competencias que lle son propias a este Concello, ao desenvolvemento e aplicación de todas as medidas previstas na lexislación vixente contra toda discriminación por orientación sexual, identidade de xénero e diversidade sexual, coa finalidade de erradicar da nosa sociedade calquera tipo de LGBTIfobia no ámbito familiar, escolar, laboral, social e/ou político.
2. Incluír a educación na diversidade afectivo sexual e familiar nos programas de formación que poña en marcha este Concello, tanto para alumnado de centros escolares, pais e nais, como para o persoal funcionario ou técnico do municipio.
3. Realizar unha declaración institucional para amosar publicamente o compromiso coa igualdade real e coa visibilidade do colectivo, e erguer a bandeira arcoiris no Concello de Santiago tanto o 17 de maio, día internacional contra a LGBTIfobia, como o 28 de xuño, día do Orgullo LGBTI.

4. Condenar a discriminación, violencia, persecución e criminalización das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (así como do resto de persoas que loitan en defensa dos seus dereitos), e as lei anti LGTBI, que se levan a cabo en calquera lugar do mundo.

5. Retirada inmediata de toda subvención ou axuda económica ás entidades públicas ou privadas (políticas, sociais, relixiosas...) que coas súas actuacións ou declaracións fomenten o odio ou a discriminación cara as persoas LGBTI.

6. Poñer en marcha todos os mecanismos posibles de colaboración co resto de administracións galegas para facer efectivo o cumprimento da 'Lei 2/2014, do 14 de abril, de Igualdade de Trato e Non Discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais de Galicia'.

7. Instar ao Goberno Galego a un maior desenvolvemento da 'Lei 2/2014, do 14 de abril, de Igualdade de Trato e Non Discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais de Galicia', en colaboración co movemento asociativo e demais colectivos neste ámbito da Comunidade Autónoma, de cara a dotala de ferramentas e compromisos contra todo tipo de discriminación e violencia contra o colectivo.

8. Instar ao Goberno central para que inclúa e garanta o proceso da reasignación de sexo no catálogo de prestacións xerais da Seguridade Social e ás lesbianas e mulleres bisexuais nos programas de reprodución asistida.

9. Instar ao Servizo Galego de Saúde para que no exercicio das súas competencias garanta o acceso aos procesos de reasignación de sexo e aos programas de reprodución asistida ás mulleres bisexuais e lesbianas.

10. Da presente moción darase traslado:

- Ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Á Secretaría de Igualdade da Xunta.
- Ao movemento asociativo LGBTI da zona.

Alcalde: A penúltima das mocións é de Compostela Aberta, en apoio á mobilización do 19 de xuño con motivo do día mundial das persoas refuxiadas, Concha.

Dona Concepción Fernández Fernández: Boa tarde e moi brevemente.

Ven no mesmo sentido, pensei que prosperaría como declaración institucional, non ten outro obxectivo, máis que manter na axenda política municipal e implicar á totalidade da Corporación no apoio á situación que viven as persoas refuxiadas.

Seguir facendo incidencia política para que se muden as políticas europeas sobre asilo e refuxio, e mesmo poidan chegar a esta cidade un grupo de persoas refuxiadas, e tamén para mostrar o apoio á rede Galega en apoio ás Persoas Refuxiadas, e ás mobilizacións que en Galicia convocan con motivo do día mundial das persoas refuxiadas, que se conmemora o día 20 de xuño, e que en Compostela se celebrará o día 19 de xuño.

Sinxelamente, unha vez máis, é visibilizar a situación das persoas refuxiadas, mostrar a nosa solidariedade e apoiar pois á Rede Galega en apoio ás persoas refuxiadas e as mobilizacións que nos propón.

Senón hai ningún problema, adiántome, non se entende que non poidamos acordar unha declaración institucional.

Alcalde: Grazas Concha, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben dende o BNG imos apoiar esta moción, e imos apoiar a mobilización que é o fundamental do acordo, apoiar á mobilización que con motivo do día mundial dos refuxiados vai ter en lugar este domingo 19 de xuño en Santiago, e estaremos alí, participando non só no apoio, digamos, formal desta moción, senón tamén estando alí presentes para reclamar unha vez máis, que non pareza que isto para un día que vemos toda esta situación terrible, e pasa o tempo e iso pasa de actualidade.

Convén de cando en vez lembralo e con mobilizacións como estas en que o BNG participará.

Alcalde: Moitas grazas Goretti, Paco.

Don Francisco Reyes Santiás: O Partido Socialista vai dar o apoio a esta moción de Compostela Aberta, porque consideramos que o pacto para deportar a Turquía a todos os inmigrantes incluídas as persoas demandantes de asilo Sirios e de calquera outra nacionalidade, con ese pacto a Unión Europea non está respectando os convenios internacionais, sobre dereito internacional de asilo.

E, aínda máis, é que estamos a asistir ao proceso para de deconstrución da Unión Europea.

Mostramos así a nosa adhesión ás peticións de organizacións non gubernamentais, o alto comisionado da organización das Nacións Unidas para as persoas refuxiadas, e activistas a prol dos dereitos humanos na denuncia, rexeitamento e esixencia da retirada do acordo da Unión Europea e Turquía para devolucións masivas, así como a esixencia

de abordar con urxencia a crise das persoas refuxiadas, defendendo os dereitos humanos, creando corredores humanitarios, acolléndolles con respecto e solidariedade, e posibilitándolles o asilo entre os membros da Unión Europea.

O noso voto é favorable.

Alcalde: Moitas grazas, María.

Dona M^a José Corral López: Grazas alcalde.

Bueno, fixemos unha declaración institucional en marzo e daquela e nalgúns outras ocasións xa temos manifestado a nosa opinión e o noso posicionamento a respecto da traxedia das persoas refuxiadas, sempre na liña de defender que se garanta a máxima atención e protección ás persoas que foxen de zonas de conflito, e rexeitando, en todo caso a loita de sensibilidades por cores políticas, e a procura de réditos partidarios cun asunto tan dramático.

A resolución desta situación, xa dixemos, debe enmarcarse na esfera das institucións europeas e no ámbito da política internacional.

A repulsa dunha resposta deshumanizada, se fose caso, presuponse e debe ser unánime e xa temos manifestado.

Reiterala constantemente neste pleno non nos fai máis comprometidos, e se vostede, cre que a abstención é desinterese, moito desinterese tivo Compostela Aberta neste pleno, podemos contar as abstencións.

Descoñecemos cal é a mensaxe e o contido das reivindicacións da mobilización, vostede mas dirá e mas concretará na segunda intervención.

Dende unha posición institucional non podemos manifestar o noso apoio ao que non coñecemos, con independencia da posición persoal que cada un de nós teñamos, porque podemos atoparnos no contrasentido de apoiar a priori mensaxes que non compartimos ao non traerse xunto coa solicitude de apoio á mensaxe que queremos manifestar nesa mobilización dende o conxunto da corporación e como institución.

Alcalde: Moitas grazas María.

Dona Concepción Fernández Fernández: O mesmo de antes senón teñen ningún problema cos acordos non se entende de ningunha maneira que se absteñan e que non nos apoién.

Quéixanse de que non se lles da participación, e sempre que teñen ocasión de tomar parte, póñense de perfil ou absteñense.

Só se pretende ao traer estas mocións incluílos a vostedes, a este pleno, nas propostas que en moitos casos como este fai a cidadanía.

Como ben di a moción é acordar unha declaración institucional en apoio a unha mobilización o 19 de xuño para conmemorar o día mundial das persoas refuxiadas, manifestar a solidariedade coa situación que atravesan as persoas refuxiadas e facer incidencia política para que se muden as políticas europeas sobre asilo e refuxio, ese é o motivo da mobilización e da proposta da moción que aquí se fai, pódese apoiar, non apoiar ou poñerse de perfil.

Nada máis.

Alcalde: Algo que engadir, Goretti, Paco, María?

Dona M^a José Corral López: Non vou contestar.

Alcalde: Pasamos á votación.

Rematado o debate da moción do grupo municipal de Compostela Aberta de apoio á mobilización con motivo do día mundial das persoas refuxiadas, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, PSdeG-PSOE e BNG (8 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións dos/as concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, acorda, apoiar a mobilización impulsada dende a Rede Galega en apoio ás Persoas Refuxiadas e que chegará a Santiago de Compostela o domingo 19 de xuño co gallo da celebración do Día Mundial dos/as Refuxiados/as (20 de xuño).

Alcalde: Pasamos á última moción, que é unha moción presentada polo Partido Popular a respecto a cuestión da convocatoria do posto de xerente do Auditorio, María Antón vas defendela ti María, eu pediríache que a retiraras que non a defenderas polo menos nesta sesión plenaria.

Dirasme, por qué, porque tivemos un debate no seu momento no Consello Reitor, creo que non estabas ti estaba Pepa, no que bueno, defendemos posicións diferentes, dende o punto de vista xurídico respecto a quen ten a competencia para sacar a praza do xerente do Auditorio, e nós temos o convencemento, e así se falou naquel debate do Consello Reitor, que é a competencia é de Xunta de Goberno, e que non é como o resto do persoal do Auditorio.

Falouse dende o punto de vista xurídico naquela reunión, é certo que politicamente se entrou no debate, coa opinión xeneralizada do resto dos grupos que, independentemente diso de que fora competencia de Xunta de Goberno debería ter tratado previamente no Consello Reitor, politicamente.

Eu non teño ningunha dúbida en que a competencia é de Xunta de Goberno, e eu entendo que na moción, aquí está en cuestión a competencia porque se deriva a pleno, o acordo, eu de todas maneiras fago esta aclaración, para que conste en acta, si se mantén a moción e se vota, nos vamos votar en contra, e eu pedirei informe que ao parecer hai algunha petición dalgún grupo a secretaría, e no caso de que se confirme como se confirmou naquel debate do Consello Reitor que é competencia da Xunta de Goberno, revogaremos vía Xunta de Goberno o acordo.

Secretario: Xa se remitiu o informe, que precisamente é o mesmo informe que xa fixen en xullo de 2011, non mudou para nada a normativa, e polo tanto segue a mesma do ano 2011, o mesmo que fixen para o goberno que entrou nese momento.

Dona María Antón Vilasánchez: Non é esa a cuestión. Se me permite que me explique direi o que nos como grupo pensamos.

Alcalde: Mantés a moción?

Dona María Antón Vilasánchez: Si.

Alcalde: Eu quero que conste en acta esta explicación, porque nos revogaremos o acordo en caso de aprobarse en Xunta de Goberno, porque entendemos que se están a vulnerar competencias da Xunta de Goberno.

O digo claramente, e unha cousa, son cuestións de vontades políticas e de viabilidade, e outras cousas son cando se entra incluso con informe de secretaría a petición do grupo Socialista e despois do debate do Consello Reitor a buscar un acordo plenario, que eu digo que vulnera as competencias de Xunta de Goberno.

Dona María Antón Vilasánchez: Non é esa a cuestión alcalde, porque partimos de que é certo que todos os xerentes do Auditorio de Galicia foron nomeados polos diferentes gobernos que tivo esta cidade, e amparados polo artigo 127.1.1º da Lei de Bases de Réxime Local, que permite ao goberno, neste caso á Xunta de Goberno, que o nomeamento se faga baseado, pois no réxime de alta dirección, por ser un posto de confianza, pero Compostela Aberta introduciu unha variable que foi abrir un proceso de contratación con publicidade de concorrência, e aplaudimos esta iniciativa, pero a análise que facemos nos das bases que aprobou a Xunta de Goberno na súa sesión do 13

de maio, lévanos a pensar que só aparentan a concorrência, ou que descoñecen totalmente a lexislación.

Con esta moción tan só queremos contribuír a que o proceso sexa realmente un proceso aberto e transparente.

Transparente, palabra moi utilizada por vostedes e todas e cada unha das súas intervencións, pero que realmente é quen menos a practica dende fai un ano.

Transparente, digo para que teña seguridade xurídica, e para que teña un percorrido o camiño lóxico, pois non estaríamos nesta orde do día.

Para nós este camiño teríase que ter iniciado no Consello Reitor do Auditorio de Galicia, que é o máximo órgano de dirección do mesmo, segundo o artigo 7 dos seus estatutos, que lle atribúe, entre outras competencias, aprobar o cadro e as bases para a contratación do persoal do Auditorio, así como as retribucións do mesmo.

E está claro que a dirección xerencia é un posto do cadro de persoal do Auditorio, está dentro do cadro de persoal do Auditorio.

E mesmo, señor Martiño, como acaba de recoñecer e recoñeceuno tamén na sesión de fai uns días do Consello Reitor, ..

Alcalde: Non poña na miña boca algo que non dixen, siga, pero non diga que dixen algo que non dixen, neste caso teño moi claro, e aínda que estou cansado porque é moi tarde non vou entrar por aí.

Está a entrar nunha competencia de Xunta de Goberno, e pode debater o que queira nos imos votar que non, solicitaremos novo informe e revogaremos.

Dona María Antón Vilasánchez: Se me deixa acabar, ademais de aspectos de procedemento as principais eivas que evidenciamos nestas bases, refírense a cuestións fundamentais nun proceso selectivo público, por seguir a orde das bases, os criterios avaliáveis, vostedes determinan dez méritos avaliáveis, pero non sabemos nin cómo se deben acreditar, nin o peso que ten cada un deles.

Só sabemos que os méritos avaliáveis poden acadar 50 puntos divididos en dous tramos.

Da letra a) a letra e) 20 puntos.

Da letra f) a letra j) 30 puntos.

Co cal eu xa sei que esta brincadeira non lle vai gustar, pero nótase que estas bases non pasaron polo servizo de normalización lingüística que depende de vostede, porque a letra j) non existe no galego.

Sigo, así descoñecemos se vale o mesmo posuír unha segunda titulación que ter un dominio noutros idiomas.

Ou se vale máis ter experiencia na captación de patrocinios e na xestión de fondos Europeos que un liderado e dirección de equipos multidisciplinares.

Non outorgar un valor, unha puntuación a cada mérito, implica discrecionalidade, algo completamente contrario ao principio de mérito e capacidade que debería de presidir esta convocatoria.

A liberdade que permite a lexislación para os nomeamentos discrecionais non é absoluta, ten uns límites de carácter substantivo e de carácter formal.

A esixencia substantiva consiste na obriga de identificar claramente a clase de méritos que foron considerados prioritarios á vista da singularidade da praza para decidir a preferencia determinante do nomeamento.

A esixencia formal refírese, entre outras cousas á necesidade de precisar as concretas circunstancias consideradas na persoa nomeada, para individualizar nela o seu superior nivel de mérito e capacidade que lle faga acreedora de tal nomeamento.

En que se manifesta a discrecionalidade, pois mire, en cales son as titulacións universitarias especialmente relacionadas co perfil do posto convocado?, non o sabemos.

Cáles son os mestrados, ou estudos de postgraduación relacionados co perfil do posto convocado?, non o sabemos.

Non sabemos se acreditar o dominio doutros idiomas esixe un certificado oficial de nivel, B1, B2, C1, C2.

Non sabemos como alguén pode acreditar coñecementos específicos do contexto social, histórico, institucional, económico e cultural de Galicia.

Non se entende por experiencia en procesos innovadores e de cambio tecnolóxico e social, que é isto.

Definir todo isto é importante, xa que con carácter xeral, a selección deste persoal debe responder ao principio de idoneidade.

Outra base fala do plano de actuación quinquenal, a base sexta, establece que a persoa candidata chegará un plano de actuación quinquenal no que defina fins, valores e obxectivos, así como a posible estratexia, liñas de actuación, e posible programación que se propón a desenvolver nos distintos espazos existentes, Auditorio, Teatro Principal, Zona C, Sala Magán.

E, con relación a Real Filharmonía e a Escola de Altos Estudos Musicais, porque din que ten a sede no Auditorio.

É curioso que vostede inclúa a Real Filharmonía e a Escola de Altos Estudos Musicais, cando sabe que a súa xestión depende do Consorcio, poderíamos entendelo dende o punto de vista de ocupación do espazo no Auditorio, pero non é o caso, da Escola de Altos Estudos Musicais, que ten un edificio propio.

Se estaba a pensar en coordinación de programas, tamén poderíamos entendelo, pero entón porque non reseñar a necesaria coordinación con outros operadores culturais, a Fundación Granell, por exemplo, cuxa existencia depende notablemente deste concello.

O máis destacable, é que neste plano non se pide, non se inclúe a Banda Municipal de Música, que ademais de ocupar un espazo no Auditorio ten unha ampla repercusión na programación cultural municipal, e que depende directamente da concelleira, non lle xogarí a vostedes unha mala pasada ao seu subconsciente.

Non tería sentido orientar este plan dende a concellaría de acción cultural, deixando claro certos eventos consolidados na oferta cultural que deben encardinarse no mesmo, estamos pensando Curtocircuíto, Cineuropa, xornadas de música contemporánea, nada se di.

Eu non sei se vostedes, que son responsables da política cultural e concretamente a señora concelleira, que lle compete determinar a actuación cultural do concello, aquí está elixindo un xerente, ou se pretende elixir unha dirección baseada nun contrato programa como recolle o seu programa electoral, pero entón tamén tería que marcar os obxectivos avaliábeles, e acadar a responsabilidade de non facelo.

Outra base, para pechar xa o tema das bases.

O proceso de avaliación das candidaturas, segundo a base sétima o Comité de avaliación estará integrado por cinco membros, sendo presidente o alcalde e vicepresidenta a concelleira, o resto dos membros e máis a secretaría, serán nomeados por alcaldía

directamente.

Con esa base vostede está vulnerando o artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e o artigo 59 da Lei do Empregado Público de Galicia.

En ambas normativas determínase que os órganos de selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. En ningún caso poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou designación política.

Para maior descaro, e agora, si que lle aparece a ponderación dos criterios de avaliación, pero déixaos nas mans do comité, opacidade, inseguridade xurídica para os candidatos, arbitrariedade, hai moitos cualificativos que se me ocorren para esta manobra.

Despois de todo iso, vostede di, que a Comisión de avaliación elaborará unha proposta dirixida ao Consello Reitor, para qué?

Vostedes apartaron de todo este proceso ao Consello Reitor do Auditorio, e pretenden o respaldo de algo que lles é alleo e que vostedes en plan Juan Palomo “yo me lo guiso y yo me lo como”, home non, aquí ademais de ser honrado, hai que parecelo, e con estas bases dende logo vostedes non o parecen.

Se teñen un candidato-candidata nomeou que a lei os ampara, efectivamente, sexan valentes vaian á Xunta de Goberno e nomeen unha persoa como se fixo en todos os procesos anteriores, pero se quere buscar a alguén nun proceso público de concorrência, fagan un exercicio de reflexión e volva a presentar unhas bases que todos/as dende o Consello Reitor, poidamos participar e a Xunta de Goberno terá que nomealo tamén, non lle estamos sacando competencias á Xunta de Goberno, o que estamos dicindo é que queremos un proceso realmente transparente. De paripés, hoxe aquí vimos moitísimos.

Grazas.

Alcalde: Grazas a vostede polo pseudomasoquismo, señora María Antón.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Dende o Bloque Nacionalista Galego non cuestionamos que a competencia sexa da Xunta de Goberno, e que este goberno poida nomear, tendo criterios que poidan ser, pois absolutamente lóxicos, dende a perspectiva de coincidencia co que pode ser o desenvolvemento que se queira levar, a política que se queira facer dende o Auditorio.

Todo isto é absolutamente, pois é dende a nosa perspectiva, lexítimo e único que

puxemos e xa o dixemos alí cando foi o Consello Reitor, e cando é certo que tivemos esta discusión enriba da mesa, claro, o normal é optar por un sistema e por outro, e non por un sistema mixto, que foi o que produciu e está producindo este problema nestes momentos, o que está poñendo enriba da mesa.

Unha das opcións podería ser esa, claro a outra, é que dende unha perspectiva máis ben de ética política, ou de política de cumprimento, co que parece pretendese e co que ademais se deduce do programa de Compostela Aberta e das declaracións públicas, o normal sería que este caso, xa abrirá un proceso de concorrência, xa o normal sería levalo ao Consello Reitor, e seguramente, o único que faríamos os membros do Consello Reitor, pois sería propor suxerencias, mellorar ou non mellorar, pero polo menos, poder opinar previamente sobre o tema.

Eu creo que habería que recoñecer que iso foi, creo eu, un erro político.

E insisto, non dubidamos, do que é a cuestión xurídica que por riba da cuestión xurídica onde hai un informe da Secretaría que ademais así se pronunciou que esa é a competencia, máis o certo é que é unha mágoa que ao final esteamos discutindo sobre estas cuestións, discutindo e facendo posible, transmitindo unha idea, de que aquí se pode facer como se queira ou non se queira, cando pois por un lado dende o punto de vista legal había un amparo para que isto se fixera e xa estaba, insisto que é unha maneira totalmente lexítima, que no caso de que se faga a través dunha liña de concorrência, o normal sería ter feito un proceso, pois parecido ao que se fixo en Incolsa.

Dende logo, estamos aquí facendo dous sistemas completamente contrarios. Un que é pois durante semanas de negociación, de mirar cales son as bases e cales non son, e intentar chegar a un acordo sobre iso e logo poñelo enriba da mesa.

Eu insisto que non se trata de facer, parece que ás veces iso, oposición por oposición, dicir por dicir, senón simplemente de que ás veces se desaproveitan as oportunidades para mellorar.

Con convocar o máis urxentemente posible un Consello Reitor, poñer enriba da mesa unhas bases, e ver que suxestións das que se poñen alí, pois estivesen ben xa estaría.

Agora claro, non sei ten sentido ningún non, discutir todas as cuestións que veñen aquí, pero eu creo que si un recoñecemento de que, dende o punto de vista político, dende o punto de vista de vontade do que é o programa que defende Compostela Aberta, pois penso que non foi a mellor maneira de facelo.

Alcalde: Paco.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas alcalde.

Eu non vou facer referencia nin ao artigo 35.bis nin ao 127 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, que xa o fai a Asesoría Xurídica.

Pero si quero facer referencia ao Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela, que di que os cargos directivos serán nomeados e relevados pola Xunta de Goberno Local, e se inclúen neses cargos directivos, as direccións e xerencias dos organismos autónomos locais e das entidades públicas empresarias locais dependentes do Concello.

E no número 3 do mesmo artigo 64, di que os nomeamentos deberán efectuarse de xeito motivado e segundo os criterios de competencia profesional e experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada.

Esta redacción ven a recoller, aínda que non sexa de forma literal, o establecido polo Estatuto Básico do Empregado Público, cando fai referencia a persoal directivo profesional, cando di que a súa designación atenderá a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade e levarase a cabo mediante procedementos que garantan á publicidade e concorrência.

No artigo 60 do devandito estatuto, di que o persoal de elección ou de designación política, todos/as os/as que estamos aquí, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

Doutra banda os Estatutos do Auditorio de Galicia no seu artigo 14, referido a selección de persoal establece como xa se ten dito que as bases da convocatoria, así como a composición da Comisión de selección de persoal serán aprobadas polo Consello Reitor seguindo criterios análogos aos establecidos na administración municipal.

Compostela Aberta no seu programa electoral dicía na acción 3.7 que en canto se dean as condicións para que iso sexa posible, os contratos serán adoptados polo pleno, as preguntas son obvias, todo tipo de contratos tamén o do director xerente do Auditorio?, qué condicións teñen que darse para isto?, que Compostela Aberta teña maioría absoluta.

Existe un precedente que é a selección do director xerente da empresa pública INCOLSA, que supuxo o cumprimento esixido do artigo 60 do EB, por canto no tribunal cualificador dos méritos non consta ningún cargo electo da corporación, e a aprobación dunhas bases para o proceso selectivo do devandito cargo directivo e en cuxa formulación tiveron participación os diferentes grupos políticos con representación

no concello.

Con todo, no caso da selección do director xerente do Auditorio, nin os grupos políticos da oposición tivemos oportunidade de presentar alegacións ao contido das bases do proceso de selección, nin estas foron aprobadas polo Consello, nin tampouco foi aprobado polo devandito Consello a constitución da comisión de selección do director xerente, nin se cumpriu co artigo 60 do EB, figurando na devandita comisión o alcalde e a concelleira delegada de acción cultural do Concello de Santiago, e ademais o resto dos membros serán designados dixitalmente polo alcalde, en lugar de ser nomeados polo Consello Reitor.

Nós entendemos que ten razón o Partido Popular, en traer esta moción a debate ao pleno, para amosar a actitude neste caso de Compostela Aberta, en canto ao nomeamento de postos directivos, designación dixital, xa sucedeu cos nomeamentos dos dous directores de área, que antes de finalizar o proceso selectivo xa era público quen serían os elixidos.

Esta moción supón un problema competencial, esta vez si, e no PSdeG, entendemos que esta cuestión que estamos a tratar agora debe resolverse no seo do Consello Reitor do Auditorio, tal e como xa solicitamos nós.

Na nosa opinión debe volver a convocarse o devandito Consello Reitor é revisar todo o proceso, só de nulidade do mesmo ante calquera recurso dun veciño ou veciña interesados no proceso.

Moitas grazas.

Alcalde: É moi tarde e estamos todos e todas moi cansados, entón, este debate deuse dentro do Consello Reitor, e eu mesmo persoalmente recoñecín que ao mellor tería sido acaído politicamente telo debatido antes no propio Consello Reitor, e iso digo politicamente, agora que non teño ningunha dúbida de que independentemente do modelo que decidamos por en marcha máis participado ou menos participado a competencia é de Xunta de Goberno, iso tamén o teño claro, e así o ratificou o señor secretario na propia xuntanza e logo por informe.

E aquí o que se fai é un exercicio bastante curioso nesta moción, porque se vencella o que é a elección e o proceso de contratación de calquera traballador/a do Auditorio que non é posto xerencial ao que é o procedemento do xerente.

E que nos queiramos abrir un procedemento máis ou menos participado non significa que poidamos aceptar esa equiparación, e que de repente, vulneremos o que é a competencia da Xunta de Goberno para a elección do xerente, e o digo así, e ademais

que non teño ningunha dúbida.

Claro é curioso, métodos dixitais, pero aquí, quen deu un proceso de meses e non tivemos ningunha reclamación para cubrir o persoal eventual foi Compostela Aberta, e bastante retraso tivemos, quen deu un proceso tamén en INCOLSA tamén foi Compostela Aberta, e nunca tal acontecerá, e agora que se tiña que ter debatido mellor antes no Consello Reitor, eu o recoñezo aquí, é dicir xa o recoñecín no Consello Reitor, pero ao que non estou disposto é a que se equipare á contratación do procedemento de contratación vía pública de calquera outro traballador, e que se vulnere ou baleire unha competencia de Xunta de Goberno.

Voten o que queiran, eu o acordo, evidentemente, vou pedir informe xurídico ou reiterando o informe xurídico que se lle pasou ao PSdeG-PSOE, e se fai falta volver a revogalo en Xunta de Goberno ese acordo plenario o farei, porque eu aí entendo que teño que ser inflexible cunha cuestión de competencias.

Non vou entrar en máis debate, xa o din no seu momento, incluso démolo con argumentario xurídico e falando doutros artigos, porque aquí só se mencionan os artigos que se deron naquel debate e que dou Pepa persoalmente.

Nos imos votar en contra, e que conste en acta a nosa posición.

Dona María Antón Vilasánchez: Eu insistir nunha cousa, se a redacción fose diferente pois terían outra posición, pero coido que non estamos falando aquí de vulnerar para nada o acordo de Xunta de Goberno, porque de feito, nos recoñecemos que a competencia é de Xunta de Goberno, o que pasa é que o proceso realmente non é o proceso que vostedes tanto preconizaban de democratizar os cargos das empresas públicas, o dicía o señor Paco Reyes, o exemplo de INCOLSA pois neste caso felicitar a Marta Lois, porque vemos que efectivamente neste momento é a única que neste momento está apostando realmente pola transparencia e a participación doutros grupos.

Ademais, eu estou segura que este expediente cando foi aprobado en Xunta de Goberno, tivera pasado pola asesoría xurídica e a intervención, seguramente tería uns informes que agora mesmo non as ten, na liña do que nos estamos expoñendo.

Vostede di que rexeitara, que levantara o acordo do pleno, está no seu dereito, pero tamén esa é a imaxe que vai quedar de Compostela Aberta.

Alcalde: Segunda quenda Goretti, Paco, bueno pois entón sometémolo a votación.

Rematado o debate da moción do Partido Popular, relativa ás bases da convocatoria para a provisión do posto de director xerente do Auditorio, o Pleno da Corporación por 9

votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 8 votos en contra dos/as concelleiros/as presentes de Compostela Aberta e 5 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

1º. Revisar os méritos avaliáveis, concretando a forma de acreditar o mérito que se require e, sobre todo o peso de cada mérito no conxunto da puntuación.

2º. Revisar os contidos mínimos que debe ter o Plano de actuación quinquenal que se solicita no sobre 2.

3º. Determinar un Comité de avaliación imparcial e profesional, tal como se esixe no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei de Emprego Público de Galicia.

4º.- Que se presente un novo texto e que as bases sexan aprobadas polo Consello Reitor do Auditorio de Galicia, dando cumprimento así ao artigo 7 f) dos seus Estatutos.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 23 horas e 10 minutos do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do Pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: Fco. Javier Castiñeira Izquierdo